

# ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Nº5 Santiago de Compostela, 2010

Azuis

ESTRELA RÚA

---

De novo sobre D. Nicolás Tenorio y Cerero e a súa aldea galega

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ

---

Unha “acusación” ou testamento do entroido de  
Mondoñedo de mediados do século XIX

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

---

O patrimonio rural construído no Baixo Côa

LOIS LADRA, M.<sup>a</sup> DA GRAÇA ARAÚJO, XULIA VIDAL, MAFALDA ALMEIDA E DALILA CORREIA

---

A estrada románica... por descubrir

SILVIA ARCA SOMOZA

---

Do Leste ao Oeste: encontros profesionais, novas paisaxes

FÁTIMA BRAÑA REY

---

Unha achega á cultura da auga

MANUEL ALDAO PORTAS, SALVADOR CASTRO OTERO

---

Vida e vivencias no compostelán barrio de San Pedro  
durante o século XIX e o primeiro terzo do XX

HERMINIA PERNAS OROZA

---

A Fundación Fernando Blanco de Lema de  
Cee e o seu Museo - Colección

DARÍO ÁREAS DOMÍNGUEZ

---

O obradoiro do imaxineiro José Rivas  
Rodríguez. Un novo fondo do MPG

ALEXA GARCÍA POSE

---

Um silêncio ensurdecedor: O turismo como um  
objeto ausente na antropologia brasileira

ROQUE PINTO

---

Paseando pola historia de Galicia de banquete en banquete. II

MERCEDES FERNÁNDEZ-COUTO TELLA, CARLOS AZCOYTIA LUQUE

---

Experiencia didáctica no Parque de Bonaval

PILAR ANTELO DOCAMPO, XAQUÍN PENAS PATIÑO

---

O arcaico

MICHAEL TAUSING

---

Notas de libros



# **ADRA**

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Nº5 – Santiago de Compostela, 2010

# ADRA

Nº5 – Santiago de Compostela, 2010

**ADRA.** Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.

Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela

Consello de edición:  
Fátima Braña Rey  
José M<sup>a</sup> Laredo Codornié  
Rosa M<sup>a</sup> Méndez García  
Nolo Suárez  
Manuel Vilar Álvarez

Representantes dos socios e socias:

Xosé Carlos Beiró Piñeiro  
Concello de Narón  
Xoán Ramón Marín Martínez  
Rosa M<sup>a</sup> Méndez García  
José María Laredo Cordonié  
Eduardo Otero Iglesias  
Xaquín Penas Patiño  
Xosé Recimil Tábora  
Manuel Vilar Álvarez  
Tino Viz Martínez

Deseño e maquetación: ocumodeseño

Impresión: Litonor S.L.

Asesoramento lingüístico:  
Xesús Sambade

Depósito Legal: C-2367-2005  
ISSN: 1886-2292

© da edición: Museo do Pobo Galego.

© dos textos: os autores e autoras.

# Índice

**Azuis 7**  
ESTRELA RÚA

De novo sobre D. Nicolás Tenorio y Cerero e a súa aldea galega **9**  
CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ

Unha “acusación” ou testamento do entroido de  
Mondoñedo de mediados do século XIX **23**  
CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

O patrimonio rural construído no Baixo Côa **43**  
LOIS LADRA, M.<sup>a</sup> DA GRAÇA ARAÚJO, XULIA VIDAL, MAFALDA ALMEIDA E DALILA CORREIA

A estrada románica... por descubrir **61**  
SILVIA ARCA SOMOZA

Do Leste ao Oeste: encontros profesionais, novas paisaxes **91**  
FÁTIMA BRAÑA REY

Unha achega á cultura da auga **101**  
MANUEL ALDAO PORTAS, SALVADOR CASTRO OTERO

Vida e vivencias no compostelán barrio de San Pedro  
durante o século XIX e o primeiro terzo do XX **119**  
HERMINIA PERNAS OROZA

A Fundación Fernando Blanco de Lema de  
Cee e o seu Museo - Colección **135**  
DARÍO AREAS DOMÍNGUEZ

O obradoiro do imaxineiro José Rivas Rodríguez.  
Un novo fondo do MPG **145**  
ALEXA GARCÍA POSE

Um silêncio ensurdecedor: O turismo como um  
objeto ausente na antropologia brasileira **151**  
ROQUE PINTO

Paseando pola historia de Galicia de banquete en banquete. II **171**  
MERCEDES FERNÁNDEZ-COUTO TELLA, CARLOS AZCOYTIA LUQUE

Experiencia didáctica no Parque de Bonaval **201**  
PILAR ANTELO DOCAMPO, XAQUIN PENAS PATIÑO

O arcaico **209**  
MICHAEL TAUSING

Notas de libros **213**





*Azuís* (2010)  
Estrela Rúa  
33 X 23.5 (Lámina 28 X 38)



# De novo sobre D. Nicolás Tenorio y Cerero e a súa aldea galega\*

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ

En agarda dun traballo máis cumprido verbo de D. Nicolás Tenorio, pretenden ser estas apuradas notas, de índole basicamente bio-bibliográfica, un pequeno adianto que contribúa a satisfacer a débeda que dende hai tempo tiñamos contraída con este xuíz andaluz, que a comezos do século XX ocupou, no seu primeiro destino lonxe da súa Andalucía natal, o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Viana do Bolo, na cerna das serras orientais de Ourense, onde habería levar a cabo unha singular pescuda de campo, que conformaría ese magnífico libro, *La aldea gallega*, que merece ser especialmente considerado no eido da antropoloxía.

“En el año de 1900 fui transplantado desde Sevilla a la provincia de Orense y Partido judicial de Viana del Bollo, por obra de mi suerte y del entonces Ministro de Gracia y Justicia que me nombró Juez de 1ª Instancia e Instrucción de aquellas tierras, después de varios años de aguardar la entrada en la carrera judicial como Aspirante a la judicatura. Rara vez, por no decir nunca antes, había salido de la hermosa región de

Andalucía, y las necesidades del cargo me hicieron estudiar el país, para mi nuevo, donde iba a desempeñarlo. A medida que observé las gentes, sus costumbres y manera de vivir, noté la gran diferencia que existía con los andaluces, y ciertas particularidades que entraban de lleno en el derecho consuetudinario, y pensé, sería por lo menos curioso, reunir apuntes de lo observado, a lo que quizás me determinó la afición que se despertaba al estudio de ese derecho y de la economía popular de las distintas regiones de España.

Poco a poco y con gran trabajo, como indico en el texto, reuní los apuntes que después constituyeron el estudio que ahora publico, escrito en aquellos días de invierno en que por estar lloviendo o nevando de continuo no podía salir de la casa y a veces de la habitación, y cuando las atenciones del juzgado me lo permitieran.

Es evidente, que para haber podido observar bien las costumbres de los aldeanos de esa parte de Galicia, se necesitaba convivir con ellos en ciertos momentos y fué preciso que me trasla-

\* Quede constancia da colaboración recibida para compor estas notas de Rosa Méndez, responsable da biblioteca do MPG, dos seus bolseiros Xosé González Monxe e Noelia García Ferreiro na procura das referencias bibliográficas de Tenorio, e de David Conde Lourido polo seu concurso na indagación no proceloso mundo da internet.

da, alguna que outra vez a las aldeas, especialmente en época de fiestas”.

Así comezaba o envío “Para el lector” co que Nicolás Tenorio abría *La aldea gallega*. Reproducímolo polo explícito dos motivos que, de par da súa afección á historia e ao estudo do dereito consuetudinario, o induciron a esculcar unha comunidade rural de notoria singularidade, totalmente descoñecida por quen de primeira vez deixaba a súa contorna, e na que ía desempeñar o seu cometido como xuíz, entendendo que a tal fin precisaba impoñerse nos usos e forma de vida das súas xentes, seguindo nisto o aforismo xurídico *consuetudo est optima legum interpretis*. Tenorio procura o documento etnográfico de primeira man a través do contacto directo e da convivencia coa comunidade observada. Esta forma de enfrontar a recadádiva de datos convérteo nun adiantado na aplicación dos modelos antropolóxicos de recollida de información. O noso autor fai *traballo de campo* nun momento no que tal práctica non era usual por estas terras.

Na súa estadía en Galicia, como se desprende da lectura dos seus traballos, interésase pola súa realidade e así, á vez que indaga no ámbito do dereito consuetudinario e da economía campesiña, preocúpase pola súa historia e documentos, polo folklore e a literatura. Esta inqueda manifestárase igualmente polas outras terras onde haberá exercer a súa profesión. Afán intelectual de saber que quedou reflectido a través das publicacións que foi adquirindo nos distintos destinos, que se gardan na parte que se conserva da súa biblioteca en Sevilla, e que se corresponde cos postulados das sociedades de excursións e Ateneos, como o de Sevilla, no que participou

activamente. No que fai a Galicia, figuran na súa biblioteca, segundo recollen Pérez Carrera e De Bordóns Alba (1995, XLIII) arredor de 25 títulos, entre os que están o *Galicia, España. Sus monumentos y artes. Su naturaleza e Historia*, de Murguía, os tomos da *Galicia Histórica* editada por López Ferreiro, e outros referidos ao dereito consuetudinario galego, ás supersticións e á bruxería; canto á literatura aparece *O divino sainete* de Curros, na edición de 1888, e a novela rural de temática caciquil, *Pan de centeno*, 1906, de Antonio Suárez de Puga, escritor de Petín de Valdeorras e do círculo dos seus amigos galegos; a salientar os tres volumes de Antonio de la Iglesia, *El Idioma gallego*, 1886, que evidencia o interese do xuíz pola lingua do país no que vai desempeñar o seu cometido legal.

O libro de Nicolás Tenorio *La aldea gallega. Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*, sairá á luz en Cádiz nos prelos de Manuel Álvarez en 1914, converténdose de inmediato nunha rareza bibliográfica, polo que, a pesar da súa relevancia e novidade na focaxe e tratamento dalgúns aspectos da nosa etnografía, a súa recepción nos ambientes intelectuais vai ser máis ben reducida, incluso no círculo de eruditos e estudosos da materia, quizais motivado en parte por terse editado naquela cidade andaluza, as dificultades da distribución e tamén pola súa curta tiraxe. O feito é que esta interesante obra pasou case inadvertida, como así se deduce das limitadas referencias á mesma na literatura etnográfica, agás para algúns investigadores, como Caro Baroja (1973, 174, n.14) que cualificou este libro de “trabajo exacto y concienzudo”. Entre nós, fóra de mencións ocasionais, será Risco (1962, 280, 582 e ss.) quen se refira máis amplamente a esta obra, con longos parágrafos

traducidos ao galego; unha das súas citas vai precedida desta entrada nada académica: “Nicolás Tenorio, xuez que foi de Viana do Bolo, nun libro que anda citado por ahí adiante...”.

*La aldea gallega* permanecería anos sen publicar, até 1914. Durán (1984, 209) ten suxerido que o autor buscou sen éxito un editor. Tal vez nisto influíse a propia materia do libro e a súa procedencia, que sería de relativo interese fóra de Galicia. Finalmente faríao Tenorio na imprenta gaditana, ao parecer ás súas expensas. Así se infire do que se di ao final da nota introdutoria; o libro non quedaría inédito mercé ao empeño do maxistrado da Audiencia de Cádiz D. Manuel Polo, amigo do autor, quen aprema á súa publicación. Ao respecto escribe:

“...Afiicionado el Sr. Polo, como yo, a los estudios históricos y sociales, le hablé cierto día de estos apuntes; me hizo que le leyera parte de ellos, y desde entonces, siempre que nos hemos visto o paseado juntos me ha instado para que los publique. Le doy gusto haciéndolo, pues ello no cuesta más que unas cuantas pesetas para el impresor Álvarez, que no valen la pena comparadas con la satisfacción que experimento, complaciendo a tan buen amigo”. (Tenorio, 1914, 6).

Non sorprende este xesto en Tenorio, que era home desinteresado e bondadoso como referendan os testemuños de coetáneos. Outras das súas publicacións deberon saír á luz tamén como edicións do autor.

Dende aquela data, o libro non coñecería ningunha nova tirada até 1982. Nese ano Edicións Xerais de Galicia imprimíase para a súa colección Extramuros a primeira íntegra des-

ta singular obra. Dirixía por entón esta editorial, recentemente establecida en Galicia, Luís Mariño. A colección citada fora pensada para saber das miradas ou análises de escritores, eruditos ou investigadores non galegos sobor da cultura de noso, aínda que logo acolleu contribucións dos propios galegos. Estreala rescatando do esquecemento o libro de don Nicolás Tenorio pareceunos do máis indicado. Os motivos xa citados abundaban na escolla: contidos de especial valor no campo da antropoloxía e o escaso coñecemento que del había na etnografía galega. Nos fondos bibliográficos era *rara avis*. Moi poucos exemplares da edición príncipe se contaban nas bibliotecas de Galicia e nas de conspicuos bibliófilos; sabemos dun na biblioteca de Fermín Bouza Brey e incluso un amante dos libros como Antonio Fraguas dispoñía só dunha copia mecanografiada, igual á que tiña na súa biblioteca Xesús Taboada Chivite.

Denantes de 1982 a revista *Grial*, conscientes os seus editores do valor de *La aldea gallega*, reproduciría o seu primeiro capítulo no número 36 de 1972, facilitando deste xeito aos lectores un escrito que supuxo para os interesados na materia unha certa revelación. Chamábase a atención no sucinto limiar da rareza do curioso volume e do interese que “pueden despertar en el lector de hoy las costumbres y organización de una aldea gallega en los primeros años del siglo...” (1972, 158).

Unha outra reedición prepararíase no ano 1984 o amigo Xosé Antonio Durán, na que sob o epígrafe de *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*, reuniría os textos de Alfredo Vicenti, *A orillas del Ulla. Perfiles gallegos*, de Prudencio Rovira, *El campesino gallego. Apuntes sobre su condición social*, e *La aldea gallega*, do noso xuíz de Viana, cunha

suxerinte e elucidadora Presentación sobor do personaxe. Finalmente, en 2008 a *Revista Gallegos*, reproduciu no seu primeiro número a reedición de 1982.

Na introdución que preparamos para a de Xerais, sinalábase que pouco máis sabíamos do autor, fóra da súa estadía profesional en Viana, vila onde lle tocou exercer como xuíz de Primeira Instancia e Instrución no ano 1900. O inicio da recompilación o fixábamos a partires do ano 1904 e o seu remate en 1906, seguindo a indicación que se dá no libro, “Hecho por Nicolas Tenorio en el Partido Judicial de Viana del Bollo, donde fué Juez; 1904-1906”. Hoxe entendemos que puido comezala denantes e ser esta data un erro de impresión, pois a súa permanencia en Viana debeu ir dende o outono de 1900, Durán fíxaa en outubro, até a primavera de 1906, cando entra de titular do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Vilamartín de Valdeorras. Isto parece desprenderse dos traballos que publica entre 1903 e 1904, un na *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* na que escribe sobor da orixe da aldea galega, sustentándose en documentos da zona de Manzaneda e de Coles (Tenorio, 1903b) e dous no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, baseado un no expediente da antiga escribanía de O Bolo, que descubre e le nos arquivos da vila de Viana (Tenorio, 1903a, 125), e outro resultado que foi dos coñecementos e noticias adquiridos “poco a poco, a fuerza de preguntar, en el tiempo que llevo en esta jurisdicción de Viana” (Tenorio, 1904, 203, nota ao pé). Un esteo máis vén reforzar esta idea: non toma posesión como académico da Real Academia Sevillana de Buenas Letras, para a que é elixido o 12 de xaneiro de 1900, a causa da súa incorporación ao Xulgado de Viana

(Pérez Carrera y De Bordóns Alba, 1955, XLII e XLIII), traslado que desencadearía a máis a ruptura do noivado que mantiña había anos en Sevilla.

Faciamos énfase daquela no valor deste traballo, de significativo fuste antropolóxico, elaborado en momentos de predominio entre nós dos estudos do folklore, que comezaba a sentar de forma máis ou menos rigorosa as súas primeiras bases en Galicia –Sociedad de Folk-Lore Gallego (1884), *Cancionero*, de Pérez Ballesteros (1885-86), *Supersticiones de Galicia*, de Rodríguez López (1895)...–.

*La aldea gallega* non encaixaba mormente neste contexto; parte da temática tratada –institucións consuetudinarias, orixe e organización da aldea, os traballos agrícolas e comunais, a familia e os costumes familiares, festas públicas...– non contaba con moitos referentes e paralelos. Nunha liña próxima, na que o eixo é o estudo da *re consuetudine*, podemos incluír algunhas das publicacións sobor desta materia, e en especial a de Alfredo García Ramos, *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega (1912)*, ou mesmo a súa anterior *Estilos consuetudinarios y prácticas económico-familiares y marítimas de Galicia* (1909); e en certos aspectos habería que mencionar os contributos de agraristas como Alfredo Vicenti, *A orillas del Ulla. Perfiles gallegos (1875-1879)* ou Prudencio Rovira, *El campesino gallego* (1904). É de notar o subtítulo do libro de Tenorio, *Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*, pois coincide coa denominación que identificaba os concursos especiais convocados pola Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, e nos que autores como Manuel Lezón co seu libro *El derecho consuetudinario en Galicia* (1903) ou o amentado de 1912 de García Ra-

mos, haberían obter un segundo premio no cuarto concurso correspondente a 1901 e un accésit no décimo terceiro de 1910 (ambos os dous, como Tenorio, procedían do mundo do Dereito, rexistrador da propiedade o primeiro e secretario xudicial o segundo). Non temos datos de se o xuíz de Viana se tiña presentado a algún daqueles certames, que ben puidera ser.

Queda dito que o libro acadou unha feble recepción en Galicia e outro tanto hai que afirmar do case nulo coñecemento do seu autor e da súa obra, agás os mencionados artigos no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*. Incluso se ignoraba a data e o lugar de nacemento, que algún estudioso conxecturaba en Sevilla. O propio Durán titulaba a Presentación da súa reedición de 1984 como *Nicolás Tenorio, misterioso autor*. Mesmo na comarca obxecto do seu estudo esvaeceráse a súa memoria. Refire este investigador que cando recolleu información para o seu “Caciquismo y agitación campesina en tierras de Viana” (arredor de 1972) pediulle a Carmelo Lisón, quen tiña valorado o libro, que andou aquelas terras na súa investigación levada a cabo en Galicia nos anos 1964-1965, datos respecto ao enigmático xuíz, e consonte o antropólogo as persoas que entrevistara non tiñan mente de Tenorio, nin da súa obra. Resultado escasamente positivo deron tamén as indagacións de Taboada Chivite; en 1975 non vivía ningún en Viana que tivera relación co xuíz, e só quedaba un veciño daquel tempo, pero xa non rexía ben. E, por descontado, a súa aparencia éranos descoñecida.

As reedicións mencionadas, 1982 e 1984, só conseguiran resgar algún dos panos que velaban a personalidade do noso “misterioso autor” e así o recoñecía o amigo José Antonio

Durán: “pese a este interés por el personaje y por la obra, nuestro nivel de conocimiento acerca de su autor apenas ha mejorado” (1984, 205); pois pequena melloría era o acadado por entón e no tocante a Viana, como sinalaba na súa introdución, o concello “tenía en estudio un nuevo callejero donde el nombre de nuestro autor no se echará a faltar como hasta ahora” (hoxe unha rúa e unha travesa levan o seu nome) e, en canto a “La edición circulante que de *La aldea gallega* hizo en 1982 Edicións Xerais (Vigo) se vende con normalidad en algunos de los establecimientos comerciales de la villa”. Con todo, mellor algo que nada. Hoxe, felizmente, outra é a situación.

\*\*\*\*\*

Non hai moito, nos legados que custodia o Museo de Pobo Galego de quen foron Presidente e Vicepresidente do seu Padroado, os recordados D. Xaquín Lorenzo Fernández e D. Xesús Taboada Chivite, atopamos tres cartas remitidas polo primeiro a D. Xesús, unha delas con fecha de 1974, outra sen datar e a terceira escrita en 1975, e unha máis de 1974, de D. Manuel Ávila Barja, médico de Viana, así como cinco papeis soltos mecanografados ou con anotacións manuscritas, que deben corresponder aos anos das cartas. Todo este conxunto refírese a D. Nicolás Tenorio. Fálase nas misivas de preparar unha reedición do libro, o que non tería ningún problema pois non figuraba inscrito no Rexistro da Propiedade Intelectual. Ferro Couselo, director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, para o caso pon á súa disposición un anexo do *Boletín Auriense*. Nunha das misivas Lorenzo coméntalle a Taboada que terían que arranxar “unha introducción falando da persoalidade do autor e da transcendencia da obra;

o derradeiro e doado de faguer, mais no así o pirmeiro. Compre, pois, que cada un pola sua precure axuntar os datos que poidamos pra tal angueira”. Atinaba con este aserto D. Xaquín, pois os datos biográficos do noso xuíz eran por aqueles anos aínda máis exiguos dos que se tiñan na década dos oitenta. No *Diccionario Bio-biliográfico de Escritores* de Couceiro Freijomil (1951-1954), por exemplo, soamente se di que Nicolás Tenorio colaborou no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense* e que publicou o libro *La aldea gallega*, sen ningún dato biográfico.

Desta iniciativa para reeditar o libro de Tenorio –estimulada, obviamente, polo valor e o grao de descoñecemento do libro– non tiñamos noticia ningunha até dar cos papeis soltos mencionados. En máis dunha ocasión escoitáralle a D. Xaquín, como tamén a D. Antonio Fraguas e a D. Xesús Taboada, falar do especial mérito da obra de Tenorio e da súa rareza, pero ningún deles me tiña falado desta tentativa na década dos anos setenta do século pasado, nin sequera cando saíu a reedición de Xerais en 1982.

O achado dos papeis nos fondos do MPG, con referencias a Tenorio, e a recordanza das verbas de Durán no seu estudo, animáronnos a preparar estes apuntamentos, co fin de contribuír a clarexar algúns puntos da, até hai poucos anos, case ignorada traxectoria vital deste autor.

Segundo se desprende das follas mencionadas, han ser as relacións de Taboada Chivite na zona oriental da provincia de Ourense, as que lle permitan recompilar algúns datos verbo do percurso profesional do xuíz Tenorio e da súa estancia na zona. Tal como se especifica nas notas, as informacións proceden do notario de Viana, do que non se indica o nome,

do médico desta vila, D. Manuel Avila Barja, do xuíz comarcal do Barco de Valdeorras, D. Félix González García, e do Secretario do Xulgado Comarcal de Verín, D. Alfonso Vez Pazos, que neste caso, e pola súa mediación, facilitallas D. Luis Vacas Medina, Secretario Xeral que era do Ministerio de Xustiza. Salvante os concisos comentarios do notario de Viana, que se refiren a aspectos relativos á persoa de Tenorio, os datos restantes atinxen á súa carreira na xudicatura dende o seu ingreso até o seu ascenso a maxistrado de termo e, en menor medida, á súa produción bibliográfica. No aspecto biográfico pouco é o que proporcionan; o día do seu nacemento, 28 de decembro de 1863, ignorando o lugar, e que morre solteiro en Sevilla (hoxe sabemos que casou, entrado xa en anos), descoñecendo a data; e unha superficial descrición física, xunto coa noticia dunhas relacións sentimentais cunha moza da influente familia dos Quiroga de Valdeorras, que lles fornece o notario de Viana.

E velaquí que andando no labor de verificar e completar a relación das súas publicacións que se recollían na información facilitada ao secretario do Xulgado Comarcal de Verín polo Ministerio de Xustiza, apareceu no catálogo en rede da Biblioteca Nacional de Madrid a reedición feita pola Universidade de Sevilla dun dos seus libros máis significativos, *El Concejo de Sevilla*, con estudo, edición e notas a cargo de Francisco M. Pérez Carrera e César de Bordóns Alba (1995), cunha ampla biografía e análise da formación e da obra de Nicolás Tenorio, que pon fin á penuria de datos que coadxuvou a ocultar por longos anos a relevancia intelectual do noso xuíz de Viana.

Sirvan estas notas para expresar o noso recoñecemento aos traballos de José Antonio Durán e de Francisco M. Pérez Carrera e César



Nicolás Tenorio y Cerero

de Bordóns Alba, así como de modesta adición ao que neles se expón e dar a coñecer ao lector galego interesado, de forma resumida, o perfil biobibliográfico de Don Nicolás Tenorio y Cerero.

Boa parte dos datos biográficos utilizados proceden do traballo de Pérez Carrera e De Bordóns Alba. Os correspondentes ao seu percurso na xudicatura foron tirados das notas de Lorenzo e Taboada, así como parte das súas publicacións, que se contrastaron coas citadas nos autores referidos e no Catálogo da Biblioteca Nacional e outros catálogos en rede.

\*\*\*\*\*

Nicolás Tenorio y Cerero naceu en Villalba del Alcor, Huelva, o 28 de decembro de 1863, fillo de Walabonso Tenorio Mier e Manuela Cerero Cerero, no seo dunha familia acomoda-

da pola parte materna, cun avó, o paterno, que fora maxistrado, e cun irmán máis novo chamado Bernardo. Coa morte temperá do pai, e con só cinco anos o maior, a familia trasládase a Sevilla, por mor de dificultades económicas. Nesta cidade cursará os estudos de bacharelato. Ingresa no Seminario Conciliar en 1880, que axiña abandona, e cursa na Universidade de Sevilla a licenciatura en Dereito Civil e Canónico de 1881 a 1886, incorporándose ao Colexio de Avogados de Sevilla en 1889; en 1890 é nomeado –aquí xa os datos facilitados polo Secretario do Xulgado Comarcal de Verín–, previa oposición na que obtén o número 152 na escala do Corpo, aspirante á Xudicatura. Entrementres non accede á carreira, a máis de preparar as preceptivas oposicións, exerce de avogado en Sevilla, cultiva a poesía e é redactor en *El Porvenir*, colaborando en *El Noticiero Sevillano* e en *El posibilista. Diario democrático de Intereses materiales, Ciencias y Noticias*; no primeiro ha publicar algún interesante artigo.

A Sevilla da segunda metade do século XIX vive un animado ambiente intelectual nas áreas da antropoloxía, folklore, arqueoloxía, historia. Son tempos nos que se constitúen a súa Sociedad Antropológica, impulsada polos profesores Antonio Machado Núñez e Federico de Castro, en 1871; a sociedade El Folk-Lore Andaluz, creada en 1881 por Antonio Machado y Álvarez, fillo de Machado Núñez, na que interveu Sales y Ferré, profesor na Universidade de Sevilla, persoa esencial na formación de Tenorio; ou o Ateneo Sevillano y Sociedad de Excursiones, fundado en 1885 polo referido Sales. O noso autor participará activamente no Ateneo, no que desempeña o cargo de Secretario-tesoureiro, colabora coas Seccións de Pedagogía e Antropoloxía, de

Xurisprudencia, Literatura e Linguas e forma parte dun grupo de traballo na de Arqueoloxía e Belas Artes. Entra no posible que no Ateneo adquirise a praxe da investigación de campo, da observación directa do obxecto a estudar, ao que Sales lle concedía especial relevancia.

Xa co título de xuíz, que obtén en 1900, será designado no seu primeiro destino, o 21 de agosto de 1900, como Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Viana do Bolo. Nesta vila, á que chega con trinta e sete anos, permanecerá desempeñando o cargo até 1906, ano no que, por Real Orde do Ministerio de Graza e Xustiza de 16 de maio, pasa a ocupar o posto de Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do partido de Vilamartín de Valdeorras, do que se posesiona o 11 de xuño do mesmo ano. Fica nesta praza até que é promovido á categoría de ascenso por Real Orde de 1 de febreiro de 1910, cesando naquel o 11 do referido mes, e trasládase ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Mula, en Murcia.

Proseguirá a súa carreira o noso autor sendo designado Tenente Fiscal de León, pola quenda 1ª, o 3 de setembro de 1913, pero xa o 30 do dito mes é nomeado como titular do Xulgado de Primeira Instancia de Cádiz, posto que ocupa até outubro de 1917. Volve á carreira fiscal ao promoverlo a Tenente Fiscal da Audiencia Territorial de Burgos, tomando posesión o 23 de outubro. E por fin, en abril de 1921, ascende pola quenda 1ª a maxistrado da Audiencia Territorial de Sevilla, volvendo así á súa querida cidade, sevillano de adopción e sevillista que era, como o ten cualificado Durán, e pasando a maxistrado de termo no mesmo destino por Real Decreto de 24 de decembro de 1928.

Nicolás Tenorio y Cerero será proposto en 1900 como membro da Real Academia Sevilla-

na de Buenas Letras, pero, como xa se comentou, a súa incorporación como xuíz, impídelle ocupar a cadeira, quedando como correspondente, tal como se desprende do pesar daquela corporación pola súa morte, en sesión de decembro de 1930. En 1914 será elixido como socio de número da Real Academia Hispanoamericana de Cádiz, da que ostentará o cargo de Vicepresidente; así mesmo figurará como socio correspondente da Real Sociedad Geográfica de Madrid. Nota relativa a esta distinción recóllea Durán (1984, 208) dunha crónica de *El Eco de Orense* do 19 de xaneiro de 1905.

Aos 54 anos, en 1917, casará discretamente en Cádiz, logo de manter unhas breves e reservadas relacións, coa gaditana María del Amparo González de Quevedo y Miranda, de antes de trasladarse a Burgos para tomar posesión da fiscalía en outubro dese ano.

Nicolás Tenorio y Cerero morre o 1 de decembro, aos 67 anos, en Sevilla, onde xace no cemiterio de San Fernando.

\*\*\*\*\*

Nunha das anotacións manuscritas de Ta-boada, figura a seguinte información recollida polo notario de Viana nesta vila en xaneiro de 1975: “Era bajo y regordete. De mote le llamaban *Cagado*. Pertenecía a la política de la Casa de Quiroga del Barco de Valdeorras, porque estaba enamorado de una de las hijas de la Casa”.

Non deixa de ser de interese este apuntamento. En primeiro lugar a *asignación* de Tenorio “a la política de la Casa de Quiroga”. Como ten observado Durán, o noso autor, dende a súa chegada a Viana, non debeu ser do agrado dos caciques locais e da comarca, sometida, por aquel tempo, a unha forte situación de tensión social e mesmo enfrontamen-



tos –non hai que esquecer que Tenorio vén substituír ao xuíz anterior, que fora tirotea-do– entre os distintos bandos políticos, na que rexe o poder corrupto dos xefes muxidores da vila que é hexemónico no partido xudicial. Non compace en absoluto aos mandamáis vianeses a forma de exercer o seu cometido legal, que ha causar mesmo algúns conflitos directos, nin tampouco o contacto cos campesiños, amparado pola afección ao estudo da súa forma de vida e costumes, comportamento que se tornaba sospeitoso aos ollos dos dirixentes do tecido caciquil e que sería utilizado por estes para desacreditar a súa dedicación ao cargo. El mesmo escribe no introito do libro:

“Esto, que nada tenía de particular y que por ello no dejé nunca desatendidas las obligaciones del Juez, fué causa de que algunos personajes de Viana, que confundieron lastimosamente por malicia y falta de discernimiento mi manera de proceder, se valieran del caso y trataran de mortificarme, sin conseguirlo, porque no me adaptaba como Juez a sus gustos y procedimientos caciquiles”.

As circunstancias nas que vive en Viana deberon ser cada vez máis incomodas e acabará por abandonar a vila, trasladándose a Vilamartín de Valdeorras, para ocupar o seu xulgado dende o 11 de xuño de 1906. Neste novo destino terá relación, probablemente iniciada xa con anterioridade, cos Quiroga da Casa Grande de Viloira, perto de O Barco. O xefe da casa até a súa morte en 1906 é Manuel Quiroga Vázquez, deputado por Valdeorras nas lexislativas de 1879 a 1904, ano no que se retira da política activa. O seu fillo José Qui-

roga Velarde, foi parlamentario tamén pola circunscrición electoral de Valdeorras, á que correspondía Viana, de 1807 a 1808, así como gobernador civil de Ávila. Esa adscrición á política da casa dos Quiroga, como se di na información do notario de Viana, e que se xustifica por estar namorado dunha moza, poida que filla do propio D. Manuel Quiroga, hai indicios de que se iniciase denantes do traslado. No que fai a estes amores coincide a información anterior coa que mencionan Pérez Carreira e De Bordóns Alba (1995, XLIV), recollendo o testemuño da sobriña e afillada de Tenorio, dona Concepción Tenorio Lafont. O noso protagonista farase mozo de Elena Quiroga, que debeu ser tía da escritora Elena Quiroga Abarca. Non dispoñemos de máis datos sobor desta relación, nin de cando se interrompeu; no que fai ao seu inicio, os citados autores remontan a mesma ao ano 1902, confirmando así a súa existencia cando o destino en Viana.

Nesta pertenza á esfera política dos Quiroga podería acharse quizais un outro posible motivo que concorrería a activar a persecución contra Tenorio exercida polos caciques de Viana; isto reforzaría a hipótese de Durán de que non foron soamente as súas inclinacións intelectuais, as que enfrontaron o xuíz co tramado caciquil vianés. Habería que profundar no alcance desta relación para definir o grao de compromiso político do xuíz cos señores da Casa Grande de Viloira e na posición destes con respecto ao caciquismo vianés dominante. No que fai ás súas tendencias ideolóxicas non é moito o que sabemos. Segundo os biógrafos citados, non se ten constancia de que estivera suxeito a militancia partidaria algunha, nin tivese parte directa en actividades desta índole. A sobriña cualificouno como home “de dereitas” –a súa biblioteca conserva obras de desta-

cados políticos liberais e conservadores- pero de talante moderado, quizais máis radicalizado nos anos de mocidade, que encaixaría ben coa liña política dos Quiroga e, como apuntan aqueles, preocupado pola rexeneración de España e contrario ao uso das prácticas caciquís –Joaquín Costa tamén está presente nos seus fondos bibliográficos–. Ao parecer, non era nada proclive aos rexionalismos e nacionalismos que agromaran no XIX (Pérez Carrera e De Bordóns Alba (1995, XXVI).

Na anotación amentada temos a máis un conciso apunte da súa fasquía, totalmente descoñecida para nós até agora; dise na mesma que era *baixo e regordecho*, descrición que concorda cunha das fotografías que del coñecemos. No tocante ao adeallo, podería conxecturarse que aquel respondera a unha característica da súa personalidade, no sentido figurado e popular de home pusilánime ou medoñento, de pouco espírito, e mesmo tímido. Entra no posible que este alcume se debese á actitude do xuíz respecto do poder e control dos caciques de Viana, que mesmo chegan para exercelo á violencia física, como sucedera co seu predecesor. Durán suxeriu (1984, 214) que Tenorio tendo presente as súas escasas posibilidades na desigual confrontación coa rede caciquil, que conta con apoios nas instancias da política e administración provincial, así como nas máis altas madrileñas, se retire de tan desfavorable escenario de combate, trasladándose ao Xulgado de Vilamartín de Valdeorras, ao abeiro da Casa Grande de Viloira.

No traballo dos investigadores sevillanos insírense tres fotografías súas: a primeira, de busto, amósanos un mozote universitario, con bigote e fronte despexada, e faciana redonda; outra de corpo enteiro, tirada na azotea da súa



Nicolas Tenorio y Cerero

casa sevillana, poida que en volta do cambio de século, denota un home de estatura máis ben baixa, con bigote poboado de puntas reviradas; e unha terceira, de 1910, xunto coa súa nai, unha tía e unha prima, na que aparenta un home tirando a baixote, na medianía da vida, regordecho “...vestido con igual corrección que sempre, pero ha perdido la prestancia (y seguridad, diríamos) de su época universitaria. Ahora tiene unos quevedos de miope y una expresión bastante apagada. No hay que descartar que la actividad haya contribuido a ello” (Pérez Carrera y De Bordóns Alba. 1995, XLIX).

Era o noso autor, así o revela a súa sobriña e o apostilan os seus biógrafos, home preocupado polo aspecto, polo vestir con elegancia e pulcramente, atal o mostran os retratos anteditos, entendendo aqueles que tal propensión se debese así mesmo ao influxo de Sales, que, como os bos krausistas, se distinguía polo gusto e distinción na indumentaria.

Tenorio foi un afeccionado á bibliofilia. Así se constata nos fondos que restan da súa biblioteca, con obras que falan do seu interese por distintos campos do saber, historia, xeografía, filosofía e antropoloxía, bioloxía, etc., e pola literatura, con clara predilección pola poesía. Outra constante e especial afección tivo á fotografía, que puido nacer ou alentarse no Ateneo Sevillano, que era así mesmo “Sociedade de Excursiones”, na tradición das sociedades excursionistas que ben coñecía o seu mestre Sales y Ferré, e na que o rexistro do observado era fundamental. Segundo Pérez Cabrera e De Bordóns Alba (1995, XXXVIII), gárdanse no poder da súa sobriña abondas placas de cristal, que teñen intención de publicar. Sabemos que tirou fotografías a lugares e monumentos nas súas saídas polas terras vianesas; sería de agardar que algunhas destas se atopen entre as conservadas.

\*\*\*\*\*

Con respecto á súa produción bibliográfica dispomos arestora dunha satisfactoria información que nos revela ao noso autor tamén como un coidadoso investigador no eido dos estudos históricos. Será Manuel Sales y Ferré (1843-1910) o personaxe que haberá influír notablemente na súa formación. Sales, destacado krausista, que pola súa tendencia histórico-antropolóxica evoluciona cos anos cara ao positivismo, foi profesor de Tenorio na Universidade de Sevilla, na que exercía de catedrático, e mentor seu no Ateneo. Compre salientar que Sales chega a Sevilla en 1874 como catedrático de Xeografía Histórica e por proposta do claustro encargárase en 1883 dunha cátedra denominada “Reseña histórica de las principales transformaciones de los pueblos europeos”, que encara dende uns pre-

supostos fundamentalmente antropolóxicos. Pérez Carrera e De Bordóns Alba entenden que de Sales procede o interese de Tenorio “por la antropología, etnografía y folklore, por los estudios sociales hechos desde el punto de vista histórico y con enfoque sociológico,... y la escrupulosidad en el tratamiento y crítica de la documentación. Así como el cuidado de no opinar sin la base de un fuerte apoyo documental” (1995, XXXV).

O primeiro dato que temos, até o momento, relativo á súa afección pola pescuda histórica, áchase na confección dunha lista de tripulantes do primeiro viaxe de Colón a América, que obedece ao pedido de colaboración de Sales, e que este incluírá como Apéndice III na súa obra *El descubrimiento de América. Según las últimas investigaciones* (1893). Lorenzo e Taboada, nun dos papeis referidos, tiñan anotada esta colaboración, que extraeran dun artigo de Alicia Gould y Quincy publicado no *Boletín de la Real Academia de la Historia* no ano 1973, no que aparecía nunha nota a pé de páxina o nome de Nicolás Tenorio como autor dunha das listas de tripulantes de Colón, que é a que se insire no mencionado libro de Sales. Pero expresaban os citados as súas dúbidas, de se a mesma se debía ao Tenorio xuíz de Viana ou ben ao seu proxenitor, entendendo acaso que levase o mesmo nome de pila e pertencera tamén á carreira xudicial.

Á materia do descubrimento e da colonización das Américas habería prestarlle dende mozo especial atención; en *El Porvenir* publica o artigo “El mausoleo de Colón”, investiga no Archivo de Indias, na Biblioteca Colombina e noutros particulares, facilitándolle datos a Sales para o seu libro *El descubrimiento*; nesta última, consérvase o manuscrito do chamado *Itinerario de Hernando Colón*, que será trans-

crito polo noso autor. En 1914, ao ano de chegar destinado a Cádiz, ingresará na Real Academia Hispanoamericana de Ciencias y Artes desta cidade, co discurso “El *Uti possidetis* de 1810”, no que analiza este acordo que fixou as bases primordiais para resolver as controversias xurdidas entre os países iberoamericanos por razón de lindeiros, materia esta ben representada na documentación que se custodia na súa biblioteca e na que foi reputado como experto.

Durante os seus destinos en Galicia non perdeu o tempo o xuíz Tenorio; indagou tamén en arquivos, realizou traballos de campo e interesouse pola arqueoloxía. Coñecemoslle tres publicacións a máis do libro *La aldea gallega*. Mencionabamos na edición de Xerais os seus artigos aparecidos no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, “Unas elecciones en El Bollo en 1614”, (Tenorio, 1903a), no que recolle as funcións do concello e os incidentes que se produciron na vila co gallo da elección dos xustizas que ían rexela, resultado da esculca nos protocolos da antiga escribanía do Bolo e de Viana, e “Viana del Bollo. Pobladores pre-romanos” (Tenorio, 1904), no que revela un bo coñecemento dos estudos relativos aos primitivos poboadores de Galicia que existían no momento, así como das fontes antigas publicadas. Aмосa neste artigo o seu interese pola defensa do patrimonio arqueolóxico, ¿*Cuántos monumentos de las pasadas edades ha destruido la ignorancia ó la incuria en nuestro país?*, escribirá no traballo mencionado; preocúpase pola súa preservación, como fai cun machado de talón dun anel, destinado a ser fundido, que fora atopado na marxe do Bi-bei, onde xa se recolleran outros, e que el merca a un prateiro da zona que llo adquirira a un paisano. Interese que se estende ao patrimonio

etnográfico, recollendo algúns materiais como se indica en *La aldea gallega*. Nos “Pobladores pre-romanos” temos unha interesante referencia á licantropía, á maldición ou fada que leva a converter a unha moza en loba (Tenorio, 1904, 282 n.2, 283 n. 1 e 281 n.1).

Un outro artigo de temática galega é o titulado “Las aldeas gallegas” (Tenorio, 1903b), no que se aproxima á xénese destas unidades de poboación illada, unhas nadas a partir do establecemento e agregación de casares, en terreos de realengo ou baldíos, por descendentes de antigos poboadores ou doutros novos; e outras xeradas por casares fundados en señoríos laicos ou eclesiásticos polos propios señores co fin de axuntar man de obra para o cultivo das terras señoriais. A base para este escrito áchase en documentos correspondentes á zona de Manzaneda e á parroquia de San Xoán de Coles, nas proximidades da cidade de Ourense.

En 1911 remesará á Real Academia de la Historia diversos manuscritos relativos ao Concello do Castro de Valdeorras, que integran un expediente no arquivo daquela e do que non temos máis detalles.

Na información que lle facilitou a Taboada Chivite o Secretario do Xulgado Comarcal de Verín, que procedía segundo se di do Ministerio de Xustiza, indícase que o 2 de xullo de 1924 a Audiencia Territorial de Sevilla enviou á biblioteca do mesmo, exemplares dos seguintes títulos da autoría do maxistrado Nicolás Tenorio: traballo titulado “Noticia Histórica”, (debe de referirse ao folleto *Noticia Histórica de la Real Audiencia de Sevilla* (1924a) e as obras “Visitas que Don Enrique III hizo a Sevilla”, (1924b), “El Concejo de Sevilla. Estudio de la organización político-social de la ciudad, desde su reconquista hasta el reinado de

Alfonso XI (1248-1312)” (1901a), cuxa ficha catalográfica manuscrita aparece nas notas de Lorenzo e Taboada, coa indicación que está inscrito no rexistro de propiedade intelectual, e “La aldea gallega” (1914).

Salvante erros ou omisións, a produción bibliográfica de Nicolás Tenorio comprende a máis dos amentados, os seguintes títulos: o opúsculo *Noticia de las fiestas en honor de la Marquesa de Denia hechas por la ciudad de Sevilla en el año 1599* (1896); *Algunas noticias de Menardo Ungut y Lanzalao Polono* (1901b), no que trata destes dous impresores alemáns, os primeiros que traballaron en Sevilla, no tempo dos “Reis Católicos”; *Descripción y Cosmografía de España, de Fernando Colón*, efectuando a transcripción do manuscrito que se garda na Biblioteca Colombina dun viaxe por España do fillo menor do Almirante (1910

a 1915); *Las Milicias de Sevilla* (1907); e *Los moriscos en Hornachos* (1908).

\*\*\*\*\*

Hogano D. Nicolás Tenorio y Cerero xa deixou de ser aquel ilustre descoñecido, aquel xuíz que comezou o seu percurso na xudicatura lonxe da súa patria andaluza, nas terras de Viana e Valdeorras, nos cordais do extremo oriental de Ourense, onde coñeceu de primeira man unhas formas culturais de marcada diferenza coas andaluzas, as que coidadosamente observou e recolleu nese excelente libro, que acadou un lugar destacado na nosa literatura antropolóxica.

Agardemos que novos traballos sigan arrequecendo o que hoxe sabemos deste autor que durante tempo houbo que cualificar de enigmático e quede saldada a débeda que con el e coa súa obra tiñamos adquirida. 📖

## Bibliografía

- CARO BAROJA, J. 1973: *Los pueblos del norte de la península ibérica*. 2ª ed. San Sebastián. Ed. orix. 1943.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A. 1951-1954: *Diccionario bio-bibliográfico de Escritores*. Santiago.
- DURÁN, J.A. 1974: *Crónicas/1. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*. Akal. Madrid. Véx. a Crónica, Caciquismo y agitación campesina en tierras de Viana.
- DURÁN., J.A. 1984: *Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia tradicional*. Edición, estudios preliminares y notas de... Madrid.
- GARCÍA MARTÍNEZ, C. 1982: Introducción, en *La aldea Gallega* de N. Tenorio. Vigo.
- GARCÍA RAMOS, A. 1909: *Estilos consuetudinarios y prácticas económico-familiares y marítimas de Galicia*. Madrid.
- GARCÍA RAMOS, A. 1912: *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*. Madrid.
- GRIAL. *Revista Galega de Cultura*. 1972. Número 36. Vigo.
- LEZÓN, M. 1903: *El derecho consuetudinario de Galicia*. Madrid.
- PARDO BAZÁN, E. et alt. 1884. *El Folk-Lore gallego. Miscelánea*. T. 4, Biblioteca de Tradiciones Populares, Sevilla.
- PÉREZ BALLESTEROS, J. 1885-1886: *Cancionero Popular Gallego*. Madrid.

- PÉREZ CARRERA, F.M., DE BORDÓNS ALBA, C., 1995: *El Concejo de Sevilla, de Nicolás Tenorio*. Estudio, edición e índices de... Universidad de Sevilla. Sevilla.
- RISCO, V. 1962: *Etnografía: cultura espiritual*. En *Historia de Galiza*. T.I. Buenos Aires.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. 1895: *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo.
- ROVIRA, P. 1904: *El campesino gallego. Apuntes sobre su condición social*. En J.A. Durán, *Aldeas, aldeanos y labriegos*.
- SALES Y FERRÉ, M. 1893: *El descubrimiento de América según las últimas investigaciones*. Sevilla.
- TENORIO, N. 1893: *Relación de los individuos que fueron al viaje de descubrimiento del Nuevo Mundo, con notas biográficas e indicación de las fuentes de donde han sido tomados los nombres*. Apéndice III do libro de Sales y Ferré.
- TENORIO, N. 1896: *Noticia de las fiestas en honor de la Marquesa de Denia hechas por la ciudad de Sevilla en el año 1599*. Sevilla.
- TENORIO, N. 1898. El Mausoleo de Colón. *El Porvenir*. Sevilla, 28 dec.
- TENORIO, N. 1899. La cueva de la Sierpe. *El Porvenir*. Sevilla. Nov.
- TENORIO, N. 1901a: *El Concejo de Sevilla. Estudio de la organización político-social de la ciudad desde la Reconquista hasta el reinado de Alfonso XI (1248-1312)*. Sevilla. Hai reed. de 1995, Universidade de Sevilla.
- TENORIO, N. 1901b: Algunas noticias de Menardo Ungut y Lanzalao Polonio. *Rev. de Archivos, Bibliotecas y Museos*, V, nº 8 y 9.
- TENORIO, N., 1903a: Unas elecciones en El Bollo en 1614. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos... de Orense*. T. II, Núm. 31. Ourense.
- TENORIO, N., 1903b: Las aldeas gallegas. *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, VII, nº 10.
- TENORIO, N., 1904: Viana del Bollo. Pobladores prerromanos. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos... de Orense*, T. II, Núm. 41. Ourense.
- TENORIO, N., 1907: Las milicias de Sevilla. *Revista de Archivos, bibliotecas y Museos*, XI, nº 9 y 10.
- TENORIO, N., 1908-1915: *Descripción y Cosmografía de España por Fernando Colón*. Real Sociedad Geográfica. T.I (1910); T.II (1908), T.III (1915). Madrid.
- TENORIO, N., 1908: Los moriscos en Hornachos, *Archivo Extremeño, Revista mensual de ciencia, arte e historia*, Nº 5. Badajoz.
- TENORIO, N., 1914: *La aldea gallega. Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*. Cádiz. Hai unha reprodución na *Revista Galegas*, nº 1, 2008.
- TENORIO, N., 1914: Discursos leídos ante la Real Academia hispano-americana de Cádiz en la recepción pública del Sr. D. Nicolás Tenorio y Cerero el día 8 de diciembre de 1914, y contestación por el académico D. Pelayo Quintero Atauri. Cádiz.
- TENORIO, N. 1924a: *Noticia de la Real Audiencia de Sevilla*. Sevilla.
- TENORIO, N. 1924b: *Visitas que Don Enrique hizo a Sevilla*. Sevilla.
- VICENTI, A. 1875-1879: *A orillas del Ulla. Perfiles gallegos*. En Durán, *Aldeas, aldeanos y labriegos*.

# Unha “acusación” ou testamento do entroido de Mondoñedo de mediados do século XIX

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

*Museo do Pobo Galego*

## 1. Presentación

Consultando varios papeis referentes a Galicia no Archivo Histórico Nacional de Madrid, alá polo mes de xuño de 1994, nun volume facticio de manuscritos din cunhas follas escritas en verso. Ao velas pensei que non era máis que un longo poema castelán, semellante a outros que tamén se atopan no mesmo, pero axiña me chamou a atención o título: *Acusación al Antroido*, comprobando non máis que con botarlle unha ollada a algunha das estrofas que se trataba dunha “acusación” ou “testamento” do Entroido ou Antroido, representado o martes nunha poboación galega, consonte con estes versos que di o “acusante”:

Con qué es el Carnaval,  
Antroido dice el gallego,...

Só faltaba saber a vila ou cidade onde fora posta en escena a parodia, que non se descubre ata a última estrofa, a da despedida, xusto antes de que o “afusilen”:

Adiós Mond<sup>o</sup>. alegre...

A abreviatura *Mond<sup>o</sup>*. non hai dúbida que corresponde a Mondoñedo, encaixando per-

fectamente con todo canto se sabe verbo da historia destes papeis: que a persoa que os colectou foi durante algúns anos gobernador civil de Lugo, e que varios pertencían a un centro monástico mindoniense, pero non este do Entroido por ser posterior á exclaustación relixiosa, é dicir, a 1835.

Da súa lectura non se tira nada sobre o autor: é de supoñer que fose algún inspirado vate local que tanto se encargaría de compoñer estas “acusacións”, como outras coplas, por exemplo as dos maios que nesta cidade foron moi importantes ata a primeira metade do século XX<sup>1</sup>.

Por último está a data: coidamos que sexa de 1857 ou 1858, que cadra coa época en que o posuidor dos manuscritos, Eugenio Reguera Pardiñas, foi gobernador civil de Lugo, entre o 17 de outubro de 1856 e o 2 de xullo de 1858, tempo que tamén aproveitou para facer interesantes adquisicións e apuntamentos verbo dos labores agropecuarios en varias comarcas da provincia. De ser así, os únicos entroidos que pasou na devandita cidade foron os correspondentes aos ditos anos, pero tampouco dispoñemos de probas para negar que sexa anterior, nin tampouco posterior, que llo remitisen dende Mondoñedo, pero sempre an-

<sup>1</sup> GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A festa dos maios en Galicia. Unha aproximación histórico-antropolóxica ó ciclo de Maio*, Deputación Provincial de Pontevedra, 1989, pp.89 ss.

tes de 1866, ano en que falece en Santiago de Compostela.

A parodia do xuízo desenvolvíase nunha praza ou descampado da cidade, ao que acudían os mindonienses e os veciños da contorna á gozar das ocorrencias do inspirado vate, xa que polo demais todos sabían que tan malvado reo tiña que rematar “afusilado”,

por hombre bien golosero  
borracho y buen comedor  
y alborotador del pueblo...

A execución non tiña lugar no mesmo sitio da representación, polo que logo de rematar esta organizábase unha comitiva ao fronte da que ía un home tocando o tambor, seguido do Entroido custodiado por varios soldados, o xuíz, o “acusante”, o defensor... e o público en xeral. A festa remataba coa queima do boneco entre aturuxos, berros e cánticos dos asistentes.

A presente *Acusación al Antroido* que se edita agora por primeira vez, pola rareza desta clase de obras populares e tamén por que quizais sexa unha das máis antigas entre as que hai novas, non só en Galicia senón en todo o Estado Español<sup>2</sup>, ben merece ser coñecida polos investigadores e antropólogos, así como tamén por cantos dun xeito ou doutro traballan a prol de que esta festa se manteña viva como patrimonio de todos.

### 1.1. Os testamentos do Entroido

Ningún dos estudosos que levan tratado deica agora destes textos (Caro Baroja, Gar-

cía de Diego, González Reboredo, Mariño Ferrero...), lle dan a denominación de “acusación”. En xeral empregan sempre a de “testamento”, aínda que non todo o texto corresponda a el, xa que este en varios casos non vén a ser máis que unha parte da farsa, a derradeira cando o xuíz fai pública a sentenza condenatoria. Malia ao dito, de non contar o orixinal con título de seu, de seguro que nós tamén lle chamaríamos “testamento”, tendo en conta non xa outros semellantes do Entroido, senón tamén do galo, burro, etc.

Tradicionalmente constituía a parte máis relevante e lúdica da festa, e tamén a derradeira antes de entrar no Mércores de Cinza, á que en todas partes acudía moita xente para escoitar as ocorrencias do condenado, aínda expóndose a saír algúns malparados ou malparadas, en particular naqueles casos en que hai o costume de dar os nomes das persoas beneficiadas polo legado do condenado.

Vicente Risco era da opinión que orixinalmente quizais estes testamentos fosen todos do Entroido, e que logo se substituíron polos de diferentes animais, pero este foi, sen dúbida, o máis popular e tamén o máis estendido, co seu nome propio ou con outro<sup>3</sup>. Entre os segundos sobresaen o do Meco, personaxe mítico que rematou esganado no Grove polas ofendidas mulleres, vítimas dos seus enganos. Verbo da historia investigou o Padre Sarmiento no século XVIII, tirando a conclusión que a súa orixe puidera estar relacionada cunha representación choqueira da procesión do Corpo de Deus ou Corpus Christi de Pontevedra, na que ía unha muller disfrazada con

<sup>2</sup> En 1954, Pilar García de Diego deu a coñecer dous fragmentos, que consideramos así por seren moi curtos, procedentes de Beade, no Ribeiro, recolleitos no mes de xullo de 1879, que posuía Manuel Murguía e que Xoán Naya deixara a Fermín Bouza Brey. Ningún é un testamento do Entroido, pero cabe a posibilidade de que se representasen en tal data, malia coidar que se trate de farsas de carácter popular transmitidas oralmente. O primeiro é o “Testamento do carpinteiro” e o segundo o “Testamento da pulga” (GARCÍA DE DIEGO, P.: “El testamento en la tradición”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, X, Madrid, 1954, pp. 455, 456).

<sup>3</sup> RISCO, V.: “Etnografía. Cultura espiritual”, *Historia de Galiza*, p. 634.



carauta (é de supoñer que fose un home, como era normal daquela en casos semellantes), que describe así o bieito:

A Vella do Grove,  
con cós e mouquelo,  
e con carantoña,  
facendo o fedello,  
e dando pernadas,  
que matou ao Meco<sup>4</sup>.

A data tradicional da celebración dos “xuízos” é o martes de Entroido pola tardiña, rematando inmediatamente a festa co enterro do condenado, trocado agora nos máis dos casos polo “enterro da sardiña”.

Entre os dos animais sobresaía o do galo, que se celebraba ese mesmo día ou outro calquera (como o *domingo corredeiro* ou *gordo*, que é o anterior ao de Entroido), pero sempre antes de empezar a Coresma. Actualmente esta manifestación pódese dar por desaparecida dende que se prohibiu a intervención do animal vivo, agás se se representa cunha figura de trapo ou doutro material<sup>5</sup>.

Nos testamentos distínguese tres partes: a primeira, en que intervén o acusador facendo públicos os vicios e as traxadas do reo; a segunda, na que o defensor enxalza as virtudes do Entroido neste caso, para tratar de libralo do patíbulo; e a terceira, na que se lle cede a palabra a un representante do condenado que dá lectura ás súas derradeiras disposicións.

Como mínimo teñen que intervir tres homes e o monifate do Entroido, aínda que poden seren máis, como na farsa mindoniense que eran dez:

- o Entroido
- o fiscal
- o defensor
- o *acusante*
- o xuíz
- o escribán
- catro militares do pelotón de fusilamento, que non falan.
- e un tamborileiro, que vai tocando diante da comitiva.

Na representación unicamente interviñan homes, como foi normal en xeral en todas estas manifestacións ata non hai moitas décadas.

Pódese desenvolver de xeito diferente, segundo o costume da comarca ou poboación, pero sempre ten que rematar coa destrución do boneco: queimándoo, botándoo a un río, etc. Unha das principais características, tanto antes como aínda agora, é a de que luza unha “ferramenta” moi prominente – repetindo as verbas dun señor maior que tomou parte de mozo no desaparecido da parroquia compostelá de Villestro-, alusión alegórica á súa lascivia, xa que un dos delitos é o de conquistador de mulleres<sup>6</sup>. Quizais tamén se representase así o de Mondoñedo, tendo en conta que o fiscal o acusa de lucir “sucios adornos”:

<sup>4</sup> Cós= camisa; mouquelo= un tipo de tocado feminino, é de supoñer que extravagante. SARMIENTO, M.: *Colección de voces y frases gallegas. Edición y estudio por J. L. Pensado*, Universidad de Salamanca, 1970, coplas 1.000 e 1001; ídem: *Meco-Moro-Agudo: Epítetos del impostor Mahoma. Por qué los Gallegos no pueden nin deben perdonar á Meco...* Edición de Clodio González Pérez, Ed. Toxosoutos, Noia, 2001.

<sup>5</sup> Como fan, por exemplo, dende 1991 en Santo Adrán de Cobres (Vilaboa) [COSTA VÁZQUEZ, L.: “O Carnaval de madamas e galáns de Cobres, Vilaboa”, *Tempos de Festa en Galicia*, I, Fundación Caixa Galicia, 2006, p. 177].

<sup>6</sup> Tamén se representa así nalgunhas zonas de Portugal, coma “O João” de Triana, non lonxe do Porto: *O boneco, de palha enfardada em trapos, e em tamanho natural, envergava um fato velho e botas de água, de cano alto; a face era uma máscara carnavalesca rubicunda, cercada de cabelos e barbas de sisal; e, no lugar próprio, exibía um enorme veretrum de pano, forrado a papel de cores e cheio de serrim, de feitura sugestiva e realista. Nalguns sitios representase por un enorme nabo* [VEIGA DE OLIVEIRA, E.: *Festividades cíclicas em Portugal*, Publicações Dom Quixote, Lisboa, 1984, pp. 17-18]. Cando se trata dunha muller entón adóitasele poñer uns peitos moi grandes, como a *Mikaela* de Buño (Malpica de Bergantiños) [COCHO DE JUAN, F.: “Os outros Entroidos”, *Tempos de Festa en Galicia*, I, Fundación Caixa Galicia, 2006, p. 193].

para poder presentarte  
 en este trage tan feo  
 con esa cara sebera,  
 con esos brazos sin hueso,  
 con esos sucios adornos  
 ante este amado Pueblo...

Coa súa morte e posterior enterro ou destrución remata o Entroido e empeza a Coresma, tempo de recollemento, xaxúns e vixilias, e tamén do precepto (dar a doutrina, confesar e comungar), como lle lembraba aos presentes o mindoniense:

Mientras yo viva hay de todo:  
 manjares, vino y comida;  
 hoy muero y mañana qué hay:  
 por la mañana ceniza.  
 Todo el que sea cristiano  
 mañana empieza el ayuno:  
 a las doce toma caldo  
 pasando sin desayuno  
 y a la noche muy temprano  
 su cuerpo hace ruido,  
 pidiendo que le echen dentro  
 arenques o mariquitas<sup>7</sup>.

## 1.2. A lingua dos testamentos

Hai algúns en galego, pero partindo da base de que a lingua da xustiza daquela era exclusivamente a castelá e tendo en conta que se trata

do arremedo dun xuízo real, o normal era que se empregase esta, así como tamén a terminoloxía habitual dos tribunais. Con todo, entre os testamentos publicados algúns anos despois deste de Mondoñedo houbo, cando menos, dous onde un personaxe fala galego: nun da Coruña (*Juicio y sentencia contra el Carnaval, disparate bufo-carnavalesco*, 1875), e noutro de Pontevedra (*Discurso plágico-funébrico pronunciado en el entierro del Urco*, 1876).

O máis antigo dos dados a coñecer deica agora totalmente en galego é un testamento do galo do ano 1930 da parroquia de Pías (Ponteareas), recolleito por Xaquín Lorenzo Fernández (“Xocas”) cando estivo escavando na citania de Troña. O animal era condenado polos delitos que cometera ao longo da vida, pero antes de que se levase a termo o veredicto un dos asistentes facía de “cumpridor”, dando lectura pública ás súas derradeiras vontades:

Tendo moitos legados  
 acordei facer testamento,  
 non deixando nada a casados  
 por este momento.  
 Xa o reparto equitativo  
 fará o meu cumpridor  
 a todos dará o seu,  
 levando el sempre o millor...<sup>8</sup>

Do Entroido sabemos dun de poucos anos despois, 1934, da parroquia de Xaves-

<sup>7</sup> Dáselle este nome castelán nalgunhas zonas á zamborca cando é pequena, polas pintas que ten no lombo que lembran as da xoaniña –*Coccinella septempunctata*– (mariquita, en castelán). Peixe da familia dos clupeidos que vive nas augas profundas do mar, pero que sube na primavera e no verán a efectuar a freza nos ríos, actualmente só no Miño, pero na época de Reguera Pardiñas, primeira metade do século XIX, tamén nos do norte da provincia de Lugo, de onde a traerían a vender a Mondoñedo. Tiñase por peixe de pouco valor, como di máis adiante o mesmo escribán: *de arenques y mariquitas / que es el pescado más malo* [RÍOS PANISSE, M.C.: *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, Verba, anexo 7, Universidade de Santiago de Compostela, 1977, pp. 210 ss.; RODRÍGUEZ SOLÓRZANO, M. / DEVESA REGUEIRO, S. / SOUTULLO GARRIDO, L.: *Guía dos peixes de Galicia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1983, pp. 62, 63].

<sup>8</sup> GARCÍA DE DIEGO, P.: “El testamento en la tradición”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, vol. IX e X, Madrid, 1953 e 1954. Verbo del dá a seguinte opinión: *de sumo interés es este Testamento do galo, revelador de la enorme vitalidad de estas ceremonias que perviven a través de los tiempos*, e tamén que lle fora *amablemente cedido por el insigne investigador Xaquín Lorenzo Fernández* [GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Xaquín Lorenzo Fernández ‘Xocas’. Fermín Bouza Brey e Ponteareas”, *Pregón. Revista da Festa do Corpus Christi de Ponteareas*, 2005]. Na parroquia de Fozara, tamén do mesmo concello de Ponteareas, na corrida do galo polo Entroido tampouco faltaban os cantares satíricos referidos a veciños e veciñas [HIDALGO CUÑARRO, J.M. / COSTAS GOBERNA, F.J.: “El castro “A Cidade” de Caneiro, Fozara [Ponteareas]”, *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra, 1979, p. 13].

tre (Trazo), pero non semella en nada ao que publicamos agora pois, ademais de non intervir os personaxes propios dun xuízo, case se cingue a criticar as mozas, polo que cómpre consideralo máis “sermón” que “testamento”, como doadamente se deduce da seguinte estrofa:

Agora que xa falei  
do que lle pasou ao antroido  
tamén vou a contar algo  
das rapazas do contorno...<sup>9</sup>

Do mesmo concello coñecemos outro, pero moi posterior, de 1979, da parroquia de Morlán, onde –segundo parece– este costume non se chegou a interromper nin nos anos máis duros do réxime franquista, pero tamén é diferente ao mindoniense, xa que se trata dun monólogo no que intervéñ unha única persoa. Fala das obras levadas a termo no concello, o arranxo das estradas, etc., concluíndo coa seguinte despedida:

E desexounos a todos,  
igual que o ano pasado,  
que o pasamos ben  
e que volvamos pró ano<sup>10</sup>.

En castelán era, por exemplo, o xuízo de Casadenaia nas terras luguesas de Antas de Ulla, en particular o do ano 1948, que tamén se distingue do mindoniense en que empeza en prosa, para logo seguir en verso dende o repartimento dos bens do condenado entre *todas las jóvenes solteras del municipio de Antas de Ulla y Monterroso*<sup>11</sup>.

## 2. A Acusación al antroido

### 2.1. O manuscrito

O volume facticio do Archivo Histórico Nacional que leva a sinatura *Códice 1.053B*, está formado polos seguintes opúsculos e documentos manuscritos de diferentes épocas e autores, algúns inéditos e outros que non son máis que copias de obras publicadas antes de mediados do século XIX:

1. Sobre la navegacion del Miño. Esposicion elevada á la Real Magestad del Sr. D. Carlos 4º. por el Canónigo de la Santa Iglesia Metropolitana de Santiago D. Pedro Sanchez Bahamonde... [Fol. 1].
2. Caminos. Una memoria de Dn. Jose Alonso y Lopez [...] sobre abertura economica de la Carretera de Vigo a Benav[en]te con sus ramales á Lugo, Santiago y Pontevedra (23 de setembro de 1804) [Fol. 22].
3. R[ea]l Cedula de S. M. para el establecim[ien]to de Herrerias en Sta Maria de Rua, Obisp[a]do de Mondoñedo. Año de 1791 [Fol. 53].
4. Dn. Antonio Raimundo Ybañez, Comisario de Provincia de Marina, en nombre del Aiuntamiento de la Villa de Rivadeo. Al Rey N.S. (25 de outubro de 1796) [Fol. 65].
5. Al Rei nuestro Señor Representa[ci]on sobre lo ocurrido en el lebanam[ien]to de los vecinos de las jurisdicciones q[u]e se nombran y se juntaron p[ar]a obrar contra la Fabrica de Dn. Ant[oni]

<sup>9</sup> SIXIREI PAREDES, C.: *San Cristobo de Xavestre*, Edicións do Castro, Sada, 1982, pp. 274 ss.

<sup>10</sup> COCHO, F.: *O carnaval en Galicia*, Xerais, Vigo, 1990, pp. 284 ss.

<sup>11</sup> FRAGUAS FRAGUAS, A.: “La farsa de Casadenaia [Antas de Ulla]”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII, A Coruña, 1956.

- o Raimundo Ybañez (31 de outubro de 1798) [Fol. 77].
6. Abades del R[ea]l Monasterio de S. Martin de Pinario, ô de Santiago [...] [Fol. 88].
  7. Breve noticia de algunos Prioratos, y Abadias, que se hallan ahora unidas á San Martin [Fol. 93].
  8. Es fama que los Monges Benedictinos del Real Monasterio de San Martin de Santiago [...] [Fol. 96].
  9. Notas tomadas del Onomástico Etimológico del Padre Sarmiento [Fol. 105].
  10. Ceremonias del Colegio de Sn. Geronimo de la Universidad de Santiago [...] Año de 1748 [Fol. 118].
  11. Carta Historica que el P[adr]e Fr. Thomas de la Conzepcion Portillo, Religioso Descalzo de N[uestro] P[adr]e S. Fran[cis]co escribio ál P[adr]e Guardian del Conbento del Rosal de Mond[oñed] o Fr. Fran[cis]co Sanzo [...] 1<sup>o</sup>. de Hen[er]o de 1786 [Fol. 141].
  12. Obras Distintas de Poesía. Sacadas del Theatro Moral i Politico, de la Noble Academia Compostelana [...] 1731 [Fol. 167].
  13. [Tres poemas do crego de Fruíme]: El que humilde va á pedir... Siendo un reumatico humor... e Dame gozo el mas cumplido... [Fol. 270].
  14. Decimas a la Lampara q[u]e dio Dn. Diego de Ulloa [...] 1762 [Fol. 183].
  15. Obras de Fr. Damian Cornejo del orden de S[a]n Fran[cis]co de la observancia, Lector Jubilado, y Chronista de su Religion, obispo que fue de Mondoñedo... [Fol. 185].
  16. Entretenimientos Monásticos, ó sean Papeles sueltos de algun Monje Bene-

dictino de San Martin de Santiago [...] [Fol. 274].

17. Lema que el R. P. Fr. Anselmo Aballe, puso en el sermon que predicó en el año de 1773, en las exequias del difunto Sarmiento [...] Otras de la misma musa gallega al Monasterio de san Martin de la Corte de Madrid [Fol. 275].
18. Acusación al Antroido [Fol. 277].

Non se coñece a procedencia destes papeis, nin tampouco se sabe como chegaron ao Archivo Histórico. Unicamente que nun principio estiveron na Real Academia de la Historia, en Madrid, pero non quedou constancia de se ingresaran por compra ou doazón. Na devandita Real Academia tivo a súa primeira sede o Archivo Histórico Nacional, creado en 1866, logo trasladouse ao Palacio de las Bibliotecas y Museos (a Biblioteca Nacional e o Museo Arqueológico, na praza de Colón) e, por último, en 1953 pasou ao actual edificio do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, situado na rúa Serrano.

No tocante ao contido do devandito *códice 1.053B*, é manifesta a procedencia dos manuscritos de dúas poboacións: Compostela e Mondoñedo. E delas, en particular de dous centros monásticos extinguidos: o benedictino de San Martiño Pinario e o de franciscanos descalzos do Rosal ou de Alcántara, que dende a exclaustación os seus fondos documentais andaban espaxados en poder de particulares. Ao compostelán pertencerían os manuscritos correspondentes aos números 6, 7, 8, 16 e 17; e ao mindoniense, o 11 e o 15.

Os restantes puideran tamén proceder de calquera destes centros relixiosos, pero o máis seguro é que fosen adquiridos en Lugo durante o tempo que o colector permaneceu ao fron-

277

*Acusación al Antroido.*

Dr. Fiscal

Que es lo que vos, Dios mio,  
Dios mio, q' se lo que me  
Responsible es q' no me  
de demonios del Infierno  
Pues queriendo con caridad  
que viva el gobierno lo malde  
que engendras con entorquesa  
Dime hombre donde has estado  
de que provincia a Reyes  
y donde te has ocupado  
Organal na lo pases,  
que no hay ninguno torquesa  
Tampoco no pases tiempos  
Te quedes con el torquesa  
Nada con las torquesa  
de algun torquesa  
de algun torquesa

Foto 1: Primeira páxina da *Acusación al Antroido* (Archivo Histórico Nacional, código 1.053B, fol. 277)

te do goberno civil, entre os que sobresaen os tres referidos á factoría de Sargadelos e ao seu fundador, Antonio Raimundo Ibáñez.

O manuscrito da “Acusación al Antroido” consta de 22 páxinas, que corresponden a 11 folios numerados por unha soa cara, do 277 ao 287- verso.

A caligrafía é clara e doada de ler, debida a un só amanuense, que non é o colector, senón outra persoa, e, polo que atinxe á ortografía, ademais do emprego de varias abreviaturas, é en xeral anárquica non xa comparándoa coa actual castelá, senón coa vixente na primeira metade do século XIX.

## 2.2. O colector

En 1867 escribía Manuel Murguía na nota necrolóxica de Eugenio Reguera Pardiñas, inserida no *Almanaque de Galicia para uso de la Juventud elegante y de buen tono...*:

Jamás negó su óbolo a la más insignificante empresa literaria de Galicia, y entre sus papeles debió dejar tesoros para la historia de este antiquísimo Reino, documentos importantes, hojas y papeles sueltos, notas y curiosidades, que tanto echa de menos en nuestro país el que se dedica al estudio de su desconocido pasado. Martínez Padín mereció de su liberalidad la primicia de los importantes manuscritos recogidos en época en que eran más fáciles esta clase de adquisiciones. De la pérdida ocasionada por la muerte de aquel malogrado escritor jamás se consoló, y con justicia, pues él fue quien escribió la parte descriptiva de nuestro país que aparece extractada en la Historia de Galicia, de Padín; él quien

más aliento y ayuda material prestó a este escritor para llevar a cabo su empresa.

Esto era todo canto se sabía da vida deste erudito ata o ano 2000, en que sae o libriño *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*, no que se recollen escritos de Juan Henríquez Ossorio, Alberto Campero e tamén seus, así como o primeiro elenco biográfico<sup>12</sup>.

Naceu en Pontevedra o 15 de novembro de 1806 no seo dunha familia con propiedades en varias comarcas galegas e, en particular, na do Salnés (vivió algúns anos en San Martiño de Meis). Orfo de pai, o coronel do rexemento de Pontevedra, Andrés Reguera, que falecera en combate contra os franceses, súa nai, Gertrudis Pardiñas, solicita o ingreso do neno no exército cando contaba catro anos, coa fin de que se lle concedese a praza de cadete *sin haber* ata acadar a idade fixada para facer o ingreso definitivo, aos doce anos. O seu primeiro destino será o Rexemento de Infantería de Burgos “21 de línea”, acantonado daquela no Ferrol.

O 26 de agosto de 1823 cae prisioneiro en Gallegos del Campo (Zamora) nun enfrontamento co “exército invasor francés” (os “Cen mil fillos de San Luís”), permanecendo en Francia ata maio do ano seguinte. Sendo xa tenente do Rexemento de Milicias provincial de Santiago de Compostela, casa coa pontevedresa María de los Desamparados Malvar Taboada.

En 1834 trasládase como oficial primeiro á Subdelegación de Fomento de Pontevedra. Milita no partido Moderado, e o 28 de decembro de 1850 é nomeado gobernador civil de Segovia polo Consello de Ministros, presidido polo xeneral Ramón María Narváez –a quen

12 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*. Edición de Clodio González Pérez, Editorial Toxosoutos, Noia, 2000.

quizais trataba persoalmente xa que ambos estiveran presos en Francia-, ao fronte do que permanece uns dous anos, ata que se fai co goberno o tamén xeneral Leopoldo O'Donnell<sup>13</sup>.

As loitas entre os “espadóns” por acaparar o poder provocaron milleiros de políticos e funcionarios “cesantes”, entre eles Reguera Pardiñas, como deixou constancia no escrito “Una visita al priorato antiguo del Tambre”, datado en Noia o 28 de marzo de 1855:

... era nuestro Anfitrión el amable Marqués de Monroy, y tres amigos antiguos, víctimas de las razzias hechas por el actual orden de cosas en todas las dependencias del Estado; es decir: cuatro cesantes conmigo, entre ellos un compañero mío en la carrera militar, que íbamos a dar tregua a nuestros disgustos cobijados por el manto de la generosa y consoladora amistad<sup>14</sup>.

Pouco tivo que agardar, pois no intre en que recupera a presidencia Narváez é nomeado outra vez gobernador civil, pero agora de Lugo, o 17 de outubro de 1856, permanecendo ao fronte da provincia ata o 5 de xullo de 1858, poucos días despois de tomar o poder de novo O'Donnell.

Moi interesado pola cultura galega e, sobre todo, pola mellora da agricultura, unha das súas afeccións foi a de recadar e copiar manuscritos e documentos antigos, algúns de grande valor histórico, a teor do que di Murguía:... *entre sus papeles debió dejar tesoros para la historia de este antiquísimo Reino*. Aproveitou

a estadia en Lugo para achegar datos verbo de temas lingüísticos, históricos e agrarios: vocabulario, cultivo dos froitos (centeo, nabos, millo,...), elaboración do esterco (cultivo do toxo), etc., e, quizais, tamén foi nesta cidade onde se fixo con varios destes manuscritos, en particular os procedentes do convento de Alcántara de Mondoñedo<sup>15</sup>.

Dende entón non volve ocupar ningún cargo público, dedicándose a xuntar apuntamentos sobre agricultura e a ordenar un vocabulario galego que non chegou a rematar, e se o fixo actualmente non se coñece o paradiro do orixinal<sup>16</sup>.

Eugenio Reguera Pardiñas faleceu cando aínda non cumprira sesenta anos en Santiago de Compostela, o 23 de agosto de 1866, recibindo sepultura no cemiterio do Rosario, en San Domingos de Bonaval<sup>17</sup>.

### 3. O entroido de Mondoñedo a mediados do século XIX

Non sabemos como se desenvolvería, nin tampouco se había daquela algunha máscara propia da comarca, pero o mesmo que noutras moitas poboacións, o acto máis sobranceiro era o xuízo e de seguido o fusilamento do Entroido, co que remataba a festa, dando comezo a partir das doce da noite o Mércores de Cinza, o primeiro día da Coresma.

A farsa tiña lugar o martes, como se deduce das seguintes verbas do “defensor”:

Este hombre es conocido  
por el gran humor que tiene

13 Descoñecemos a data exacta do cese por falta de documentación, tanto no Archivo Histórico Provincial de Segovia [ata non se conserva parte do *Boletín Oficial* da provincia], como do Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares [Sección: Gobernadores civiles]. Aínda estaba ao fronte da devandita provincia no mes de agosto de 1852.

14 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Obr. cit.*, p. 55.

15 GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Eugenio Reguera Pardiñas, Vida e obra* [en preparación].

16 O borrador foi editado por X. L. Pensado, pero como de autor descoñecido: *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de Agricultura, al castellano (1840-1858)*, *Cadernos de Lingua*, Real Academia Galega, 1995.

17 Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela - Arquivo municipal de Santiago: *Libro de fallecidos*, 1866.

sólo tres días al año  
a los pueblos se refiere,  
estos son domingo y lunes  
y hoy martes en el que espero  
el que ya no se presente  
hasta el año venidero.

Pero é de supoñer que o estafermo estivese exposto dende algúns días antes nalgún lugar ben concorrido, polo menos dende o domingo, sendo conducido o mesmo martes en procesión ata a praza ou eirado onde se ía desenvolver o xuízo. O fusilamento quizais fose no Campo dos Remedios, procedéndose alí ao cumprimento da pena capital por un pelotón militar e á súa inmediata queima<sup>18</sup>. Ao longo do percorrido non faltarían os laios dos amigos e os improperios dos inimigos.

O Entroido mindoniense era un boneco non precisamente bonito, pois ata o fiscal se asusta ao velo:

Español no lo pareces,  
que no hay ninguno tan feo,  
inglés ni francés tampoco.

Trataríase dunha figura feita de paos e palla, vestida de xeito estrafalario, que podía mover a cabeza (*el estafermo menea la cabeza*) e os brazos (*con esos brazos sin hueso*), e coas partes púdicas moi marcadas como se facía noutras partes, costume que chegou ata os nosos días (*con esos sucios adornos*). Levaba carauta e tiña a boca aberta, na que o “defensor” lle mete un cigarro puro aceso, feito que provoca a ira do “acusante”:

quién dio licencia a ese hombre,  
que sólo al mirarlo tiemblo,  
para poder presentarse  
delante del mismo juez  
con ese puro en la boca  
que parece que proboca.

Debía ser unha figura grande, a teor do que di o escribán:

se acusa a este gigante  
por un hombre renegado.

Cúlpano de comellón e bebedor, e de incitar aos veciños a facer o mesmo, consumindo sen control o que tiñan para o resto do ano:

cuántos en estos tres días  
por su causa, fallanguero,  
quedan sin carne y sin vino  
sin pan ni otro sustento.

Tendo que pasar as sete semanas seguintes –as da Coresma- a base de arenques e zamborcas (*mariquitas*):

Siete semanas seguidas  
nos traye este condenado  
de arenques y mariquitas  
que es el pescado más malo.

Tamén o acusan de lascivo e inmoral, pois moitas mozas que van ao baile *andan saltando*, e

<sup>18</sup> Coidamos que fose nese lugar, por ser tamén onde se poñía o *Tanguero* pola festa dos Remedios: un boneco cun saco de area na man dereita ao que lle espetaban lanzas os homes montados a cabalo, perdendo aquel que lle caía a area por enriba. Deixouse de celebrar a finais do século XIX, ficando a figura aínda en 1913 nas dependencias do antigo convento de Alcántara (LENCE-SANTAR, E.: *Etnografía Mindoniense. Edición de Armando Requeixo*, Follas Novas, Santiago de Compostela, 2000, pp. 41-42; e tamén FERNÁNDEZ VILLALBA, J.L.: *Mondoñedo, regreso al pasado. Recopilación de artículos publicados en diversos medios de comunicación por Don Eduardo Lence-Santar y Guitián*, Mondoñedo, 1999, p. 166.



que con esos motivos  
ban buscando ocasiones  
de dar gusto a sus placeres  
y les resultan dolores.

Ao remate do xuízo dáse lectura ao testamento, no que fai algúns legados, pero exclusivamente aos que tomaron parte no mesmo: defensor, acusador, escribán e xuíz, agás *Don José del Pico* que o hospedara, do que non sabemos se era un veciño que tiña unha pousada e se coñecía por ese alcume, ou un personaxe de ficción:

Dejo a don José del Pico  
por haberme hospedado,  
libertad para que pueda  
echarse vino con garbo  
y que en toda la cuaresma,  
según dejo ya anunciado,  
sólo tome caldo y leche  
y cuando pueda pescado.

Non se esquece dos asisten ao acto:

A todos los concurrentes  
que a esta función llegaron:  
licencia para que puedan  
comer hoy buenos bocados.

E, por último, diríxese ao cabo do pelotón de fusilamento para que apunten ben e non o fagan sufrir:

Cabo que manda la escolta  
le pido afligidamente  
por vuestros conocimientos,  
el que me den buena muerte.

Malia non ser moi corrente, tamén había o costume de fusilar o Entroido antes do enterro noutras poboacións, como en Piñeira de Arcos (Sandiás, Ourense), meténdolle dentro ao boneco neste caso unha vincha con sangue que estoupaban a tiros.<sup>19</sup>

A parodia remataba coa despedida, organizándose de contado a comitiva, co condeñado entre catro soldados, diante un home tocando o tambor, supoñemos que redobrando como se se tratase da procesión de Semana Santa, e detrás o fiscal, o xuíz, o escribán, o defensor e o "acusante", e o público en xeral, entre o que non faltarían as gabanzas dos amigos, os responsos dos cregos, as ladaíñas das beatas e os laios das choronas, ata chegar ao lugar onde se consumaría a sentenza:

Carguen pues las carabinas,  
salga el tambor destemplado  
y que salgan los amigos  
que quieran acompañarlo  
a darle la despedida,  
pues en mi sentencia mando  
que a la voz que digan fuego  
su cuerpo quede tirado.

Non conformes con pasalo polas armas, para que non quedase nin rastro do pobre Entroido, de seguido procedíase a súa queima, coa que se daba por rematada a festa:

Y digo que no conviene  
y que sacarlo hay de delante  
y yo por mi gusto mando  
ir al momento a quemarle.




Foto 2: Despedida da *Acusación al Antroido* [Archivo Histórico Nacional, código 1.053B, fol. 287-v]

As derradeiras verbas eran para a cidade, da que se despedía ao tempo que lle daba a súa *triste bendición*, pero non máis que ata o vindeiro ano, en que volvería a alegrar a todos, homes e mulleres, e tamén a ser condenado e axustizado de novo:

Adiós Mondoñedo alegre,

adiós apreciable pueblo,  
adiós os digo a todos  
hasta el año venidero.

Non se sabe o ano en que se deixou de celebrar a *acusación*, pero xa non hai constancia de que se representase a comezos do século XX<sup>20</sup>.

20 José I. Fernández Villalba: Obr. cit., pp. 23-25, 210 ss.

## Normas de edición

- Respéctase a ortografía orixinal (unicamente se corríxen os erros evidentes).
- Desenvólvense todas as abreviaturas.
- A acentuación adáptase á normativa actual da lingua castelá.
- Nalgúns casos insírese punto ou coma, para facer o texto máis comprensible.
- Só se pon letra maiúscula ao comezo dos versos despois de punto, e non como no orixinal de forma anárquica.

## Acusación al antroido

*Sr. Fiscal*

Qué es lo que veo, Dios mío,  
Dios mío, qué es lo que veo,  
imposible es que no sea  
un demonio del Infierno.  
Pero mirándolo con cuidado,  
quién sería el padre o la madre  
que engendraron este guapo.  
Dime hombre, dónde has nacido  
tu pareces renegado,  
de qué provincia o Reyno  
o Nación te has escapado.  
Español no lo pareces,  
que no hay ninguno tan feo,  
inglés ni francés tampoco.  
Tu puedes ser estrangero  
nacido en la morería  
de algún renegado Reyno.

**[Aquí el estafermo menea la cabeza]**

Con que me dices que sí,  
pues ahora saber quiero  
quién fue tu padre y tu madre  
y año de tu nacimiento,  
y que me lo espliques bien  
por que sino sin recelo  
yo te mandaré matar  
porque has asustado al pueblo.  
Y la causa que has tenido  
para venir a este pueblo,  
la orden de la justicia,  
pasaporte o documento,  
para poder presentarte  
en este traje tan feo  
con esa cara sebera,

con esos brazos sin hueso,  
con esos sucios adornos  
ante este amado Pueblo,  
respóndeme a estas preguntas  
porque sino luego ordeno  
arrestarte y conducirte  
al profundo del infierno.

*Defensor*

Repórtese caballero  
y refrene Usted esa lengua  
que en nombre del carnaval  
su causa voy defenderla.  
Bien conocida es su patria,  
su reyno también seguro,  
su padre y madre lo mismo,  
abuela y abuelos juntos.  
Hace muchos siglos que anda  
por las naciones y reinos  
dando alegría a las gentes  
y venta a los taberneros.

*Acusante*

Y luego según tu dices  
el viene a ser arriero,  
porque acabas de decir  
da venta a los taberneros.

*Defensor*

Este hombre es conocido  
por el gran humor que tiene  
sólo tres días al año  
a los pueblos se refiere,  
estos son domingo y lunes

y hoy martes en el que espero  
el que ya no se presente  
hasta el año venidero.

*Acusante*

Bien, pues cómo se llama  
que a mi me causa recelo  
que nunca le he conocido  
ni visto que del me acuerdo.

*Defensor*

Disimule Señor Juez  
que equivocado le veo,  
que el pasado año hemos visto  
a su hermano el más pequeño  
y por mandado de V.S  
se le hizo causa y fue puesto  
delante cuatro soldados  
y con cuatro tiros muerto.

*Acusante*

Y luego cómo se llama,  
respóndamelo al momento.

*Defensor*

Se llama todos manjares  
conductor de vinos buenos,  
y en diciendo carnaval  
sin equivocarme pienso,  
no hay hombre, no le conozco  
por todo el mundo entero.

*Acusante*

Con qué es el Carnaval,  
Antroído dice el gallego,  
es un valiente chupón  
y hombre gran embustero.  
Ahora sí que lo conozco  
por hombre bien golosero,  
borracho y buen comedor  
y alborotador del pueblo.  
Cuántos en estos tres días  
por su causa, fallang[ue]ro,  
quedan sin carne y sin vino  
sin pan ni otro sustento.

Cuántos sin mirar lo que hacen  
por sus jugueterías  
a los pobres infelices  
se les hinchan las barrigas.  
Que es mala disculpa  
de que son días de fiesta  
van al bayle y al teatro  
buscando lo que les pena  
que como es carnabal  
sin mirar el resultado  
no se acuerdan sino  
de baylar y andar saltando.  
Que con esos motivos  
ban buscando ocasiones  
de dar gusto a sus placeres  
y les resultan dolores.  
Si voy a referir los males  
que siguen no acabara  
de referirlo, en ciento  
sesenta y cuatro mil días.  
Y digo que no conviene  
y que sacarlo hay de delante  
y yo por mi gusto mando  
ir al momento a quemarle.  
Tu dices que el es alegre,  
de su alegría reniego  
y deben de renegar  
todos los de este pueblo,  
pues cuantos que me estarán  
escuchando lo que digo,  
sin recelo que la broma  
de aquí a un año estarán riendo.  
Si hay alguno que lo alabe  
salga a defenderlo luego,  
sino por mi gusto mando  
que lo afusilen corriendo.

*Defensor*

Poco a poco fusilarlo,  
Señor, sin saber primero  
los delitos porque debe  
morir este caballero.  
Si es que V.S. se propuso  
a matar este sugeto  
sin probarle más motivos,  
al mismo rey me presento.  
Yo no le veo motivo  
siquiera para prenderlo,  
le conozco y es mi amigo

y por eso le defiendo.  
Haré ver con todo el mundo  
de que es hombre todo bueno,  
que es de genio arrogante  
divertido y Caballero.  
Y sino óyanme todos  
los que aquí nos están viendo:  
quién les trajo a este recinto  
sino este pobre extranjero.  
No es este aquel que franquea  
libertad por todo el reino,  
para que coman sin duda  
lacón, cecina y carnero,  
chorizos y longanizas,  
gallinas, capón y huebos,  
las morcillas y papadas,  
el jamón y las costillas,  
el cabrito y la perdiz  
y toda buena bebida.  
El os franquea licores,  
el buen vino de Castilla<sup>21</sup>,  
de la tierra del Rivero  
y como mejor les diga.  
Echad copas, dice el,  
bebed vino y comer carne  
pasearse y divertirse  
y no meterse con nadie.  
Tomad dulces si tenéis,  
una copa de mistela<sup>22</sup>  
y después tomar café  
porque el corazón alegra.  
Alegría es la que pide  
no quiere ninguna pena,  
y sólo por estas causas  
querían que te murieras.  
Falta es de religión  
propia de hombres sin conciencia  
que sólo por un capricho  
castigan, matan, sentencian  
a cualquiera hombre de bien,  
sin maldito tener pena  
para poder detenerlo  
un cuarto de hora siquiera.  
La ley de Dios ultrajada  
se encuentra de esta manera  
sin haber ley ni razón

cuando publican sentencia.  
Infeliz! quieren matarte  
sólo por que seas penado  
y la culpa tiene toda  
este tribunal falsario.  
Mas no ha de ser lo que el diga,  
yo también soy abogado  
y defiendo la verdad  
según lo manifestado.  
Iré junto a ese juez  
que allí le veo sentado,  
para que mire la causa  
que te forma ese falsario.  
Me parece buen sugeto  
y hombre de mucho rango,  
de una familia decente  
y nunca ha sido falsario.  
Tiene gran reputación  
y es de los buenos letrados  
que en la Audiencia de este reyno<sup>23</sup>  
hizo de fiscal veinte años,  
sólo porque saben todos  
que es hombre muy reputado  
de conciencia y religión  
en todos los empleados.  
Estoy seguro de que  
nadie te puede provar,  
de que sin pedir licencia  
un puro pueda echar.

### **(Da de fumar al estafermo)**

#### *Acusante*

Alto y cuidado con eso,  
diga Usted buen caballero:  
quién dio licencia a ese hombre,  
que sólo al mirarlo tiemblo,  
para poder presentarse  
delante del mismo juez  
con ese puro en la boca  
que parece que proboca.  
¿Piensa Usted acaso, amigo,  
que el juez no es respetado?,  
descúbrale Usted al momento  
y tírele ese cigarro.

<sup>21</sup> Baixo esta denominación entendíase que non fose galego, pois tanto podía ser do Bierzo, como de Valdepeñas, poñámos por caso. O seguinte é o noso Ribeiro.

<sup>22</sup> Pode ser mosto, un viño doce ou un licor feito a base de augardente, azucre, canela e auga.

<sup>23</sup> A Real Audiencia de Galicia, con sede na Coruña.

Defiéndale como pueda,  
que libre no ha de sacarlo  
que ese hombre debe morir  
según estoy enterado.

*Defensor*

Ninguna razón le veo  
para tirarle el cigarro,  
cuando libre de prisiones  
al reo más declarado  
se tiene para que diga  
la pura verdad o engaño.  
Conozco ya desde ahora  
la intriga que se ha formado  
para que sin culpa alguna  
muera este hombre afusilado.  
En este momento acabo  
de saber esta noticia,  
de que en la tarde de hoy  
se celebra la justicia,  
confiando en estos datos  
y en el buen celo de V.S.,  
cuento seguro el amparo  
de que no muera este día.

*Juez*

Hombre vaya Usted primero  
a buscar al escribano,  
que se presente ahora mismo  
y que me traiga el obrado  
por ver que motivo hubo  
para ponerlo arrestado  
y acusarle hasta de muerte,  
pues conviene a mi mandato.

**(Marcha el Defensor a buscar al escribano y viene y dice)**

*Escribano*

Señor juez, sepa V.S.  
de que según el obrado,  
se acusa a este gigante  
por un hombre renegado.  
Hay testigos recibidos

treinta y tres o treinta y cuatro,  
de que acaba muchas vidas  
y los deja tiritando.  
Hoy dicen que beben vino  
que comen carne y pescado  
y mañana mariquitas<sup>24</sup>  
y algunos tampoco caldo.  
Miseria y hambre acarrea  
según lo han declarado  
y lo pruevan los testigos  
recibidos en obrado.  
Siete semanas seguidas  
nos trae este condenado  
de arenques y mariquitas  
que es el pescado más malo.  
Es una sentencia fuerte,  
que es la de ser fusilado,  
V.S. cual guste mande  
que en su mano está el mandarlo.  
En mi concepto, Señor,  
debe morir al momento  
pues todos los que aquí hay  
desean de verle muerto,  
y pido, Sr. Juez, que  
a su amigo el abogado  
que tanto le ha defendido,  
trate también de arrestarlo.  
No por motivo ninguno  
hablo contra el abogado,  
sino por que defiende  
a este ladrón y falsario.  
Observe señor juez  
todo lo relacionado  
y sentencie como quiera:  
o libertad o matarlo.  
V.S. bien reconoce  
que el fiscal le ha sentenciado  
y si no tubiera causa  
no debía condenarlo.  
V.S. es quien sentencia  
y conociendo el motivo  
mande lo que le parezca  
que en su mano está el auxilio.  
Cuidado, señor juez,  
con la conciencia por Dios  
y mire como sentencia,  
mas debe morir señor.

24. Dáselle este nome castelán nalgunhas comarcas (como na de Mondoñedo a mediados do século XIX) á zaborca, pero cando aínda é pequena (véxase a nota 7).

Disimule mi flaqueza  
y disponga como quiera,  
mientras V.S. sentencia  
voy visitar la taberna.

#### *Sentencia*

Yo como juez ordeno  
después de visto el obrado  
y los motivos que hubo,  
que traten de separarlo  
de este sitio en que le veo  
a ese ladrón falsario,  
y que en su compañía vayan  
aquellos cuatro soldados.  
Carguen pues las carabinas,  
salga el tambor destemplado  
y que salgan los amigos  
que quieran acompañarlo  
a darle la despedida,  
pues en mi sentencia mando  
que a la voz que digan fuego  
su cuerpo quede tirado.  
Esta es la sentencia mía,  
esto es lo que ordeno y mando,  
diciendo muera al momento  
por hombre ladrón falsario.  
Marchad pronto militares  
pero antes de morir mando  
que haga su testamento,  
que quiero saber si deja  
a este pueblo algún legado.  
De hecha la partija ordenó  
que vengáis a presentarlo,  
que quiero saber si deja  
muchos aquí legatados.

**[El preso hace el testamento y el de-  
fensor dicta y luego dice el mismo:  
–El testamento acabó].**

#### *Juez*

Pues Señor decontado  
sacarlo de mi presencia  
que horror me causa el mirarlo.

#### **[El defensor viene con la apelación]**

#### *[Defensor]*

Señor juez de la injusticia  
y testigos sin conciencia,  
por qué sentencia V.S. a un hombre  
que es la pura inocencia.  
Admitidme apelación  
contra esa sentencia injusta  
que yo conozco a ese hombre  
y sé que todo es calumnia,  
sin embargo de que todos  
trataistes de acriminarle.  
Los folios tres, cuatro y cinco  
dicen que no es culpable,  
venid, venid y escuchad,  
leed el original  
del proceso de injusticia  
que se formó al carnabal.  
Hay hombre más inocente  
que una vez al año vemos,  
quién es el que contra el  
se atreve a formar proceso.  
De qué te acusan buen hombre,  
de glotón y de borracho  
de lo que no menos haces,  
hoy saltan a todo seso  
de que por ti solo, hoy  
las claveras<sup>25</sup> y bodegas  
quedan sin carne y sin vino  
y sin fruto las paneras,  
de que por tu solo nombre  
los nuevos, viejos y viejas  
andan hoy faltos de juicio,  
efecto de borracheras.  
Tribunal inconsecuente,  
testigos sin religión,  
porqué no tenéis presente  
la justicia y la razón?;  
por fortuna el carnaval  
a quien defendiendo estoy,  
manda que ninguno gaste  
cuanto tiene el día de hoy,  
les ordena este buen hombre  
que acaben con sus bodegas  
con la carne y con el pan

25 Espeteiras nas que se pon a carne e os chourizos no caízo ou noutro sitio da casa, para que non cheguen a eles os gatos e ratos.

que tienen para sus faenas.  
 Les manda también el que  
 los nuevos, viejos y viejas  
 anden hoy faltos de juicio  
 sólo por sus borracheras.  
 No tribunal de injusticia,  
 no auditorio alevoso,  
 por que el hombre a quien defiendo  
 no les manda ser golosos.  
 Sólo su afán es la risa,  
 a todos da diversión  
 y el no se mete con nadie,  
 sino le dan ocasión.  
 Una vez que solo al año  
 su nombre se le festeja,  
 porque es el que hoy se celebra  
 no se ha de usar de indulgencia,  
 merecida pues la tiene  
 por la diversión que causa  
 y en prueba de que la aguarda,  
 aquí a todos les abraza.  
 Es hombre de los hombres,  
 ya digno te considero  
 de revocar la sentencia  
 hasta el año venidero.  
 A todos pido y suplico  
 por tu nombre tan honrado,  
 que el que da la sentencia  
 te la cambie en un buen grado.  
 Si así no lo determinan  
 la sentencia confirmando,  
 sufre la muerte querido  
 que ellos sabrán purgarlo  
 con los arenques, sardinas,  
 bogas y también chicharros,  
 que de mañana adelante  
 serán sus buenos bocados.  
 Con esto doy fin, señores,  
 a la defensa de un hombre  
 del que hasta el año futuro  
 no resucitará el nombre.  
 El perdón a todos pido  
 por las faltas cometidas,  
 que si vine a esta defensa  
 fue por no comer sardinas.

#### *Juez*

Tengo dada la sentencia  
 y bien mirado el obrado,

ningunas súplicas valen:  
 al momento fusilarlo.

#### *Testamento*

En nombre de mis amigos  
 empiezo mi testamento  
 para que todos lo cumplan  
 del modo que yo lo ordeno.  
 Digo yo el carnaval,  
 conocido en todo el reyno,  
 que hallándome cual me hallo  
 bastante débil y enfermo,  
 y casi sin esperanzas  
 de no ponerme muy bueno  
 de causa que me han formado  
 el suplicio es el que espero,  
 por declaraciones falsas  
 que hombres contra mi dieron,  
 mas voy contento a morir  
 que prometido les dejo  
 que se han de acordar de mi  
 a cuenta de mi pellejo.  
 Hoy franqueo libertad  
 para comer y beber  
 y mañana, no lo dudo,  
 tal vez caldo no ha de haber.  
 Mientras yo viva hay de todo:  
 manjares, vino y comida;  
 hoy muero y mañana qué hay:  
 por la mañana ceniza.  
 Todo el que sea cristiano  
 mañana empieza el ayuno:  
 a las doce toma caldo  
 pasando sin desayuno,  
 y a la noche muy temprano  
 su cuerpo hace ruido,  
 pidiendo que le echen dentro  
 arenques o mariquitas.  
 Muero y voy contento, amigos,  
 mi muerte será acordada,  
 todo lo que digo es cierto  
 sino veranlo mañana,  
 mas nunca me olvidaré  
 de mis amigos mayores,  
 y así empiezo mis legatos  
 delante de estos señores:  
 Dejo a don José del Pico  
 por haberme hospedado,  
 libertad para que pueda



echarse vino con garbo  
y que en toda la cuaresma,  
según deixo ya anunciado,  
sólo tome caldo y leche  
y cuando pueda pescado.  
A mi amigo el abogado  
que tanto me defendió,  
aunque sea en la cuaresma  
que coma carne y pescado.  
Item al acusador  
que contra mi estaba hablando:  
que le den doscientos palos  
que le dejen tiritando.  
Item es mi voluntad  
que le den al escribano  
que recibió los testigos,  
cuatrocientos latigazos.  
Item al Señor juez,  
que tanto le han ponderado  
de su conducta sin mancha:  
que quede tuerto y baldado;  
y al que pidió que le diesen  
para mi entierro algo:  
libertad para que pueda  
a la noche ir a gastarlo.

A todos los concurrentes  
que a esta función llegaron:  
licencia para que puedan  
comer hoy buenos bocados.  
Y con esto me despido:  
si queréis acompañarme  
seguid y marchad conmigo  
pues que van a afusilarme.  
Pueblo alegre voy morir  
y digo de corazón:  
que recibáis de este amigo  
esta triste bendición,  
la que os echo y me despido,  
que no me dejen parar  
estos cuatro militares  
que son los que me han tirar.  
Cabo que manda la escolta  
le pido afligidamente,  
por vuestros conocimientos  
el que me den buena muerte.  
Adiós Mondoñedo alegre,  
adiós apreciable pueblo,  
adiós os digo a todos  
hasta el año venidero<sup>26</sup>. 🗣️

## Bibliografía

### *Fontes documentais*

Archivo General de la Administración, Alcalá de Henares (Madrid).

Archivo General Militar, Segovia.

Archivo Histórico Nacional, Madrid (*Códice 1.053B*).

Archivo Histórico Provincial, Segovia.

Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela: Parroquia de Santa Susana (Compostela).

Arquivo Histórico Provincial, Lugo.

Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: Arquivo Municipal de Santiago.

Arquivo parroquial de San Bartolomeu, Pontevedra.

### *Publicacións*

CARO BAROJA, J. (1965) *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Madrid, Taurus.

<sup>26</sup> Archivo Histórico Nacional, Madrid: *Códice 1.053B*, fols. 277 a 287.

- COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1954) *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos.
- FERNÁNDEZ VILLALBA, J.I. (1999) *Mondoñedo, regreso al pasado. Recopilación de artículos publicados en diversos medios de comunicación por Don Eduardo Lence-Santar y Guitián*. Mondoñedo.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. (coord.) (2009) *As caras do Entroido ourensán*, Deputación Provincial de Ourense.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1956) “La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII, A Coruña,
- GARCÍA DE DIEGO, P. (1953-54) “El testamento en la tradición”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, IX-X, Madrid.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. / LOUREIRO LAMAS, C. (2000) “Antoloxía”, *Galicia Antropoloxía: Imaxinario. Literatura popular*. A Coruña, Hércules de Ediciones.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. / MARIÑO FERRO, X.R. (1987) *Entroido en Galicia*. A Coruña, Deputación Provincial da Coruña – Instituto P. Sarmiento de Estudios Galegos.
- (1987) “Aportación al estudio de la fiesta del Carnaval en Tierras de “A Ulla”, *Gallaecia*, 9/10.
- HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A. (2000) *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia. Edición de Clodio González Pérez*, Noia, Ed. Toxosoutos.
- LENCE-SANTAR Y GUITIÁN, E. (1910) *El convento de Alcántara*. Mondoñedo.
- (2000) *Etnografía Mindoniense*. Santiago de Compostela, Follas Novas. Edición de Armando Requeixo.
- MURGUÍA, M. (1867) “Eugenio Reguera Pardiñas”, *Almanaque de Galicia para uso de la Juventud elegante y de buen tono...*, Lugo, Soto Freire.
- RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA, X. (1935) “Folklore de Coaledro (Ourense)”, *Nós*, núms. 137-38.
- RISCO, V. (1962) “Etnografía. Cultural espiritual”, *Historia de Galiza*. Bos Aires.
- SIXIREI PAREDES, C. (1982) *San Cristobo de Xavestre*, Sada, Edición do Castro.
- TABOADA CHIVITE, X. (1972) *Etnografía galega. Cultura espiritual*. Vigo, Galaxia.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, B. (coord.) (2006) *Tempos de Festa en Galicia*, I, Fundación Caixa Galicia.

# O patrimonio rural construído no Baixo Côa

LOIS LADRA\*, M.<sup>a</sup> DA GRAÇA  
 ARAÚJO, XULIA VIDAL\*, MAFALDA  
 ALMEIDA\*\* E DALILA CORREIA\*\*

## 1. Introducción

Ao longo do século XX e por diversas razóns, foron numerosos os científicos sociais galegos que mantiveron estreitas relacións, persoais e profesionais, cos seus colegas portugueses de Alén Miño. Estas colaboracións materializáronse en numerosas iniciativas e publicacións, nomeadamente a partir da creación do Seminario de Estudos Galegos e ao longo das ditaduras franquista e salazarista. En datas máis recentes e logo da incorporación dos estados español e portugués á Unión Europea, os contactos e as colaboracións téñense extendido aínda máis, e unha mostra diso é o presente traballo. No ámbito das Humanidades destacan especialmente os campos temáticos da Arqueoloxía e da Antropoloxía como obxecto preferente de estudo para os investigadores de ambos lados da raia. Preséntanse aquí, resumidamente, os resultados preliminares da colaboración entre autores galegos e portugueses nun modesto proxecto a longo prazo aínda en curso no interior transmontano.

## 2. Marco da actuación

O val do Côa é unha unidade xeográfica de carácter marcadamente fronteirizo, arte-

llada en función do río homónimo, afluente do Douro pola marxe esquerda. Xenericamente atópase no NL do estado portugués e a área obxecto de estudo correspondería *grasso modo* ao actual termo municipal de Vila Nova de Foz Côa. O concello insérese na *Beira Transmontana*, na *Provincia de Trás-os-Montes e Alto Douro* e na denominada *Terra Quente*. Pertence administrativamente ao Distrito da Guarda e á Diocese de Lamego. Tamén forma parte da *Região Vinhateira do Alto Douro* e do *Parque Arqueológico do Vale do Côa*. Ostenta unha dobre declaración de *Patrimonio da Humanidade* pola UNESCO, nas categorías de ben cultural (1998) e paisaxe cultural (2001).

## 3. Estudos previos

O val do Côa é internacionalmente coñecido pola súa excelente arte rupestre ao ar libre, da que posúe un amplísimo repertorio material. Non imos tratar aquí desta cuestión, remitindo aos lectores interesados á consulta da magnífica obra de António Martinho Baptista (1999) ou ás máis recentemente aparecidas *Actas do III Congresso de Arqueologia de Trás-os-Montes, Alto Douro e Beira Interior* (Vv. Aa., 2008).

En relación co patrimonio etnográfico fozcoense, diversos autores teñen elaborado algun-

\* Lúnula - Servizos Profesionais de Patrimonio Cultural e Arqueoloxía. lunulapatrimonio@gmail.com

\*\* Associação para a Promoção da Arte e Cultura do Vale do Côa e Douro Superior. [www.apdarc.org](http://www.apdarc.org)

has monografías xerais de grande mérito e interese, ben de maneira individual ou colectiva, destacando, entre outras, as aportacións de Trabulo (1984), Marques (1995), Coixão e Trabulo (1999), Vv. Aa. (1998 e 2003) e Araújo (2006). Outras publicacións monográficas, mais focalizadas no estudo de certos aspectos específicos, son as referidas aos *pelourinhos* (Sousa, 2004), ao acervo ergolóxico ou *alfaia agropecuária* (Coixão, 2006), aos louceiros de Santa Comba (Araújo, 2007a) ou aos pombais (ATN, 2008).

Asemade, os contributos puntuais recollidos en diversas publicacións periódicas teñen encetado mais brevemente cuestións como o ciclo tradicional do pan (Guimarães, 2000; Marques, 2001; Quadrado, 2003), ou a cerámica artesanal (Pinto, 1998 e 2000), destacando sobremaneira neste aspecto a revista local *Côavisão*, a cal desde hai mais de dez anos acolle con asiduidade este tipo de traballos.

As principais conclusións que se derivan da pesquisa bibliográfica previa inciden no feito de que esta comarca natural se atopa actualmente mergullada nun imparábel proceso de franco deterioro socio-demográfico, necesitada de urxentes iniciativas que permitan fixar a poboación ao territorio e garantir a súa supervivencia económica, sociocultural e identitaria de cara ao futuro.

A idea de estudarmos as potencialidades patrimoniais locais como recursos susceptíbeis de xeraren riqueza e traballo a traveso dun elaborado proceso de planificación estratéxica motivou a posta en práctica do Proxecto MEREBACO. Trátase de unha modesta tentativa de avanzar resultados en clave esperanzadora e positiva, implicando na medida do posíbel á poboación local e ás autoridades administrativas, sen desbotar a importancia da iniciativa privada á hora de valorizar, nun futuro, un pa-

trimonio cultural e natural claramente necesitado de investimentos produtivos.

#### 4. O Proxecto MEREBACO: orixes e planteamentos

A comezos do ano 2007 e por iniciativa da *Associação para a Promoção da Arte e Cultura do Vale do Côa e Douro Superior* (APDARC), presentouse o denominado *Projecto Merebaco* como candidato ás axudas do *Centro de Estudos Ibéricos* da Guarda (CEI), para a denominada *Linha de Acção II – Sociedades de fronteira, fronteiras da sociedade: tradição, modernidade, identidades* (ALMEIDA, 2009: 118). O proxecto, redactado pola antropóloga Maria da Graça Araújo en estreita colaboración coa APDARC, titulouse *Memórias e espaços de ruralidade num cenário de metamorfose identitária do território – Estudo etnográfico do vale do Baixo Côa* (Araújo, 2007b). O CEI seleccionouno entre outras moitas candidaturas presentadas e decidiu apoialo.

O devandito proxecto pretendía desenvolver unha pequena investigación etnográfica na zona do curso baixo do río Côa, orientada ao estudo da súa realidade actual e das súas potencialidades patrimoniais de cara a un futuro bastante incerto para os seus moradores. Entre os seus obxectivos iniciais figuraban os seguintes: “*defender o património cultural enquanto linha de investigação interdisciplinar (...), contribuir para um conhecimento mais aprofundado das dinâmicas de povoamento (...), elaborar um inventário e documentação exaustiva do património vernacular (...), identificar elementos que veiculem linhas de intervenção (...), sensibilizar à população local na defesa dos seus valores de identidade (...)* e *salvaguardar as tradições e narrativas de expressão oral do vale do Côa (...)*” (Araújo, 2007b).



**Figura 1:** Localización xenérica do Val do río Côa

A proposta inicial artellábase á volta de dous eixos principais de investigación: o patrimonio rural edificado e o patrimonio inmaterial. Un dos obxectivos deste traballo era o de levar a cabo o rexistro, inventario e interpretación dos elementos materiais vencellados á produción rural tradicional nesta zona e por iso unha das primeiras actuacións relacionadas con este eixo de investigación foi a impartición en Marzo de 2007 de unha conferencia no auditorio municipal de Vila Nova de Foz Côa baixo o título “*Introdução aos estudos etnográficos*”, na que se pretendía informar publicamente do interese específico deste proxecto, solicitando a colaboración local

para un mellor desenvolvemento do mesmo. Ao longo do resto do ano leváronse a cabo os labores previos de documentación bibliográfica e cartográfica, antes de seren encetados os traballos de campo.

Tendo en conta as marcadas limitacións orzamentarias e logo de analizar cal sería a mellor época do ano para levar a cabo as pesquisas *in situ*, estas desenvolvéronse a comezos do ano 2008, concretamente durante o mes de Xaneiro. Os labores de campo correspondentes ao estudo do patrimonio rural construído realizáronse baixo a coordinación científica de Lois Ladra, coa colaboración técnica de Xulia Vidal, M.<sup>a</sup> da Graça

Araújo, Mafalda Almeida, Dalila Correia e André Santos.

## 5. Caracterización xenérica da zona obxecto de estudo

A zona de estudo do Proxecto MEREBACO comprendía as freguesías de Muxagata, Chãs, Santa Comba, Almendra, Castelo Melhor e o sector máis oriental da de Vila Nova de Foz Côa. Trátase de unha rexión de topografía abrupta, con valores altimétricos que oscilan entre os 652 m.s.n.m. do Monte de São Gabriel e os 117 m.s.n.m. das inmediacións do Pocinho. Os principais cursos fluviais son o Douro, que exerce de delimitador polo NL, e o Côa, que discorre de Sul a Norte, vertebrando o val que leva o seu nome. Figs. 1 e 2

Xeoloxicamente atopámonos en pleno *Maciço Antigo*, con un predominio abrumador de xistos nas áreas central e septentrional, ao tempo que as rochas graníticas se impoñen principalmente nas freguesías máis meridionais, a de Santa Comba e a de Chãs. O clima fozcoense é de tipo mediterráneo temperado, con certas influencias continentais que marcan uns veráns moi quentes –nos que se chegan a superar os 40 °C– e uns invernos moi fríos, cos termómetros frecuentemente por debaixo dos 5 °C. Asemade, as precipitacións anuais oscilan entre os 400 e os 1000 mm., sendo maioritariamente en forma de auga, aínda que non son raras as nevaradas. A economía tradicional era de base fundamentalmente agropecuaria, con unha marcada presenza de cultivos cerealíferos, vinícolas e oleícolas, complementados pola colleita de améndoas, un pastoreo irregular de ovicápridos, determinadas prácticas venatorias e unha esporádica pesca fluvial. Outras actividades económicas secundarias virían expresadas por todos aque-



Figura 2: Área de estudo

les labores derivados do aproveitamento dos recursos minerais, vexetais e animais da zona: extracción de pedra para a construción, molturación do sumagre para tinturas de coiros, cría de pombos para a fertilización dos campos, colleita do mel e da cera apícola, apaña de frutos silvestres, olaría, cestaría, cordoaría...

Estas breves pincladas xa nos están a introducir nalgúns aspectos chave das construcións tradicionais fozcoenses: a necesidade perentoria de garantir o abeiro de persoas e animais fronte ás inclemencias climáticas, a boa dispoñibilidade de materias primas para a construción e a ampla diversidade de solucións edilicias como resposta adaptativa ás diferentes necesidades planteadas polas actividades de subsistencia postas en práctica nesta zona.

## 6. O patrimonio rural edificado no Baixo Côa

O desenvolvemento da investigación sobre o patrimonio vernáculo tradicional do Baixo

Côa contemplou unha serie de actuacións entre as que destacaríamos os traballos de campo, nos que, logo da fase previa de documentación bibliográfica e cartográfica, se procedeu ao inventariado de numerosas construcións, axudado pola enquisa participativa cos veciños no contexto funcional das actividades agropecuarias tradicionais. Relativamente a este aspecto, foron visitados todos os núcleos de poboación pertencentes ás freguesías inicialmente incluídas no Proxecto MEREBAÇO.

Para unha mellor comprensión dos resultados preliminares desta pesquisa ordenaremos a información seguindo unha orde expositiva centrada nestes epígrafes: obtención de materias primas, técnicas de construción, tipoloxías edificatorias e estado de conservación actual.

En relación coas **materias primas** empregadas nas construcións rurais tradicionais da zona, atopámonos case que sistematicamente con unha tríada conformada polo uso de pedra, madeira e arxila en diferentes posibilidades combinatorias, todo elo derivado dos condicionantes ecosistémicos locais.

A **pedra** aparece aquí en dúas variedades principais: o granito, no Sul, e o xisto, no Centro e no Norte. Ambos obtíñanse directamente de varias canteiras, destacando sobremaneira as do Poio, aínda hoxe industrialmente activas e moi demandadas pola excelente cualidade do seu xisto ardosiano. A obtención de bloques con diferentes tamaños e feitíos corría a conta dos **pedreiros**, artesáns especializados entre os que tiñan grande sona os oriundos da freguesía das Chãs. A pedra empregábase principalmente na confección de elementos estruturais verticais como paredes e muros, sendo tamén habitual a súa concorrencia nas cubertas, nomeadamente a xeito de lousas.

A **madeira** obtíñase a partir das diferentes especies arbóreas presentes na contorna: carballos, aciñeiras, oliveiras... A súa escolla respostaba principalmente aos parámetros de dispoñibilidade, abundancia, tamaño, dureza, resistencia, durabilidade, peso, flexibilidade e facilidade para ser traballada. Utilizábase basicamente na marquería e no cerramento dos vans, tanto de circulación (portas) como de ventilación (xanelas), ao tempo que xogaba un papel fundamental nas estruturas portantes da cuberta, conformadas por unha densa trama de madeirames. Raramente se empregaba na confección de paredes de táboas e barrotes, sendo pola contra moi frecuente o seu uso nos *chapeus* dos pombais que abeiraban as *mesas*.

A **arxila** adoita manifestarse en forma das denominadas *telhas de canudo* ou do país, que realizan funcións de isolamento pluvial, térmico, eólico e lumínico. Temos constancia da antiga existencia dun *forno telheiro* no quintal do Sr. Luís Tomé, na freguesía das Chãs, que abastecía a toda esta comarca, na que, polo grande valor económico e material das tellas, era moi frecuente o seu acopio e almacenamento para seren posteriormente reaproveitadas en determinadas construcións unha vez que se abandonaban outras (Trabulo, 1992: 73). **Fig 3-4**

Polo que ás **técnicas de construción** se refere, a máis coñecida e recurrentemente posta en práctica era a da *alvenaría de pedra seca* ou *alvenaría insossa*, que consistía basicamente na superposición ordenada de diferentes elementos líticos, sen concorrencia de morteiros ou argamasas de ligazón (Teixeira e Belém, 1998: 78-80). Para alén disto, préferense case sempre os muros rectos esquinados aos curvos, sendo moi frecuente o recurso á cantaría

de granito nos ángulos ou *cunhais* das edificacións, así como nos marcos dos vans. Asemade, abundan os arcos rectos de descarga, estratexicamente localizados sobre os vans de circulación e as xanelas. Por outra banda, os labores construtivos realizábanse tradicionalmente de xeito mancomunado e cooperativo, aínda que a concorrencia de determinados especialistas tamén era fundamental. A reiteración das prácticas edilicias e os procesos de transmisión interxeneracional do coñecemento xogaron un papel básico na consolidación de unha serie de materiais, técnicas e tipoloxías como solucións construtivas claramente determinadas pola adaptación funcional á resolución das diversas necesidades subsistenciais impostas polo medio físico.

As **tipoloxías edificatorias** do Baixo Côa son amplas e diversas, aínda que poderíamos clasificalas en catro grupos básicos: arquitecturas domésticas, construcións auxiliares, arquitecturas simbólicas e elementos de ordenación do territorio. Entre as primeiras sobrancean as quintas e as casas. Das segundas destacaríamos a súa concepción predominantemente funcional, con un amplo repertorio tipolóxico conformado por elementos vencellados aos ciclos agrícolas do pan (eirras, muíños e fornos), do viño (lagares e adegas) e do aceite, así como as fontes, minas, pozos, bombais, fornos de secar figos, atafonas de sumagre, muros apiarios, obradoiros ou *oficinas* de oleiros e fornos de cerámica. As arquitecturas simbólicas poden estar vencelladas aos ámbitos da relixiosidade (igrexas, capelas, ermidas, cruceiros, cruces e *alminhas*) ou do poder civil (*pelourinhos* e *cruzes dos centenários*). Finalmente, entre os principais elementos de ordenación do territorio convén salientar as infraestruturas viarias (camiños, pasos, pontes...),



**Figura 3:** Pormenor de cachotaría en seco de granito



**Figura 4:** Pormenor de cachotaría en seco de xisto





**Figura 5:** Vista xeral da Quinta da Talesga



**Figura 6:** Casa-vivenda tradicional no núcleo da Muxagata

os cerramentos das propiedades (valados, sebes...) e os socalcos ou aterrazamentos para habilitar novas superficies de cultivo. **Fig 5**

As *quintas* son grandes unidades de explotación agropecuaria que, a xeito de granxas-modelo, acollen no seu seo unha ampla variedade de edificacións funcionalmente especializadas: a casa-vivenda do dono, a residencia dos caseiros, os estábulos, o celeiro, a adega, o lagar, o pozo, o forno, o pombal... e todo iso en perfecta sintonía con hortas, campos de cultivo, viñas, pomares, olivais, amendoais, etc. A nivel histórico, as quintas poderían filiarse conceptualmente nas antigas *villae* romanas e nos seus herdeiros mais directos, os *casais* medievais, aínda que o seu feitío actual data principalmente dos séculos XVIII e XIX. Fronte á concentración das casas-vivenda nos núcleos de poboamento, as quintas espállanse irregularmente polo territorio fozcoense e atópanse normalmente alonxadas deles. Eran unidades agropecuarias basicamente autónomas e pertencían a gran-

des propietarios ou a familias campesiñas ben situadas. Entre os numerosos exemplos estudados na zona do Baixo Côa poderíamos citar como algunhas das amostras mais representativas de cada freguesía as seguintes: Quinta do Rego da Vide (Vila Nova de Foz Côa), Quinta das Olgas (Muxagata), Quinta da Talesga (Chãs), Quinta das Casas (Santa Comba), Quinta do Custódio (Castelo Melhor) e Quinta da Caldeira (Almendra). **Fig. 6**

As *casas-vivenda* do Baixo Côa caracterízanse basicamente pola súa modestia e adoitán ser un claro reflexo da posición socioeconómica dos seus propietarios, normalmente unha familia extensa con membros de varias xeracións convivindo simultaneamente baixo un mesmo teito. Son moi pouco frecuentes os elementos de carácter ornamental e a sobriedade nas formas e nos volumes afirmase nelas con total contundencia. Respostan sistematicamente a parámetros estritamente funcionais e amosan un ordenamento lóxico da súa compartimentación espacial interna. Podían

ser vivendas terreas ou de dous andares, con paredes de cachotaría en seco e escasos vans, reservados ao acceso e ás ventilacións. Poucas veces eran caleadas e as cubertas facíanse a unha ou a dúas augas, con cerramento superior a base de lousa ou de tella de media cana. O seu aspecto exterior adoita ser robusto, sólido e macizo. En contadas ocasións o acceso ao nivel superior facíase por un patín ou escadaría exterior de pedra encostada á parede fronteira da vivenda. As súas condicións hixiénico-sanitarias eran mínimas. En termos antropolóxicos, as casas-vivenda tradicionais supoñían unha resposta adaptativa perfectamente funcional no seu contexto histórico e tecnolóxico aos condicionantes impostos polo medio físico circundante.

Atendendo ao **ciclo tradicional do pan** –elemento básico no sustento e na alimentación destas poboacións– poderíase establecer a seguinte secuencia: malla do cereal, almacenamento do gran, obtención de fariña por molturación, elaboración da masa e cocción. Vencelladas a estes procesos e fases de transformación da materia prima temos unha serie de construcións como a eira, o celeiro, o muíño e o forno. Convén lembrar que nas *memórias paroquiais* do século XVIII a economía agropecuaria desta rexión caracterizábase pola significativa presenza de bois, vacas, *gados*, coellos, lebres, perdices... e *muito pão*. Porén, as mudanzas practicadas no sistema de subsistencia ao longo dos últimos dous séculos alteraron substancialmente este panorama, favorecendo a eliminación progresiva do gado bovino e o espallamento espectacular da viña, da oliveira, da amendoeira e dos rabaños de ovicápridos, aínda que os campos de cereais continuaron a ser unha constante na paisaxe fozcoense. Estes cambios supuxeron

unha forte alteración do territorio, que foi sometido a unha marcada antropización na que as consecuencias edilicias non tardarían demasiado en poder apreжаться. **Fig. 7**

As *eiras* do Baixo Côa, *terra de pão*, adoptan polo xeral unha conformación semellante ao que poderíamos describir como patios laxeados de morfoloxía frecuentemente rectangular e disposición horizontal. Localízanse perto das casas e dos celeiros de gran, constituíndo espazos abertos nos que a malla se afirmaba como unha práctica cotiá de comunitarismo baseado no sistema da mutua axuda entre os camponeses que, defrontados en ringleiras, empuñaban os *manguais* ou *malhos*. Pedras de mallar ou *lájias sapateiras* xa se coñecen nesta zona cando menos desde comezos do século XVI.

O almacenamento do gran –principalmente trigo, centeo e cebada– non requería da construción de determinadas estruturas exentas como poden ser os hórreos ou *espigueiros*, pois a marcada ausencia de grandes extensións de millo facía innecesaria a súa concorrencia. Porén, o cereal a granel gardábase en celeiros e arcóns de madeira, normalmente no interior das casas ou moi perto delas, en alpendres de usos polivalentes. **Fig. 8**

Fronte á cercanía inmediata das eiras e dos celeiros ás unidades residenciais, os *moinhos* localízanse con frecuencia nas inmediacións dos ríos e regatos para aproveitaren mellor as potencialidades que fornece a enerxía hidráulica da contorna. A microtoponimia local sinala a existencia de numerosos enxeños de molturación, tanto pola súa abundancia, no denominado *Vale de Moinhos*, como pola súa individualidade específica, no caso do *Moinho Velho* ou doutras nomenclaturas semellantes. Convén salientar que a práctica totalidade dos



**Figura 7:** Eira en Santa Comba



**Figura 8:** Restos dun muíño na Penascosa



**Figura 9:** Forno privado na Quinta das Olgas

muíños do Baixo Côa eran de tipo hidráulico, aínda que coñecemos a antiga existencia dun *moinho de vento* na Quinta das Casas, ao SO. de Santa Comba (Trabulo, 1992: 206). A carón dos muíños de auga era frecuente que existiran as *casas dos moleiros*, hoxe moi deterioradas e urxentemente necesitadas de unha correcta recuperación de cara á súa eventual valorización. Para alén destes enxeños tamén se constata documentalmente a antiga presenza de *azenhas* ou *atafonas* no Douro, xa citadas en documentos baixomedievais do século XV (Abreu e Torre, 1998: 75). Todas estas aceñas de roda vertical –mesmo as importantísimas do Vesúvio– teñen infelizmente desaparecido. A mediados da década dos cincuenta do século pasado, varios muíños e aceñas aínda estaban en funcionamento no Baixo Côa (Guimarães, 2000), fronte ao seu estado actual de abandono total. **Fig. 9-10**

Logo dos labores de *ceifa*, *malha*, *secagem*, *armazenagem* e *moagem*, procedíase ao amasado doméstico dos futuros pans. A cocedura dos mesmos facíase en fornos de leña, que podían ser de propiedade particular ou comunitaria. Os *fornos privados* integrábanse arquitectonicamente na casa-vivenda, mentres que



**Figura 10:** Forno do pobo en Almendra

os *fornos do pobo* se destacaban exentos como estruturas de combustión situadas frecuentemente no medio das aldeas. Nestes últimos, cada familia tiña a súa vez correspondente e os enxeños funcionaban todos os días do ano, agás nos domingos. Adoptaban con frecuencia unha planta rectangular dotada de unha cheminea visíbel a longa distancia, identificándose así con facilidade a súa localización e cometido.

O pan, xunto co viño e co aceite, conforma a tríada mediterránea característica da agricultura tradicional fozcoense. Unha vez analizadas as arquitecturas vencelladas co ciclo dos cereais panificábeis, pasamos de seguido a referir os enxeños de molturación da uva e da oliva ou *azeitona*.

Os antecedentes históricos do cultivo da viña no Baixo Côa pódense recuar até os tempos da romanidade, tendo sido as escavacións arqueolóxicas as principais fontes reveladoras da existencia de lagares e lagaretas para o tratamento local do zume da uva, así como da presenza de ánforas vinarias destinadas ao almacenaxe e transporte do prezado líquido. Porén, de tempos máis recentes son os *lagares de vinho*, onde os fozcoenses pisaban a



Figura 11: Lagar de aceite na Abelheira



Figura 12: Fonte pública no núcleo da Muxagata



Figura 13: Mina privada de auga

uva, ben nas suas propias moradas, ben nas de algúns veciños, aos que pagaban os correspondentes *direitos de lagaragem*. Os enxeños respondían normalmente ao tipo sinxelo de *pia* ou a un máis complexo, denominado *de vara e fuso*, o cal se movía por tracción animal. Aínda hoxe se conservan os restos de lagares abandonados en algunhas quintas e casas da zona. Fig. 11

Polo que se refere aos *lagares de azeite*, estes consistían en unha ou varias *molas olearias* de granito, que servían de elementos rotatorios para facilitaren os labores de prensado da oliva. Até mediados do século XVIII consistían en enxeños de unha soa moa, aínda que a partir destas datas proliferaron os de dúas. Tamén se accionaban por tracción animal e facilitaban a conversión da oliva en aceite, indispensábel na gastronomía local e materia prima básica para a elaboración de determinados remedios caseiros típicos da etnomedicina fozcoense. Fig. 12-13

O abastecemento de auga potábel para o consumo humano e animal estaba garantido por unha ampla e numerosa serie de **infraestruturas hidráulicas** entre as que destacan fontes, minas e pozos. As *fontes* constituían un punto de encontro diario entre os veciños de ambos sexos, servindo de escenario cotián para as negociacións sociais que supoñían os procesos de cortexo e namoro. Moitas destas fontes públicas adoptaban unha morfoloxía monumentalizada, con presenza frecuente de arcos, pedras armeiras, cruces, escadarías... Asemade, as *minas* e os *poços* constituían depósitos permanentes ou estacionais de auga de carácter privado, sendo os titulares dos mesmos os encargados do seu mantemento e limpeza. Fig. 14

Por outra banda, un elemento indispensábel na paisaxe e na cultura tradicional foz-

coense era o *pombal*. As *casas dos pombos*, poéticas sentinelas espalladas irregularmente pola zona, cumprían unha función básica: producir o *pombinho* ou esterco orgánico indispensable para adubar os campos de cultivo e así fertilizar as terras. As formas xenéricas destas construcións podían adoptar diversos feitíos, sendo os máis comúns o cilíndrico e o cúbico. A construción dun pombal precisaba da concorrencia de artesáns especializados. Estes levantaban as paredes en cachotaría, encalábanas dun branco prístino e teitábanas con tellas sobre unha estrutura portante de madeira. Un aspecto básico de todos estes pombais era a súa marcada orientación solar, de cara a conseguir un maior número de horas de insolación e un axeitado abrigo dos ventos dominantes. Algúns dos elementos máis destacábeis das *casas dos pombos* eran as *bafareiras*, os *capeados*, os *guardamatos*, os *algerozes*, as *buracas*, as *mesas* e os *juntouros*.

Os pombais constitúen a día de hoxe un importante referente identitario para os habitantes do val do Côa, para os que, xa desde a década dos corenta, constituían elementos de prestixio. Moitos exemplares que até non hai moitos anos permanecían abandonados están a ser hoxe rehabilitados por axentes particulares e por iniciativa da asociación Palombar. A competencia pola vistosidade dos resultados actúa de cote como motor da actividade restauradora, retroalimentado periodicamente polo manifesto orgullo que supón para os seus propietarios. Por sorte, en datas ben recentes tense publicado unha monografía sobre os pombais do Côa, na que diferentes autores analisan interdisciplinarmente a esgrevia importancia destas construcións (ATN, 2008).



Figura 14: Pombal na freguesia das Chãs



Figura 15: Forno de oleiro en Santa Comba

Finalmente, entre as construcións tradicionais orientadas á produción agropecuaria, réstanos falar, aínda que sexa de xeito moi breve, de certas tipoloxías moi minoritarias, tamén presentes no Baixo Côa: trátase dos fornos de secar figos, das atafonas de sumagre e dos muros apiarios.



Figura 16: Capela de Nossa Senhora da Saúde



Figura 17: Pormenor dun cruceiro pintado na Muxagata




Figura 18: Alminha no Santuario do Arcanxo San Gabriel

Os *fornos de secar figos*, tal e como o seu propio nome indica, constituían auténticos *sequeiros* nos que os froitos da figueira reducían sensibelmente o seu grao de humidade, sendo así pre-procesados para o seu posterior consumo. O sumagre común (*Rhus coriaria*) é unha planta silvestre que ten sido tradicionalmente aproveitada polas comunidades locais para os labores de tinxido de coiros. A preparación da tinta esixía unha molturación previa das follas desta planta, que se levaba a cabo con moas dentadas de granito en instalacións específicas coñecidas como *atafonas de sumagre*, actualmente sometidas a un estudo específico por varios dos asinantes deste artigo. Os *muros apiarios* fozcoenses, semellantes en certa maneira ás alvarizas galegas, usábanse principalmente como dispositivos de protección das colmeas de abellas, das que se obtíñan o mel e a cera. Fig. 15

Entre os diversos oficios tradicionais do Baixo Cóa destaca sobremaneira a profesión



**Figura 19:** Pormenor do Pelourinho de Vila Nova de Foz Côa



**Figura 20:** Cruz dos centenários en Santa Comba

de *louceiro*, que deu lugar a un importante núcleo de artesáns na freguesía de Santa Comba, estudado por varios autores (Pinto, 1998 e 2000; Araújo, 2007a). Neste lugar aínda se conservan os restos do que no seu día foron os *fornos de oleiro*, actualmente moi deteriorados e necesitados de urxente recuperación e valorización patrimonial. **Fig. 16-17-18**

As **arquitecturas simbólicas** do Baixo Côa adoitan estar vencelladas á relixiosidade popular e ás manifestacións locais do poder civil. A fe católica propiciou nesta rexión a erección de numerosas construcións a xeito de igrexas, capelas, ermidas, cruceiros, cruces e *alminhas* espalladas polo territorio. Os **templos paroquiais**, as **capelas** e as **ermidas** son obxecto de frecuentación por parte dos veciños, que manteñen en activo os cultos e as devocións

a diversos santos padroeiros aos que atribúen propiedades curativas e sandadoras. Porén, fronte aos espazos fechados que vimos de citar, **cruces**, **cruzeiros** e **alminhas** maniféstanse como elementos propios de espazos abertos con unha marcada especificidade no seu emprazamento-tipo: encruceladas e camiños tradicionais, frecuentados a cotío por veciños e viandantes. **Fig. 19-20**

Parellas a estas manifestacións simbólicas de carácter sagrado existen outras amstras profanas nas que se exalta publicamente a concesión do estatuto de municipalidade a certos núcleos de poboación (*pelourinhos*) ou os valores identitarios da nacionalidade portuguesa (*cruces dos centenários*). Cando unha entidade singular recibía o recoñecemento específico da súa autonomía lexislati-



va municipal, podía erixir un *pelourinho* que visibilizaba exteriormente o estatuto xurídico da comunidade. Por outra banda, a conmemoración dos trescentos anos da independencia portuguesa e da liberación do dominio español serviu ao rexime ditatorial salazarista como resorte para fomentar a unidade nacional, apelando ao orgullo patrio manifestado simbolicamente por todo o país nas denominadas *cruzes dos centenários*.

Finalmente, entre os principais **elementos de ordenación do territorio** convén salientar as infraestruturas viarias (camiños, pasos, pontes...), os cerramentos das propiedades (valados, sebes...) e os socalcos ou aterraxamentos para explotación agraria. Todos eles constitúen un grupo heteroxéneo de realidades físicas que procuraban artellar racionalmente o territorio no cal se asentaban as comunidades fozcoenses. A súa grande diversidade e complexidade necesitaría dun estudo monográfico específico para poder realmente comprender a importancia e a significación dos elementos que verdadeiramente vertebraban o devir cotián dos veciños do Baixo Côa.

O **estado de conservación** actual da maioría destas construcións é significativamente preocupante, pois moitas delas atópanse abandonadas e sometidas a un franco proceso de progresivo deterioro. Porén, determinadas tipoloxías escapan a isto e compre analizar o por que do seu relativo éxito. Así, temos certas infraestruturas de uso mais frecuente, como poden ser as fontes, que soen conservarse nun relativo bo estado, se cadra por mor dos labores de mantemento que realizan periodicamente os veciños. Por outro lado, as arquitecturas relixiosas posúen un valor simbólico que provoca nas comunidades locais un marcado interese pola súa preservación.

Finalmente, tal e como xa foi anteriormente sinalado, os pombais representan elementos materiais de prestixio para os seus donos, téndose por iso iniciado un prometedor proceso de recuperación dos mesmos.

## 7. Conclusións

O Proxecto MEREBACO pretendía realizar unha primeira aproximación ao patrimonio rural do Baixo Côa, unha rexión do interior nororiental de Portugal actualmente sometida a un intenso proceso de desestruturación socioeconómica e demográfica no contexto da globalización universal. Tratábase dun proxecto ambicioso, dotado con un financiamento moi modesto, que serviría para analizar o *status quo* da cultura tradicional da zona e das súas principais manifestacións materiais e inmateriais. Malia o feito de tratarse dun estudo pretendidamente integral, xa sinalamos no seu momento que o Proxecto Merebaco contemplaba dúas vertentes principais: a material e a espiritual. Por razóns de espazo, neste artigo apenas resumimos o aspecto físico, palpábel, de unha ampla serie de construcións aparentemente condenadas ao mais absoluto abandono.

Estas construcións amosan unha moi diversificada tipoloxía, adaptada ás necesidades espirituais e materiais das comunidades fozcoenses. O conxunto de manifestacións construídas na zona rural do Baixo Côa constitúe un valor patrimonial fundamental, susceptible de transformarse en recurso cultural xerador de riqueza con un axeitado proxecto de valorización.

Un dos obxectivos do Proxecto Merebaco centrábase na elaboración de un relatorio no que o material estudado, ben fora de natureza edilicia ou inmaterial, puidese ficar rexistra-

do de cara a se converter na base documental dunha das posibles vías de revitalización económica e sociocultural da zona, sendo susceptible de xerar *a posteriori* contidos específicos para a creación de produtos vencellados ao denominado turismo cultural, sempre que este sexa respectuoso coa identidade local e sustentábel a longo prazo.

Coidamos que esta experiencia-piloto ten sido moi frutífera, pois serviu para levar a cabo unha troca de experiencias e coñecimentos entre investigadores galegos e portugueses na que se puido comprobar a existencia tanto de concomitancias como de diferenzas no patrimonio rural de diversas zonas do Noroeste peninsular actualmente sometidas a unha forte recesión.

Os resultados globais deste primeiro estudo deron lugar a unha ampla monografía actualmente en fase de publicación (Araújo e Ladra, 2008), que servirá como marco de referencia para futuros proxectos de recuperación e valorización patrimonial da zona estudada.

Os alicerces documentais deste complexo proceso de recuperación patrimonial xa foron postos á disposición das diversas administracións, co propósito de fomentar a súa concienciación e servir de resorte para futuras iniciativas locais.

A divulgación dos resultados preliminares do *Proyecto MEREBAÇO* tamén se materializou na conferencia *“Metamorfoses da ruralidade no Vale do Côa – tempos, espazos, imaginá-*

*rios”*, dentro do ciclo de palestras que o Centro de Estudos Ibéricos organizou baixo o título xenérico *“Sociedades de Fronteira: territorios, identidades, mobilidades”* (ARAÚJO e LADRA, n.p.).

O presente artigo é unha máis das desexábeis materializacións bibliográficas do Proxecto Merebaco que deberían xurdir a medio e longo prazo. Cremos firmemente que, perante a ausencia de investimentos económicos ambiciosos, unha das poucas solucións que restan para tentar valorizar o patrimonio cultural edificado desta zona pasa pola execución de pequenos proxectos que poidan vir a ofrecer unha resposta globalizadora e integradora ás particularidades culturais fozcoenses.

Nestes momentos, unha nova xeira da colaboración transfronteiriza está a incidir especificamente no estudo das culturas tradicionais da améndoa e do sumagre na zona do Baixo Côa, agardándose os primeiros resultados para a Primavera do ano 2010. Este novo proxecto, desenvolvido pola empresa *Lúnula – Servizos Profesionais de Patrimonio Cultural e Arqueoloxía*, está a ser promovido pola APDARC e a autarquía local, ao tempo que xa foi avalado cientificamente polo Museo do Douro.

O que pretendemos, en definitiva, é poder amosar ao público en xeral todas e cada unha das significativas aportacións culturais que as comunidades locais do Baixo Côa forneceron ao longo da Historia ao patrimonio común da humanidade. ☺

## Bibliografía

- ABREU, Carlos A. F. e DE LA TORRE, José I. (1998) “O Douro, Vila Nova de Foz Côa e Torre de Moncorvo – duas margens de alguma conflituosidade na Idade Média”, *Côavisão*, n.º 0, V.ª N.ª de Foz Côa, pp. 69-77.
- ALMEIDA, Mafalda Nicolau de (2009) “APDARC: um ano de diálogos”, en *Do Paleolítico à Contemporaneidade. Estudos sobre a ocupação humana em Trás-os-Montes, Alto Douro e Beira Interior*, Ed. ACDR de Freixo de Numão, Freixo de Numão, pp. 116-121.
- ARAÚJO, Maria da Graça (2006) *Douro e Côa. Património e humanidade*. Porto, Dissertação de mestrado inédita [Faculdade de Antropologia da UP].
- ARAÚJO, Maria da Graça (2007a) *Louceiros de Santa Comba. Histórias que o barro escreve*. Barcelos, Ed. Museu de Olaria de Barcelos.
- ARAÚJO, Maria da Graça (2007b) *Memórias e espaços de ruralidade num cenário de metamorfose identitária do território. Estudo etnográfico do Vale do Baixo Côa*. Proxecto inédito apresentado ao Centro de Estudos Ibéricos.
- ARAÚJO, Maria da Graça e LADRA, Lois (2008) *Património edificado e imaterial do Baixo Côa*. V.ª N.ª de Foz Côa, Memoria apresentada á APDARC.
- ARAÚJO, Maria da Graça e LADRA, Lois (n. p.) “Metamorfoses da ruralidade no Vale do Côa – tempos, espaços, imaginários”, en Vv. Aa., *Actas do Ciclo de Palestras “Sociedades de Fronteira: territórios, identidades, mobilidades”*. Guarda, Ed. CEI.
- ATN (2008) *Pombais tradicionais no Vale do Rio Côa*. Figueira de Castelo Rodrigo, Ed. ATN – Câmara Municipal de Figueira de Castelo Rodrigo.
- BAPTISTA, António Martinho (1999) *No tempo sem tempo. A arte dos caçadores paleolíticos do Vale do Côa*. V.ª N.ª de Foz Côa, Ed. CNART.
- COIXÃO, António de Nascimento Sá [Coord.] (2006) *Museu da Casa Grande. Catálogo*. Freixo de Numão, Ed. ACDR de Freixo de Numão.
- COIXÃO, António de Nascimento Sá e TRABULO, António Alberto Rodrigues (1999) *Por terras do concelho de Foz Côa. Subsídios para a sua história. Estudo e inventário do seu património*. V.ª N.ª de Foz Côa, Ed. Câmara Municipal de Vila Nova de Foz Côa [2.ª Ed].
- GUIMARÃES, Joaquim Gonçalves (2000) “Os moinhos do Côa – Introdução ao seu estudo”, *Côavisão*, n.º 2, V.ª N.ª de Foz Côa, pp. 15-20.
- MARQUES, C. A. (1995) *A bacia hidrográfica do Côa, seguido de algumas notas etnográficas de Riba Côa*. Lisboa, Ed. Assírio e Alvim.
- MARQUES, Joaquim Alberto dos Santos (2001) “O Pão Nosso...”, *Côavisão*, n.º 3, V.ª N.ª de Foz Côa, pp. 7-14.
- PINTO, Carla Cristina Teixeira (1998) “O centro oleiro de Santa Comba de Vila Nova de Foz Côa”, *Olaria – Estudos Arqueológicos, Históricos e Etnológicos*, 2.ª Série, n.º 2, Barcelos, pp. 81-86.
- PINTO, Carla Cristina Teixeira (2000) “Louça de barro de Santa Comba no Museu de Sítio de Ervamoira”, *Côavisão*, n.º 2, V.ª N.ª de Foz Côa, pp. 11-14.
- QUADRADO, José Gomes (2003) “As mós e os seus moinhos tradicionais”, *Côavisão*, n.º 5, V.ª N.ª de Foz Côa, pp. 69-71.

- SOUSA, Júlio Rocha e (2004) *Pelourinhos do concelho de Vila Nova de Foz Côa*. Viseu, Ed. do autor.
- TEIXEIRA, Gabriela de Barbosa e BELÉM, Margarida da Cunha (1998) *Diálogos de edificação. Estudo de técnicas tradicionais de construção*. Porto, Ed. Centro Regional de Artes Tradicionais [3.<sup>a</sup> Ed.].
- TRABULO, Márcia (1984) *Elementos para uma monografia de Vila Nova de Foz Côa*. V.<sup>a</sup> N.<sup>a</sup> de Foz Côa, Ed. Câmara Municipal de Vila Nova de Foz Côa.
- TRABULO, Joaquim (1992) *Chãs de Foz Côa. A sua história, a sua gente*. V.<sup>a</sup> N.<sup>a</sup> de Foz Côa, Ed. do autor.
- VV. AA. (1998) *Terras do Côa: da Malcata ao Reboredo. Os valores do Côa*. Guarda, Ed. Estrela Côa.
- VV. AA. (2003) *Vale do Côa e Além Douro: Património Natural e Cultural*. Lisboa, Ed. Âncora Editora & Liga de Amigos de Conimbriga.
- VV. AA. (2008) *Actas do III Congresso de Arqueologia de Trás-os-Montes, Alto Douro e Beira Interior*. Freixo de Numão, Ed. ACDR de Freixo de Numão.

## A estrada románica... por descubrir

SILVIA ARCA SOMOZA\*

A Estrada (Pontevedra) é sen dúbida un dos concellos que concentra un maior número de obras de arquitectura románica. Así é todo, o valor destas non é tanto o seu número, como a calidade artística que amosan, a máis do bo estado de conservación que, en xeral, presentan. Non será obxecto de este traballo, o facer unha análise histórica-artística, exhaustiva e individualizada dos distintos exemplos de tradición románica conservados no concello de A Estrada, se non facer un breve percorrido polos aspectos máis significativos e especialmente, polos menos coñecidos.

Dentro dos expoñentes máis destacados, e consecuentemente dos que gozaron dunha maior difusión, atopamos un primeiro grupo que compoñen –segundo semellanzas estilísticas–, as igrexas de San Lourenzo de Ouzande, Santiago de Tabeirós e San Miguel de Moreira. As tres presentan nave única e ábsida, sendo este último semicircular en todas, salvo en Tabeirós. Serán precisamente as ábsidas, como por outra parte é o habitual, as que concentren a meirande profusión ornamental e calidade técnica. No caso da de **Santiago de**

**Tabeirós**, no exterior obsérvase un repertorio decorativo certamente interesante, no que compre destacar os canzorros<sup>1</sup> de gran plasticidade e volume que se emprazan no beiril. Nestes, de oeste a este dispóñense, no muro sur: unha figura que volteia o corpo sobre a nacela e sitúa a cabeza entre as súas extremidades inferiores; un cuadrúpede deitado que parece xirar a cabeza cara ó anterior; un contorsionista; unha folla con canle central perlado; un moi erosionado; outro contorsionista, neste caso, cun cinto e en posición inversa; e finalmente unha cabeza de bóvido co pescozo engurrado. No muro norte<sup>2</sup> da ábsida, os temas despregados, igualmente de oeste a este, son: unha folla “avolutada” con canle central perlado; unha figura humana sentada, sostenendo coas mans un libro aberto; un cuadrúpede volteando a cabeza; unha figura humana tocando a viola, dúas follas “avolutadas” e superpostas; un personaxe sentado sostenendo un obxecto coas mans; e o último moi erosionado.

No interior do templo, tal como acontecía no exterior, a maior riqueza decorativa

\* Este breve estudo acerca do románico estradense, pretende ser unha nova vía de difusión do importante patrimonio de este concello, que tiven a sorte de coñecer en profundidade, ó realizar un traballo previo, mais xeral, con outros autores –pendente de publicación– sobre a Arte Románica na Provincia de Pontevedra para a Fundación Santa María La Real - Centro de Estudios del Románico, coordinado por D. Isidro Bango Torviso e D. Carlos Valle Pérez.

1 Os canzorros de Tabeirós, tal como se verá, mostran notables semellanzas cos de San Miguel de Moreira, pero tamén cos de San Estevo de Oca, todos eles con elementos transitivos, por tanto datables ó redor do terceiro cuarto do século XII.

2 Neste muro, edificárase con posterioridade a obra medieval, unha dependencia cuadrangular –sancristía–, que finalmente se retirou, supoñendo a perda de moitos dos canzorros, a máis do beiril.



Tabeirós: canzorros da ábsida (exterior)

concentrarase na ábsida. Esta ábrese á nave principal mediante un gran arco triunfal semicircular e dobrado, que apoia en sendas columnas entregas. A dobradura ostenta unha chambrana de tacos e arquivolta de medias canas entre baquetóns, que voltean, unha e outra, sobre unha imposta con decoración de billetes, que se prolonga polo testeiro da nave e interior da ábsida, marcando o arranque da bóveda. A columna do lado da epístola presenta un capitel de apertados entrelaces, entre os que, na parte superior, asoman tres pequenas

cabezas humanas<sup>3</sup>. O capitel da columna do evanxeo, mostra amplas follas esgrafiadas co nervio central perlado, remate rizado e “pomos” no envés. No interior do presbiterio desenvólvese un arco faxón, que ó igual que o triunfal, descansa en sendas columnas. Nestas, merece especial atención o capitel do lado da epístola, no que se observa unha figura humana, ataviada con túnica longa, suxeitando un bastón coa man dereita e un corno coa esquerda; ladeando a figura, sitúanse dous grupos de cuadrúpedes en diversas posicións moi

<sup>3</sup> Un desenvolvemento similar ó deste capitel, ímolo atopar na igrexa de San Pedro de Rebón (Moraña), coa que mostra outras coincidencias. Segundo Yzquierdo Perrín, este tipo de decoración coñecería unha ampla difusión, sobre todo a partires do seu uso na catedral de Santiago, coma en outros talleres activos da segunda metade do século XII. [...] Aínda que é preciso recoñecer que en Tui, este tipo de capiteis, adquirirían un peculiar desenvolvemento, utilizándose en diferentes edificios, claramente influídos polo taller tudense, como son Tebra, Tomiño, etc; pero tamén fora da diocese, como é o caso de San Pedro de Rebón, Santo Tomé de Piñeiro (Marín), Santiago de Tabeirós [...]



Taboairós: capitel da ábsida (interior)

parecidos ós dun capitel de Ouzande. A columna oposta presenta un capitel moi similar ó do arco triunfal da mesma beira, composto por grandes follas con bolas no termo. Máis a riqueza da ábsida non remata no campo escultórico, xa que, a maiores descóbreanse unhas valiosas pinturas murais<sup>4</sup>, posiblemente de época tardomedieval. É preciso mencionar así mesmo, a existencia dunha pía<sup>5</sup> bautismal de copa semiesférica lisa, ademais dun sarcófago<sup>6</sup> antropomorfo, ámbolos dous de factura medieval e situados no entorno do templo.

En estreita vinculación con Taboairós, atópase a igrexa de **San Lourenzo de Ouzande**<sup>7</sup>. Ámbalas dúas ofrecen nas cabeceiras unha configuración parella, repetindo –como se verá en detalle– algúns dos temas dos canzorros, capiteis, ábacos, etc. En Ouzande a ábsida presenta un tramo semicircular, precedido doutro recto, que se une directamente á nave. Aquela, a máis das bancadas, conserva no beiril, de chafrán recto decorado con bolas, unha interesante colección de canzorros, entre os que, de sur a norte, desenrolase: o primeiro indeterminado, debido a aneión dunha dependencia; unha figura humana tocando a viola; dous en forma de gola –posiblemente de factura moderna–; unha cabeza zoomorfa con cornos e chiba; cuadrúpedes mesturados con entrelazas; un contorsionista en posición inversa; unha cabeza de bóvido co pescozo engurrado; unha cabeza zoomorfa que leva as garras ás fauces; unha folla aguzada acanalada e con bolas; un en curva de nacela, tamén acanalada e decorada con bolas; unha figura moi erosionada; un personaxe barbado sentado coas mans apoiadas nas pernas; unha figura sostendo un obxecto non recoñecido entre as mans; outra coas pernas volteadas por detrás da cabeza; dous de tema xeométrico, de factura moderna; e, finalmente, unha folla aguzada, avolutada, acanalada e ornada con bolas. A ábsida posúe tamén unha xanela de acusado derrame interno, sobre a que se dispón un escudo labrado.

No interior do templo, novamente centraremos a atención na ábsida. Ésta cóbrese cunha bóveda de canón no tramo recto e de cas-

<sup>4</sup> Nas que se representan tres escenas: "A derradeira cea", "O lavatorio" e "A oración na horta".

<sup>5</sup> As súas dimensións son: 52 cm. de alto e 92 de ancho

<sup>6</sup> Existe outro de características moi semellantes en San Xurxo de Veá (A Estrada)

<sup>7</sup> Bango Torviso expón que dadas as moitas coincidencias nos seus elementos decorativos, é moi probable que fosen realizadas pola mesma autoría. Conclusión que comparto, inda que a calidade técnica de Ouzande é quizais superior á de Taboairós.

carón no hemiciclo. O arco triunfal, dobrado, peraltado e con tendencia á ferradura, volta sobre dúas columnas de fustes de tambores, con basas e capiteis decorados; mentres que, a súa dobradura, con baquetón entre medias canas e chambrana de billetes, o fai sobre unha pequena liña de imposta tamén abilletada. O capitel da columna do lado da epístola, ofrece unha proposta escultórica singular, na que numerosos cuadrúpedes<sup>8</sup> en posicións variadas recobren a totalidade da cesta. O ábaco, igualmente decorado, mostra un rico repertorio de flores carnosas de botón central, outras formadas por pequenos círculos en resalte e algunhas en forma de cruz. Compre destacar a basa desta columna, onde se descobre unha serpe percorrendo escocia, a mais dunha sucesión de flores de puntos inscritas en círculos que decoran o plinto. A columna do beirado do evanxeo contén un capitel de entrelazas abertas, que rematan, na parte superior, en caulículos e muñóns avolutados. O seu ábaco, parello o da columna oposta, mentres que a basa, moito máis sinxela, mostra soamente garras nos ángulos. Paralelo ó arco triunfal, no interior da ábsida, desenvólvese un arco faxón que reproduce o esquema do anterior, apoiando igualmente en sendas columnas de fustes de tambores, con capiteis vexetais e basas. Os capiteis ostentan grandes follas nervadas rematadas en volutas con pomas no envés, nuns casos, e punta bífida e rizada noutros. Os ábacos recollen unha decoración semellante á citada para o triunfal. Non obs-

tante, é interesante mencionar que no ábaco da columna setentrional, atópanse dous caracteres epigráficos: “M/Λ”, quizás relacionados coa súa autoría. As basas son tamén de tipo ático, con garras nos ángulos sen máis. Na ábsida, ábrese ademais un vano de arco de medio punto de acusado derrame interno, o cal, apoia en sendas columnas, con capiteis vexetais –de palmetas entre follas aguzadas, con pomas- e basas áticas. Por último, citar a conservación dunha pía bautismal<sup>9</sup> de tradición románica, situada no exterior do templo, como tamén é o caso dunha lápida ornada con tres pares de ferraduras.

Finalmente, en vinculación coas anteriores, restaría falar da igrexa de **San Miguel de Moreira**, exemplo do que tamén se conserva a maior parte da fábrica románica. No exterior do templo, e concretamente nas fachadas laterais da nave, inda se poden ver, non exentos de reformas, o beiril –en chafrán recto decorado con bolas- e moitos dos canzorros<sup>10</sup>. Agora que, será novamente na ábsida<sup>11</sup>, onde se concentre a maior riqueza escultórica. Aquela consta dun tramo recto limitado polo muro do testeiro da nave, ó que se une de xeito directo, e dous contrafortes, que marcan ó arranque do tramo semicircular, no que sendas columnas entregadas, reforzan o hemiciclo, xerando tres panos. As citadas columnas posúen capiteis historiados, basas áticas con garras nos ángulos e plintos decorados con flores. O capitel meridional mostra unha figura humana masculina cos brazos abertos que semella

8 Estes cuadrúpedes mostran a mesma configuración que os do capitel do arco faxón de Tabeirós.

9 As súas dimensións: 81 cm de alto (48,5 a copa) e 74 de ancho. Presenta copa circular de tipo troncocónico invertido e fuste cilíndrico e liso.

10 No muro meridional obsérvanse algúns exemplos en forma de proa, de rolo, unha cabeza monstruosa, un contorsionista en posición inversa, unha cabeza de bóvido, unha figura humana sentada que leva un obxecto á boca, etc.; mentres que no setentrional, onde predominan os de tema xeométrico realizados cun simple corte en proa, verase tamén, un en curva de nacela decorado con pequenas pomas, unha superposición de planos, un de follas aguzadas con voluminosas pomas, unha cabeza zoomorfa, unha figura humana sentada, unha gran folla en forma de lúa que acolle outra de menor tamaño cos extremos rizados, etc.

11 Sá Bravo considera que dadas as semellanzas entre a ábsida de San Miguel e a de San Pedro de Rebón (Moraña), ambos exemplos poderían ser obra dunha mesmo taller. Certamente, as coincidencias entre os dous templos son notorias, non obstante, no que a min respecta, tecnicamente difiren, polo que sería máis apropiado falar dunha transmisión de influencias





Ouzande: detalle do interior da ábsida

estar separando dous cuadrúpedes situados o seu carón. O que parece ser unha corda, cinxe o corpo da figura humana, prolongándose así mesmo entre as extremidades inferiores dun dos animais, mentres o outro pretende aprisionar, coas súas patas dianteiras, unha perna da anterior –posiblemente represente a escena de Daniel entre os leóns–. O capitel setentrional, máis complexo, acolle na cara frontal un personaxe con túnica longa e brazos abertos, que sostén un obxecto sen definir; nos lados menores, observase novamente unha figura humana, neste caso axeonllada, que porta un gran báculo, e ós seus pes, unha serpe; no outro, moi erosionado, outra figura que apoia unha man no abdome. Tanto nes-

te capitel coma no primeiro, entre as figuras desenvólvese decoración vexetal a base de caulículos. A ábsida conserva ademais unha boa colección de canzorros. Así mesmo, sofitos e tabicas, aparecen decorados con flores entrelazadas de seis pétalos e botón central nuns casos, inscritas en círculos orlados con pequenas bolas noutros, con sogueado ou mediante cadenetas de oitos. Os canzorros, de sur a norte representan: unha figura humana sentada que leva un obxecto á boca con ámbalas dúas mans; unha cabeza zoomorfa moi erosionada; un caprino coa pelaxe trezada; unha folla avolutada de canle central, ornada con pequenas perlas e laterais con folliñas redondeadas e nervadas; figura zoomorfa recos-

tada coas patas sobre a nacela, que voltea a cabeza cara atrás; personaxe tocando a viola; un acróbata en posición inversa; unha figura monstruosa apoiada sobre unha folla avolutada; unha cabeza zoomorfa, co pescozo pregado; unha estraña figura sobre a nacela do canzorro, que aglutina: a parte superior dun animal coas patas dianteiras estendidas, nun extremo, e unha cabeza de peixe, no outro; dous canzorros moi deteriorados; unha figura monstruosa na parte superior, que engule as cabezas de dúas aves de gran tamaño; catro tallos alongados unidos, entre os que se observa unha decoración perlada; unha gran folla aguzada con voluminosa poma no envés; un mono sobre unha voluta; e unha aguia. No hemicírculo destacar tamén un fermoso vano de arco de medio punto<sup>12</sup>, con chambrana de tacos e arquivolta de bocel entre medias canas, ornadas con flores de tres pétalos carnosos, no extradorso, e con pequenas pomas, no intradorso. Unha e outra voltean, tras salvar unha sinxela liña de imposta, sobre dúas columnas acodilladas, de fustes monolíticos, con capiteis e basas áticas. Os capiteis, ambos vexetais, ostentan: un, dúas ordes de follas aguzadas con pomas no envés e pequenos caulículos na parte superior; o outro, unha gran palmeta flanqueada por sendas follas aguzadas, igualmente con pomas.

No interior, a nave, cun tratamento mais sobrio, cóbrese con bóveda de canón. Fronte a esa, a ábsida acolle un fermoso programa escultórico. Un arco triunfal, peraltado e dobrado, sérvelle de marco. A dobradura de baquetillas e chambrana de tacos, e o arco,

do mesmo xeito que o faxón, en aresta viva. Ámbolos dous voltean en sendas columnas, con capiteis e basas áticas. No arco triunfal o capitel do lado do evanxeo é de tema vexetal, exhibindo estilizadas follas nervadas rematadas en espiral e pequenos caulículos na parte superior; o da epístola, mostra un personaxe a cabalo con barba curta e cabelo rizado na caída, que suxeita con unha man as rendas e coa outra, porta un olifante. Nun dos lados menores, descóbrese un personaxe con túnica longa pregada, que sostén en cada unha das mans unha pomba; no outro, represéntase novamente unha figura humana, ataviada da mesma forma que a anterior, pero portando agora con ambas mans, un gran libro aberto. O capitel do arco faxón de este beiril, entre grandes follas aguzadas con pomas no envés e caulículos, alberga na cara frontal, unha pequena cabeza zoomorfa, quizais dun mono, situándose sobre ela, outra de procedencia humana. O do evanxeo repite a formulación do capitel do arco triunfal dese mesmo lado. Os ábacos ofrecen tamén en Moreira, decoración de carnosas flores de seis pétalos, con botón central e inscritas en círculo; as basas son áticas, destacando a do arco triunfal do lado do evanxeo por posuír unha orla perlada. San Miguel de Moreira conta ademais con dúas pías bautismais, unha<sup>13</sup> situada no interior do templo ós pés da nave, e outra, de tradición románica, no exterior, da que tan só se conserva a copa<sup>14</sup> igualmente semicircular.

Estilisticamente, segundo se apuntaba, San Miguel de Moreira presenta numerosas semellanzas coas igrexas de Tabeirós e Ouzan-

12 Na organización de este van ou incluso en algúns dos capiteis, San Miguel de Moreira repite fórmulas desenroladas no mosteiro de Aciveiro (Forcarei) –de filiación compostelán–, o que fai pensar que aquel, foi un referente a ter en conta para o taller de Moreira.

13 De copa semiesférica e fuste engadido (95\*120 cm)

14 As súas dimensións son: 53\*78 cm



Moreira: detalle do beiril da ábsida



Moreira: capitel na ábsida (interior)



Oca: exterior da ábsida

de. Así, en todas elas vimos de observar solucións parellas nos beirís –en chafrán decorado con bolas-, canzorros<sup>15</sup>, nos arcos triunfais, na decoración de ábacos e capiteis, etc. Similitudes que fan pensar nun constante discorrer de influencias, máis que na actuación directa dun mesmo taller, se temos en conta as diferenzas na execución. Con todo, e facendo balance do exposto, é axeitado situar as tres edificacións ó redor dos anos setenta do século XII.

O seguinte grupo obxecto de análise, compoñeno aqueles exemplos –Oca, Loimil e Riobó–, que presentan formulacións análogas a outros pertencentes os concellos limítrofes de

Silleda ou Lalín, como é o caso da igrexa de Dornelas ou de Camposancos, respectivamente.

A igrexa de **San Estevo de Oca**, do mesmo xeito que as primeiras analizadas, inda conserva a meirande parte da súa estrutura románica. Exteriormente, na fachada setentrional, a mais dun nutrido grupo de canzorros xeométricos –con parangón na meridional–, merece especial atención o lintel dun van de acceso o templo; onde se descobre unha cruz con medallón no centro e no remate dos extremos, inscrita por unha circunferencia<sup>16</sup>, que recorda enormemente a do tímpano sur de Santo Tomé de Serantes (Leiro, Ourense). A ábsida

<sup>15</sup> Compárense figuras como a do personaxe tocando a viola, o contorsionista, as cabezas zoomorfas con pregados, etc.

<sup>16</sup> Segundo Sánchez Ameixeiras, este tipo de decoración é debedora dos modelos orientais realizados en metais preciosos



Oca: interior do presbiterio ou ábsida

esta formada por un tramo recto e outro semi-circular, organizado este último en tres panos por tres columnas entregas. Os capiteis das devanditas columnas, case sen desbastar, ofrecen unha decoración vexetal composta por follas aguzadas, un, e rematadas en espiral, o outro. No pano central ábrese unha ventá de arco de medio punto, chambrana de billetes e arquivolta pentalobulada –con pequenos arcos de ferradura-, moi en consonancia coa da ábsida de San Cristovo de Camposancos. Ámbalas dúas roscas descansan nunhas columniñas de fustes lisos, capiteis vexetais e basas áticas. O beiril, en chafrán recto e ornado con

bolas, contén numerosos canzorros de tema xeométrico.

No interior do templo volve ser a ábsida a que novamente, reúna a maior calidade arquitectónica e ornamental. Aquela ábrese a nave principal, mediante un gran arco de medio punto dobrado, que descansa sobre dúas columnas de fustes lisos e monolíticos, con capiteis vexetais e basas áticas. Os capiteis amosan grandes follas aguzadas con remate rizado e pomas no envés. O arco faxón, desenvólvese de xeito análogo ó triunfal, volteando tamén sobre columnas de capiteis vexetais. Finalmente, é preciso mencionar unha fermosa pía bautismal<sup>17</sup> –de notorias similitudes coa de San Miguel Castro–, de tradición románica, situada ós pés do templo. Presenta copa gallonada e fuste cilíndrico. A copa, de gran plasticidade, amosa na parte superior unha banda decorada con pequenos triángulos refundidos, mentres o corpo desprega segmentos convexos en posición oblicua, que circundan o perímetro.

**Santa María de Loimil** é un dos templos románicos con maior unidade arquitectónica da Estrada, pois conserva, case sen modificacións, a estrutura orixinal. Na fachada occidental, unha fermosa portada medieval da acceso ó interior do templo. Ésta presenta unha arquivolta de medias canas entre baquetóns e chambrana decorada mediante unha sucesión de arquiños<sup>18</sup> semicirculares e tres fías de tacos, ámbalas dúas de perfil semicircular. Sendas columnas de fustes lisos e capiteis vexetais de follas aguzadas, sérvenlle, tras salvar unha liña de imposta –tamén con pequenos arquiños–, de apoio as anteriores. O tímpano, de perpiaños lisos, apoia directamente sobre

<sup>17</sup> As dimensión da pía son: 93 cm de alto y 108 de ancho.

<sup>18</sup> O motivo de pequenos arquiños que decoran a portada, ímolos atopar tamén en San Estevo de Oca o en San Salvador de Escuadro

as xambas e dúas seudomochetas. As fachadas laterais manteñen a meirande parte dos canzorros, todos eles realizados cun sinxelo corte en proa. A meridional posúe a mais unha porta cegada, con lintel pentagonal; a oposta, non obstante, conserva aínda unha ornamentada portada, cunha organización parella á principal. Aquela, de arco semicircular, componse de chambrana de catro liñas de tacos e arquivolta de bocel entre baquetillas, descansando unha e outra, sobre columnas de capiteis vexetais e basas áticas sobre plintos. No piñón do testeiro da nave, cabe sinalar a existencia dunha antefixa, formada pola unión dunha cruz patada inscrita en círculo e outra de lazos ou de San Andrés. A ábsida, de planta rectangular, atópase compartimentada por unha columna en cadansúa fachada lateral. Non obstante, a da setentrional, debido a construción da sancristía, tan só se pode apreciar dende o interior deste última. A meridional, inda que erosionada, exhibe unha columna de capitel vexetal e no beiril –de chafrán recto decorado con bolas– catro canzorros en forma de proa. No testeiro da ábsida ábrese unha ventá semicircular de tipo completo, composta por arquivolta de grosso bocel e chambrana de varias liñas de tacos, ámbalas dúas enmarcadas por baquetillas. A arquivolta descansa sobre dúas columnas de fustes lisos, capiteis –moi desgastados– de follas aguzadas e basas áticas sobre pequeno plinto. Finalmente no piñón, inda se acha a figura desgastada do año surmontado por unha cruz patada.

No interior da nave, para non facer moi extensa a descrición, a análise vaise centrar na ábsida, que como é habitual, e a que alberga o conxunto escultórico de maior interese. Un

gran arco triunfal, en aresta viva, apuntado e dobrado, da aceso ó presbiterio, desenvóléndose no interior de este último, un faxón –das mesmas características que o anterior– que contribúe a soportar a bóveda de canón que o cobre. Ambos arcos voltean sobre columnas de fustes de semitambores, no triunfal, e monolíticos no faxón, con capiteis e basas áticas sobre plintos, que a súa vez descansan sobre un banco corrido que percorre o interior do presbiterio. Os capiteis do arco triunfal, amosan, o do lado da epístola, unha orde de follas aguzadas con remate rizado, sobre o que xorden caulículos en espiral; o seu oposto componse de estilizados tallos, que forman voluminosas espirais nos ángulos, onde se distinguen pequenas figuras humanas con túnica longa, a mais de dúas cabeciñas nos lados menores. Os capiteis do faxón son os dous de tema vexetal, un con follas aguzadas e o outro con dous ordes de estilizados tallos rematados en espiral<sup>19</sup>. Dende o punto de vista estilístico, Loimil mostra notables semellanzas con San Estevo de Oca, pero, é principalmente cos templos do concello de Silleda, como San Martiño de Negreiros, San Salvador de Escudro ou San Martiño de Dornelas, cos que as similitudes son mais obvias. Precisamente con este último, Bango Torviso formula que dadas as evidentes coincidencias, ámbolos dous poderían ser debedores dun mesmo taller.

Neste segundo grupo, restaría falar de **San Martiño de Riobó**, que ó igual que a de Loimil, case non sufriu alteracións na súa estrutura orixinal. Deste xeito, na fachada principal, advírtese unha bela portada de arco de medio punto, dobrado e en aresta viva. A dobradura descansa sobre un codillo baquetonado

<sup>19</sup> Este tipo de capiteis con decoración vexetal organizada en dúas ordes de estilizadas espirais ou a imposta ornada de rombos atópanse así mesmo na igrexa de San Martiño de Negreiros.



Loimil: capitel do interior do presbiterio

mentres que o arco o fai en sendas columnas acodilladas, de fustes lisos e capiteis vexetais. O capitel do lado norte amosa grandes follas aguzadas con pomas no envés, o seu oposto, rizadas, e igualmente con pomas. O tímpano constitúese por dúas pezas alongadas, que ostentan cruces de diferentes tamaños. A fachada setentrional inda conserva o beiril –de cobixas en caveto– e varios canzorros realizados cun sinxelo corte de proa; a meridional, non obstante, a causa dunha importante reedificación, perdeu toda manifestación medieval. Fronte a esta, a ábsida concentra un repertorio escultórico de gran interese. Estructuralmente componse dun tramo recto e outro

semicircular. Este último organizado en tres panos mediante dúas columnas entregas, de capiteis vexetais, con grandes follas aguzadas e basas áticas. No pano central do hemiciclo ábrese unha ventá de tipo completo. Esta presenta chambrana de billetes e arquivolta de groso baquetón entre baquetillas, que descansan sobre sendas columnas de capiteis vexetais. O beiril, de perfil en caveto, alberga unha espléndida colección de canzorros, no que de sur a norte contemplanse: unha folla picuda con poma no envés; cabeza de porco; folla avolutada; cuadrúpede recostado; cabeza zomorfa; obxecto indeterminado sobre superficie nacelada; un de proa; unha cartela; un de tres liñas de pares de labras; unha cabeza monstruosa coas fauces abertas; o último, sen embargo, atópase semioculto, debido á disposición do tellado da sancristía.

No interior do templo, volve ser, a ábsida, a que atraia o maior interese. Un gran arco triunfal semicircular e dobrado da acceso ó presbiterio, situándose no interior un faxón das mesmas características. Ambos descansan sobre columnas entregas con capiteis<sup>20</sup> e basas áticas, que a súa vez, o fan sobre un banco corrido. Os capiteis do faxón amosan: o do lado do evanxeo, follas con gran canle central –do que xorden pequenos pétalos redondeados–, rematado en espiral e con pequenas pomas; o seu oposto, mais sinxelo, desenvolve un groso cordón de entrelazo. Os do triunfal exhiben: o do evanxeo, unha rede de rombos; mentres, o seu oposto, volve ó tema vexetal, mostrando coidadas follas rizadas de gran plasticidade, con pequenas pomas. Finalmente, os pes da nave advírtese unha pía bautismal<sup>21</sup> de tradición ro-

<sup>20</sup> Segundo Bango Torviso estes capiteis mostran notables coincidencias cos de San Martín de Negreiros e sobre todo cos de San Pedro de Losón, inda que, en canto ó conxunto, será coa igrexa de Dornelas, coa que manifeste maiores semellanzas.

<sup>21</sup> As súas dimensións son: 90,5 cm de alto e 98 de ancho



Riobó: exterior da ábsida

mánica. Posúe copa lisa de tipo cilíndrico, lixeiramente tubular e fuste achatado, igualmente cilíndrico. En canto a cronoloxía tornamos de novo ós anos setenta do século XII para situar estes tres derradeiros exemplos.

O seguinte grupo obxecto de estudo, compóñeno aquelas edificacións máis fortemente influenciadas polos presupostos desenrolados no mosteiro de Aciveiro, como son Acorados e Codeseda –principalmente-, e en menor medida San Miguel de Castro e Barcala.

A igrexa de **San Pedro de Acorados** é sen dúbida, un dos exemplos máis interesantes da

arquitectura románica de Pontevedra. A planta era de nave única e ábsida pentagonal<sup>22</sup>, exterior e interiormente. Na fachada occidental consérvase a portada medieval. Esta presenta unha arquivolta semicircular de media cana entre listel e aresta baquetonada, que descansa sobre dúas columnas con capiteis de dous ordes de follas nervadas con remate rizado. O tímpano presenta unha complexa composición, onde se distingue, nun lado, unha gran cruz de lazos inscrita nun cadrado que acompañan semicírculos; no outro, a de San Andrés delimitada por un círculo. Entre am-

<sup>22</sup> Existen moi poucos referentes en Galicia con esta tipoloxía absidal, destacando polas súas semellanzas os de San Xurxo de Codeseda e o de Santa María de Aciveiro. Precisamente, en relación a esta última, Bango Torviso, tendo en conta a coincidencia temática nos capiteis, na decoración da cornixa, na estruturación de alzados ou na planimetría, suxire que probablemente correspondan a un mesmo taller.





Pedro de Acorados: exterior da ábsida

bos motivos semella representarse outra de lazos de maior tamaño, inscrita tamén nun cadrado. Sobre todas elas, varios círculos con estrelas de cinco puntas e unha cadeneta<sup>23</sup>. A mais desta última, a ábsida, como é habitual, constitúe a parte con maior interese, a pesar das reformas sufridas. Esta componse dun tramo recto e outro pentagonal, dispoñéndose nas arestas deste último, columnas entregas. En cada un dos panos en que se divide a ábsida, abríanse ventás semicirculares, inda que agora, tan so se conservan, a do pano central e dúas do setentrional do corpo pentagonal. As

ventás, todas ostentan chambrana de billetes e unha arquivolta de baquetón entre medias canas, descansando esta última sobre columnas de fustes monolíticos lisos e capiteis ornados. Estes de norte a sur despregan a seguinte temática: o primeiro, vexetal, componse de estilizados tallos en manoxos de dous, que se ramifican na terminación; o segundo, erosionado, desenrola voluminosas follas aguzadas; o terceiro, tres pequenas caveiras ou cabezas zoomorfas, que expulsan pola boca dobres tallos que se van enlazando; o seguinte, dous ordes de amplas follas con pomas; outro simi-

<sup>23</sup> Este tipo de decoración xeométrica nos tímpanos, comeza a ter un importante desenrolo, principalmente en Pontevedra e Lugo, nos anos setenta do século XII, tal como se pode observar nunha ventá da ábsida de Codeseda ou no tímpano de San Xoán de Santeles, por citar exemplos estradenses.

lar; e por último, un capitel historiado no que se advirte un personaxe sentado, que semella estar tocando un instrumento de corda.

No interior do templo, fanse se cabe mais evidentes, as modificacións levadas a cabo na ábsida, así, percíbese perfectamente como o arco triunfal recibiu unha ampliación en altura, dispoñéndose, en consecuencia, unhas pequenas pilastras sobre as columnas que recollían as presións da cuberta. Porén, naquela aínda se conserva unha espléndida arcada<sup>24</sup> que percorre o seu interior. No tramo recto, do lado setentrional, accedese o espazo da sancristía, onde se atopa unha ventá de tipo completo, semellante as analizadas no exterior. Para rematar, compre sinalar a existencia dun canzorro en forma de proa –previsiblemente o único conservado, dadas as reformas- situado nunha propiedade anexa ó atrio.

**San Xurxo de Codeseda** é posiblemente o exemplo que reflexa con maior nitidez a influencia de Aciveiro. Na actualidade tan só conserva a ábsida do primitivo templo románico. Non obstante, o seu desenrolo danos perfectamente conta da monumentalidade que debeu ter na súa orixe. Aquela componse por un tramo recto limitado por un codillo –a modo de contraforte– que da paso a outro semidecagonal. Este último organízase en cinco panos debido a presenza de catro columnas de fustes de tambores e capiteis vexetais, algúns de tallos entrecruzados, outros de follas planas aguzadas, de entrelazo moi aberto, etc. As basas, de perfil ático, descansan sobre un plinto que a súa vez o fai sobre as bancadas. Conserva tamén o beiril, ademais dun nutrido grupo de canzorros, os cales, na súa maioría son de tema xeométrico, aínda que tamén se



San Xurxo de Codeseda, exterior da ábsida

atopan algúns de tipo vexetal e unha cabeza de bóvido. Nos distintos tramos do semidecagonal ábrense cinco ventás de tipo completo. Todas elas presentan chambrana de billetes e arquivolta de baquetóns entre medias canas, decoradas con bolas. Os capiteis das columnas son todos de tipo vexetal, mostrando follas aguzadas uns, outros con pomas, rematadas en espiral, etc., algunhas con caulículos na parte superior e o capitel da ventá central ademais, cun personaxe que xorde entre a decoración citada. Os tímpanos das ventás, dende o máis ó norte, fórmulanse da seguinte maneira: o primeiro exhibe unha composición

<sup>24</sup> Inicialmente formada por nove arcos de medio punto, dos cales, cinco situábanse no tramo pentagonal, acollendo outras tantas ventas.



Codeseda: interior da ábsida

xeométrica, na que se distinguen dúas cruces de lazos, formadas pola unión de varios círculos e diferentes segmentos, que a súa vez quedan inscritas nun rectángulo; por riba daquelas un tallo sinuoso –ou quizais unha serpe–; nun dos laterais dúas flores e no outro, tres elementos moi erosionados<sup>25</sup>; o tímpano que lle segue organízase en tres rexistros, no superior volve a aparecer o tallo sinuoso, despois catro flores inscritas en círculo, e, finalmente unha sucesión de círculos refundidos; o seguinte desenvolve dous grosos bocelos –un deles soguedo– en forma de arco, ladeada por dúas medias canas, estando a interior

ornada con bolas; o que lle segue describe tamén unha arcada de grosso bocel, ladeada por dúas medias canas, das cales, a interior está decorada con pequenos froitos; o derradeiro tímpano atópase exento de ornamentación.

No interior do templo, en canto a ábsida, case se podería dicir, –salvando distancias– que estamos ante unha réplica da de Aciveiro. Así, ó igual que aquela, tamén agora se desenrola unha arcada que percorre o interior do presbiterio, aportándolle dinamismo o paramento mural. No tramo semidecagonal, do mesmo xeito que se viu no exterior, a sucesión de arcos acollen tamén aquí, os devanditos vanos de acusado derrame. Os arcos descansan naquel, en columnas superpostas –que recollen as presións da bóveda de forno nervada– de fustes lisos e capiteis vexetais; no tramo recto, non obstante, fano en mochetas ou canzorros decorados, os situados no centro, e no paramento, os dos extremos. O arco triunfal, en aresta viva, semicircular e dobrado, voltea, tras salvar unha liña de imposta<sup>26</sup>, sobre dúas columnas de fustes de tambores, capiteis vexetais e basas áticas. O capitel do lado da epístola ostenta follas nervadas de canle central perlada que rematan en espiral, dispoñéndose ademais na parte superior, pequenos caulículos; o seu oposto, presenta voluminosas follas nervadas aguzadas. No interior do presbiterio dispónse un arco faxón, tamén en aresta viva. Os capiteis das columnas deste último amosan: un, follas nervadas, aguzadas, con canle central perlado e pomas no envés, e sobre estas, pequenos brotes rizados; o outro, follas planas de remate rizado, mostrando algunhas pomas no envés, e na parte superior, novamente caulículos.

<sup>25</sup> Según Bango Torviso serían tres follas; na miña opinión, é posible que esteamos ante tres pequenas caveiras.

<sup>26</sup> A liña de imposta percorre o interior do presbiterio e incluso, o pano que da a nave, onde desenvolve unha decoración de tallos sinuosos.

**San Miguel de Castro** conserva algúns elementos significativos da primitiva fábrica románica, que se concentran, como vén sendo habitual, na ábsida. No exterior da mesma, aínda se poden ver, a pesar das modificacións sufridas, algunhas pezas do primitivo beiril e canzorros en forma de proa. No interior, un arco triunfal semicircular e dobrado, que apea en columnas de canon curto, da acceso ó presbiterio. Os capiteis<sup>27</sup> das anteriores, moi erosionados, amosan follas que se enroscan na parte superior onde adquiren maior volume, acollendo a súa vez pomas nos lados menores. Ó marxe de estes, compre destacar as pinturas murais do século XVI e principalmente –polo tema que nos ocupa– as dúas pías bautismais<sup>28</sup> de tradición medieval, que conserva. Unha de tipo semicircular gallonada con banda decorativa superior –compuesta por pequenos triángulos refundidos- e fuste liso. A outra, no exterior, de tipo cilíndrico tubular.

Da fábrica medieval de **Santa Mariña de Barcala**, dadas as profundas intervencións, tan só mantén a ábsida, de planta rectangular, e algúns fragmentos murais da nave. Respecto a primeira, exteriormente nas fachadas laterais, advírtense dous contrafortes de sección prismática –un en cada unha das anteriores– ademais de dous canzorros, realizados cun simple corte en proa. No testeiro ábrese un vano semicircular<sup>29</sup>, de tipo completo. Este presenta chambrana ornada con bolas e arquivolta de media cana –entre un filete e groso bocel– decorada, no trasdorso e intradorso, con pequenas bolas. Ambas roscas descansan sobre columnas acodilladas, de fustes lisos, basas áticas e con capiteis<sup>30</sup> de grandes follas

aguzadas con pomas no envés e caulículos na parte superior.

No interior do templo, merece reseña o gran arco triunfal –apuntado e dobado- que realza o acceso a ábsida. Paralelo a este, desenvólvese un faxón en aresta viva. Un e outro voltean sobre columnas entregas, con basas áticas e capiteis de estilizadas follas e escaso volume, que se entrecruzan e acollen pomas. Os seus ábacos impóstanse polo interior do presbiterio, marcando o arranque da bóveda, e no testeiro da nave, onde se observa unha decoración de pequenas follas redondeadas de terminación rizada, motivo que se repite nos ábacos das columnas do arco triunfal.

A tenor do exposto, tanto o caso de Codeseda como os de Acorados e Castro, situaríanse a finais do século XII, sendo Santa María de Barcala –tendo en conta o desenrolo apuntado do seu arco triunfal–, o exemplo mais tardío, datable entre os derradeiros anos do século XII e principios do XIII.

Agora, antes de pasar a ver os casos menos coñecidos, non se pode deixar de mencionar, exemplos con diferentes vinculacións estilísticas, tan interesantes como é o caso de Santa María de Frades –conservada case integramente– ou outros como o de Lagartóns, Orazo, etc., que, aínda que só conservan algúns elementos románicos, sen dúbida son testemuña da grandeza e relevancia artística da súa primitiva fábrica medieval.

**Santa María Frades** presenta nave única e ábsida rectangular. Na fachada occidental a máis dun fermoso rosetón medieval, desenrola unha portada ornamentada de arco de medio punto, composta por chambrana de flores

27 Moi similares ós de Barcala e a súa vez algúns desenrolados en Aciveiro.

28 A gallonada mide: 82 cm de alto e 91 de ancho; a outra, 49 cm de alto e 63 de ancho.

29 Segundo Bango Torviso, este vano estaría na liña dos de Goiáns (Lalín) ou Pescoso (Silleda)

30 Moi en consonancia cos de San Miguel de Castro, aínda que o modelo parece provir de Aciveiro



Frades: portada

carnosas e dúas arquivoltas de medias canas entre boceis, que descansan sobre columnas acodilladas con capiteis e basas áticas. O capitel setentrional amosa dúas ordes de follas aguzadas con canle central perlado e caulículos no remate superior; o meridional, unha gran folla nervada con terminación rizada que acolle unha poma no envés, flanqueada por dúas aves que apoian as patas no colar. O tímpano é unha peza semicircular, sen decoración. As fachadas laterais organízanse en tres rúas que xorden da disposición de catro contrafortes, entre os que se abren, en unha e outra, tres vanos e unha porta alintelada, destacando a setentrional, xa que contén restos dun epígrafe<sup>31</sup>. Ambas fachadas conservan

así mesmo o beiril e os canzorros, que se realizan cun simple corte en proa. No testeiro da nave, unha cruz patada unida a outra de lazos de San André –as dúas inscritas en círculo– rematan o ápice. A ábsida conserva nos laterais algúns canzorros en forma de proa e no testeiro unha ventá de arco semicircular. Esta ostenta unha arquivolta con aresta achafranada de billetes que apoia sobre dúas columnas, con capiteis de follas aguzadas con pomas e basas áticas.

No interior do templo, a nave atópase novamente dividida, neste caso, por dous pares de columnas, sobre as que voltean outros tantos arcos apuntados, que reforzan a bóveda de canón. As columnas desenrolan capiteis vexetais de grandes follas aguzadas nervadas, algunhas con remate rizado e outras con pomas no envés. A ábsida, que constitúe o elemento de maior interese, ábrese á nave mediante un gran arco triunfal semicircular, dobrado e en aresta viva. Paralelo a este, no interior do presbiterio, desenrólase un faxón moi semellante. Ambos arcos descansan sobre columnas entregas con capiteis ornados e basas áticas, que a súa vez, o fan sobre plintos en un banco corrido. O capitel setentrional do arco triunfal, único historiado, amosa, no frontal da cesta, unha figura con túnica pregada suxeitando unha cartela con ambas mans; nos lados menores, leóns de gran plasticidade, por conseguinte, a coñecida escena de Daniel entre os leóns. O capitel meridional, de tipo vexetal, desenvolve dúas ordes de palmetas semicirculares e moi planas, algunhas con decoración perlada e todas perfiladas cunha cenefa ancha. Respecto os capiteis do arco faxón, o do lado da epístola mostra grandes follas agu-

<sup>31</sup> Segundo Bango Torviso, nesta inscrición dunha soa liña pódese ler: *E. I. CC. VIII*, é dicir, "Era milésima duocentésima nona".

zadas con nervio central e pomas no envés, rematándose na parte superior con caulículos; o seu oposto, segue os mesmos presupostos, pero con palmetas. Finalmente mencionar a existencia dunha pía bautismal<sup>32</sup> de tradición románica, disposta ós pes da nave. A copa é de tipo semiesférico cunha banda en resalte no borde superior, o fuste, cilíndrico e liso. Estilisticamente, Santa María non evidencia relacións significativas con outros exemplos do entorno, así e todo, dende o punto de vista estrutural, aseméllase a Santa María de Xanza e sobre todo a Santa Cristina de Campaña (ambas no concello de Valga). En canto o programa escultórico, algúns dos capiteis ofrecen solucións certamente innovadoras, que xunto con peculiaridades construtivas, como o feito de combinar unha bóveda de canón apuntada, na nave, e outra de medio punto na ábsida, a converten nun exemplo moi interesante. A tenor disto, é factible pensar que Santa María de Frades foi produto de dúas etapas construtivas que pouco ou nada, se alongarían do século XIII.<sup>33</sup>

**San Xoán de Santeles** debido a diferentes reformas, como non é habitual, conserva tan só a fachada principal, cunha fermosa portada<sup>34</sup> de perfil semicircular. Esta presenta chambrana ornada con pequenos rombos en resalte e dúas arquivoltas. Destas, a exterior ofrece un goso toro, o que se abranguen pequenos arcos lobulados, entre os que se abren círculos moldurados de menor tamaño. A arquivolta interior exhibe un toro voluminoso, ladeado agora por medias canas decoradas



Frades: capitel interior do presbiterio

con pequenas bolas. Ambas roscas descansan sobre dous pares de columnas de fustes lisos, con capiteis ornados e basas de perfil ático. Os capiteis do lado sur ostentan: o interior, dous ordes de follas con pomas no envés e caulículos na parte superior; o exterior, similar pero con tan só un orde de follas, mostrando ademais nos ábacos, unha liña sinuosa. Os do lado norte, amosan: o interior, follas avolutadas con pomas no envés e nervio central perlado, sobrepostas de pequenas follas rizadas;

<sup>32</sup> Mide 70,30 cm de alto e 69 de ancho

<sup>33</sup> Según Bango Torviso a primeira etapa sería pouco antes do 1171, na que se levaría a cabo a ábsida e probablemente o arranque dos muros da nave; nun segundo momento, sen exceder o último cuarto do século XII, proseguiríase coa construción do templo. Yzquierdo Perrín, pensa que dificilmente o ano de 1171 poida indicar a data da construción do edificio, pois o apuntamento da bóveda, a decoración dos capiteis, etc, nos levan a cronoloxías posteriores.

<sup>34</sup> A portada de Santeles, ó marxe de outros exemplos cos que igualmente garda semellanzas, repite solucións desenroladas na portada norte de Camanzo, situándonos, polo tanto, no entorno mateano. A tenor disto, evidéncianse que o mestre de Santeles, ou ben coñecía perfectamente o exemplo de Camanzo, ou ben, tal como propón Yzquierdo Perrín, é obra do mesmo autor.



Santeles: Portada occidental / Tímpano

o exterior, pola súa parte, desenrola grosas follas aguzadas, sobre as que xorden pares de estilizadas volutas que parten unidas dúas a dúas do muñón central de cada cara<sup>35</sup>. O tímpano<sup>36</sup> presenta unha composición xeométrica en baixorelevo, conformada pola unión de tres cruces en aspa inscritas en círculo, entre as que se dispoñen outros dous pequenos círculos en resalte. Contén ademais restos dun epígrafe<sup>37</sup>. Contribúen a soste o tímpano dúas mochetas historiadas. A do lado norte

prefigura un personaxe con túnica longa que porta un libro aberto; a súa oposta representa unha curiosa figura, de corpo zoomorfo e cabeza humana de gran tamaño, tonsurada, volteada cara fora e cun brazo ergueito que suxeita un rolo<sup>38</sup>. A tenor do exposto, en base as vinculacións estilísticas, o exemplo de Santeles podería situarse a comezos do século XIII.

**Santo Estevo de Lagartóns** aínda conserva algunhas partes interesantes da antiga fábrica románica, tal como é o caso dun canzo-

<sup>35</sup> Os capiteis de manoxos de vástagos son certamente similares os de Escuadro [Silleda] e Goiáns [Lalín]

<sup>36</sup> O tímpano é moi semellante o de San Pedro de Ancorados e o de unha ventana da ábsida de Codesada, ambos exemplos estreitamente vencellados a Acivieiro [Forcarei].

<sup>37</sup> Segundo Varela Castro, coa seguinte lenda: "Culto divino: esta es la casa de Dios y puerta del Cielo. Gen. Cap. 28. Entraré, adoraré y alabaré su santo"

<sup>38</sup> Un exemplar similar atópase na portada setentrional de San Miguel de Eiré (Pantón, Lugo), coa que tamén manifesta coincidencias na composición decorativa do tímpano.

ro situado na fachada meridional ou dunha porta, con lintel semicircular sobre mochetas, na setentrional. Non obstante, será na ábsida onde se atopen os elementos de maior calidade. Deste xeito, no testeiro da mesma, ábrese un vano de medio punto que actualmente se atopa cegado. Aquel presenta arquivolta de aresta matada, decorada con dúas liñas de tacos e chambrana lisa. A primeira descansa sobre sendas columnas, de fustes lisos e monolíticos, capiteis certamente orixinais e basas áticas. O capitel meridional amosa unha figura zoomorfa, alada, con cabeza aguzada e corpo cuberto de escamas ou plumaxe, que semella agarrar coa boca a outra de menor tamaño – quizais represente un animal coa súa presa ou cría–; o setentrional, entre decoración vexetal de grandes follas de palmas, descobre unha figura humana de faccións redondeadas, nun lateral, e unha cabeza zoomorfa de longo pico ou fociño, na superficie mais ampla.

No interior do templo, volve ser a ábsida, a parte que esperte maior interese. Un gran arco triunfal, apuntado e dobrado, enmarca o acceso ó presbiterio. Aquel, de aresta achaflanada, voltea sobre sendas columnas, mentres que a dobradura, ornada con puntas de diamante, faino nunha sinxela liña de imposta que se estende polo testeiro da nave. As columnas, de fustes de tambores, ostentan capiteis e basas áticas. O capitel do lado do evanxeo, no lado orientado á nave, amosa unha figura humana con túnica pregada que ergue os brazos; no resto da cesta desenrólase unha escena que semella representar un raposo perseguindo un grifo. A figura do raposo ou lobo, repítese así mesmo no plinto desta columna. O capitel do lado da epístola presenta unha figura humana ataviada con túnica curta plisada, coas pernas e brazos abertos –en posición de aspa-, que



Lagartóns: capitel exterior na ábsida

suxeita coa man dereita un puñal, mentres que o seu brazo esquerdo, está a ser aprisionado por unha serpe. Os pés da nave consérvanse ademais dúas pías bautismais, inda que é difícil discernir se pertencen a época medieval. En canto ó templo, queda patente que San Estevo é un claro exemplo de transición, no que conviven fórmulas románicas do século XII, xunto a solucións máis avanzadas, que nos levan o XIII.

**Santo Tomé de Ancorados** posúe, case sen alteracións, a primitiva fábrica medieval. Así, na fachada occidental desenvólvese unha portada semicircular, con chambrana de media cana decorada con bolas entre baquetóns e arquivolta tórica, entre medias canas e listeis. Esta última descansa sobre sendas columnas de fustes lisos, con capiteis vexetais e basas





Lagartóns: capitel interior na ábsida

áticas. O capitel sur organízase en dous rexistros: o inferior de follas aguzadas, o superior, con pomas; o norte, tamén en dous niveis, pero en este caso os dous de follas que se unen cada dúas e acollen pequenas pomas. As fachadas laterais conservan a meirande parte dos canzorros, en xeral de tema xeométrico, se ben, tamén se atopa unha cabeza de bóvido. A ábsida, de planta rectangular, ostenta un vano semicircular no testeiro. Aquel presenta chambrana acanalada e arquivolta tórica entre medias canas. Ambas roscas descansan en columnas de fustes lisos, con capiteis ornados e basas áticas. O capitel norte exhibe dous ordes de voluminosas follas con nervaduras, mentres o sur, contén dúas estilizadas aves afrontadas. No piñón do testeiro áchase ademais unha antefixa composta pola unión



Santo Tomé de Ancorados: portada

de dúas cruces caladas –unha grega e outra de lazos–, inscritas en círculos. No interior do templo, a ábsida concentra a maior riqueza arquitectónica e ornamental. Un arco triunfal de aresta viva, apuntado e dobrado, da acceso ó presbiterio. Aquel voltea sobre sendas columnas entregas, con capiteis vexetais e basas áticas. O capitel norte organízase en dúas ordes de follas con froitos; o sur, con follas voluminosas enlazadas, que rematan en espiral.

No interior do presbiterio, un faxón, moi similar ó triunfal, que tamén voltea sobre columnas entregas. O capitel norte de aquel, de gran plasticidade, amosa no rexistro inferior apertadas follas aguzadas e no superior, follas con pomas. A basa de este lado, con garras nos ángulos, exhibe ademais unha sucesión de pequenos arcos. O capitel sur, igualmente

en dous rexistros, mostra follas planas afrontadas con decoración perlada, as dos ángulos, e todas, rematadas en espiral. A basa, neste caso, presenta unha orla de pequenos dentes de serra en resalte e garras nos ángulos. Finalmente mencionar a existencia dunha pía bautismal<sup>39</sup> de tradición románica. A copa é semicircular de tipo semiesférico, con borde superior refundido e fuste cilíndrico, con cruz inscrita. Santo Tomé de Ancorados é un templo de difícil interpretación, xa que, dende o punto de vista estilístico non se atopa especialmente vinculado a ningún outro do entorno. Non obstante, en base ó exposto, estaría ben situado a comezos do século XIII.

**San Pedro de Orazo** é un exemplo complexo debido as importantes modificacións que foi sufrindo ó longo do tempo. Actualmente o conxunto mais interesante compóñeno unha serie epígrafes de orixe medieval, que se conservan nos paramentos do interior. Trátase dun total de sete pezas con inscricións, que se analizan aquí, tomando como referencia base o estudo previo realizado por Bango Torviso. No muro meridional existe un gran perpiaño (180\*34 cm.), co seguinte epígrafe: IN HONOREM : SCI : SLBTORIS. S MARIE (...) / PTRI ET PLI E OMIV SCM RODERIC (...), sendo a súa lectura: *In honorem sancti Salvatoris sancte Marie/Petri et Pauli et Onmium Sanctorum Rodericus*. Sobre este emprázanse outros dous, de menor tamaño. O mais occidental (37\*33 cm.), transcríbese: APIM / FE-CIT; e a súa lectura podería ser: *¿apimorum? / fecit*. A peza mais oriental (61\*40 cm.), contén a seguinte inscrición: ERA CXXIII / OBI FAM DI FER (...) / (...) KLS DMBR / (...). A súa

lectura<sup>40</sup>, neste caso: *Era centesima vigésima tertia/obiit famulus dei Fernandus (...) calendarum decembris (...)*. No presbiterio, no muro meridional hai tamén restos de epígrafes. Nun pódese ver un “A” e sobre ela, unha “P”; e baixo o mesmo, “PBR S : F”. A súa lectura sería: *Presbiter fecit*. Na parte superior de este muro, “GA P”, ademais de unha cruz. Na parte oriental, outro perpiaño contén a lenda: (...) RIS : SCM : PTRI : ET PLI : ET OMIV, sendo a súa lectura: *¿Salvatoris? Sanctorum Petri et Pauli et omnium*. Finalmente, na porta da sancristía, existe unha peza<sup>41</sup> alongada, a modo de lintel, con decoración sogueada, que, sen dúbida, lévanos a unha etapa anterior á dos epígrafes, verosimilmente en torno o século X. A tenor disto, evidenciase que o templo é resultado de diversas etapas construtivas, sendo a primeira campaña, debedora dun primitivo templo prerrománico, en torno o século X; posteriormente levaríase a cabo a construción do templo románico, e para concluír, en época moderna, entre outras reformas, a fachada occidental e torre.

**San Cristovo de Remesar** é un templo de difícil interpretación, pois ademais de numerosas reformas, padeceu un incendio (1999), que afectou a gran parte do inmovible. A fachada occidental conserva emporiso, a portada medieval, de arco lixeiramente apuntado. Esta presenta chambrana de catro filas de tacos e arquivolta de media cana entre listel e baquetón. Unha e outra descansan sobre columnas de fustes lisos e capiteis moi erosionados. En canto a estes, o meridional amosa dúas figuras humanas de medio corpo, sostendo unha delas, un libro; o setentrional, exhibe neste caso

<sup>39</sup> As súas dimensións: 72,5 cm de alto e 69 de ancho.

<sup>40</sup> Para Bango Torviso, a derradeira liña é ilexible, Bouza Brey porén a interpreta como segue: *VII Rudericus fecit*.

<sup>41</sup> Segundo Yzquierdo Perrin, o fragmento podería formar parte dunha mesa de altar. Este mesmo autor, considera que a planta de San Pedro, reitera o esquema da basílica compostelán, difundido nunha serie de templos ó redor do ano 900.



Orazo: inscrición no interior do presbiterio

decoración vexetal a base de grandes follas con pomas no envés. O tímpano decórase con pequenas cruces, quizais debidas a unha intervención posterior. Na fachada setentrional, mantén aínda algúns canzorros xeométricos. No interior da nave, atópase unha pía bautismal<sup>42</sup> de copa gallonada. En base a plástica dos capiteis e o arco apuntado, Remesar semella ser obra de principios do século XIII.

A igrexa de **San Xurxo de Veá** é unha obra de factura moderna, non obstante, nos seus muros inda é posible descubrir a reutilización de pezas pertencentes ó primitivo templo medieval. Precisamente na fachada meridional

do presbiterio, hai algúns elementos con decoración de billetes, posiblemente procedentes dunha arquivolta, e no testeiro, distínguense así mesmo pequenas marcas de canteiro no paramento. No entorno da igrexa, áchase un sepulcro antropoide de tradición prerrománica e unha mesa de altar, ademais dun canzorro de cabeza de bóvido. Xa no interior, descóbrense a peza de maior interese, trátase dunha pía bautismal<sup>43</sup> de copa cilíndrica, sen base. O mais destacado desta é un epígrafe organizado en dúas bandas que abrangue o perímetro da copa. A pía está fixada o chan, de aí a dificultade de completar a súa lectura, non obstante,

<sup>42</sup> Mide 67 cm. de alto e 86 de ancho

<sup>43</sup> Dimensións: 90 cm. de alto e 125 de ancho.



Remesar: portada exterior /tímpano

Bango Torviso, tomando como fonte un debuxo conservado polo párroco de entóns, a transcribe de este xeito: SCI SPS. GRA. PUR C... INFANCIUM CRIMINA /CLXLVIII / A. ET K. IVNII OR. DIC M. F. No mesmo documento recóllese a lectura seguinte: Sancti Spiritus gratia purgat infancium crimina. *Era MCLXXXVIII et quotum Kalendii iunii. Ordonius dicitur magister fecit.* Na interpretación expónse era de 1198, o que equivale o ano 1160.

Xa para ir rematando este percorrido polo románico estradense, é interesante deterse nunha serie de exemplos, certamente menos estudados e polo tanto, menos coñecidos, que sen dúbida contribúen a engrandecer o numeroso patrimonio que alberga este concello.

**Santa Mariña de Agar** foi receptora de importantes modificacións, que complican notablemente a súa interpretación, con todo,

conserva aínda algúns elementos interesantes da antiga fábrica románica. A planta orixinal era de nave única e ábsida rectangular, non obstante, con posterioridade foron engadidas dúas novas estancias: unha na fachada setentrional, a modo de capela, e outra, na ábsida, dedicada a sancristía. Na fachada occidental, salvo unha posible reutilización de perpiaños, nada queda xa da primitiva portada medieval. A meridional, porén, contén algunhas pezas relevantes no beiril, ademais de oito canzorros. En canto as primeiras, chaman a atención as máis occidentais, xa que presentan unha rica decoración de vástagos sinuosos, no canto das outras, que son de cobixas en chaflán recto. Respecto ós canzorros, a meirande parte teñen un tratamento xeométrico, executados cun sinxelo corte de proa, aínda que tamén se acha un de modillóns e outro que representa



San Xurxo de Veá: Pía bautismal

unha cabeza humana, actualmente moi erosionado. A fachada setentrional é a que padeceu maiores alteracións<sup>44</sup>, aínda así, ó igual que a meridional, conserva algunhas pezas do beiril, neste caso ornadas con roleos, e varios canzorros en forma de proa. A ábsida, que se une directamente á nave, mostra unha singular amplitude, evidencia dunha posible intervención posterior. Non posúe nin xanelas, nin canzorros, nin pezas decoradas no beiril, máis no muro meridional, áchase unha peza de grandes dimensións, decorada cunha cruz de lazos cun círculo secante, posiblemente un lintel dunha porta. No ápice do testeiro da ábsida perdeuse a antefixa, pola contra, no da nave, aínda se pode ver a figura erosionada dun año recostado.

No interior do templo, na nave non se atopan elementos de gran interese, salvo a presenza de algúns “canes” –que axudarían a soportar a antiga cuberta- e no muro setentrional, restos dun epígrafe moi erosionado, no que se pode ler: “Ocho Misas / (...)”, seguramente en relación á edificación da capela desa mesma beira. Na anterior, mencionar tamén a existencia dunhas pinturas datables en torno ó século XVIII. A ábsida é, indubidablemente, a parte máis interesante de Santa Mariña. Aquela ábrese á nave mediante un arco triunfal de medio punto dobrado<sup>45</sup>, que voltea sobre dúas columnas de fustes de tambores, con capiteis e basas de perfil ático, elevadas en pequenos plintos cuadrangulares. O capitel, da beira da epístola

<sup>44</sup> Debido á anexión dunha capela de grandes dimensións, que provocou a perda de boa parte do muro.

<sup>45</sup> O arco triunfal mostra evidentes alteracións, que fan dudar de que na súa totalidade corresponda a factura medieval, sendo máis probable que o primeiro pertenza a unha intervención posterior.

la, amosa dous rexistros de follas aguzadas con pomos e un par de follas de maior tamaño nos ángulos; o seu oposto, exhibe as mesma decoración, pero agora nunha só orde. O tratamento dun e outro resulta moi sobrio e carente de plasticidade, sendo así mesmo curioso, o feito de non conservar ou posuír colar.

Santa Mariña é pois un templo peculiar, que non presenta similitudes destacables – dende o punto de vista estilístico-, con outros exemplos do seu entorno. O beiril, tendo en conta a conxunción de elementos xeométricos e figurativos, encadraríase nos de tipo transitivo<sup>46</sup>, polo tanto, datable ó redor do último cuarto do século XII. O perpiaño ou lintel da ábsida, tería unha cronoloxía semellante, xa que coincide coa época de maior expansión na provincia de Pontevedra, dese tipo de ornamentación nos tímpanos. Ora que, no caso dos capiteis da ábsida, o seu tratamento plástico, dada a súa sobriedade, denotan a influencia de fórmulas cistercienses, polo que, de cara a concretar unha cronoloxía para Santa Mariña, situala a comezos do século XIII parece ser o máis acertado.

A igrexa de **Santa Baia de Pardemarín** presenta unha factura moderna, acorde cos postulados do Neoclasicismo, que, superficialmente, pouco ou nada ten que ver coa tradición románica. Non obstante, nun estudo máis pormenorizado, tanto no exterior coma no interior, áchanse diversas pezas, que sen dúbida, mudan o razoamento inicial. Neste senso, e precisamente no entorno do templo, onde imos atopar a primeira de esas pezas. Trátase dun capitel<sup>47</sup> de grandes dimensións, con colar e decoración vexetal, en bo estado

de conservación, aínda que moi erosionado e cuberto de liques. O exemplar componse de voluminosas follas aguzadas e avolutadas, que semellan entrecruzarse na parte superior.

Xa no interior da igrexa, albégase a peza de maior interese, unha pía bautismal<sup>48</sup> que na actualidade funciona como soporte da mesa do altar do presbiterio. Cómpre destacar este exemplar, tanto polo tratamento decorativo, como pola gran calidade técnica en canto á execución. Aquela é de tipo semiesférico e fuste oitavado e liso. A decoración da copa organízase en tres bandas que se abranguen ó contorno. A banda superior presenta, enmarcada por dúas orlas ornadas con sinxelas aspas, unha sucesión de flores carnosas de botón central, entre as que se descobre unha pequena cabeza humana. A banda intermedia atópase moldurada pero non ostenta motivos ornamentais. E finalmente, na inferior, orixínanse franxas en resalte lixeiramente oblicuas, que alternan con outras afundidas, as que se sobrepoñen parellas de froitos. Nos muros do templo advértense, así mesmo, diferentes marcas de canteiro, ó tempo que outras representacións, como unha parella de círculos dobres en resalte ou unha circunferencia cercada por outras de maior tamaño. Á marxe destas, cabe sinalar a existencia dun fragmento de arquivolta – decorada con bolas entre baquetóns-, inserido no muro norte. Uns e outros, sen dúbida, produto da utilización de pezas ou perpiaños procedentes do primitivo templo medieval. Por último, mencionar a existencia dunha peza igualmente aproveitada. Trátase dunha pequena columna con capitel –perforado na

<sup>46</sup> Tipoloxía según a clasificación de Bango Torviso

<sup>47</sup> Na ábsida de Santa María de Loimil, existe un capitel moi similar ó de Pardemarín.

<sup>48</sup> As súas dimensións son: 87 cm. de alto e 91,5 de ancho.



Agar: Capitel, interior da ábsida

parte superior–, que na actualidade funciona como pía de auga bendita.

A tenor do exposto, podemos constatar a existencia dun inmobile precedente de factura románica, o cal, en base ó tipo de decoración –flores carnosas, bolas, etc.–, poderíase datar ó redor do derradeiro terzo do século XII.



Pardemarín: pía

Finalmente non quixera deixar de mencionar unha serie de pezas de tradición medieval –na súa maioría pías bautismais–, que nos suxiren a presenza de antigos templos románicos, dos que xa non nos chegaron mostras arquitectónicas, como é o caso de Berres, Tordo ou Souto. ☺

## Bibliografía

- BANGO TORVISO, Isidro (1979) *Arquitectura románica en Pontevedra*. A Coruña.
- BOUZA BREY, Fermín (1929-30) “Epígrafes medievales de la iglesia de Orazo”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, Nº 221, pp. 117-119.
- BOUZA BREY, Fermín (1947) “Epígrafe funerario medieval en ladrillo de Orazo”, *Cuadernos de estudios Gallegos* (VIII), pp. 713-715.
- CASTILLO LÓPEZ, Ángel del (1972) *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. A Coruña.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. “San Pedro de Ancorados”, *Faro de Vigo*, 12-XII-1974.

- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "Santa Mariña de Barcala", *Faro de Vigo*, 21-IV-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "San Martiño de Riobó", *Faro de Vigo*, 11-II-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "San Miguel de Moreira", *Faro de Vigo*, 19-VIII-1973.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "San Tomé de Acorados", *Faro de Vigo*, 27-XII-1974.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "Santa María de Frades", *Faro de Vigo*, 22-III-1975.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "San Miguel de Castro", *Faro de Vigo*, 10-I-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "Santiago de Tabeirós", *Faro de Vigo*, 19-II-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "Santa María de Loimil", *Faro de Vigo*, 15-I-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito. "Santa Lourenzo de Ouzande", *Faro de Vigo*, 24-I-1976.
- DE SÁ BRAVO, Hipólito (1978) *Las Rutas del Románico en la provincia de Pontevedra*. Pontevedra.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1985) "San Estevo de Oca", *III Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1988) "San Juan de Santeles", *VI Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, pp. 61-62.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1992) "Santa María de Loimil", *X Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, pp. 119-120.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1995) "San Pedro de Acorados", *XIII Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 46.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1995) "San Tomé de Acorados", *XIII Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 45.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1996) "San Martiño de Riobó", *XIV Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, pp. 63-64.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1997) "Santa María de Frades", *XV Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, pp. 77-78.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1998) "San Estevo de Lagartóns", *XVI Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 79.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1998) "San Lourenzo de Ouzande", *XVI Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 78.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1998) "San Miguel de Castro", *XVI Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 74.
- FONTOIRA SURIS, Rafael (1998) "San Miguel de Moreira", *XVI Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, pp. 75-76.
- FONTOIRA SURIS, Rafael, (2001) "Santa Mariña de Barcala", *XIX Ruta cicloturística del Románico Internacional*, Pontevedra, p. 64.
- NEIRA BALOIRA, Constantino (1968) "La iglesia románica de San Miguel de Moreira y sus capiteles historiados", *Compostellanum*, XIII, pp. 359-363.
- HOYO, Jerónimo del [1950], *Memorias del arzobispado de Santiago*, Santiago de Compostela.
- LUNA SANMARTÍN, Xosé (1999) *A Estrada románica*. A Estrada.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (2007) *A Estrada rural*. Pontevedra.



- SÁNCHEZ AMEIJERAS, Rocío (2003) "Ritos y visiones: el tímpano románico en Galicia (1157-1230)", en Sánchez Ameijeiras, Rocío; Senra Gabriel y Galán, José Luis (coords.) *Tímpano Románico: imágenes, estructuras y audiencias*. pp. 47-71
- VALLE PÉREZ, Xosé Carlos (1982) *La arquitectura cisterciense en Galicia*. A Coruña.
- VARELA CASTRO, Pedro (1923) *La Estrada*. Santiago.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1979) "Iglesias románicas de la tierra del Deza con arcos lobulados", *Museo de Pontevedra*, XXXIII, pp. 3-14.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1983) "Arcos lobulados en el románico de Galicia", *Museo de Pontevedra*, XXXVII, pp. 217-234.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1995) "Arte Medieval (I)", *Galicia.Arte*, X. A Coruña.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón; Manso Porto, Carmen (1995) "Arte Medieval (II)", *Galicia.Arte*, XI. A Coruña.



# Do Leste ao Oeste: encontros profesionais, novas paisaxes

FÁTIMA BRAÑA REY

*Universidade de Vigo*

Este artigo ven paliar unha débeda coa Revista *Adra* e os meus compañeiros do Consello de Edición.

Xa hai tempo que quería escribir unhas páxinas para *Adra* mais o tempo que pasa rápido e as ganas de deixar espazo e lugar para outras experiencias foi pospoñendo a tarefa de escritura ata esta edición.

Nesta edición non podía deixar de escribir, pois debo atender á petición dos meus compañeiros, mais tamén porque poucas veces atopamos relatos das actividades de difusión e tremendamente gratificantes de seren investigador e profesional no ámbito dos museos. O 2009 foi para min un ano no que primou as ganas de compartir traballos realizados e que tiveron ata ese momento pouca visibilidade, tanto ao público en xeral, como entre a comunidade académica e profesional. Desde xeito tiveron a necesidade de expoñer e contrastar cos profesionais e en distintos foros internacionais o meu traballo e as perspectivas das que parto no meu labor profesional. Outro obxectivo foi, sen dúbida, dar difusión ás iniciativas nas que participo, ben como traballadora ben como colaboradora. Así foi que no outono do ano pasado concentrei catro grandes citas para conseguir estes obxectivos.

E resumirei brevemente as viaxes, encontros e debates que deron sobre todo dous deses catro eventos profesionais.

Tiven a grande sorte de que o meu traballo fora seleccionado para participar en encontros de profesionais da Antropoloxía como o *IV Congreso da Asociación Portuguesa de Antropología* co tema *Classificar o Mundo* celebrado no mes de Setembro en Lisboa ou o *XVII Congreso de Estudios Vascos* desenvolvido sobre o tema *Innovación para el progreso social sostenible* celebrado en Vitoria-Gasteiz no mes de Novembro. Estes encontros servíronme para encontrar a compañeiros e compañeiras que había tempo non vía, tivemos tempo para debater, para revisar cuestións profesionais e intercambiar as nosas inxerencias. Obviamente de aquí saíron cuestións que espero vexan a luz en vindeiras edicións e que sirvan para difundir aínda máis esta revista<sup>1</sup>, e claro está a imaxe do Museo do Pobo Galego.

Mais o que para os meus compañeiros e para min tiña grande interese era compartir a experiencia e as conclusións tiradas a partir dos encontros aos que asistín tamén o ano pasado, pero nesta ocasión focados cara aos profesionais e accións vencelladas cos Museos.

<sup>1</sup> Entre estes contactos foi importante corroborar o intercambio coa Revista *Ankulegi de Antropoloxía Social* que no Congreso presentou o número de homenaxe a Teresa Del Valle.

Había tempo que tiña certa inquedanza por asistir a encontros internacionais de profesionais dos museos e tras seleccionar aquelas convocatorias que se axustaban ás miñas inquedanzas enviei as miñas propostas e ti ven a sorte de que seleccionaran o meu traballo e así ser admitida en dous encontros que se levaron ao cabo no ano 2009 baixo os auspicios do ICOM.

Para as persoas que traballan e colaboran cos museos habitualmente son ben coñecidos os obxectivos e as actividades do ICOM e dos seus comités, mais quizais conviña explicar, se quer brevemente, os acrónimos que van ler e os seus significados en relación ás principais organizacións internacionais en materia de patrimonio cultural e especialmente no ámbito dos museos.

As siglas ICOM responden a International Council of Museum. O Comité Internacional de Museos é unha organización non gubernamental cunha relación formal coa UNESCO e, ao tempo, tamén é órgano consultivo del Consello Económico e Social das Nacións Unidas. Por outra parte, o acrónimo UNESCO respoستا á Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

A organización do ICOM é complexa xa que consta de comités nacionais protagonistas das accións e actividades do ICOM nos 115 países nos que están presentes, os comités rexionais que agrupan a distintos estados nunha mesma organización, as asociacións internacionais e finalmente os comités internacionais. Os Comités Internacionais son grupos profesionais compostos exclusivamente por membros de ICOM. A súa peculiaridade reside en que traballan no estudo dun tipo específico de museo ou dunha disciplina museolóxica. Hai comités internacionais cos in-

tereses máis variados desde os que agrupan ao sector da indumentaria pasando polos de ciencia e tecnoloxía mais os que son agora de interese son dous:

- A etnografía que agrupa aos profesionais e a práctica profesional dos museos que reciben nomes diversos como museos de antropoloxía, etnoloxía, etnografía, das culturas populares, os folk museums... pero que coñecemos e re-coñecemos ben xa que unha das súas características e centrarse na representación de culturas completas máis que nun só tipo de representacións materiais. En definitiva, este comité recibe o nome de International Committee for Museums of Ethnography (ICME) e nos últimos anos ten centrado a súa actividade en relación con temas como os museos nas sociedades multiculturais, culturas indíxenas e os museos, patrimonio intanxible e un longo etcétera que sería difícil de anotar.
- O ámbito da discusión, investigación e práctica en xestión nos museos nun contexto internacional realízase no International Committee on Management (INTERCOM). O INTERCOM ten un amplo espectro de intereses que inclúen a dirección, financiación, xestión de recursos humanos e económicos dos museos, as leis internacionais entre outros asuntos relacionados coa xestión nos museos.

Pois ben, unha vez que nos situamos no entramado de organizacións internacionais que agrupan aos distintos profesionais dos museos ben por áreas de interese, ben por áreas temáticas ou ben por prácticas concretas continuo co relato do meu periplo e coas

conclusións e declaracións aos que tiven o privilexio de asistir.

## Museos pola reconciliación e a paz- Seul (Corea do Sur)

Como viña dicindo, consciente de que no ano 2009 o ICME volvería a retomar os seus encontros internacionais, solicitei ao Comité Organizador a miña inclusión no programa e The National Folk Museum of Korea tivo a ben convidarme ás xornadas que se desenvolveron na súa sede xunto cunha viaxe de tres días organizada para todos os asistentes nas que puidemos coñecer unha parte do patrimonio cultural de Corea do Sur.

Como dixen, The National Folk Museum of Korea foi o noso anfitrión na convocatoria do ano 2009 para o Congreso dos profesionais dos museos etnográficos convocatoria focada sobre o título *“Museos para a reconciliación e a paz: o papel dos museos etnográficos no mundo”*.

Un tema que se explica por un grande interese por potenciar os valores da paz e desenvolvemento nas Nacións Unidas, nun tempo no que os conflitos armados contabilizados no informe Alerta 2009! Realizado pola Escola de Cultura de Pau chega a 31 no final do ano 2008.<sup>2</sup>

Tampouco podemos esquecer que Corea é un país dividido en Corea do Norte e Corea do Sur por obra e graza do reparto xeoestratéxico tras a Segunda Guerra Mundial tomando como referencia o paralelo 38. Mais na actualidade, a raíz da guerra do 1950-1953 aínda hai unha zona de seguridade desmilitarizada e fortemente custodiada polos exércitos do Norte e do Sur. Tampouco hai un tratado de paz

asinado polas partes en conflito de maneira que podemos dicir que Corea do Sur é un país en guerra latente. De aí a importancia do tema proposto para os nosos anfitrións e sen dúbida para todas as persoas que participamos no encontro.

Como se pode imaxinar a expectación por coñecer un país tan alonxado do meu entorno mais a certeza de ir á busca de coñecer experiencias de compañeiros e compañeiras procedentes dos distintos recunchos do mundo foi, para min, unha motivación e unha realidade que tomou forma no mellor dos escenarios posibles.

Situado no Gyeongbok Palace o Museo Nacional de cultura popular de Corea ocupa un gran recinto con tres edificios maxestosos e interconectados que tamén son a sede do National Children`s Museum of Korea.

Desde o primeiro momento todo o equipo do Congreso: dirección, estudantes, asesores, o Consello do ICME, Comité científico, persoal do Museo... fixeron da nosa chegada e estadia unha experiencia chea de regalos en forma de demostracións da cultura coreana. Mais se cadra poderei falar das distintas representacións que tiveron lugar durante o Congreso, agora cómpre enunciar brevemente as achegas dos diferentes participantes no evento.

As conferencias inaugurais viñeron por parte dos Estados Unidos de América, Noruega, Xapón e Corea e tivemos oportunidade de coñecer as iniciativas internacionais en relación cos museos da linguaxe, o papel dos museos e os festivais, a peculiar responsabilidade dos museos etnográficos na promoción da paz, a lexislación e protección do patrimonio cultural inmaterial, o modelo coreano na

<sup>2</sup> Alerta 2009! É o Informe sobre conflitos, dereitos humanos e construción da paz que deriva dun estudo anual que realiza a Universitat Autònoma de Barcelona a través da Escola de Cultura de Pau.

salvagarda do patrimonio cultural inmaterial e finalmente, o exemplo dos rituais chamanistas como exemplo do papel que poden xogar os museos etnográficos para a paz e a reconciliación respectivamente.

As ponencias repartíronse en oito seccións nas que os temas foron os museos nacionais, o rol dos museos e coleccións etnográficas, a reconciliación e a paz, a educación, as aplicacións tecnolóxicas, a diversidade e un par de apartados para englobar distintos aspectos dos museos etnográficos como son a análise da antropoloxía estrutural en relación co seu servizo cara a humanidade, experiencias en relación coa multiculturalidade e poboacións locais na súa representación e actividades nos museos locais...

A lista de participantes e contribucións é longa pero destacarei ter podido compartir en Seul experiencias con compañeiros do Museo Nacional de Estonia, do Vodjan Museo en Croacia, o Museo Nacional de Mongolia, Museo Etnográfico de Tajikistan, Museo Histórico da memoria en Guatemala, o Museo Nacional das Culturas en México e compartir experiencias sobre a integración entre a poboación xudía e árabe en Israel, repensar o papel dos museos etnográficos no século XXI ou como a antropoloxía e a etnografía teñen cabida nun museo e poden axudar á poboación en momentos de conflito.

Cómpre dicir que os distintos materiais actas, revistas, libros e diferente material están á disposición do lector na biblioteca do Museo do Pobo Galego, baixo as normas de consulta e préstamos establecidas polo departamento.

Por último só cabe comentar algunha nota sobre o percorrido e os lugares que tiveron ocasión de visitar e a actividades que puidemos facer.

O Museo Nacional de Cultura popular de Corea é un gran museo no que a exposición vai introducindo ao visitante na cultura coreana actual a través da tradición e da volta ao pasado, mais sempre, desde o presente. É o museo etnográfico da capital dun país que, como di Annette Fromm presidenta do ICME, é rico en patrimonio cultural tanto tanxible como intanxible. E isto é algo que puidemos apreciar grazas a que o Museo Nacional da Cultura popular de Corea foi quen de sumar esforzos e convidarnos a gozar do seu patrimonio cultural.

Tivemos oportunidade de visitar palacios como o Changdeokgung e os seus xardíns en Seul, templos como a gruta Seokguram que garda a imaxe de Buda máis grande labrada en pedra e o templo Bulguksa rexistrado como patrimonio cultural da humanidade, a indumentaria tradicional co desfile e inauguración da exposición da colección de traxes hanbok doados por Lee Rheeza, ver e practicar a danza de máscaras tradicional de Andong Hahoe tamén declarada patrimonio cultural inmaterial, gozar coa súa gastronomía co Heotjesabap e o Bibimbap, formas tradicionais de producir (cerámica, viño, arroz), de ensinar, o estilo de vida confucianista e budista a partir da visita as ancestrais construcións da aldea de Andong Hahoe, as dinastías e as familias nobres, as vellas aldeas, as vellas formas de construír... ás herdades das distintas invasións e por suposto tamén tivemos ocasión de gozar da segunda cidade máis grande do mundo en número de habitantes Seul. Unha cidade increíble chea de sorpresas que sitúan ao visitante entre a tradición e modernidade nunha fusión espectacular aos meus ollos.

Un país que se preza de construírse e refacerse en 50 anos non podía deixar de lado o



No auditorio do Museo dos Nenos de Seul presentación da comunicación O Museo do Pobo Galego como contedor de valores



Danza tradicional de máscaras de Andong Hahoe

patrimonio cultural e a imaxe que puiden alcanzar foi que en Corea do Sur economía e política van da man e entenden a importancia do estudo, difusión e potenciación do patrimonio cultural, como unha ferramenta de identidade, unha mostra de desenvolvemento e como recurso turístico pero, tamén, como medio para mostrar as diferentes influencias da cultura coreana contemporánea e súa fortaleza.

### **Museos: traballando en colaboración- Torreón, Estado de Coahuila (México)**

Se en Corea tiña as miñas expectativas centradas no coñecemento directo de experiencias de investigación e actividades nos museos etnográficos do mundo, a viaxe a México tiña para min dous obxectivos fundamentais. Coñecer por fin o Museo Nacional de Antropoloxía de México e poder coñecer de primeira mano a experiencia na formación e xestión dos museos comunitarios.

Obviamente, como ocorreu na viaxe a Corea, a realidade superou con moito as miñas inquiredanzas e puiden coñecer experiencias de museos de toda América que foron tremendamente enriquecedoras e sobre todo puiden ter un primeiro contacto con México, un país que sobre pasa calquera idea previa que un poida ter.

O primeiro que debo dicir é que unha viaxe rápida con moito traballo e cun programa apretado como a que fixen non deu para facer unha exploración suficiente mais conseguín o obxectivo de ter o primeiro contacto e isto, para min, nesta viaxe foi suficiente. Espero poder volver e profundar nas actividades e fondos do Museo Nacional de Antropoloxía así como coñecer no terreo os traballos de colegas mexicanos, principalmente no estado de Oaxaca.

Dito isto cómpre comentar algunhas notas sobre o principal destino da miña viaxe. A cidade de Torreón é unha das máis novas de México. Recentemente cumpriu un século no ano 2007. É unha cidade próspera instalada na comarca lagunera que ocupa partes dos estados de Coahuila e Durango e que recibe o nome pola confluencia dos ríos Nazas e Aguanaval nunha zona semidesértica. Torreón é unha cidade ubicada nunha chaira con pequena elevacións como o Cerro das Noas enclave turístico que formaba parte do programa social do Congreso xa que ten unhas magníficas vistas da cidade e da área metropolitana, ademais de mostrar o Cristo das Noas que se compara co de Brasil e de Colombia.

Hai que agradecer que durante todo o Congreso a organización fixo o esforzo de realizar un evento no que toda actividade estivera relacionada co patrimonio cultural de Torreón. Así as sedes foron cambiando para as conferencias plenarias, os almozos e xantares e tamén no caso das ceas e festa de despedida na que no faltou a demostración de que os Mariachi son realmente un espectáculo participativo. No momento en que saíamos da sede, o Museo Arocena, tiña preparado para nós unha visita a un museo ou centro de interese. Puidemos visitar o Museo da Revolución, o Museo dos Metais, o teatro Nazas e o teatro Isauro Martínez, o Cerro de las Noas, o Canal de la Perla e por suposto o proxecto da Casa Arocena e o Museo Arocena, anfitrión de todo o evento.

O Museo Arocena é o museo da cidade de Torreón e está ubicado no antigo edificio do Casino de La Laguna. É un museo moi novo, de recente inauguración. Abriu as súas portas no ano 2007 e conta cunha exposición contemporánea que mostra a colección de arte da Fundación Arocena e a historia da cidade





**Foto 3:** Poñentes nas aulas do Edificio Arocena. Torreón. De esquerda á dereita Silvana Gesualdo da Casa LAMM, Fátima Braña Universidade de Vigo, My Lin L. Cruz do Metropolitan Museum of Manila e Gustavo Macedo da Casa Chihuahua.

e as súas capacidades culturais, produtivas e humanas.

As súas instalacións e as da Casa Arocena, contigua ao antigo casino, déronnos acollida durante tres intensos días de exposicións, debates, conferencias e actividades. Coido que Intercom 2009 é o encontro de profesionais máis activo ao que asistín. Cada intervención e participación foi seguida polas preguntas e suxestións dos asistentes algo ao que non estaba acostumada nos distintos foros nos que participara con anterioridade e nos que a participación do público é moi escasa se é que se produce.

Cada día comezamos as sesións da mañá e da tarde cunha conferencia plenaria que organizou as sesións en tres eixos, un por cada día

de congreso: *museos e xestión, museos e públicos e museos e educación*. En relación a estes tres argumentos puidemos atender a experiencias variadas e tremendamente enriquecedoras de museos como o Museo de Belas Artes de Budapest, Museo de Arte Moderno de México, a Galería de Arte de Bos Aires, o Lituanian Sea Museum, o Museo numismático nacional (México), o Museo de los Metales, a Casa Chihuahua, o Museo Reyes Meza, o Museo del Desierto, Metropolitan Museum of Manila, Casa LAMM, Museo Nacional Sicán de Perú, Estonian History Museum, Pinacoteca do Estado de São Paulo, Museum and House of Culture Tanzania e un longo etcétera, xunto con profesionais de universidades, fundacións, medios de comunicación e outros organismos que vin-

culan a súa actividade á creación e difusión da cultura a través dos museos.

Todo o encontro en Torreón tivo o seu punto de apoio na conferencia que deu David Fleming, Presidente de Intercom e Director de National Museums Liverpool, baixo o tema da diversidade nos museos. Desde o contido desta conferencia e das achegas dos conferenciantes e compañeiros abriuse un debate a cerca da importancia e seriedade que deben asumir os museos en relación a súa responsabilidade social. Desde estes debates e intereses abriuse paso e tomou forma a *Declaración de Torreón* que insta aos museos a traballar pola promoción da diversidade e polos dereitos humanos.<sup>3</sup>

A **Declaración de INTERCOM para a promoción dos dereitos humanos** nos museos di así: “INTERCOM cre ferventemente que é unha responsabilidade fundamental para os museos, sempre que sexa posible, ser unha institución activa na promoción da diversidade e os dereitos humanos, respecto e igualdade para todas as persoas, sen importar orixe, crenzas e procedencia”.

Chegar a este acordo foi unha tarefa conxunta que foi posible por un magnífico ambiente de compañerismo e por uns bos anfitrións.

Mais o broche final a este encontro foron as excursións dun día que ofertou á organización. Eu escollín, grazas á recomendación de compañeiros do Museo de Arocena, ir ao Valle de Cuatro Ciénagas no Deserto Chihuahuense. Esta viaxe foi a miña achega a unha reserva ecolóxica declarada *área natural* mexicana, o descubrimento da tartaruga bisagra e as algas endémicas estromatólitos e ao deserto



A poza azul no Valle de Cuatro Ciénagas.

en estado puro... unha fantástica choiva de novas percepcións.

## Os balances ao final da viaxe

En Corea do Sur demos cun grande choque cultural que facía que tiveramos que reformular calquera actitude e a interacción coas persoas no paseos fóra das actividades programadas polo Congreso. Evidentemente o choque foi minimizado por unha organización tremendamente eficiente e atenta ás necesidades duns pobres occidentais carentes da educación e gusto oriental. No caso de Torreón o contraste cultural existiu, mais a proximidade da linguaxe basicamente común, xunto con multitude de referentes compartidos entre a maior parte dos participantes, fixo que o in-

<sup>3</sup> O texto da conferencia de David Fleming está colgada na páxina web de INTERCOM así como os datos máis relevantes e algúns contidos do Congreso: <http://www.intercom.museum/index.html>

tercambio de ideas e experiencias fora aínda mais frutífero, e tamén, tremendamente agradable debido a un equipo de traballo entrañable que deixaron a súa enerxía por atender aos seus convidados e facer da nosa estancia en Torreón un acontecemento inesquecible.

Quero desde aquí darlles as grazas a ambos comités organizadores e a todas as persoas que traballaron desde estudantes ata directores de museos por facer posible uns encontros tan entrañables e enriquecedores persoal e profesionalmente. 🙏

### **Bibliografía:**

- VVAA. (2009) Proceedings of ICOM-ICME 2009 Seoul Conference. The National Folk Museum of Korea.
- HIN KWANG-SEOP (Ed.) (2009) The National Folk Museum of Korea. The National Folk Museum of Korea, Seoul.
- KONXEVIK, Adriana (Coord.) (2004) Etnografía. Museo Nacional de Antropología. México. Lunwerg Editores. México.



# Unha achega á cultura da auga

*(Infraestruturas e acordos para o uso da auga na ladeira leste da Parroquia de San Martiño de Bueu)*

MANUEL ALDAO PORTAS  
SALVADOR CASTRO OTERO

*Amor de auga lixeira,  
muiñeira.  
Amor de auga tardeira,  
ribeira.  
Amor de auga florida,  
cantiga.  
Amor de auga perdida,  
ña amiga.*

Álvaro Cunqueiro

## Introdución:

A vida é un misterio, unha rareza, acaso un malabarismo de Deus. Naceu e transcorre asociada a catro elementos básicos, como se fosen encarnacións simples dos elementos telúricos. Ás veces, gústanos pensar que xurdiu dunha festa á que o osíxeno e o hidróxeno, felices dos seus enlaces, convidaron ao carbono e ao nitróxeno. Será que os dados, os dados eses dos que falaba Einstein, se rebelaron, tal vez, simplemente, se revelaron, nas mans dun demiúrgo e comezaron a deslizarse coma un canto rodado.

Por iso a auga é inseparable da vida, por iso continúa apegada a ela mesma, como parte mesma, e soña, soña coa inmensidade e materialízase en océano, cobiza da sal e transita como bágoa, desexa ser arteria e transubstanciase en río, imaxínase repouso e acóllese nun lago.

Porque as palabras son unha tatuaxe da alma, visitaremos lugares cheos de hidrónimos (Regodagua, A Golvada, O Regueiriño, As Molladiñas, Regos, Fontebieita, Fondiagas, Freixa, Meiro...), verbas que materializan non

só nun espazo físico, senón tamén un espírito, unha cultura manifestada en cantares, en danza, realidades profundas que, por razóns de espazo, quedarán fóra do noso estudo.

A auga é un ben escaso, mesmo, quen o diría, nunha zona de intensas precipitacións como a Península do Morrazo. Rodríguez (2003: pax:58) apuntaba:

“É crenza xeneralizada que Galicia por estar situada á beira do Atlántico e disfrutar dun clima oceánico, caracterizado polas súas abundantes precipitacións, non necesita regadío para as súas terras de labor. A chuvia –segundo esta opinión– suporía o mellor rego natural por aspersión. Sen embargo, se analizamos a distribución das pluvias ó longo do ano apreciamos a existencia duns meses de forte estiaxe en xullo e agosto, precisamente nos meses de maior insolación do ano, os de maior temperatura. Este fenómeno meteorolóxico fai que a evaporación teña unha intensidade superior á humidade que reciben os solos neses meses.”

A oscilación das precipitacións obrigou, dende sempre, a regular o regadío pero esta necesidade aumentou polo rápido espallamento dun novo cereal: o “*millo gordo*” ou “*millo americano*”. Este fenómeno da natureza, capaz de acadar máis de tres metros de altura aos tres meses de ser sementado, precisa imperiosamente da auga para o seu completo desenvolvemento. Dende a súa arribada a finais do século XVII, ata xa entrada a década de 1960<sup>1</sup>, foi a base da alimentación do campesiñado galego e do seu gando. Obter unha boa colleita supuña garantir o pan para o consumo familiar, a alimentación para gando e mesmo a posibilidade de satisfacer outras necesidades coa venda do gran sobrante. É natural pois que se dedicasen a este cultivo grande parte das terras útiles e, incluso nalgúns puntos, que se transformasen as partes máis baixas do monte en novas plantacións deste cereal. Non pode, logo, estrañar que dende mediados de xuño a mediados de setembro, tempada de pleno crecemento do millo e de menos caudal dos mananciais, a auga, elemento vital, estivese sometida a un rigoroso reparto<sup>2</sup>.

Os homes, cando os recursos son escasos, están condenados ao enfrontamento ou á cooperación. Non somos uns inxenuos que pensemos que as colisións son sempre evitables, nin que o compartir estea exento de conflitos, pero, no tempo en que o Premio Nobel da Paz fala extensamente para xustificar a guerra, no que o vello pseudoaxioma segundo o cal “si



Millo gordo

vis pacem para bellum”, parece estar de moda, nós queremos expresar, case cantar, aos acordos entre iguais como forma de solucionar as carencias e ás xeracións que –con innumerables problemas, sen dúbida– foron quen de dotarse dunhas normas, dunhas ferramentas e dunhas infraestruturas para aproveitar polo ben de todos a auga.

O noso traballo vaise circunscribir a algúns pagos<sup>3</sup> da ladeira leste da Parroquia de San Martiño de Bueu, ás aldeas da Portela, Meiro, A Casela, Xexide, A Graña e Trasouto. Aínda que existen outros ríos e lagos como o de Currás con todo o seu rico folclore<sup>4</sup>, o de Menla ou o de Quintáns, limitarémonos a describir o aproveitamento da auga nos río do Bispo e no río da Portela e nos lagos da Fenteira, do Navalíño e de Fontebietia e Vilariño. Para iso

1 A forza do millo é tal na cultura da auga nesta zona que, mesmo nun documento tan tardío como Portela [1995], no que se elimina a quenda por non ser necesaria dado o abandono do campo, sinálase: “Lo que se pide encarecidamente es que haya el máximo respeto de unos vecinos con otros y que se siga dando preferencia en el riego al CULTIVO DEL MAÍZ.” [O subliñado e as maiúsculas están no orixinal].

2 Tal era así que nalgunhas leiras a cantidade de auga recibida era realmente irrisoria.

3 Sabemos que a forma “pago”, non é de uso normativo, non obstante, no noso traballo imos conservalo pois no galego de Bueu está vivo e claramente diferenciado de campo(s), leira, veiga, etc. Por outra banda non se trata dunha influencia dos documentos, redactados en castelán, pois é un termo que non aparece.

4 É curioso como o propio folclore resalta a importancia dos lagos como elemento nuclear da comunidade. Abonda con lembrar algúns fragmentos das lendas: “No monte que limita co lago de Currás foi construída unha das primeiras casas de Meiro” [dato arqueoloxicamente falso]; “din que eran tres irmás, unha estaba no lago de Currás, outra no da Cisterna e outra no da Codillosa. Tamén din que se chamaban unhas ás outras, e así falando foi como se fixo o mundo” SÁNCHEZ CIDRÁS [1997]

5 Era depositario do documento o regante con maior superficie de terreo.

recorremos a distintos documentos<sup>5</sup> (vid. bibliografía)<sup>6</sup> que dende 1891<sup>7</sup> ata 1995 recollen os distintos acordos, a entrevistas con veciños protagonistas desta historia consuetudinaria e á propia observación das infraestruturas no presente momento.

## 1. As fontes de auga e as súas infraestruturas:

Para poder regar, os nosos antepasados recorreron aos ríos e regatos e tamén a un conxunto enorme de mananciais feito que implicou a construción de pequenos encoros, chamados, no noso entorno, lagos, para poder almacenar a auga.

**1.1. Os lagos** son un exemplo de aproveitamento das condicións do terreo e da economía na resolución dos problemas. Eran erixidos, polo xeral, no mesmo lugar do nacemento do manancial aproveitando un declive do terreo, ampliado cando era preciso; levantábase logo con rebos ou perpiaño unha parede de contención cun boqueiro para o control da saída da auga. Cando non é posible a construción *in situ*, procurábase na contorna un lugar axeitado, sempre coa idea de que o propio terreo axude a conter o líquido evitando así a realización de grandes obras. Non obstante, existen algúns lagos levantados totalmente



Lago de Currás

con perpiaños, sobre todo se a auga procede dunha fonte pública, pois nestes casos, adoita acontecer que o encoro estea lixeiramente afastado. Nalgunhas ocasións pode ocorrer que a mesma auga sexa compartida por dous lagos, como acontece coa da Fonte da Graña que abastece ao lago da Casa da Pedreira e ao da Parenta. Para lograr tal reparto construíase unha lousa cun canal en forma de “Y”, permitindo así unha distribución equitativa.

**1.2. As presas:** Para poder levar a auga dende o río ou dende o lago ata as leiras máis afastadas foi preciso desenvolver unha rica rede de canles, chamadas entre nós presas.

<sup>6</sup> A partir de agora mencionaremos os documentos, tamén chamados “tandos” porque indican as “tandas”, polo nome do lugar e a data de redacción, por exemplo Fenteira (1915).

<sup>7</sup> Aínda que o documento máis antigo que manexamos é Portela (1891), en todos eles, aparecen referencias á acordos anteriores, por exemplo neste mesmo documento de 1891 di: “según costumbre de antiguo, las aguas de este prorratoe pasan a sazonar los terrenos...”. Algúns deles son máis precisos e remiten a textos anteriores, así no referido ao lago da Fenteira (1915), lemos: “procede a la formalización previo examen de todos los antecedentes, especialmente el prorratoe verificado extrajudicialmente de mayo de mil ochocientos noventa y cuatro”. Quizás o máis curioso destes escritos sexa o de Vilaríño (1907) no que ademais de referir un texto de 1850, sinala unha interesante circunstancia que nos remite a 1785:

“Por herencia del difunto D. Pascual Juncal de Juncal que segun consta de otras partijas anteriores, los llevadores de la misma les hicieron gracia y donación por instrumento que paso *haberá unos sesenta y cinco años [hoy haberá ciento ventidos]*”.

Outro dos aspectos salientables destes textos é o constante esforzo por mostrar o aspecto amable dos acordos así, no do Navaliño (1941), sinálase: “Enterados todos los interesados de la presente operación efectuada *por la vía amigable* y extrajudicialmente”, mesmo no de Portela (1915), o agrimensor expresa: “con ello doy por terminadas estas operaciones que he practicado bien y fielmente, *sin ánimo de perjudicar a ninguno de los interesados*”. Non podemos ignorar, por outra parte, a importancia como testemuños dun tempo, por exemplo, en Navaliño (1941) pódese ler: “En prueba de ello firman todos los que saben hacerlo por si y a ruego de los que no saben...”. Asinan o documento só oito dos propietarios, sobre un total de vintecinco, todos varóns. [Os subliñados son nosos]



Canal da Fonte da Graña

Malia tratarse de sinxelas construcións, na maior parte das veces simples sucos de terra afianzados con rebos, responden a unha profunda sabedoría capaz de superar as dificultades dadas pola orografía e pola escaseza de terreo, téñase en conta que nun afán de aproveitalo ao máximo construíanse socalcos con pequenos muretes para conter a terra e suavizar os declives.

As presas eran distribuídas polas partes altas do terro, mantendo, iso si, inclinación dabondo para garantir a circulación. Da canle principal<sup>8</sup> saída do lago ou do río, van a aparecer outras secundarias que á súa vez se ramificarán constituíndo un intenso e fermoso entramado, mostra do enxeño dos nosos antecesoros, que permitía a chegada do líquido a todos os recunchos.

Algunhas destas construcións chegan a medir máis de tres quilómetros. Nestes longos percorridos é frecuente que atravesen ou



Canle de Regodagua

descorran por camiños públicos ou de servizo, por testeiras de veigas e mesmo ás veces por chousos e eiras. Estes tránsitos normalmente estaban limitados a unha tempada ou días concretos.<sup>9</sup>

Non podemos deixar de citar un exemplo curioso; na aldea da Graña, no barrio da Pedreira, a presa que regaba os Carballiños, hoxe en desuso como a maioría delas, pasaba moi pegada a parede da cociña dunha casa, como o chan era terreño, as toupeiras provocaban que a auga se escapase e mesmo chegase a inundar o recinto. Por sorte para o propietario este derito só tiña vixencia nun período de tempo moi cativo.

Apuntabamos antes que do río saen varias canles a unha e outra beira, a distancia moi variable pero coa garantía de que, aínda ao tapar á de arriba, o caudal do leito principal, ao chegar á seguinte, sería dabondo para seguir regando.<sup>10</sup>

<sup>8</sup> No caso do río teríamos que falar de varias canles principais como se apreciará máis adiante.

<sup>9</sup> É conveniente sinalar que o uso destas presas non se limita ao tempo do verán pois tiñan como gravame o seu funcionamento como desaugues pluviais.

<sup>10</sup> Cando nun punto do río as presas saen á mesma altura, durante a quenda, cada beira ten regulado o tempo de uso.





Lago de Perpiaños

As presas estaban artelladas de tal xeito que as augas sobrantes ían sempre desembocar ou nunha presa maior ou no río. Existía cada cen ou cento cincuenta metros unha canle vertical encargada da súa recollida, así evitábase causasen danos. Grazas a este intelixente deseño adquiriron outra misión nada pequena, a de servir como desaugues pluviais.

Ás veces, esta rede de presas, pola existencia dalgún obstáculo natural ou artificial, requiría de obras máis importantes como a construción de acuedutos máis sofisticados como canles de pedra sobre muros para salvar os vans, ou sistemas de sifóns de perpiaños para permitir o paso dun lugar ao outro e salvar así o desnivel, por exemplo dun camiño ou dunha estrada, e poder regar as terras do outro lado situadas nun nivel superior.

A existencia de todas estas infraestruturas esixía uns labores de mantemento e limpeza. Para tal fin estaban destinadas unhas datas, nalgúns casos, acordábanse ano a ano,

noutros estaba fixado no propio documento, por exemplo en Fenteira (1915) podemos ler:

“El primer Domingo del mes de Junio de cada año, los regantes participarán la limpieza de los lagos donde se estancan las aguas y cauces de riego [...] haciéndolo los propietarios de las que por donde pasan en sus respectivas fincas”;

e en Vilariño (1907):

“preveniendo que los estanques de dichas aguas, cursos y demas por donde aian de conducirse, an de limpiar y ponerse corriendo domingo antes de San Benito y concurriendo todos los llebadores esta operación, a las cuatro de la tarde”.

A importancia destes traballos era tal que nalgúns documentos chegan a fixarse sancións para os que non acudían, así en Vilariño (1907) aparece consignado o seguinte: “y el que faltare será castigado con la pena de cuatro reales con los más gastos a que diere lugar”. En Fenteira (1994) podemos ver: “Se recuerda a todos los dueños de las fincas que tienen la obligación de ir a limpiar los lagos y presas, para tener derecho a su riego” o que implica a privación do dereito no caso de non acudir.

## 2. O reparto da auga:

Ademais da materia prima, ademais das infraestruturas era preciso unha vontade de acordo, unha conciencia clara de que compartir é, con seguridade, a forma máis perfecta de superar a necesidade. Eran imprescindibles unhas normas flexibles, ricas en matices, fecundas na optimización dos recursos.


Deterémonos un pouco en explicar as complexas regras que rexían este corpus consuetudinario. O primeiro que convén aclarar é que a auga, precisamente polo irregular das precipitacións, non estaba sempre regulada do mesmo xeito, podía ser libre, da apañota<sup>11</sup> ou estar en quenda.

Dicimos que a auga é libre cando calquera pode levala, abonda con conducila e colocar un ramo<sup>12</sup> verde para indicar que se estaba regando. Que fose libre non implica que non estivese suxeito a algún tipo de norma, por exemplo, había a obriga de permanecer no campo, xa que de non ser así, calquera outra persoa podía apropiarse dela.

Cando a auga era da apañota, os levadores acudían a un punto para poder participar do reparto, quedando excluídos do mesmo os non comparecentes. Repartíanse o tempo a partes iguais; e era o primeiro en regar o que antes tivese comparecido no lugar e procurábase seguir a vez polas leiras máis achegadas para un mellor aproveitamento.

A quenda regulaba, loxicamente, a época de maior escaseza, coincidente, como xa sinalabamos antes, coa de crecemento do millo. Dada a complexidade e riqueza de matices deste sistema ímolo desglosar un pouco:

- O obxectivo fundamental destes acordos era o de que cada ferrado de terra regado polo mesmo surtidor recibise a mesma cantidade de auga.
- O cereal non só ten que ser cultivado, senón que tamén debe ser moído, polo que no casos dos ríos cun caudal axeitado, era preciso establecer o tempo dedicado aos



Navaliño (1941)



Lago de Navaliño

<sup>11</sup> Os dicionarios recomentan a forma rapañota e consideran a forma apañota como un dialectalismo non recomendado. Sucede que na nosa zona rapañota e apañota non significan o mesmo, a primeira implica un reparto disputado e a segunda en colaboración polo que imos manter a forma "apañota" no noso traballo.

<sup>12</sup> Este costume do ramo, non rexía para a pradería.

<sup>13</sup> Non é de estrañar pois a rica literatura asociada ao muíño, como as cantigas populares, tan cheas de dobre sentidos como por exemplo: "Fun unha noite ao muíño, / nin botei nin apañei; / perdín a cinta do pelo, / eso foi o que gañei".



Mapa das presas do Río Bispo

muíños. Normalmente éranlle asignadas as noites<sup>13</sup>.

- Marcaban a duración do tempo de quenda, en xeral era o verán, pero nalgúns casos podía durar todo o ano.
- Determinaban se se regaba por pagos ou por propietarios. As veces era un proceso sinxelo pois no lugar existía un só propietario por leira como se pode observar en Navaliño (1941), pero noutras a decisión era complexa posto que había que optar entre regar unha paraxe con distintos propietarios –Fenteira (1994) ou Portela (1915)– ou propiedades distantes– Fenteira (1915).

- Marcaban a duración das quendas, cinco días, doce días, etc, e o tempo de rego para cada pago ou propietario durante a mesma. Nalgúns casos indicábase a hora de comezo e final, por exemplo en Portela (1891): “le corresponden veinticinco minutos, que tomarán desde la una y media y un minuto, hasta las dos menos cuatro minutos de la noche”
- Establecían se o reparto das horas de día e noite era fixo ou ben había modificacións<sup>14</sup> para que fose menos gravoso o traballo nocturno.
- Tamén se encargaban de determinar se a orde de rego era sempre a mesma ou variaba, así por exemplo en Paradela (1917) recóllese que: “los años pares toca el agua de arriba para abajo y los impares toca de abajo para arriba”, en Fenteira (1941) lemos unha norma aínda máis complexa: “de tal manera que si dá principio el riego por las porciones de terreno pequeñas, estas no pueden volver a fertilizarse en las otras tandas hasta que terminen de hacerlo en todas las demás de la lagarada y viceversa, continuando así hasta la finalización del tandeo de verano”.
- Por outra parte debían recoller os dereitos de aqueles terreos que, sen formar parte da quenda regular, tiñan dereito a participar da auga, asignándolle normalmente uns días fixos, como pasa no caso do Foral de Santa Clara recollido en Fenteira(1915).

### 3. Descrición do rego en ríos e lagos

A continuación imos describir como cada unha destas normas se aplicaban nos ríos e lagos da nosa contorna.

<sup>14</sup> Normalmente existían repartos de doce horas que permitían un perfecto intercambio de día e noite.

### 3.1. O río Bispo<sup>15</sup>

Malia ser a arteria principal de regadío, non nos foi posible obter demasiada información escrita<sup>16</sup>, polo que os datos que aquí ofrecemos foron recollidos oralmente.

Durante a maior parte do ano a auga destinábase a mover os trinta e seis muíños asentados á súa beira<sup>17</sup>, pero os sábados estaban dedicados á pradería e ás veigas a herba. Cando a abundancia o permitía, era posible moer e regar a un tempo.

A partir de mediados de xuño, o millo que se sementara en abril, sobre todo nas leiras da parte alta de Meiro e da Casela, precisaba auga, así que os muíños tiñan que compartila, para eles as horas da noite, fonte de lendas e amoríos, para o millo as do día, fonte de cohesión social.

A presa que arrancaba na paraxe do Sabugueiro (no mapa 1) regaba toda a parte alta da aldea de Meiro, a Lagarteira, as Cregas, o Ruso, atravesaba a que é hoxe a estrada a Ermelo e chegaba aos Cobelos e ás Fondiagas entre outros. Nalgúns tramos a auga desta presa compartía leito coa dun ou máis lagos e os regantes marcaban cunha pedra o nivel da auga no punto de separación, e ese era o que tiña que manterse unha vez desviada a auga, que se incorporara ao leito, para que cada un levase, aproximadamente, a cantidade que lle correspondía. Cando o caudal do lago baixaba da metade da capacidade e empezaba “*a cansar*”, restaurábase o nivel e facíase o mesmo cando se esgotaba e “*cansaba*” de todo. Na



Muíño da Presa

paraxe da Crega temos un bo exemplo desta realidade.

A toma da Golvada (no mapa 2) chegaba a regar terras de Xexide.

O encalco do Bao (no mapa 3) regaba as Caselas de arriba e de abaixo, e as Paradelas. O documento Paradelas (1917) ofrécenos unha información moi interesante desta paraxe dunha superficie de 61 ferrados con 25 varas<sup>18</sup>, en primeiro lugar o horario de 6,30 da mañá a 6,30 da noite, momento en que a auga ía para os muíños, en segundo lugar a circunstancia de que a estes pagos só lles corresponde o dereito a regar os días 4, 12, 20 e 28 de agosto e o 5 de setembro. Como nun día non era posible regar todo o pago, as fincas do catro, non regaban o doce e así sucesivamente, isto implicaba que lle correspondía a cada ferrado trinta minutos cada 15 días.<sup>19</sup>

15 O Río Bispo como outros ríos galegos vai recibindo distintos nomes segundo o lugar polo que pasa, así, por exemplo, chámase Canudo cando pasa por este lugar. Como curiosidade podemos contar que nace en Fontebieita en Ermelo, ao pé dun antigo priorado polo que recibe o nome de Frade, de modo que podemos dicir que é o único río do mundo que nace frade e morre bispo.

16 Tan só dispoñemos do documento Paradelas (1917) do que falaremos cando cheguemos a ese pago.

17 Hoxe existe un roteiro de sendeirismo que permite visitar estes muíños. Algúns deles foron rehabilitados e o Muíño da Presa e a súa contorna acollen a maior parte das actividades que en torno é recuperación do “millo corvo”, unha variedade escura, practicamente desaparecida, desenvolve a Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro.

18 Establecemos a equivalencia da vara en 7,37m e a do ferrado en 64 varas, como é costume no lugar. Polo que temos unha superficie aproximada de 2 ha, 88a e 56ca.

19 Temos para a presa do Canudo, de xeito oral, a mesma referencia, o que nos leva a pensar que é xeral en todo o río.



Presa do Canudo

A represa da Freixa (no mapa 4) abastecía os Pereiros, de arriba e da baixo.

Nestas canles do tramo alto do Bispo, a auga era do máis madrugador, dicíase que era “*da apañota*”. Íase ao río, conducíase, e no punto de desviación espichábase un ramo verde, indicando que estaba regando. Había interese en ser o primeiro porque tiña a vantaxe de que, ao tempo que lle puidese corresponder no reparto, sumáballo e conseguido ao quitárllela aos muíños antes da hora, se estes estaban a pa. Por outra banda, ao ser de madrugadora non había tanta evaporación e aproveitábase máis. Ese afán de ser o primeiro obrigáboas incluso a velar ao pé da presa. O resto dos concorrentes repartían o tempo entre eles, dende as oito da mañá ás seis e media da tarde, cando a auga tornaba ao río para moer. Xa comentamos que era o máis madrugador o que antes regaba e procurábase que o segundo fose o que tivera a leira máis preto do anterior e así sucesivamente con tódolos demais, para evitar a perda de tempo no desprazamento do líquido.

Do tramo medio saían as represas do Canudo, tanto a que marchaba para o Costa-

do e a Devesa (no mapa 6), como a da ladeira da Graña (no mapa 5), nos paraxes de Regodauga, Coto, Mantonas, Morada, Reis, Carcua, Navaliño, Aldeavella, Casales, Primadona, Carnicerías, Carballiño etc. Esta última tomaba a auga por riba do cubo do muíño, hoxe restaurado, chamado da Presa precisamente pola importancia desta condución.

Por ser maior a superficie a abastecer, esta auga no tramo medio estaba máis repartida. Seguindo un réxime moi parecido ao antes descrito, de mediados de xuño ata o once de xullo, día de San Bieito, os levadores aparecían no río moi de madrugadora, arredor das cinco ou seis da mañá, cortábanlle o suministro aos muíños e conducíana para regar—eran frecuentes as queixas dos muiñeiros porque sostiñan que llela retiraban antes de tempo—. A primacía adquiríase por presenza e este feito coñecía baixo a expresión: “*levar a mañanada*”, polas horas comprendidas desde que se cortaba no muíño ata as nove da mañá. Este feito era tan rendible que había familias que se rotaban a durmir no río, ao pé da presa, para lograr este dereito.

O tempo desde esa hora ata as seis e media da tarde, cando tornaba aos muíños, era repartido do seguinte xeito:

Os levadores concentrábanse ás sete da mañá na paraxe de Regodauga, punto onde a canle xeral comezaba a ramificarse, e repartían o tempo de nove de mañá a seis e media da tarde entre os presentes, facéndolle unha parte, coma se tamén estivese alí, ao que levase a mañanada. Empezábase a distribución pola leira coincidente coa presa do primeiro, e se había que desviala para outra, separábase do reparto o tempo que se calculase necesario para que a auga percorrese ese tramo de desviación ata a leira do primeiro regante

deste novo curso. Así as veces que fose necesario.

O día de San Bieito a auga de todas as presas entraba en “*tanda*”<sup>20</sup> ata o oito de setembro, día da Nosa Señora de Darbo. Isto quere dicir que, a partir do once de xullo, cada leira destas ladeiras e paraxes mencionadas tiña predeterminado un día, unha hora e un tempo para regar.

Cada *pago levaba a mañanada* cada quince días, e no seu interior repartía a auga comezando pola leira máis afastada ou pola máis achegada ao leito, cambiando en cada vez. A orde mantíñase dun ano para outro. Como a memoria adoita xogar malas pasadas, xa se teñen dado casos nos que, na primeira quenda, comparecían ás catro da mañá no río o regante do principio e o do final, por non lembraren se o ano anterior rematara arriba ou abaixo. Se non chegaban a aclararse acudían, sobre a marcha, a preguntarlle a persoas que lles merecesen creto.

O día de Santiago de Ermelo, 25 de xullo, o Frade entraba noutro réxime. Os levadores do Canudo, cando lles tocaba regar, tiñan dereito a entullar todas as desviacións e a botar todo o caudal para abaixo, pois considerábase que os milleirais das partes altas xa alcanzaran madurez dabondo para non precisala e destinábase ás veigas da partes menos altas da ladeira.

No tramo baixo, en Trasouto (no mapa 7), atopamos a presa dos Anguiáns. As leiras destes pagos sementan dende mediados ata finais de maio e non acoden a auga da apañota, porque cando o millo está no momento de regar xa empezou o tempo de quenda.

Como o pago de Río do Bispo (no mapa 8), no que tamén se plantaba a finais de maio, era



Nacemento do Río Frade

pequeno, o rego non estaba regulamentado polo sistema da quenda, e funcionaba sempre pola apañota; o que o precisaba ía ao río e, se a auga non estaba tomada, levábaa, puña o ramo no *boqueiro* e regaba ata que acababa a leira.

### 3.2. O Río da Portela

Dispomos de tres documentos referidos as este río, Portela (1891), Portela (1915) e Portela (1995). O documento de 1915 é unha actualización –fundamentalmente dos nomes dos propietarios con algúns matices dos que logo nos ocuparemos– do texto anterior. O escrito de 1995 supón a eliminación do sistema de quenda, se ben como sinalabamos (vid., n2), sigue manifestando unha preferencia de rego para o millo.

20 Aínda que o castelán *tanda* é de uso común, nós preferiremos a forma *quenda* que usamos ao longo do noso artigo.



Fonte do Foxo

Este regato comeza a formarse pouco despois do lago da Fenteira, recolle as augas de cativos mananciais e do zumegar dos terreos e, sobre todo, as da fonte do Tombiño, tamén chamada do Foxo. Cando chega á ponte da Portela, baixo a estrada Bueu-Cangas, xa ten caudal dabondo para regar, mesmo no verán, sen necesidade de encoros.

Fertiliza os pagos de Devesa de Arriba, Pradiño, Veiga da Baixo, Lamesido, Costiña ou Novales, Casaldribe, Pradeira, Costaneira, Casiña Nova e Rabateiros, todos pertencentes á aldea da Portela. En total 116 ferrados e 14 varas<sup>21</sup>.

Repártese a pro rata a auga por propietarios, en quendas de cinco días, posto que establecen a alternancia noite/día, vixentes durante todo o ano, co que, a cada área, lle co-

rrespondían trece minutos. Dividen o horario de seis da mañá a seis da tarde para separar as horas do día das da noite, e, ao manteren a mencionada alternancia, así os que comezan a regar ás seis da mañá, na seguinte quenda fano ás seis da tarde.

Aínda que o acordo rexía todo o ano, o verán impón algúns cambios. Así o día 11 de xullo o río pasaba a regar os terreos de Costados e Redondos pois “según costumbre de antigo” tiñan dereito a ser “sazonados”. Fertilizábanse ambos a un tempo xa que un, O Costado, servíase do nacemento de arriba e o outro do de abaixo. Curiosamente no remate deste dereito é onde máis discrepan os textos, polo demais case iguais, como xa indicamos. O 1891 reza:

“Tan pronto como se hallen sazonados buelve a entrar esta auga en partija, principiando por el primer día de Tanda según está demarcado en el Prorrrateo, para cuyo objeto el primer llebador tiene obligación de tener cuydado en el día que termina de sazonar el Costado y Redondos, afín de que el agua no ande perdida, y si así no lo hiciese puede hacerlo otro llebador en esta agua ien ese caso principia la tanda por su día”

En Portela (1915) cambia a norma e comenta:

“Dará principio el tandeo expresado por el primer regante del primer día de aquel quien tendrá obligación de saber cuando se concluye de sazonar el precitado predio de Costado con tal objeto, empezando por la hora que le esta señalada y de pasar ésta

<sup>21</sup> Equivalentes a 5ha, 48a e 18ca.

sin verificarlo, podrá hacerlo el llevador o llevadores que le sigan en el mismo día.”

Deste xeito o dereito permanecía no mesmo día da quenda.

Outro aspecto significativo son as exclusións dalgúns terreos dentro da mesma contorna, así:

“La presa de Casiña Nova, o Casaldrife, riega todos los terrenos hasta llegar a la presa que va a las propiedades del Cochiño. La presa de Pradeira llega también a las propiedades de Cochiño, sin que estas tengan derecho a esta agua. Por la presa del Lamesido son comprendidos todos los terrenos del foral del Iglesiasario, terminando con un cuarto de ferrado en las propiedades que hoy lleba Benita Miranda y sus hijos.

Por la presa de la Devesa o Pradiño concluye en las fincas que hoy lleban Domingo Carballo, y Manuel García, púes los terrenos de los Longos no tienen derecho a esta agua. Y por las presa del Rabeteiro y la de Veiga de Abajo o Nobales son comprendidos todos los terrenos a donde pueda alcanzar el agua”.

### 3.3. *O lago da Fenteira*

Para a descrición do reparto da auga neste lago imos utilizar os seguintes escritos: Fenteira (1915) e Fenteira (1994). O documento de 1994 é moi interesante na medida en que mostra a pervivencia no tempo dos acordos consuetudinarios, porque reflicte con claridade os cambios acaecidos dende 1960: a diminución da superficie de cultivo e a perda de importancia do millo. A única modificación significativa que aporta é a eliminación da limitación horaria no rego, por iso, e porque



Presa



Lago da Fenteira





Fonte do Navaliño

é un texto de decadencia, centraremos a nosa descrición no modelo exposto en Fenteira (1915).

Máis que do lago da Fenteira temos que falar dos lagos da Fenteira, pois a auga –nada cerca da Esculca– é recollida por varios encoros. Este preciso sistema permite encher pola noite estes depósitos de xeito que nas horas de rego o líquido dos superiores vaia repoñendo nos máis baixos o utilizado para o rego, garantindo así que todos os levadores

teñan caudal dabondo<sup>22</sup>. A súa longa presa atravesa chousos e eiras e, grazas a un sistema de sifóns, logra superar a estrada Bueu-Cangas e abastece os pagos de Estrapuz de Arriba, Estrapuz de Abaixo, Foxo Naval, Veiga das Abesadas, Pereira de Arriba, Pereira de Abaixo, Cepillos, Evias, Prado da Veiga, Tiras da Viña, Navais de Arriba, Navais de Abaixo, Redauga, Pociñas, Salgueiral de Abaixo, Canexa e Padróns, unha superficie total de 171 ferrados con 12 varas<sup>23</sup>.

Distribuía a auga por propietarios e establecía quendas de 12 días o que implicaba un reparto de 21 minutos por cada área de terreo. Vixentes ata o día 8 de setembro, non tiñan data fixa de comezo pois estaba condicionada polo rego do foral de Santa Clara, no que nos deteremos despois, que comeza o 12 de Xullo. Contemplaba unha alternancia día e noite e, así mesmo, establecía que comezaran por aquelas leiras que fosen as últimas na vez anterior.<sup>24</sup>

Ademais dos pagos mencionados suxeitos ás normas anteditas, existen uns terreos cunhas prerrogativas especiais: as fincas de Estrapuz e Río da Trabe dispoñen da auga os días nove de dez de xullo pois quedan excluídas do reparto de verán, o Foral de Santa Clara, como xa apuntabamos antes, comeza a regar, en exclusiva, o día 12 de xullo ata rematar todo o predio e as leiras de Novales de Arriba e Pociñas só tiñan concedida auga para a metade da sementeira<sup>25</sup>.

### 3.4. Lago de Navaliño

Seguiremos para a descrición do funcionamento deste lago o documento Navaliño (1941).

<sup>22</sup> A eficacia deste sistema era tal que permitía regar dúas fincas a un tempo.

<sup>23</sup> Equivalentes a 8ha, 7a e 59ca.

<sup>24</sup> Lémbrese que, como xa foi mencionado anteriormente, era o tamaño das leiras e non a situación o que determinaba a alternancia.

<sup>25</sup> No documento aparece un dato curioso, por unha banda que non se inclúen dentro da superficie a regar o espazo ocupado polas construcións e eiras, pero en cambio si, a superficie expropiada para a estrada, pois paga rendas por ela.

No texto lese: “acordaron de mancomun hacer nuevo prorrateo de dicha agua entre los terrenos que tenían derecho a la misma”, o que implica a existencia de escritos anteriores.

Este lago está situado na beira do antigo camiño real que unía Bueu con Cangas, a uns poucos metros da fonte do mesmo nome erixida sobre o propio manancial. Rega un pequeno pago, tamén chamado así, de 14 ferrados con doce varas<sup>26</sup>. A estrada Bueu-Cangas seccionouno polo que houbo que construír un sifón de perpiaño<sup>27</sup> para poder pasar dunha parte á outra.

Establecen quendas de sete días. Comezan o domingo ás seis da mañá e rematan á mesma hora do domingo seguinte. O reparto é por propietarios e mantense estable todo o ano, sen alteracións día/noite nin na orde de comezo de rego. A cada área correspondíanlle 2 horas e 30 minutos.

### 3.5. Lago de Vilariño

Para o estudo do reparto da auga deste lago contamos cun documento feito polos propios levadores o 8 de xullo de 1907 (Vilariño, 1907). No texto manifestan que están de acordo coas bases e reparto establecidos nun anterior de 30 de xullo de 1850 elaborado por D. José Benito Gestido e que o novo documento só persigue actualizar o nome dos propietarios.

Este encoro, agora soterrado polas obras da estrada de Ermelo, foi construído moi cerca do manancial no lugar do mesmo nome.

No escrito, fan o apeo de todas as leiras cun resultado de 57 ferrados con 59 varas<sup>28</sup>. Correspondíalle a cada área 1h e 44 minutos de uso da auga.



Pazo de Santa Cruz

Fixan unha quenda de once días, vixente dende o 11 de maio ata o 8 de setembro, “según las costumbres de otras partijas y prorrateos anteriores provenientes desde tiempo inmemorial”.

Este texto dá testemuña dunha curiosa circunstancia, clara mostra do valor da auga, utilizada, neste caso, como forma de pagamento, pois inclúese unha lagarada de doce horas como graciosa doazón por defender uns dereitos e, ese pago, duraba xa máis dun século:

“Se comparte en tanda de honce días con sus noches incluso una lagarada que se compone de doce horas de las cuales siete para D. José Benito Arís y cinco a los herederos de José Benito Gestido maior, por herencia del difunto D. Pascual Juncal de Juncal que segun consta de otras partijas anteriores, los llevadores de la misma les hicieron gracia y donación por instrumento que paso habrá unos sesenta y cinco años (hoy habrá ciento ventidos)<sup>29</sup> poco mas

<sup>26</sup> 66a e 91ca, aproximadamente.

<sup>27</sup> As obras de ampliación da estrada de 1988 destruírono polo que levantaron un novo de formigón, agora abandonado.

<sup>28</sup> 2ha, 73a e 20ca, aproximadamente.

<sup>29</sup> Para ver o valor do dato cronolóxico, ver a nota 5.

o menos con motivo de haber tomado a su cargo la defensa de un rompimiento de perturbación cometido contra dicho inmemorial posición por parte de la casa de Santa Cruz de que hizo jurídica querrela de fuerza cuio instrumento de donación hecha a D. Pascual para siempre Dío fe Dn. José Benito Bermudez de Castro Escribano de N<sup>o</sup> de esta jurisdicción antigua de Cangas y la espresada querrela con las citas diligencias paran en poder del dicho Dn. José Benito Arís”.

## A modo de conclusión

Este artigo quere máis que saciar curiosidades, provocalas. Pretende ser unha pequena achega a un inmenso e non sempre ben ponderado legado. É unha homenaxe á capacidade dos nosos antepasados para coñecer a natureza e para aproveitar os seus recursos mediante infraestruturas de simple aparencia (os lagos, os sifóns, as redes de presas...) pero enormemente axeitadas ao fin para o que foron creadas; á habilidade para chegar a acordos flexibles, sutiles, xustos, para coa a terra e para con eles, sempre baixo a intención de non danar a ninguén.

“As augas son xentes”, dicía Derzu Uzala<sup>30</sup>. O Xefe Seattle<sup>31</sup> proclamaba que cada parcela de terra era sagrada e que o murmuro da auga era a voz do pai do seu pai e polo tanto había que tratala co mesmo agarimo co que se trata a un irmán. Son verbas de persoas que sentían a natureza, que se sentían na natureza. Os nosos antepasados tamén aprenderon a dialogar con ela, a comprender os seus cambios, tantas

vezes previsibles, a sentir os efectos das estacións, das horas do día. Ofrecer novos camiños á auga, cando non se lle impide ser, é unha forma de mostrar agarimo, por iso unha presa pode ser tamén un agasallo, acoller nun lago é unha oferta de fogar; que augas e campos, augas e cultivos se encontren sen dano pode ser, sen dúbida, unha declaración de amor.

Ás veces os homes dedican demasiado tempo ao cultivo das diferenzas para escavar trincheiras e non para ofrecelas como riquezas comúns. Convertemos a historia nunha terrible páxina de sucesos onde os heroes son os aniquiladores do próximo e avergoñámonos de mostrar o camiñar dos que buscan resolver os conflitos con acordos. Sabemos que a historia que contamos tamén está chea de picarescas e de traxedias porque ningún código pode evitalas totalmente pero debemos sentir un xusto orgullo da capacidade dos nosos maiores para chegar a acordos equitativos, con eles mesmos e coa terra –sagrada non o esquezamos–; acordos que implicaban traballos comúns, respecto polos dereitos alleos, polas diferenzas, porque cada pequeno pago era un mundo, pero sempre dentro do espírito de que compartir é o xeito máis perfecto de superar a necesidade.

Diciamos ao principio que máis que unha descrición este artigo quería ser un canto, aceptamos, pois, querido lector, as túas dúbidas, pero comparte connosco que, máis alá de inevitables intermitencias, o esforzo dos nosos antergos por adaptarse ao ciclos da natureza, por poñer en común os recursos é do “material con que se forxan os soños”. 🌱

<sup>30</sup> Derzu Uzala era un cazador da tribu Hezhen, nómada e animista. Vladimir Arneniev escribiu unha obra do mesmo nome na que narra o seu encontro con este personaxe. Akira Kurosawa levouna ao cine en 1974, obtendo ao ano seguinte o Óscar a mellor película en lingua non inglesa. De esta última obra extraemos a cita.

<sup>31</sup> É de dominio xeral que o discurso que hoxe citamos atópase moi alterado respecto do orixinal.

## Glosario

**Boqueiro:** Pequeno rebaixe que dá entrada á auga procedente da presa na leira.

**Cansar:** [Referido ao caudal da auga] diminuír, perder forza.

**Lago:** Encoro de pequeno tamaño. En xeral constrúense ao lado dun manancial.

**Mañanada:** ‘Levar a mañanada’. Ter dereito a primeira quenda de rego.

**Apañota, a:** [Fóra do tempo regulamentado] levar a auga para regar.

**Presa:** Canle aberta para a condución da auga.

**Quenda:** ‘Entrar a auga en quenda’. Época do ano en que estaba regulamentado o tempo de rego.

**Tapar:** Desviar a auga.

**Testeira:** Cabeceira da leira en cada presa ou camiño.

**Pa:** ‘Estar a pa’. Estar o muíño parado.

## Bibliografía:

ALDAO, Manuel e CASTRO, Salvador (2006) “A cultura da auga no río Bispo”. *A lingua do corvo* nº 4, Bueu, pp. 25-27

APARICIO CASADO, Buenaventura (1999) *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*, Sada, Edicións do Castro.

CUNQUEIRO, Álvaro (1980) *Obra completa en galego. Poesía e teatro I*, Vigo, Galaxia.

ESTÉVEZ ESTÉVEZ, Emilia (1977) *Toponimia de Bueu. Memoria de licenciatura* (inédita), Santiago de Compostela, USC.

RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario M. (2003) *A xurisdición do Morrazo s. XVII-XVIII*, Pontevedra, Deputación Provincial.

SÁNCHEZ CIDRÁS, Arturo (1997) *Lendas, mitos...de Bueu. O Candil nº15*, Bueu, Colexio da Pedra.

TESSON, Charles (2007): *El libro de Akira Kurosawa. Colección grandes directores*, Madrid, El País VV.AA. (1994) *Entre nós. Revista do IESP da Guarda*. A Guarda. IES A Sangriña.

VV.AA. (1999) *Itinerario didáctico polos arredores de Cangas*. Cangas do Morrazo, I.B. María Soliño (inédito).

## Documentos:

ALONSO COLORET, Manuel (agrimensor) (1891): *Prorrateo del agua del Río de la Portela*. (Portela, 1891).

GARCÍA NOVAS, José (1995): *Atención*. (Portela, 1995)

GÓMEZ NEIRA, Ricardo (agrimensor) (1915): *Operaciones de apeo y prorrateo de las aguas del manantial de Fenteira*. (Fenteira, 1915).

GÓMEZ NEIRA, Ricardo (agrimensor) (1915): *Operaciones de apeo y prorrateo de las aguas del Río de la Portela*. (Portela, 1915).

LÓPEZ ALDAO, José (1917): *Copia del prorrateo del agua de la Paradela*. (Paradela, 1917).

MONTEJANO, Aurelio (1994): *Problema del agua de Vilariño o Fenteira*. (Fenteira, 1994).

VV.AA. (1907) : *Traslado del agua de los manantiales de Fuentebieita y Vilariño. (Actualización dun documento de 1850 de José Benito Gestido)* (Vilariño, 1907)

VV.AA. (1941): *Testimonio de prorrateo del agua de Navaliño año de 1941*. (Navaliño, 1941).

### **Entrevistas con:**

Manuel Arguibay, José Cruz, Adoración García Villar, José García Novas, Segundo Mandado, Constante Portela, Isabel Portela e Manuel Tenorio.

### **Agradecementos:**

A Agripina Cordeiro Bernárdez, a Adoración García Villar, a José García Novas, a Antonio Novas Loira e a Arturo Sánchez Cidrás que nos proporcionaron diversa documentación coa que podemos enriquecer o noso traballo.

A Xosé Martínez García pola súa atenta e crítica mirada ao orixinal, grazas a cal podemos corrixir algunhas lagoas e erratas no texto.



# Vida e vivencias no compostelán barrio de San Pedro durante o século XIX e o primeiro terzo do XX

HERMINIA PERNAS OROZA

## Configuración do espazo. Hábitat

Desde un punto de vista urbanístico pode cualificarse a Santiago de Compostela como unha cidade de contrastes, posto que existe unha diferenza clara entre a zona urbana ou de dentro, e a periférica ou rural. Sen embargo, a medida que transcorre o tempo foi configurándose un espazo extramuros de carácter urbano ou semiurbano, encargado de matizar as diferenzas entre as parroquias de dentro e as de fóra.

Segundo isto, o espazo xeográfico compostelán quedaría dividido en tres áreas: unha urbana, que comprendería o casco *intramuros* da cidade (parroquias de San Bieito, Santa María Salomé e Santa María do Camiño, xunto coas áreas de dentro das freguesías de San Fiz, San Frutuoso –excepto as rúas Hortas, Inferniño de Abaixo, Inferniño de Arriba, Lagartos e Ponte Asén-, Santa Susana, San Miguel e Santa María a Real do Sar. A área semiurbana estaría integrada polas rúas periféricas das parroquias de dentro de San Frutuoso e San Xoán e tamén polas máis urbanizadas da zona rural pertencentes a San Frutuoso, San Xoán, Santa Susana, San Miguel e o Sar. Finalmente, a área rural sería a formada por todas as aldeas, arrabaldes e lugares que circundan Compostela, incluídas nas súas correspondentes freguesías de fóra.

De acordo con esta división, o barrio de San Pedro fica integrado na área urbana pertencendo a meirande parte das súas rúas á parroquia de Santa María do Camiño, e as menos, á de Santa María do Sar. A súa estratéxica situación, na entrada principal da cidade, converteuno en testemuña directa de cantos viaxeiros e peregrinos viñan a Santiago. Polas súas rúas pasaron reis, nobres e arcebispos, quen xunto cos simples camiñantes acadaban neste barrio o treito final da viaxe. O intenso tráfico rexistrado (sobre todo no eixe Rúa de San Pedro-Concheiros) converteuse no seu selo característico, ao que tamén contribuíron a instalación da Alfándega (na Porta do Camiño desde 1832), da Casa Hospicio no antigo convento de Bonaval, e do Colexio de Xordomudos no xardín do Campo de San Domingos. Estes feitos, entre outros, situaron o centro de gravidade do barrio na Porta do Camiño, que quedou así convertida nun dos fitos fundamentais da xeografía urbana compostelá.

Para os inicios do século XIX (ano 1820) só dispoñemos de información acerca de sete rúas do barrio. **Ver táboa 1.**

Só unha minoría tiñan a súa casa en propiedade abundando pola contra, os alugueres: de casas, cuartos, sotos, tendas e bodegas. **Ver táboa 2.**

Táboa 1

Rúas	Total familias	Cabeza familia Varón	Cabeza familia Muller
San Pedro	74	56	18
Campo da Angustia	22	15	7
Tras da Angustia	42	35	7
Casas do Rosario	46	27	19
Medio	31	26	5
Carricoba	17	15	2
Bonaval	45	31	14

(Elaboración propia a partir de datos extraídos do vecindarios de 1820. AHUS)

Táboa 2

Total familias	casa propia	CASA alugada	cuarto alugado	SÓUTANO	TENDA	BODEGA
277	54	155	19	31	5	2

As vivendas das clases acomodadas dispoñían de certa folgura e comodidade xa que contaban como mínimo, cun alto ademais da clásica galería que ocupaba toda a fronte da fachada. O piso principal destinábase ás habitacións da familia, á sala e ao recibidor. De contaren con máis dun andar, o último adoitaba estar abufardado, habilitándose no mesmo un cuarto ou azotea. Na planta baixa dispoñíase a cociña e as demais dependencias da servidume, reservándose un espazo para a tenda ou taller, que compartía a entrada coa propia vivenda aínda que tamén podía ser independente. Fóra estaban as cabaleirizas e anexo, un xardín ou unha horta. No caso de que o edificio estivese habitado por varias familias, o normal era a existencia de cociñas independentes, e incluso a bufarda tiña a súa propia cociña. O grao de confort dependía do nivel de ingresos dos seus moradores; por exemplo, as ruelas contiguas ao cemiterio de San Domingos (Bonaval, Campo da Angustia) caracterizábanse por teren “casucas sórdidas e miserables”.

Se pola contra, a vivenda popular non era unha casa, podía tratarse entón dun piso (nunca o primeiro ou principal e canto máis arriba estivese, maior nivel de indixencia significaba), dun soto ou dunha bufarda. Os máis humildes debían conformarse cunha estancia ou peza única denominada “cuarto”, que facía as veces de cociña, sala, comedor e dormitorio. Esta pobreza atopámola tamén en sentido descendente: tendas, bodegas e tabernas que desempeñaban a dobre función de lugar de traballo e de vivenda.

A costume santiaguesa situaba os comercios no portal da casa, e así se recolle en varias fontes bibliográficas (P. Madoz, A. Pérez Lugín, A. Barreiro). As casas situadas no espazo intramuros e construídas durante o século XIX respostaban a un mesmo esquema: edificio composto de baixo e un ou tres pisos, con varias fiestras por planta e pequenos balcóns nas plantas primeira e segunda; o último piso adoitaba levar unha galería corrida destinándose os baixos para diferentes actividades artesanais ou comerciais (tenda, taller ou bodega-taberna).



No barrio de San Pedro a cesión de fincas a particulares para que financiasen a construción de vivendas que logo aforaban, era un procedemento habitual xa desde antigo. Data o primeiro de 1672, cando o concello deu en foro ao vedor (oficial municipal encargado de vixiar o cumprimento das leis e ordenanzas) Jorge Varela das Seixas, pola súa vida e a de tres reis, a casa e finca da rúa de San Pedro en que vivía o caldeiro Sebastián Fernández. En 1820 os principais propietarios de casas eran: na rúa de San Pedro, Manuel Rey, quen tiña unha casa arrendada e na mesma, unha bodega de viño; Ramón de Soto (pianista), tiña unha casa arrendada; e o conde de San Román, que posuía tamén nesta rúa unha casa da súa propiedade. Estaban logo as casas adquiridas por foro: unha da confraría de Ánimas, e tres do mosteiro de San Martiño. No Campo da Angustia o convento das Orfas posuía unha casa arrendada. Na rúa Tras da Angustia os comerciantes Matías Silvarredonda, Silverio Moreno e Manuel Rey contaban respectivamente con catro, unha e catro casas arrendadas. Nas Casas do Rosario o convento de San Domingos tiña arrendadas oito casas, non se precisa o número pero a maioría das casas desta rúa pertencían a Francisco Louzao e a Silverio Moreno. Finalmente, en Bonaval o convento de San Domingos tiña arrendadas catorce casas.

Un elemento común a todos os fogares obreiros era a práctica inexistencia de útiles relacionados co aseo e a limpeza, xa fose da casa, roupa, enseres domésticos ou aseo corporal. As casas estaban sucias por dentro e por fóra, sendo esta a característica predominante tanto en Santiago como en calquera outro lu-

gar. As paredes e os teitos estaban ennegrecidos, os pisos sen varrer, o lixo amontoado, etc., e o resultado era unha atmosfera insalubre e húmida, acrecentada polos vapores producidos polas cociñas. As vivendas máis humildes carecían de cociña económica e aquelas nas que estaba presente, non tiñan cheminea, filtrándose o fume por debaixo das tellas. Era común a improvisación de cociñas económicas de braseiro, situadas no oco dunha fiestra ou nos ángulos dos portais e por conseguinte, culpables de numerosos incendios. O vapor desprendido, ao non haber saída de fumes, fluía polas portas e os ventanucos.

Pero se sucias estaban as vivendas, non moito máis limpos estaban os seus moradores, xente escura ou o “pobo pardo”, así chamado en razón a súa vestimenta, a mesma en todas as estacións.

En la vecindad de la calle del Rosario se distinguían asomadas a las puertas de las casucas mujeres desgreñadas, hechas un puro guiñapo (...) junto a chiquillos harapientos y asquerosos<sup>1</sup>.

Como cabe agardar, a limpeza da cidade era un motivo de preocupación permanente. Os bandos da Policía Urbana sucedíanse de forma invariable así como tamén as infraccións, a maioría delas coñecidas a través da prensa. Unha das queixas que máis espazo ocupou nos xornais ao longo de todo o século XIX, foi a licenza que libremente se tomaban os veciños para tirar polas fiestras todo canto se lles antollara, *en forma de un rápido e inesperado chubasco que caía sobre los transeúntes a cualquier hora*<sup>2</sup>.

1 A. Pérez Lugín, *La Casa de la Troya*, Ed. Moret, A Coruña, 1964 (1ª edición en 1924), p. 116.  
2 *El Eco de Galicia*, 20-XII-1854; *La Opinión Pública*, 21-XI-1863.

Permanece latente o medo ante a aparición de conatos epidémicos pero a despreocupación pola vixilancia era un feito: o lixo amonóbase por todas partes e as denuncias contra esta situación continuaban repetíndose:

Efectuados varios ruegos al Ayuntamiento para que obligue a los vecinos de la Rúa de San Pedro a recoger las aguas de sus casas y también para que adopte la medida de baldear los soportales de la Rúa [do Vilar] siempre llenos de barro o polvo, y algunas de las calles vecinas<sup>3</sup>.

## Artesáns, criados e comerciantes

Nas postrimerías do Antigo Réxime caracterizábase Santiago polo predominio dos oficios tradicionais, como eran os de canteiro, zapateiro, xastre, chocolateiro, etc. que imprimían á cidade o seu selo particular; sen esquecer aqueloutros encamiñados a satisfacer a demanda das clases altas e medias: prateiro, reloxeiro, modista..., subsistindo en todos eles a antiga distinción gremial entre mestre, oficial e aprendiz, aínda que xa non fose indicativa da clásica estratificación gremial, senón máis ben dunha relación que podería cualificarse de “familiar”<sup>4</sup>.

No barrio de San Pedro predominaba dentro do Sector Secundario o subsector do téxtil (xastres, modistas e costureiras) xunto cos asalariados cualificados como “oficiais” (xastre, carpinteiro, ferreiro, etc.).

Este colectivo artesanal é un grupo heteroxéneo, que no seu nivel inferior achégase aos asalariados, e na súa capa superior sim-

patiza coas clases medias. Incluso pode darse o caso de que unha minoría artesá do estrato superior adquira propiedades rurais como complemento a súa actividade principal. Pola súa parte, o artesanado de niveis inferiores, ás veces está pluriempregado e as profesións ás que recorre como auxiliares son as de mesoneiro, taberneiro e posadeiro. Tamén se aprecian diferenzas no seo dun mesmo oficio: así, hai artesáns cualificados como “mestres” e pobres; doutros dise que “traballan por si só e sen oficiais” e hainos que dispoñen de “oficiais e de tenda aberta”. O barrio de San Pedro neste período serve como exemplo dos primeiros casos.

O sector económico que segue en importancia é o de servizos, dentro do que comparten protagonismo, por un lado os empresarios e autónomos dedicados á hostalería e ao transporte, nos que hai que advertir a ausencia do gran empresario como tal, atopándose unicamente propietarios de mesóns, tabernas, tendas, “casas de café e mesas de billar”, xunto cos posadeiros, sobresaíndo aquí o barrio de San Pedro. Respecto a estes últimos, nas fontes consultadas (vecindarios) non figura este oficio en sentido estrito, senón que se di que *se ejercitan en dar posada*, a fin de incrementar a economía familiar ou ben como único medio para poder subsistir. A maioría dos dedicados a esta actividade son mulleres solteiras ou viúvas, e homes con poucos recursos ou ben retirados, sen outra ocupación ou renda<sup>5</sup>.

No seo dese dobre protagonismo a outra metade pertence aos asalariados, entre os que destacan os traballadores domésticos, cen-

<sup>3</sup> *Diario de Santiago*, 11 e 18 de xaneiro de 1879.

<sup>4</sup> H. Pernas Oroza, *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX*, Consorcio de Santiago&Nigra, Vigo, 2001, pp. 36-38.

<sup>5</sup> Manuela Louzao, viúva, dedícase a dar pousada ademais de ter unha bodega arrendada. Juana Vázquez, solteira, *se ejercita en dar posada* a estudantes. Juan de Parga, sarxento retirado, “se ejercita en dar posada”. José de Prado, “no tiene oficio y se ejercita en dar posada”. Francisco López, fogueteiro e ademais da pousada na corte a algúns arrieiros. Vid. Rúas de San Pedro e Bonaval en *Padrón de vecinos de la parroquia de Santa María del Camino, año 1820*. AHUS. Tal e como se amosa, o ser posadeiro ou posadeira non acada a categoría de oficio.

trándose o predominio nas criadas. Non faltaba case nunca a “criada de servir”; só habería unha pero estaba presente, aínda tratándose das clases máis humildes. En 1753 supoñían o 85,3% do servizo doméstico, o 85,3% en 1844 e o 84,5% en 1857<sup>6</sup>. Tanto para “exercitarse en dar pousada” ou ben dedicarse ao servizo doméstico é Santiago a cidade idónea debido ao papel que exerce como núcleo universitario, praza cuartelaria, cabeceira dunha ampla comarca rural cunha importante función económica, cidade episcopal e centro de peregrinacións.

Respecto ao comercio, tampouco o colectivo dos comerciantes se revela como un grupo homoxéneo, e baixo a mesma denominación coa que aparecen no vecindario (comerciante ou tendeiro) agóchase un individuo que posúe un ou varios establecementos atendidos por dependentes, xunto a aquel que só ten unha tenda e normalmente cativa. Este último caso é o que predomina no barrio, onde, da maioría dos establecementos existentes, se di que son “tiendas reducidas” ou “regulares”, case sempre de arrendo<sup>7</sup>, e incluso serven como vivenda. A figura que sobresaé é en consecuencia, a do pequeno comerciante, propietario dunha tenda “regular” xunto cos denominados “ambulantes” ou donos dun caixón, que progresivamente se ían establecendo en lugares fixos, marcados polo tipo de artigos e/ou xéneros que ofrecían.

O pequeno comercio constituíu unha vía aberta ás mulleres máis humildes e sen cualificación. Non precisaba da aprendizaxe que

requirían as actividades artesanais, e ás veces tratábase de ocupacións cunha non moi boa reputación social.

Un trazo a destacar dentro da actividade comercial ven constituído polos vendedores, comerciantes e “beneficiadores” de viño. Adoitan venderse ou beneficiarse (que era a expresión utilizada entón) os caldos en tendas ou bodegas, sobre todo nestas últimas; e facíase “por si mesmo” ou para terceiras persoas. Esta industria do viño debeu ser produtiva ou cando menos, chegou sen acusar decadencia ao final do século XIX, xa que no ano 1894 tivo lugar a apertura dun gran número de almacéns-depósitos nos que se vendían viños procedentes de diversos puntos do país, a prezos económicos<sup>8</sup>. Os comerciantes máis fortes posuían as súas propias bodegas (“comercio de vino con bodega por sí en casa”) pero os máis, disfrutábanas en réxime de aluguer<sup>9</sup>.

A Porta do Camiño e Bonaval foron lugar de asentamento de ferreiros, sobre todo a raíz da disposición emitida polo alcalde (o marqués de Bóveda) en 1832, en base ás disposicións regulamentarias sobre hixiene e salubridade pública: prohíbese terminantemente a colocación de *bancos de herrador y albeitaraje* así como os obradoiros de polvoristas e fraguas de ferreiro nas proximidades de casas e edificios. As protestas proviñan dos veciños do ferreiro, ao verse obrigados a sufrir o continuo martilleo. Por outra parte, o sangue e demais inmundicias das cabaleirizas convertíanse nun criadeiro de insectos e roedores, ademais de despedir unha forte pestilencia

6 O. Rey Castelao e S. Rial García, *Historia de las mujeres en Galicia (siglos XVI al XX)*, Nigratrea, Vigo, 2009, p. 134.

7 Francisco Teijeiro leva en aluguer na rúa Bonaval, unha “corta tienda de quincalla”. Tamén na mesma rúa Francisca Butaca rexenta unha “tienda muy pequeña y de poco valor”. Vid. Vecindarios anos 1820. AHUS.

8 A prensa refírese a este comercio como un “bonito negocio” pero deixa en entredito a procedencia dos viños. *La Gaceta de Galicia*, 10-X-1894.

9 Manuel Bello “manipula” unha bodega de viño en réxime de aluguer na rúa de San Pedro. Na mesma rúa Manuela Novoa “beneficia vino en una bodega”. Ramón Domínguez beneficia viño por si na súa propia bodega. Manuel Fuentes beneficia viño para os herdeiros de Villanueva, nunha bodega alugada. Bernarda Novoa vende viño nunha bodega arrendada e noutra revéndeo para Juan González. Vecindarios anos 1820. AHUS.

en épocas de calor. Por iso, foron levados aos arrabaldes da cidade: San Lázaro, Campo da Angustia, Costanilla do Monte, Bonaval, etc.

Habitaban tamén en Bonaval e no Campo da Angustia fabricantes de mistos, pirotécnicos e fogueteiros. Estes non resultaban molestos para a veciñanza pero si moi perigosos polos abundantes incendios ocorridos no seu interior e que se propagaban con facilidade ás vivendas circundantes. De cando en vez aparecían na prensa noticias do tipo de:

Declarado un incendio en la calle de Bonaval que redujo a cenizas dos talleres de pirotecnia. No hubo víctimas. La causa fue fortuita<sup>10</sup>.

Polo que respecta ás condicións hixiénicas destes talleres, hai que destacar que na maioría deixaban moito que desexar; era frecuente o amoreamento do material, a utilización de edificios non construídos especificamente como talleres, a falta de ventilación e a ausencia de protección na maquinaria. Acerca dos talleres de pirotecnia dise o seguinte:

...Una calle sucia y pina, paralela a la Rúa de San Pedro, a cuyo comienzo había unas casuchas que, por la rueda de cohetería que ostentaban a la puerta y, más claramente, por los letreros que sobre éstas lo cantaban, descubrían ser talleres de pirotecnia. El caserío de la calle era viejo, sucio, sórdido y maloliente. Mansión de gente miserable...<sup>11</sup>

Merecen unha atención especial as “modistillas” da rúa de San Pedro que exemplifican a todas as demais, protagonistas como xa se indicou do subsector téxtil. Podían ser de dous tipos: costureiras para tendas, que traballaban a obra feita e miserablemente retribuídas; e costureiras a xornal, que cosían polas casas. Este oficio permitía ás mozas máis humildes adquirir unha certa posición social aínda que sen exceder nunca a súa condición proletaria<sup>12</sup>.

Era moi corrente en Santiago a presenza nas casas da costureira, ás veces axudada por algunha aprendiz; pero para as grandes ocasións acudíase a outra figura con maior prestixio: a modista, que traballaba no seu propio fogar, admitindo mociñas para aprenderlles, ou ben formaba parte de pequenos talleres domésticos nos que se daba cabida a oficiais.

As modistas contábanse entre a xente artesá distinguida. A modista é “virtuosa, honesta, limpa, coidadosa, sincera e xovial”. A tradición fíxoas parella de empregados ou de dependentes pero sobre todo, de estudantes. Non hai estudante sen a súa “modistilla”, a cal rivalizaba en beleza coas señoritas; aínda que unha vez rematada a etapa de estudo, este acabase por substituíla por unha muller máis acorde ao seu status social<sup>13</sup>.

Mediado o século XIX as actividades económicas máis relevantes en Santiago eran por orde de importancia, e segundo o padrón de 1857 a industria, o sector servizos e a agricultura. Dentro do artesanado sobresaían de

<sup>10</sup> *Diario de Santiago*, 21-I-1873.

<sup>11</sup> A. Pérez Lugín, op. cit., pp. 115-16.

<sup>12</sup> Así se expresaba Castelao: “pola súa endebleza e o seu porte fidalgo fixérona costureira”. A. Castelao, *Cousas*, Galaxia, Vigo, 1979, p. 23.

<sup>13</sup> Vid. M. Perrot, “De la Revolución Francesa a la Primera Guerra Mundial” en Duby e Ariès, (dirs.), *Historia de la vida privada*, Taurus, tomo IV, Madrid, 1989, pp. 300 e 450. A. Pérez Lugín, op. cit., p. 129. G. Brey manifesta que debido ao estreito contacto que tanto modistas como costureiras manteñen coas clases altas, acaban por adoptar os seus costumes e imitar os seus modais, soñando con conseguir un ascenso social por medio do matrimonio. As súas orixes sociais son humildes pero elas mesmas declaran a través da prensa: *Se nos figura que somos superiores a los demás obreros y que debemos pertenecer a la clase media. La Voz de Galicia*, 28-V-1904. Citado por G. Brey, “Mulleres e conflictividade social na Coruña (1874-1910)” en D. Pereira (coord.), *Os conquistadores modernos*, A Nosa Terra, Vigo, 1992, pp. 25-46. Brey ve na figura da costureira unha desclasada, que ao igual que sucede cos criados das grandes casas, desvincúlase do mundo obreiro, ao que despreza.

forma notoria fronte aos demais subsectores, o téxtil seguido do da madeira, os curtidos e un pouco máis lonxe, o da alimentación. Entre os téxtiles, a pesar de que os “traballos da agulla” eran tradicionalmente considerados como femininos, a prioridade cuantitativa correspondía aos homes, sendo os oficios que rexistraban os porcentaxes máis elevados de traballadores os xastres (66,25%) e os sombreiros (8,5%). Entre as mulleres destacaban as tecedoras (6%) e as modistas (5,25%). O total do sector téxtil ascendía en 1857 a 400 traballadores.

A inmensa maioría dos asalariados composteláns de mediados do XIX inclúense dentro dos sectores secundario e de servizos. No primeiro deles o protagonismo ven da man dos téxtiles, onde contrariamente ao que ocurría co artesanado, agora a preponderancia corresponde ao sexo feminino: as fiadoras e costureiras representaban o 91,5% de dito ramo, ao que seguían o da construción e o do coiro, un pouco difíciles de descubrir porque quen exerce este oficio adoitaba empadroarse co nome xenérico de “xornaleiro”.

Hai que ter en conta que o predominio dun determinado sector económico sobre os demais a penas rexistra variación ao longo do tempo senón que está estreitamente vencellado coa natureza da área xeográfica correspondente. Así, na área urbana predominará o sector servizos, seguido do secundario (ou ao revés) e da actividade comercial, mentres que o sector primario representa un porcentaxe moi reducido. Na área semiurbana adiantase o sector secundario sobre o de servizos, quedando moi afastados o comercio e o sector primario.

Pero é na área rural onde este último sector recupera efectivos, desbancando da primeira posición ao secundario. Por detrás e bastante minguados, figuran respectivamente os sectores de servizos e o comercio.

Xa no ano 1894 e para o conxunto da cidade, o sector predominante era o de servizos, ao que seguían o secundario e o primario, amosándose bastante separado o comercio.

En 1930 o protagonismo recae no sector secundario, seguido de cerca polo de servizos; continúa en terceiro lugar pero agora máis recuperado, o sector primario mentres que mantén a derradeira posición a actividade comercial. Sen embargo, nunha lectura un pouco máis detida atopamos que aínda que a situación para ambos períodos a penas se modifica, si se produciron algúns cambios.

A finais do século XIX o sector secundario a penas coñecía a mecanización e o número de traballadores en cada fábrica ou taller era moi reducido e ás veces, nulo<sup>14</sup>. Todas estas “industrias” proporcionaban emprego en 1894 a pouco máis dun centenar de traballadores, o que significa que a importancia acadada polo sector secundario no conxunto dos demais non debe buscarse nestes establecementos senón nos numerosos obradoiros artesanais, entre os que predominaban os subsectores da madeira, moi ben representado por carpinteiros e ebanistas, do coiro, onde sobresaían os zapateiros, e do téxtil, dominado por xastres e sombreiros. A carón destes foron desenvolvéndose tamén aqueles oficios relacionados coa xoiería/reloxería e coas artes gráficas.

O panorama industrial para o ano 1930 tampouco era moi alentador pero non por isto

<sup>14</sup> Todas as fábricas e talleres que aparecen mencionados no padrón e no libro da Matrícula Industrial de 1894 son realmente unidades familiares que contan cunha incipiente división do traballo. Noutros casos, é o propio artesán por si mesmo ou coa axuda dun ou de dous aprendices, quen realiza a obra nun local dentro da súa propia vivenda.

deixaron de notarse algunhas melloras como sucedeu no subsector da alimentación, no que progresivamente foron empregándose amadoras mecánicas nos fornos de fabricación de pan xunto con fornos modernos (de “praza xiratoria”) que melloraban o método de coción. Todas as “fábricas” de chocolate pasaron a contar con máquinas, que substituían ao rudimentario sistema de molturación a man a base de pedras, e por último, os muíños pasaron a ser hidráulicos. Tampouco se quedou atrás o subsector da madeira, onde na maioría dos serradoiros e nos talleres de ebanistería e carpintería estaba presente unha máquina para taladrar, outra para tornear e unha machiembadora. Xunto a estas melloras camiñaban tamén as innovacións, plasmadas nos talleres de ferrería mecánica destinados á fabricación de vehículos<sup>15</sup>. Novidade eran tamén as profesións de mecánico e electricista, que pouco a pouco foron contando cunha ampla representación.

Pero o protagonista indiscutible, tanto para finais do século XIX como para o primeiro terzo do XX, é o sector servizos, no que sobresa o servicio doméstico (de dedicación case exclusivamente feminina) xunto cos traballadores do transporte<sup>16</sup>. Ocupa o último lugar en importancia cuantitativa (que non cualitativa) a actividade comercial, onde destaca o ramo da alimentación e a venda de téxtiles. Sen embargo, en 1930 presenta certos visos de modernización, que se traducen na comercialización de produtos agrarios ao por maior: aves, ovos, patacas, leite, cereais, etc. Pero non é só a oferta agraria a que se diversifica se-

nón tamén outros produtos como os téxtiles (chaquetas, sombreiros) e outros útiles “modernos” acordes cos novos tempos: venda de máquinas de coser e de escribir, de obxectos de escritorio e de abonos químicos.

## Beneficencia e marxinalidade

Á hora de trazar un perfil teórico dos indixentes e eivados cara os anos vinte do século XIX, atopamos que entre os primeiros dáse a distinción entre *pobres* e *pobres de solemnidade*, uns e outros maioritariamente de sexo feminino, tratándose de mulleres solteiras, viúvas ou que teñen o marido ausente. Dos varóns que acadaban esta condición, despréndese que lles veu imposta pola idade: a medida que se fan maiores deixan de traballar sen percibir unha pensión. Os casos que nos serven de exemplo son varios: “sarxento retirado e pobre”, “xastre pobre”, “ancián e pobre”, etc. Tamén se indica o contrario: “sarxento retirado pero cobra soldo”.

No colectivo dos eivados reflíctense igualmente os distintos niveis sociais: un veciño eivado que vive só pero ten na súa compañía a un criado do arcebispo. Outro, pobre, cego e xordo está atendido por un familiar. Unha señora impedida, ao carecer de parentes, arrendou a súa casa a varios inquilinos sen cobrarlles nada coa única condición de que a coiden. Os menos afortunados perden o seu traballo véndose na obriga de dispoñer dun “cuarto” como vivenda: un suboficial de latoeiro non pode traballar por enfermo impedido e vive nun cuarto alugado<sup>17</sup>.

Á altura de 1857 a cifra dos denominados “pobres de solemnidade” ascendía a 1.799, aos

<sup>15</sup> Nestes talleres non se realizaba toda a construción, xa que normalmente os motores, que esixían unha tecnoloxía fóra do seu alcance, víñan do estranxeiro ou doutras fábricas españolas especializadas e de máis grande envergadura, polo que en Santiago só se levaba a cabo o seu axuste. M.F. Bascoy Varela, *Contribución al estudio de la estructura económica en Galicia: la matrícula industrial de Santiago. 1893-1936*, Memoria de licenciatura inédita, Departamento de Historia Contemporánea, Facultade de Xeografía e Historia, Santiago, 1985, pp. 200-01.

<sup>16</sup> Este subsector acada un importante desenvolvemento en 1930, tanto nos autos de servizo como tamén no eido ferroviario.

<sup>17</sup> Rúas do Rosario (Casas del) e Bonaval. Ano 1820.

que se engadían *los más de 2.000 pobres que se alimentan diariamente con la caridad pública... y la mayor parte de los jornaleros cuenta también con este producto para el sostenimiento de sus familias*<sup>18</sup>.

O Hospicio ou Casa de Misericordia instalouse en 1841 nas dependencias do ex-convento de San Domingos, que se atopaba nun estado deplorable despois de que o habitasen os soldados durante un tempo. Residían nel homes e mulleres, polo que dous anos máis tarde, un plan de reforma converteu a antiga casa dos Chouchiños en “Casa de Caridade” para mulleres separándoas así do asilo de San Domingos, reservado para os varóns.

Tampouco foi alleo este barrio á presenza da prostitución, establecéndose na rúa de San Pedro, nº 27 un prostíbulo de segunda clase, durante a segunda metade do século XIX. Elaboramos a ficha correspondente ás súas moradoras:

#### **AMA:**

Dolores Teijeira Expósito, 32 anos, solteira, natural de Pontevedra, foi costureira e leva un ano exercendo.

#### **HUÉSPEDAS (en 1886):**

Concepción Rivas Rey, 21 anos, natural de Santiago, solteira, profesión anterior, costureira; leva catro anos no oficio.

Carmen Boullón Varela, 21 anos, natural de Santiago, solteira, profesión anterior, sirvienta. Leva un día exercendo. O 18 de xaneiro de 1887 ausentouse para Pontevedra.

Encarnación Seijo Santos, 18 anos, natural de Santiago, solteira, profesión anterior, xastra, leva dous anos no oficio.

Albertina Mello Portuque, 18 anos, solteira, anterior residencia, A Coruña, profesión anterior, asistenta. Leva dez meses exercendo. O 1 de agosto de 1886 ausentouse para A Coruña. Alcumada “A Portuguesa”.

#### **HUÉSPEDAS (en 1887):**

Cándida García Aenlle, 18 anos, natural de Santiago, solteira, profesión anterior, sirvienta. Leva un mes exercendo.

María Filgueira González (huéspeda), 20 anos, natural de Santiago, solteira, anterior residencia, A Coruña, sirvienta. Leva tres anos exercendo e declara que o fai “por necesidade”<sup>19</sup>.

Hai que ter tamén en conta a asociación establecida entre bodegas e tabernas con certas formas de prostitución encuberta, cunha criminalidade da miseria, desarraigo e infortunio; pero tamén as tabernas eran lugares de sociabilidade urbana moi bullangueros e concorridos.

Respecto ás noticias sobre Orde Público, hai que destacar que Santiago nunca foi unha cidade caracterizada polo rexistro de numerosos delitos. Houbo períodos nos que estes aumentaban e que coincidían con crises de subsistencias como a de mediados do século XIX e a que tivo lugar cara 1879-80. Pero aínda así, son practicamente descoñecidos os casos de grandes roubos, asasinatos ou calquera outro

<sup>18</sup> Memoria de la Junta Municipal del Censo de 1857. AHUS. Aínda perduraban os efectos da forte crise económica que tivo lugar na comarca entre os anos 1852 e 1855. O ano 1853 foi tristemente coñecido como o “ano da fame”.

<sup>19</sup> Datos extraídos de “Registro General de Mujeres Públicas inscriptas en la delegación de Santiago, años 1886 y 1887”, en Fondo de Sanidad. Higiene Especial, 1882-1895. AHUS.

tipo de delincuencia que xerarse unha alarma social. Tratábase máis ben de furtos e raterías de prendas de vestir, alimentos e cartos.

O maior porcentaxe de delitos cometíanse na periferia, sendo as rúas máis afectadas Costa Nova, Entrerríos, a rúa de San Pedro e o calexo do Pombal. O normal nestas rúas eran as “reyertas” con feridos e de cando en vez algún morto. Barrios especialmente conflictivos eran os de Sar, San Lourenzo e o Camiño Novo. Proliferaban tamén as rifas nas tabernas e os escándalos no mercado así como os conflitos producidos en festas e romarías e que xeralmente se saldaban a puños e garranchazos.

## Cultura e ocio

Funcionaba no Hospicio de San Domingos, desde 1806 unha escola de primeira ensinanza destinada aos nenos alí acollidos, pero co tempo rematou por transformarse nunha escola elemental completa, intimamente ligada a aquela institución e á Xunta Municipal de Beneficencia, que condicionaban a súa organización imprimíndolle un carácter semellante ao das escolas de padroado sostidas con fondos sociais.

Máis tarde, en 1862, instálase no pequeno xardín do Campo de San Domingos o Colexio de Xordomudos e Cegos, a onde foron trasladados os xordomudos e cegos pobres que residían no Hospicio en calidade de recollidos. Fixouse o número en corenta pensionados pobres máis vinte particulares, sen sobrepasaren nunca a cifra máxima de sesenta.

No apartado de ocio, non podían faltar os festexos específicos de cada barrio, entre os que destacaban o de San Antonio de Padua

en Belvís, os de San Pedro e San Xoán en San Pedro, as verbenas do Sar e o San Xoán en Vista Alegre. Neles nunca faltaban un acordeón e un tambor para o baile, denominado “de rúa”, e os consabidos garranchazos ao remate do mesmo. De especial transcendencia popular era a festa de San Xoán, onde a noite do 23 de xuño facíanse nos barrios os tradicionais “lumes” e as animadas “cacharelas” acompañadas de verbenas, globos e iluminación.

Entre as diversións varias cóntase o paseo, considerado toda unha institución, e sempre amenizado -o que se practicaba na Alameda-pola banda de música do Hospicio ou a dun determinado batallón do cuartel. Tampouco faltaban as serenatas e as cencerradas, e nestas últimas os veciños da rúa de San Pedro brillaban con luz propia:

Por fin ayer no prosiguió la cencerrada ocurrida hace días que tenía alborotada la Rúa de San Pedro. Se hizo necesaria la Guardia Civil que usó los sables de plano<sup>20</sup>.

## Asociacionismo e conflictividade sociopolítica

O fenómeno asociativo que foi abríndose paso nos distintos países europeos ao longo do século XIX ata quedar xuridicamente recoñecido a finais do mesmo, tamén chegou a Compostela plasmándose en tres direccións distintas e ata certo punto complementarias: o mutualismo, o cooperativismo e o sindicalismo<sup>21</sup>.

As primeiras en xurdir foron as sociedades de socorros mutuos, trala normativa de

<sup>20</sup> La Gaceta de Galicia, 27-IX-1880. A cencerrada fixérase con motivo do casamento dun mozo cunha muller de sesenta anos. Citado por H. Pernas Oroza. “Un achegamento á cultura popular en Santiago de Compostela ó longo do século XIX”, en J. De Juana e X. Castro (eds.), *XII Xornadas de Historia de Galicia. Perspectivas plurais sobre a Historia de Galicia*, Deputación de Ourense, 2003, pp. 109-136.

<sup>21</sup> Vid. H. Pernas Oroza, *Las clases trabajadoras...* op. cit., pp. 289-349.



1839 que autorizaba a asociación obreira baixo esta forma de sociedades. Eis onde se atopa a relación do barrio de San Pedro co mundo asociativo, xa que algunhas destas sociedades tiveron o seu local social na escola de San Domingos; lugar moi común para a celebración deste tipo de reunións como tamén o eran o edificio da Compañía, o do Instituto, o ex-convento de San Agostiño, o salón de Fonseca, e os baixos do edificio número 8 da Rúa da Conga así como tamén o número 44 da Rúa do Franco.

Por outra parte, os estatutos destas sociedades (fosen mutualistas, cooperativas ou de resistencia) adoitaban imprimirse na imprenta do Hospicio de San Domingos. Máis complicada resultou a busca de persoeiros destacados que fosen veciños do barrio; sen embargo, cara 1930 atopáronse os seguintes:

#### ***Rúa do Medio:***

LAGO BARREIRO, JAVIER, encargado de obras e concelleiro do Partido Federal tralas eleccións xerais de febreiro de 1936. Casado, 49 anos, natural de Vigo. Leva 19 anos residindo en Santiago.

#### ***Rúa de San Pedro:***

HORTAS VAAMONDE, JESÚS, dependente de comercio e sindicalista. Formaba parte do "Comité de Defensa da República" en xullo de 1936. Solteiro, 27 anos. Natural de Santiago.

ANTELO GONZÁLEZ, ALFREDO, ebanista e concelleiro republicano (1931), 5º tenente de alcalde a partir do 11-X-1933. Solteiro, 41 anos. Natural de Santiago.

#### ***Rúa da Carricova:***

PARDO CORREDOIRA, DOMINGO, carpinteiro. Sindicalista e concelleiro republicano (1931). Casado, 23 anos. Natural de Santiago.

#### ***Rúa de Bonaval:***

RIVAS PICALLO, ANDRÉS, contratista de obras particulares (mestre de obras), casado, 46 anos, natural de Cuntis (Pontevedra). Leva 2 anos residindo en Santiago.

#### ***Rúa da Fonte de Santo Antonio:***

OTERO RAMOS, RAFAEL, avogado. Solteiro, 60 anos. Natural de Santiago.

#### ***Rúa da Virxe da Cerca:***

VILARIÑO DE ANDRÉS MORENO, JOSÉ, avogado. Concelleiro monárquico (1931). Casado, 33 anos, natural de Santiago.

PUENTE CASTRO, JOSÉ, médico (10 camas para enfermos, segundo a Matrícula Industrial). Casado, 45 anos. Natural de Santiago.

BUIDE CODESIDO, JULIO, procurador. Casado, 65 anos, natural de Outeiro de Rei (Lugo). Leva 6 anos residindo en Santiago<sup>22</sup>.

En épocas de certa conflictividade sociopolítica, a Alfándega e máis o Fielato xogaron sempre un papel importante. Para asegurar o abastecemento de gran á cidade construíuse na Porta do Camiño unha Alfándega en 1832. Alí se almacenaban os cereais que logo eran distribuídos para a súa venda polos comerciantes. Era esta, xa que logo, un punto vital dos negocios da cidade.

Os fielatos eran postos de vixilancia situados na entrada das poboacións, e de cobro do imposto de consumos, que gravaba as mercadoría de consumo xeral. O de San Pedro estaba no Cruceiro. Había alí, de modo constante, gardas que rexistraban persoas e vehículos para que pagasen as taxas por todos os produtos alimenticios (para comercio ou consumo propio) que entraban na cidade. A súa recadación impedía a fluidez no tráfico comercial e de persoas nas cidades, ao tempo que fomentaba o contrabando.

O berro de “que se abran os almacéns que queremos pan”<sup>23</sup> deixábase oír cando sucedía unha mala colleita que significaba unha diminución da produción agraria, un incremento dos prezos e unha baixada no consumo. A consecuencia final era o empobrecemento de gran parte da poboación, o que traía consigo unha acusada conflitividade social. Pero estas protestas non eran debidas só a factores económicos senón que tamén debe terse en conta o contexto político, o que significa que o alto custe dos artigos de consumo en períodos de malas colleitas non sempre é consecuencia da súa escaseza senón do seu acaparamento e das prácticas especulativas de produtores e comerciantes. Isto daba lugar a motíns de subsistencias, constatándose o primeiro na cidade en 1847. Outro semellante tivo lugar en 1855 producíndose esta vez na Alfándega e nunha tulla da rúa de San Roque. A causa foi unha alza no prezo dos grans e as fontes falan dun motín popular no que non faltou o apedramento das forzas do orde resultando algúns feridos e un concelleiro asasinado<sup>24</sup>.

O cobro do “odiado imposto” de consumos levantaba numerosas protestas que acababan

converténdose en enfrontamentos cos axentes de consumos e que tiñan lugar nos distintos fielatos da cidade: no de San Caetano, San Pedro, Hórreo, etc. Citamos varios exemplos destes sucesos:

Varios carreteros levaron a cabo en el fielato de San Cayetano una carga de palos y piedras contra los agentes municipales al negarse los primeros a pagar el impuesto. Desórdenes en San Cayetano con motivo de negarse varios carreteros al pago del impuesto de consumos (ano 1869. Fondo de Orden Público, Mazo 1837-1888).

Herido por unos desconocidos un dependiente de consumos que prestaba servicio en el fielato de San Pedro (La Gaceta de Galicia, 3-I-1880).

Ingresó en el Hospital un guardia de puerta del fielato del Hórreo tras pelear con un vecino que trataba de proteger a una mujer que traía artículos de contrabando (La Gaceta de Galicia, 2-II-1880).

## Coda

Ao comprobar o pulso demográfico do barrio de San Pedro durante o período estudado, observamos que co paso do tempo foi gañando efectivos poboacionais. En 1820 a parroquia de Santa María do Camiño contaba con 297 veciños, cifra non de todo exacta porque non figuran todas rúas que compoñían o barrio (táboa nº 1). En 1894 os habitantes do barrio eran uns 2.535, cifra que ascende a 2.995 no ano 1930 (táboas 2 e 3). Neste cre-

<sup>23</sup> “Sucesos ocurridos el 17 y 18 de marzo con motivo de la extracción de cereales”, ano 1847 en *Fondo de Orden Público*, mazo 1837-1888. AHUS.

<sup>24</sup> Vid. *Fondo de Orden Público*, Mazo 1837-1888. AHUS.

cemento positivo influíu de forma notoria a inmigración, que chegou a supor un 30,92% da poboación en 1894, e un 31,11% en 1930.

Para os dous períodos, a procedencia maioritaria destes inmigrantes en canto ás provincias españolas, era por esta orde León e Castela a Vella; mentres que dentro da propia rexión galega distinguíanse as provincias de Coruña e Pontevedra (concellos próximos ao de Santiago). Adoitaba ser unha inmigración composta por familias de tipo nuclear (con ou sen fillos) seguida de mozos e mozas solteiros.

Pola contra, a emigración a penas era perceptible, contabilizándose 33 emigrantes en 1894 e 105 en 1930. No primeiro caso tratábase exclusivamente de maridos que emigraran a América (Arxentina, Cuba) mentres que no segundo, ese mesmo destino pasou a ser compartido por fillos e fillas sen constatarse que emigrara ningunha esposa (só se atoparon catro esposas ausentes, unha na Coruña e tres en paradiro descoñecido).

Respecto á estrutura socioprofesional do barrio, atopamos o predominio do sector secundario seguido do de servizos, situación que

se mantén ao longo de todo o período. É necesario destacar aquí a quen se empadroan como “propietario”, “industrial”, “empregado” e “xornaleiro” sen especificación de sector porque a súa falta de concreción constitúe un problema á hora de incluílos nun determinado sector. Minorouse un pouco a súa imprecisión trala consulta das fontes fiscais, que nos permitiron descubrir que agochaban estas profesións. O termo “propietario” é sinónimo de facendado ou rendista pero tamén alude á posesión de tendas, tabernas e talleres artesanais (os menos). Os que figuran como “industrial” non acostuman pertencer ao sector secundario senón ao comercio e ao de servizos; e o mesmo acontece cos “empregados”. Finalmente, entre os empadroados como “xornaleiro” comprobamos que algúns eran artesáns (muiñeiros, pirotécnicos) vendedores (de baratillas, actividade na que predominaban as mulleres) ou hostaleiros (propietarios de tabernas e bodegóns). Tamén se comprobou que un pequeno porcentaxe das amas de casa (“su casa”) que figuraban nos padróns non eran tales senón que se trataba de vendedoras ao detalle<sup>25</sup>.

25 Nos padróns figuran como amas de casa, cabezas de familia, solteiras ou viúvas; circunstancias polas que tiñan chamado a nosa atención sobre cal sería o seu medio de subsistencia, descuberto grazas ás Matriculas Industriais. Vid. H. Pernas Oroza, “Un achegamento á estrutura socioprofesional de Santiago de Compostela c. 1890 e 1930” en X. Balboa López e H. Pernas Oroza (eds.), *Entre Nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Universidade de Santiago, 2001, pp. 1.227-1.244. No barrio de San Pedro constataronse cinco en 1894 (dúas propietarias de tendas de aceite, vinagre e xabrón, unha vendedora de tecidos ao aire libre, outra vendedora de paño basto e a última, vendedora de baratillas e xoguetes); mentres que en 1930 encontráronse sete pequenas propietarias de: comestibles, venda de retais (catro), venda de pan, e venda de quincalla na vía pública.

Táboa nº 1. ANO 1820

SECTORES SOCIOPROFESIONAIS	BARRIO SAN PEDRO <sup>26</sup>		TOTAL (%)
	V	M	
<b>1.- SECTOR PRIMARIO</b>			
1.1. FACENDADOS E RENDISTAS	1	2	3
1.2. LABREGOS	6	---	6
1.3. ASALARIADOS AGRÍCOLAS	---	---	---
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>9 (3,03)</b>
<b>2.- SECTOR SECUNDARIO</b>			
2.1. EMPRESARIOS	---	---	---
2.2. EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS	57	6	63
2.3. ASALARIADOS	38	5	43
<b>TOTAL</b>	<b>95</b>	<b>11</b>	<b>108 (36,36)</b>
<b>3.- COMERCIO E CRÉDITO</b>			
3.1. COMERCIANTES /BANQUEIROS			
3.2. PEQUENOS COMERCIANTES	7	6	13
3.3. ASALARIADOS E AMBULANTES	14	---	14
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>	<b>6</b>	<b>27 (9,12)</b>
<b>4.- SERVIZOS</b>			
4.1. EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS	11	10	21
4.2. PROFESÍONS LIBERAIS	9	---	9
4.3. ASALARIADOS	12	---	12
<b>TOTAL</b>	<b>32</b>	<b>10</b>	<b>42 (14,14)</b>
<b>5.- ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>			
5.1. ALTOS FUNCIONARIOS	---	---	---
5.2. FUNCIONARIOS MEDIOS	4	---	4
5.3. FUNCIONARIOS SUBALTERNOS	11	---	11
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>	<b>---</b>	<b>15 (5,05)</b>
<b>6.- IGREXA</b>			
6.1. ALTO CLERO	---	---	---
6.2. CLERO	13	---	13
6.3. SUBALTERNOS CLERO	---	---	---
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>---</b>	<b>13 (4,37)</b>
<b>7.- PROPIETARIOS SEN ESPECIFICAR SECTOR</b>			
	<b>8</b>	<b>---</b>	<b>8 (2,69)</b>
<b>8.- INDUSTRIAIS IDEM</b>			
	<b>---</b>	<b>---</b>	<b>---</b>
<b>9.- EMPREGADOS IDEM</b>			
	<b>---</b>	<b>---</b>	<b>---</b>
<b>10.- ASALARIADOS ÍDEM</b>			
	<b>1</b>	<b>---</b>	<b>1 (0,33)</b>
<b>11.- NON ACTIVOS</b>			
11.1. NENOS ↓ 4 ANOS	---	---	---
11.2. ESTUDANTES	---	---	---
11.3. MULLERES NON ACTIVAS ("SU CASA")	---	29	29
11.4. PARADOS	---	---	---
11.5. RETIRADOS / PENSIONISTAS	2	1	3
11.6. INDIXENTES E MINUSVÁLIDOS	10	19	29
<b>TOTAL</b>	<b>12</b>	<b>49</b>	<b>61 (20,53)</b>
NON FIGURA PROFESIÓN	15	---	15 (5,05)
<b>TOTAL XERAL (veciños)</b>	<b>219 (73,73)</b>	<b>78 (26,26)</b>	<b>297 (100)</b>

<sup>26</sup> Para este período só se atoparon as seguintes rúas pertencentes a este barrio: San Pedro, Campo de la Angustia, Tras de la Angustia, Casas del Rosario, Medio, Carricova e Bonaval. Vid *Padrón de vecinos de la parroquia de Santa María del Camino, 1820*. AHUS.

Táboa nº 2. ANO 1894

SECTORES SOCIOPROFESIONAIS	BARRIO SAN PEDRO		
	V	M	TOTAL
<b>1.- SECTOR PRIMARIO</b>			
1.1. FACENDADOS E RENDISTAS	1	---	1
1.2. LABREGOS	1	---	1
1.3. ASALARIADOS AGRÍCOLAS	1	---	1
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>	<b>---</b>	<b>3</b>
%	0,28	---	0,11
<b>2.- SECTOR SECUNDARIO</b>			
2.1. EMPRESARIOS	---	---	
2.2. ARTESÁNS E AUTÓNOMOS	145	5	150
2.3. ASALARIADOS	18	68	86
<b>TOTAL</b>	<b>163</b>	<b>73</b>	<b>236</b>
%	15,27	4,97	9,30
<b>3.- COMERCIO E CRÉDITO</b>			
3.1. COMERCIANTES / BANQUEIROS	---	---	---
3.2. PEQUENOS COMERCIANTES	9	7	16
3.3. ASALARIADOS / AMBULANTES	1	1	2
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>18</b>
%	0,93	0,54	0,71
<b>4.- SERVIZOS</b>			
4.1. EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS	6	---	6
4.2. PROFESIÓN LIBERAIS	29	---	29
4.3. ASALARIADOS	12	146	159
<b>TOTAL</b>	<b>47</b>	<b>146</b>	<b>193</b>
%	4,40	9,94	7,61
<b>5.- ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>			
	<b>48</b>	<b>---</b>	<b>48</b>
%	4,49	---	1,89
<b>6.- IGREXA</b>			
	<b>12</b>	<b>7</b>	<b>19</b>
%	1,12	0,47	0,74
<b>7.- PROPIETARIOS SEN ESPECIFICAR SECTOR</b>			
	<b>14</b>	<b>13</b>	<b>27</b>
%	1,31	0,88	1,06
<b>8.- INDUSTRIAIS IDEM.</b>			
	<b>12</b>	<b>2</b>	<b>14</b>
%	1,12	0,13	0,55
<b>9.- EMPREGADOS IDEM.</b>			
	<b>7</b>	<b>---</b>	<b>7</b>
%	0,65		0,27
<b>10.- ASALARIADOS IDEM.</b>			
	<b>237</b>	<b>58</b>	<b>295</b>
%	22,21	3,95	11,63
<b>11.- NON ACTIVOS</b>			
11.1. NENOS ↓ 4 ANOS	142	173	315
11.2. ESTUDIANTES	290	221	511
11.3. MULLERES NON ACTIVAS ("SU CASA")	---	655	655
11.4. PARADOS	4	---	4
11.5. RETIRADOS / PENSIONISTAS	11	12	23
11.6. INDIXENTES E MINUSVÁLIDOS	12	32	44
<b>TOTAL</b>	<b>459</b>	<b>1.093</b>	<b>1.552</b>
%	43,01	74,45	61,22
<b>NON FIGURA PROFESIÓN</b>			
	<b>55</b>	<b>68</b>	<b>123</b>
%	5,11	4,63	4,85
<b>TOTAL XERAL (habitantes do barrio)</b>	<b>1.067</b>	<b>1.468</b>	<b>2.535</b>
%	100	100	100

Táboa nº 3. ANO 1930

SECTORES SOCIOPROFESIONAIS	BARRIO SAN PEDRO		
	V	M	TOTAL
<b>1.- SECTOR PRIMARIO</b>			
1.1. FACENDADOS E RENDISTAS	---	---	---
1.2. LABREGOS	14	4	18
1.3. ASALARIADOS AGRÍCOLAS	---	---	---
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>4</b>	<b>18</b>
%	1,09	0,23	0,60
<b>2.- SECTOR SECUNDARIO</b>			
2.1. EMPRESARIOS	1	1	2
2.2. ARTESÁNS E AUTÓNOMOS	253	55	308
2.3. ASALARIADOS	57	59	116
<b>TOTAL</b>	<b>311</b>	<b>115</b>	<b>426</b>
%	24,29	6,68	14,20
<b>3.- COMERCIO E CRÉDITO</b>			
3.1. COMERCIANTES / BANQUEIROS	1	---	1
3.2. PEQUENOS COMERCIANTES	14	13	27
3.3. ASALARIADOS / AMBULANTES	55	15	70
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>	<b>28</b>	<b>98</b>
%	5,46	1,62	3,26
<b>4.- SERVIZOS</b>			
4.1. EMPRESARIOS E AUTÓNOMOS	16	1	17
4.2. PROFESIÓNS LIBERAIS	37	3	40
4.3. ASALARIADOS	53	162	215
<b>TOTAL</b>	<b>106</b>	<b>166</b>	<b>272</b>
%	8,28	9,65	9,06
<b>5.- ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>	<b>65</b>	<b>16</b>	<b>81</b>
%	5,07	0,93	2,70
<b>6.- IGREXA</b>	<b>12</b>	<b>---</b>	<b>12</b>
%	0,93	---	0,40
<b>7.- PROPIETARIOS SIN ESPECIFICAR SECTOR</b>	<b>11</b>	<b>2</b>	<b>13</b>
%	0,85	0,11	0,43
<b>8.- INDUSTRIAIS IDEM</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>8</b>
%	0,54	0,058	0,26
<b>9.- EMPREGADOS IDEM</b>	<b>45</b>	<b>1</b>	<b>46</b>
%	3,51	0,058	1,53
<b>10.- ASALARIADOS IDEM</b>	<b>98</b>	<b>19</b>	<b>117</b>
%	7,65	1,10	3,90
<b>11.- NON ACTIVOS</b>			
11.1. NENOS < 4 ANOS	116	138	254
11.2. ESTUDIANTES	402	400	802
11.3. MULLERES NON ACTIVAS ("SU CASA")	---	829	829
11.4. PARADOS	2	---	2
11.5. RETIRADOS / PENSIONISTAS	11	7	18
11.6. INDIXENTES E MINUSVÁLIDOS	6	9	15
<b>TOTAL</b>	<b>537</b>	<b>1.383</b>	<b>1.920</b>
%			
NON FIGURA PROFESIÓN	4	---	4
%	0,31	---	0,13
<b>TOTAL XERAL (habitantes do barrio)</b>	<b>1.260</b>	<b>1.735</b>	<b>2.995</b>
%	100	100	100

# A Fundación Fernando Blanco de Lema de Cee e o seu Museo - Colección

DARÍO AREAS DOMÍNGUEZ

*Coordinador do Museo e Secretario da Fundación*

Se Cee na actualidade é unha vila que conta cunha relevante herdanza educativa; se Cee hoxe en día pode presumir dunha destacada tradición cultural, fundamentalmente no eido da música e do teatro; en definitiva, se Cee é un pobo que medra e desenvólvese con forza dentro do ámbito da Costa da Morte, en gran parte llo debe a figura dun home (Fernando Blanco de Lema) e dunha institución (a Fundación que leva o seu nome), posto que ambos prantaron a semente para que durante moitos anos se recollesen os froitos.

Fernando Blanco de Lema e a Fundación que leva o seu nome déronlle a posibilidade ós nenos e nenas de Cee e bisbarra, e tamén ós adultos, de ter acceso a un ensino de altísima calidade e totalmente gratuito cando era algo utópico, algo impensable no rural galego. Estamos a falar de finais do século XIX, cando os institutos de segunda ensinanza só existían nas grandes cidades de Galicia, e Cee non só contou co primeiro centro destas características no rural, senón con un dos máis importantes da nosa xeografía, xa sexa por instalacións, por persoal docente ou por calidade do material educativo.

## O protagonista

Fernando Blanco de Lema naceu en Cee no ano de 1796. Tras unha infancia desgraciada,

marcada pola morte de seu pai e polos tristes episodios da Guerra da Independencia que supuxeron a morte do seu padriño (figura clave na súa educación tralo pasamento do seu proxenitor), o incendio da súa casa natal e a destrución dunha boa parte da vila de Cee, veuse na obriga de buscar un futuro lonxe da nosa terra.

Con 13 anos chega a Cuba, e alí, tras anos de traballo e esforzo, logrou facerse cunha importante fortuna baseada nos negocios de ferraxería e nas relacións comerciais e valorada en máis de 750.000 pesos de ouro que, á hora de redactar o seu testamento, decidiu doalos, practicamente todos eles, á súa vila natal, co fin de que nela se levantase un colexio de primeira e segunda ensino, colexio no que “*la enseñanza que se dará gratuita hasta donde alcanzaran los productos del caudal que resultase después de su fallecimiento*”.

Quixo Fernando Blanco darlle ós nenos e nenas das xeracións vindeiras as oportunidades das que él careceu na súa nenez, porque era completamente consciente de que a educación e a cultura eran dous dos pilares básicos para poder prosperar e ter éxito ó longo da dura viaxe da vida.

Fernando Blanco morre no ano de 1875, poucos días despois de redactar as súas últi-



Colexio - Instituto da Fundación Fernando Blanco de Lema. Fotografía de Ramón Caamaño Bentín (1935 - 1940)

mas vontades. O seu testamento, sen dúbida, cambiaría o transcurso da historia da vila de Cee.

## Os colexios

Os traballos de construción do Colexio - Instituto da Fundación iniciáronse o 2 de agosto de 1880, e o 2 de outubro de 1886 lía-se o discurso inaugural por parte de Dionisio Barreda, catedrático da Universidade de Valladolid e primeiro director do centro. O eximio Vicente Vázquez Queipo (apoderado dos primeiros albaceas da Fundación) tivera o bo criterio de supeditar o deseño do edificio (obra do arquitecto madrileño José M<sup>a</sup> Aguilar) ó programa educativo preparado por Acisclo Fernández-Vallín, Conselleiro de Instrucción Pública e promotor de varias reformas educativas na España do XIX.

A Escola de Nenas, obra do mesmo arquitecto e sede, dende o ano 2001, do actual museo, levantouse sobre o solar da vella casa do mecenas. Foi inaugurada no 1887, recibindo educación nela os párvulos de ambos sexos ata os sete anos, e as nenas ata os catorce. Os nenos, cando cumprían os sete anos, continuaban os seus estudos nunha aula que había no Instituto e que recibía o nome de Escola de Nenos.

O proxecto de Fernando Blanco de Lema non foi unha experiencia aillada. Nun período de 32 anos, entre 1904 e 1936, constituíronse en América unhas catrocentas Sociedades Galegas de Instrucción, a maioría delas en Cuba e Arxentina, que abriron e financiaron aproximadamente uns 225 colexios en toda Galicia. Podemos afirmar, sin temor a equivocarnos, que en materia infraestructural, as asociacións





Monumento adicado a Fernando Blanco de Lema. Andrés Barbazán (1973)

de emigrantes dotaron o país da primeira rede de edificios escolares expresamente deseñados e construídos para acoller con dignidade a tarefa docente, equipándoos ademais, polo regular, cun mobiliario e material didáctico abundante e moderno, que resultaba pouco común nas escolas rurais daquel tempo.

## Ó redor do edificio

Especial mención merece tamén o entorno do edificio do antigo Instituto da Fundación.

### *Xardín botánico*

É de supoñer, como punto de partida, que o xardín se constrúe ó finalizar a edificación do Instituto (1886), e que, polo tanto, este sexa

o momento da incorporación do catálogo florístico compoñente da plantación orixinal, da que perviven algúns exemplares.

O certo é que estamos ante un espazo de pequenas dimensións, de estilo ecléctico, que combina, nos seus diferentes compartimentos, a xeometría co paisaxismo, tendo a súa faceta máis reseñable na flora que alberga, caracterizada pola súa diversidade e monumentalidade.

Como remate, ademais da personalidade que emana do catálogo florístico, convén ter presentes os atributos que aporta o mundo da pedra, que contribúen á valoración da entidade do xardín: un edificio palaciano, construción que actúa como elemento ordenador; a reixa e a muralla, estruturas delimitantes; a casa do bedel, destinada ó persoal de servizo e vixilancia; e as novas instalacións educativas, o caseto da caldeira da calefacción, o queimadoiro, a pérgola-alpendre e a fonte, pezas de menor dignidade fabricacional, non pertencentes ó proxecto inicial, pero que a fin de contas forman parte do xardín actual.

No xardín botánico que rodea ó vello Instituto destacan varias árbores, tanto polo porte como pola súa beleza, sen esquecer que algunhas delas son centenarias: abeto grago (o máis grande de Galicia); abeto do Cáucaso; cedro do Atlas; cedro do Líbano; magnolio; criptomera ou cedro xaponés; aligustre; camelias; rododendros; palmeiras; tilleiros; celindas; etc.

### *Monumento*

O 13 de outubro de 1973 inaugurouse, na entrada principal do actual I.E.S Fernando Blanco, o monumento adicado a lembrar a figura do benefactor ceense.

A iniciativa correu a cargo da Comisión Xestora Pro-Monumento a Don Fernando

Blanco de Lema, na cal participaron persoas dos distintos estamentos sociais e culturais de Cee e comarca.

O motivo que os impulsou a levar adiante esta proposta foi *“erigir a D. Fernando Blanco de Lema un monumento que, a tenor de su obra trascendente, sea el exponente visible del agradecimiento, cariño y respeto por un hombre que, elevándose de la nada con tesón, supo en su momento álgido, ofrecer generosamente a su pueblo el cuantioso fruto de su trabajo, haciendo a esta villa depositaria y dueña de un legado material y cultural que la honra y valora, no sólo a nivel comarcal, sinón en todo el ámbito regional”*.

Despóis dunha ardua selección de proxectos, con unánime coincidencia de criterios, resultou elixida a proposta do escultor nicariense Andrés Barbazán Ferreira.

Para levar adiante esta iniciativa, así como as obras de acondicionamento e restructuración da antiga entrada do Instituto, contouse con fondos logrados por pública suscripción e coa axuda incondicional dos organismos afectados: Concello de Cee, Obras Públicas e Ministerio de Educación e Ciencia.

## Os fondos

De entre os numerosos fondos pertencentes á Fundación Fernando Blanco de Lema, destacamos dúas coleccións: a colección artística e a colección científica.

### *Colección artística*

O ideal da Fundación non se limitaba ó tradicional labor educativo. Buscaba non só formar ó alumno con asignaturas, coñecementos, datos técnicos, científicos ou humanísticos, senón que tiña a alentadora determinación de fomentar un desenvolvemento integral do ser



Un dos retratos de Fernando Blanco de Lema. Federico de Madrazo y Kuntz (1884)

humano, e para iso consideraba imprescindíble o cultivo dun certo gusto estético.

O propio edificio que albergaba o Instituto, constituía, na súa sobria dignidade, un exemplo dos ideais artísticos que a Fundación pretendeu espallar dende o seu nacemento.

Todas as adquisicións de obras de arte e elementos decorativos tiveron como última finalidade a propia instrución do alumno, a educación do seu bo gusto.

Froito desta filosofía idealista, a Fundación foise facendo cunha máis que meritoria colección artística que se iniciara anos antes da propia construción do Colexio.

As pezas máis sobresaíntes desta colección artística son os dezasete cadros de distintos pintores (oito de Federico de Madrazo y



Antigo Gabinete de Historia Natural do Colexio - Instituto da Fundación Fernando Blanco. Fotografía de Photo Art (1917)

Kuntz, seis de Francisco Díaz Carreño, dous de Ramón Mosquera e un de Eduardo Urquiol (Aguirre) e a propia capela do Instituto, onde repousan, en sepulcro de mármore branco, os restos do mecenas ceense.

A elección de Federico de Madrazo para realizar os lenzos do fundador e dos seus catro primeiros albaceas, así como tamén do apoderado en España do testamento, foi un acerto rotundo. Madrazo era un artista dun prestixio excepcional, posto que gozaba dunha enorme reputación como primeiro pintor de cámara da raíña Isabel II, como director da Academia de San Fernando e como director do Museo do Prado.

Pero ademáis, os patróns da Fundación acadaron do Ministerio de Instrucción Pú-

blica a doazón de 36 gravados, colección que recopilaba obras dalgúns dos mellores gravadores do momento, como Bartolomé Maura, Fernando Selma, Eugenio Lemus ou Joaquín Ballester, e da que só se conservan 11 pezas das 36 orixinais.

A Fundación tamén é posuidora de tres placas de bronce, gravadas a man, todas elas do gravador e acibecheiro Enrique Mayer Castro, así como unha completa colección de ourivería relixiosa procedente da fábrica madrileña de Meneses.

### ***Colección científica***

Durante o século XIX agunhas pequenas vilas da provincia da Coruña contaron con colexios privados incorporados ó Instituto de

Santiago e tutelados pola Universidade compostelana. O que fai de Cee e do seu Colexio unha realidade educativa absolutamente diferenciada é o feito de que nél se imparta o segundo ciclo de ensinanza, o que conleva a existencia das cátedras científicas (física, química e historia natural) e a necesidade dun material didáctico específico, custoso e que requería locais adecuados.

O Regulamento de Segunda Ensinanza de maio de 1859 xa establecía, no seu artigo 118 que, entre outras cousas, os institutos debían contar con *“un gabinete de física y un laboratorio de química con los aparatos e instrumentos indispensables para dar con fruto esta enseñanza”*.

No curso 1890-91, só uns poucos anos despois da súa inauguración, o Instituto de Cee estaba en condicións de reunir estes requisitos.

Durante o devandito curso, con 40 alumnos matriculados na segunda ensinanza, impártese por primeira vez o quinto curso, en él a materia de Física e Química, da man do profesor Enrique Ortíz de Lanzagorta.

Esta ollada nostálgica ó pasado permítenos valorar, máis e mellor, o que hoxe se conserva no Museo - Colección da Fundación Fernanado Blanco de Cee. As coleccións de instrumental de física e química teñen unha importancia de primeira orde dentro do patrimonio histórico e científico de Galicia, salientando os seguintes aspectos:

- O magnífico estado de conservación.
- O gran número de pezas e a diversidade da colección, mercada case na súa totalidade fora de España (en París).
- O feito de proceder case totalmente dunha única compra (curso de 1890-91). O resto dos centros conformaban os seus gabi-

tes ano a ano, dependendo das posibilidades orzamentarias das que dispoñían.

- A singularidade de que unha colección destas características se atope nun colexio dunha pequena vila como Cee, só explicable dentro do magno proxecto que supuxo a Fundación Fernando Blanco de Lema.

A xeito de resumo, a colección científica está composta por:

- Gabinete de física (contaba inicialmente con 277 aparatos agrupados en 10 seccións: mecánica, hidráulica, pneumática, acústica, calor, óptica, magnetoloxía, electricidade, meteoroloxía, e instrumentos de medida).
- Gabinete de química (contaba inicialmente con 25 pezas de cristal e vidro graduados, 200 pezas de vidro soprado, máis de 270 pezas de vidro común, 50 pezas de gres refractario, 50 pezas de porcelana, unha boa colección de montaxes completas para a práctica experimental).
- Gabinete de historia natural (nos seus orixes contaba con 400 animais disecados, 2000 moluscos, 500 minerais, 500 fósiles, 1000 especies vexetais ordenadas en 9 herbarios, 2000 insectos, etc).

O paso do tempo é inexorable, e supuxo que durante os máis de cen anos de vida do centro educativo se perdesen mostras das coleccións orixinais, pero aínda así a Fundación é posuidora na actualidade, dunha das máis importantes e relevantes coleccións de material científico de Galicia.

## O Padroado

Nas cláusulas 14<sup>a</sup> e 15<sup>o</sup> do testamento de Fernando Blanco faise referencia ós albaceas da Fundación: *“Nombro albaceas, tenedores,*

*administradores, contadores y partidores de mis bienes, con amplias e ilimitadas facultades y relevación de fianza, á mis amigos Don Juan Álvarez Baldonado y Don Brígido Zavala .....”; “..... y les faculto asimismo, para que si ellos no pudieren concluir definitivamente la obra que les encomiendo, puedan nombrar por testamento ó en la forma que mejor vieren convenir, la persona ó personas de su completa confianza, que por ellos y á mi nombre, los realicen con las mismas facultades que á ellos les confiero de poder delegar sin limitación alguna, imponiéndoles la obligación de hacer dicho nombramiento, tan luego ocurra mi fallecimiento, á prevención de que la hora incierta de la muerte no les sorprenda sin haberlo cumplido .....*”.

Polo tanto, e en virtude do anteriormente dito, o cadro de albaceas da Fundación ata 1959 é o seguinte:

- Juan Álvarez Baldonado (de 1875 a 1880)
- Brígido Zavala Aguirre (de 1875 a 1883)
- Antonio Vázquez Queipo (de 1880 a 1900)
- Anselmo Rodríguez Domínguez (de 1883 a 1900)
- Vicente Quiroga Vázquez (de 1900 a 1913)
- Anselmo Rodríguez Cadavid (de 1900 a 1938)
- José Quiroga Vázquez (de 1913 a 1959)
- Anselmo Rodríguez Rendueles (de 1938 a 1953)
- José Corbal Sendón (de 1953 a 1959)

A Orde do Ministerio de Educación Nacional, de 30 de decembro de 1959, publicada no B.O.E. de 20 de xaneiro de 1960, confirmaba a suspensión no seu cargo de José Quiroga Vázquez, e ó mesmo tempo, aceptaba a dimisión de José Corbal Sendón. Indicaba ademáis “..... que mientras se sustancia el expediente de des-

*titución ordenado incoar al mencionado señor Quiroga Vázquez, se haga cargo del gobierno de la Obra Pía mencionada, una Junta integrada por el señor Alcalde del Ayuntamiento de Cee, por el señor Cura Párroco y por el señor Juez de Paz de la localidad citada”.*

Polo tanto, esta Xunta Patronal formada por Alcalde, Cura e Xuíz de Paz, rexiu a Fundación dende principios do ano 1960 ata o 3 de xaneiro do ano 2007, nada máis e nada menos que 47 anos, durante os cales formaron parte dela moitas persoas, as cales se caracterizan por un denominador común: o esforzo e o traballo altruista a prol desta institución.

O 4 de xaneiro de 2007 aprobáronse os estatutos da Fundación Fernando Blanco. No artigo 11, titulado “Composición e organización do padroado”, faise referencia a que estará composto, a partir de agora, por 5 membros:

- Presidente (este posto recaerá na persoa que ocupe o cargo de Alcalde do Concello de Cee; na actualidade Ramón Vigo Sambade).
- Secretario (este posto recaerá na persoa que ocupe o cargo de Coordinador do Museo – Colección da Fundación; na actualidade Darío Areas Domínguez).
- Tesoureiro (este posto recaerá na persoa que ocupe o cargo de Párroco de Santa M<sup>a</sup> da Xunqueira de Cee; na actualidade Manuel Vázquez Formoso).
- Vocais (estes postos recaerán nas persoas que ocupen os cargos de Xuíz de Paz de Cee e de Director do I.E.S. Fernando Blanco; na actualidade Eva García Caamaño e Jesús Casas Camino).

## Museo – Colección

Con motivo do bicentenario do nacemento de prócer ceense, no ano 1996, creouse unha

comisión xestora encargada de organizar unha serie de actos para louvar a súa figura, obra e legado durante esa data

Aquela comisión estaba formada polos membros do padroado daquel entón (alcalde, cura e xuíz de paz), así como tamén polos directores dos dous institutos de Cee e o bibliotecario do concello.

Organizáronse varios actos dentro dun amplo programa, no que participaron activamente tamén as distintas asociacións de toda índole que naquel entón había no pobo, todos eles artellados sobre a peza central desa programación: a exposición temporal que levou por título “Educación e patrimonio. O legado dunha Fundación”, mostra coordinada por técnicos do Museo de Belas Artes da Coruña e que pretendía amosar a riqueza e importancia dos fondos que aínda se conservaban no vello Instituto, así como tamén advertir sobre a necesidade urxente da restauración e conservación dos mesmos, e da creación dun futuro museo no que, de xeito permanente, se podese exhibir parte dese rico patrimonio que atesoura a Fundación.

Creábanse así os alicerces para a creación dun espazo adicado único e exclusivamente á Fundación, algo tan desexado como necesario.

Como sede do museo elixiuse o edificio da antiga Escola de Nenas, erixido pola Fundación sobre o solar da vella casa do filántropo, baixo a dirección do arquitecto madrileño José M<sup>a</sup> Aguilar.

Para a súa restauración e acondicionamento foron precisos 44 millóns das antigas pesetas, cuia financiación correu a cargo do Concello de Cee, do Plan Leader II da Unión Europea xestionado pola entidade supramunicipal Neria e pola propia Fundación.

O 11 de agosto do 2001 abreu as súas portas, por primeira vez ó público. O Museo



Pasado e presente. Antiga Escola de Nenas da Fundación (arriba) e actual Museo - Colección da Fundación (abaixo). Colección da Fundación.

- Colección da Fundación Fernando Blanco de Lema, situado no número 25 da Praza da Constitución da vila de Cee.

Polo acordo do Consello da Xunta do 9 de xuño de 2005 foi recoñecido como Colección Visitable de carácter científico - técnico e artístico.

Dispónse así dunha sede amplamente vencellada á Fundación, nun edificio histórico de arquitectura nobre e singular, rehabilitado especificamente para albergar o museo, e localizado no centro da vila, con gran accesibilidade.

O museo conta con dúas prantas adicadas case por enteiro á exposición de fondos.

A planta baixa conta cunha sala de exposicións de 142,30 metros cadrados, coa que

se pretende chegar ós visitantes unha visión histórica da Fundación, do labor desenvolvido e do carácter interdisciplinar e innovador das súas actividades educativas. Nesta sala sitúanse os fondos artísticos que requiren especiais condicións de conservación e mantemento (cadros), xunto cos contidos educativos de maior incidencia social na vila, como a música, o debuxo ou os saberes relacionados coa agricultura.

O primeiro andar, formado por unha única sala de 200,20 metros cadrados, resérvase para a realización de exposicións temporais.

Nun primeiro momento reservouse para o que, con diferenza, constitúe o máis armónico e numeroso fondo patrimonial: a colección de instrumental científico e material didáctico das antigas cátedras de física, química e historia natural.

Entre os obxetivos que se perseguen coa creación do museo podemos salientalos seguintes:

- A conservación do patrimonio histórico da Fundación.
- A súa difusión e coñecemento, fundamentalmente no ámbito escolar comarcal.
- A proxección da vila de Cee como herdeira dun pasado educativo único no rural galego de finais do século XIX e primeira metade do século XX, como pioneira no labor de aproveitamento integral do seu patrimonio e, consecuentemente, como centro de dinamización cultural da bisbarra.

Dende o punto de vista da ciencia non se pretendeu crear un “obradoiro de manipulación”, nin un espazo para desenvolver un *ensino por descubremento*. Búscase un lugar no que os/as estudantes poidan construír, por si

mesmos, significados múltiples a partir dos obxectos que observan e analizan. Un proxecto deste tipo permite cubrir obxetivos conceptuais das distintas disciplinas científicas e avanzar nos contidos vencellados á evolución histórica das ciencias.

Dende o punto de vista das artes plásticas e musicais pretendeuse poñer ó alcance do público unha colección pictórica relevante, íntimamente relacionada coa Fundación, garantindo, ó mesmo tempo, a súa conservación nunhas condicións axeitadas. Por outra banda, quérese amosar a riqueza artística das pequenas cousas (ourivería, decoración, relixiosidade, etc) vencelladas ó día a día da institución nos seus máis de cen anos de historia.

Dende o punto de vista histórico e educativo téntase salientar o carácter moderno, interdisciplinar e innovador do ensino impartido neste centro, que combinou a educación humanista e científica coa ensinanza das materias prácticas e necesarias para o desenvolvemento económico da comarca. Búscase que toda a cidadanía da vila e todos os seus visitantes sexan coñecedores da relevancia histórica dun centro que, en gran medida, condicionou social, cultural, económica, tecnolóxica e educativamente a varias xeracións dos seus habitantes.

Para rematar, e polo que respecta ó financiamento actual do centro museístico, comentar que na actualidade recibe unha serie de aportacións económicas que fan posible que o Museo - Colección da Fundación sexa unha realidade, podendo así traballar na difusión e conservación do rico patrimonio da entidade. Estas aportacións proveñen do Concello de Cee, mediante unha partida anual incluída nos seus orzamentos; da empresa FerroAtlántica, coa cal se asinou un convenio de colaboración

empresarial en actividades de interese xeral no ano 2008; e da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, a cal todos os anos destina unha determinada cantidade de diñeiro orientada á restauración e conservación de fondos, así como tamén á adquisición de material específico de conservación e almacenaxe.

Sirva este artigo como mostra de agradecemento ás entidades patrocinadoras do museo, as cales, de xeito altruista e desinteresado, prestan o seu valioso apoio a prol dunha parte fundamental da historia de Cee e da súa comarca, e sin as cales non sería posible realizar o labor que dende o museo se está a facer. 🙏



## O obradoiro do imaxineiro José Rivas Rodríguez. Un novo fondo do MPG

ALEXA GARCÍA POSE

Dende o ano pasado o Museo do Pobo Galego, conta cun novo fondo, constituído por un total de cento trinta pezas. Trátase do *Obradoiro José Rivas Rodríguez*, creado a raíz de dúas doazóns particulares.

A primeira das doazóns remóntase ao mes de febreiro do ano 2008. Componse de setenta e dous obxectos de diversa índole. O seu artífice foi D. Aurelio Rivas Varela, fillo e discípulo de Rivas. En orixe, todas estas pezas formaban parte do obradoiro compostelán de José Rivas Rodríguez, situado no número 11 da rúa Ensinanza, que pasan a ser propiedade de D. Aurelio, no ano 2000, cando o obradoiro foi desmantelado definitivamente.

O conxunto inclúe, dunha banda, as ferramentas empregadas no oficio de imaxineiro. Destacan entre outras, un chumbo, anacos de lousa para marcar as pezas, escuadro e falsa escuadra, compases, punteiros, gradiñas, ciceis, mazo de madeira, escofinas, trenchas, gubias, e mesmo unha escala. Doutra banda, cabe sinalar elementos de singular interese, como por exemplo, un par de ollos de vidro, as cabezas talladas dun Cristo Crucificado e dunha Dolorosa. As dúas cabezas son ocas pola súa parte posterior, nunha delas pódense ver os ollos xa colocados, e selados con parafina; a outra tallas presenta os ocos dos ollos ba-

leiros, onde se introducirían os ollos de vidro, de maior expresividade e realismo. Igualmente, hai que salientar, o abundante material para dourar, como os brunidores, espátulas, pinceis, unha pelonesa, ou mesmo, un libriño de pan de ouro.

O lote de D. Aurelio, abrangue tamén unha pequena colección de placas de vidro fotográficas. As placas pertencían ao taller fotográfico Chicharro Bisi, amigo de Rivas pai. Todas as placas son de temática relixiosa; destinadas á realización de estampas de devoción ou recordatorios. Inclúense imaxes do Sagrado Corazón de Xesús, da Virxe das Dores e do Carme, de Santo Tomás de Aquino, de San Xoán Bautista, San Nicolás de Bari, San Francisco de Paula, San Antonio de Padua, do Cristo Rei, dun Crucificado, do Bico de Xudas, de San Pedro Nolasco e dun Retablo da Última Cea. Compre sinalar que as imaxes representadas nas placas, están tomadas de esculturas realizadas polo imaxineiro José Rivas.

A esta primeira doazón, hai que engadir un novo ingreso no ano 2009, con esta última incorporación, o *Obradoiro Rivas*, incrementase en cincuenta e oito pezas máis. Estas tamén formaban parte do obradoiro sito en Compostela. A ampliación foi posible grazas a D. Eduardo Otero Iglesias, amigo persoal de




Rivas e que quedara co resto do taller, unha vez que este desaparece no ano 2000.

Das pezas doadas por D. Eduardo Otero destacan, ademais dos útiles de imaxineiro, un banco de carpinteiro, un pote para a cola, e diversos fragmentos de adornos, alabarda, palma de mártir e cinco motivos vexetais.

Moitas das ferramentas ingresadas, presentan gravadas marcas de propiedade, algunhas do propio José Rivas, ás que se van superpoñendo as dos seus fillos, que continuaron a utilizar eses mesmos útiles de traballo.

Ademais destas marcas, as pezas tamén teñen gravados distintos sinais e números, tanto arábigos como romanos, que semellan aludir a características da propia ferramenta, cada unha delas empregárase para certos traballos, madeiras, formas, etc.

O fondo Rivas inclúe tamén, un retrato do escultor, a peza ingresa no MPG, o ano 2008 a través dun depósito do fillo de Rivas, D. Aurelio Rivas Varela. O retrato é atribuído a Fernando Álvarez de Sotomayor, un dos máis salientables pintores galegos da primeira me-



José Rivas no seu obradoiro

tade do século XX. Trátase dun óleo sobre lenzo de gran formato, 96,5 x 107,5 cm que amosa ao imaxineiro traballando no seu estudio. No centro da composición, sitúase a figura de José Rivas mirando ao espectador, portando mazo e gubia, dando forma a unha talla.

A unión destas dúas doazóns, fixeron posible a recuperación case integra do obradoiro compostelán de José Rivas Rodríguez, agora conservado nos fondos dos MPG. A creación do *Obradoiro Rivas*, pon de manifesto a importancia da recuperación, conservación e di-

vulgación de bens culturais, calquera que sexa a súa natureza. Todas elas, tarefas fundamentais das institucións culturais e museísticas, que se deben erixir como as depositarias deses bens culturais.

Coa formación do fondo Rivas, recupérase a figura deste artista, que xa era parte da cidade e que aínda permanece na memoria de moitos veciños composteláns. O tallista formaba parte da fisionomía da cidade que o viu nacer, desenvolvía o seu traballo nas súas rúas, tal e como se recolle nun texto do diario Faro de Vigo de 1964, a raíz dunha visita dun grupo inglés ao que lle chamou a atención o taller de Rivas: "... la facilidad y rapidez de Rivas en dar formas vivas a los maderos. Los ingleses contemplaban embelesados cómo las esbozadas imágenes iban alineándose a lo largo de la calle. Llegaron a preguntarle lo que él ni sus operarios entendían. Muy oportunamente apareció el popular Bielsa, consumado políglota, [...], e hizo de traductor. Los ingleses le preguntaban a cómo cobraba el metro". O mesmo autor que escribiu estas liñas tamén comenta como recordaba ao artista "...esbelto, nervudo, empuñando el mazo y, a golpes de escoplo y gubia, realizar en plena calle del Franco, el milagro en serie de convertir enormes cepos de troncos en imágenes".

## Notas biográficas

O imaxineiro José Rivas Rodríguez naceu en Santiago en 1885. Estudou en Compostela na Escola de Artes e Oficios, completando a súa formación nos obradoiros dos artistas Ramón Núñez, López Pedre e Maximino Magariños.

Escultor senlleiro e de abundosa obra, recibiu destacados premios e recoñecementos, ao longo da súa vida. No 1906, o Premio de

S.S.M.M Alfonso XIII pola obra "*Huyendo del peligro*". Tres anos máis tarde, na Exposición Rexional Galega de 1909, outórganlle a Medalla de Prata.

O éxito acadado e os moitos encargos recibidos, fixeron posible que establecera estudio propio, no ano 1909. O seu primeiro emprazamento sitúase na rúa do Franco, despois nunha casa do Vilar, para rematar definitivamente no número 11 da rúa Ensinanza xa no 1934. Na Ensinanza, mantivo a súa actividade artística na compañía dos seus oito fillos e discípulos, ata 1950, ano do seu pasamento. A súa morte, os seus descendentes continuaron coa actividade escultórica ata o ano 2000, data do peche do obradoiro.

A nivel artístico, José Rivas destaca por un estilo naturalista con influencias de diversos escultores que xa traballaran en Compostela ao longo dos séculos pasados. Así o sinala a profesora da USC, M<sup>a</sup> Begoña Fernández García: "José Rivas, bebió en la obra de artistas de la talla de Ferreiro, Mateo de Prado o Gregorio Fernández..." "...su obra es muy extensa y bien identificable, pues todas sus imágenes, ya sean femeninas o masculinas tienen un gran parecido, además de acusar el eclecticismo y naturalismo propio de la época. Estas características se aprecian en su estilo artístico, tanto en el tratamiento de los paños, que son amplios y simples, como en las propias imágenes que son muy esbeltas, de canon alargado, con facciones delicadas y anatomía prominente".

Rivas realizou numerosas obras para a cidade de Compostela, que aínda se poden contemplar. Obras de carácter civil como por exemplo: "*Vista panorámica de Santiago de Compostela*", na casa de Doutor Joaquín Vamonde, actualmente, sede do Consorcio e o Frontispicio da Facultade de Medicina de San-



A imaxe do Carme de Cedeira en procesión

tiago. Pero tamén pezas relixiosas, como, “*San Antonio de Padua*” para a Catedral de Santiago. “*Sagrado Corazón de Xesús*,” “*Sagrada Familia*,” “*Calvario*” e “*San Ignacio de Loyola*”, para a Igrexa de San Agostiño de Santiago. “*Virxe da Mercede*” e “*San Pedro Nolasco*”, para a Igrexa de Madres Mercedarias de Santiago. “*Virxe da Mercede*” para a Igrexa de Conxo de Santiago. “*Portal de Belén*” e “*Virxe Dolorosa*” para o Convento San Francisco de Santiago. “*Virxe de Fátima*”, para a Igrexa Parroquial de San Miguel en Santiago. E a imaxe de “*Madre Fundadora*”, na Capela do Colexio da Ensinanza de Santiago.

No primeiro terzo do século XX, José Rivas elabora o que vai ser ou seu máis grande éxito. Trátase da creación dunha nova representación da Virxe do Carme. No novo modelo, incorpora as figuras de tres mariñeiros, vestidos con traxes de augas realizados en liño e

impermeabilizado co liñaza, que son salvados pola Virxe de morrer afogados. Na iconografía de Rivas, a Virxe co Neno, viste hábito e manto de cor azul clara e carece do escapulario carmelita. O resultado desta nova imaxe mariana, ven a plasmar o soño que tivera o párroco de Cedeira, benfeitor das familias de case un cento de mariñeiros mortos nun naufraxio de comezo do século XX.

A primeira imaxe con estas características realizouse para a parroquia de Santa María de Cedeira en 1917. O éxito acadado por esta composición foi tal, que a partires dese momento son moitas as vilas galegas (Laxe, Vila-nova de Arousa, Bueu, Moaña, Baiona, Aguiño), que encargaron a súa virxe mariñeira.

Os anos corenta son os anos da madurez de Rivas, nestas datas realiza as obras de maior relevancia. Sobre todo, adícase á produción de pasos procesionais para a Semana Santa. Os máis numerosos e importantes, os realizados para a vila de Viveiro; entre outros: “*A Borriquita*”, “*Cristo da Agonía*” (1945), “*Ecce Homo*” ou “*Cristo de la caña*” (1950), “*Bico de Xudas*” (1946), ou a “*Virxe da Soidade*” (1943) pertencente ao paso do “*Calvario*”, e o do “*Cristo da Piedade*” (1945).

Tamén traballou para outras cidade galegas. En Vigo, realizou obras como, “*O Neno de Praga*”, “*San Bieito*” e “*Ascensión*” da Concatedral, a mais do paso de procesión “*Caída de Xesús*”. En Coruña, consérvanse as esculturas da “*Coroación da Virxe*” da Grande obra de Átocha e o Altar do Perpetuo Socorro.

Fóra de Galicia, tamén elabora pasos procesionais. En Daimiel, Ciudad Real, aínda hoxe, procesionan o seus grupos escultóricos “*La Borriquilla*” e “*La Oración en el huerto*”. ☹

## Bibliografía

- GARCÍA BARREIRO, M. (2004): Historia de los hechos que originaron la construcción de imágenes de la Virgen del Carmen marinera, por el imaginero santiagués Jose Rivas y sus hijos durante el siglo XX. (En liña) <<http://moana.servidores.net>>.
- MARTÍNEZ, X. (2006): O Templo parroquial de As Pontes. (En liña) <[www.amigus.org](http://www.amigus.org)>.
- SAENZ-CHAS DIAZ, B.: Nova obra na colección. En: Páxinas informativas MPG, xullo 3/2007.
- RIVAS VARELA, A.: José Rivas (1885-1950). En: Dossier elaboración propia.  
<[www.lavozdegalicia.es/hemeroteca](http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca)>.  
<[www.semanasantadeviveiro.com](http://www.semanasantadeviveiro.com)>.  
<[www.ssantadaimiel.org](http://www.ssantadaimiel.org)>.

# Um silêncio ensurdecedor: O turismo como um objeto ausente na antropologia brasileira<sup>1</sup>

ROQUE PINTO\*

## 1

Um dos principais objetivos do Instituto Histórico e Geográfico brasileiro, criado em 1838 pelo Imperador D. Pedro II, era repensar a história do Brasil, no intuito de consolidar o Estado nacional. Mais especificamente, aportar um saber especialista dentro da “principal missão do país” que, segundo o naturalista bávaro Carl von Martius, era o de “realizar a mistura das raças sob a tutela atenta do Estado” (Capone, 2005, 67), num panorama intelectual dominado pelas teorias racistas e evolucionistas<sup>2</sup>.

É nesse contexto que surgem, algumas décadas depois, os primeiros estudos sobre os negros no país, a partir dos trabalhos do médico legista Raymundo Nina Rodrigues, num esforço de estabelecer critérios científicos que pudessem inferir sobre a “supremacia cultural” dos escravos levados ao Brasil e, portanto,

atestar a “viabilidade do país”, a despeito deste ser marcado pela miscigenação com “raças não evoluídas, inaptas para a civilização”.

Com efeito, Nina Rodrigues afirma que sua obra objetivava contribuir “para a solução do problema da raça negra na América portuguesa”, participando, assim, “da elucidação das graves questões sociais relativas ao nosso destino de povo em via de formação.” (Nina Rodrigues, 1900, *apud* Capone, 2005).

Segundo Capone, nesse momento seria indispensável compreender as culturas africanas que concorreram para a formação da identidade nacional brasileira, no sentido de determinar a posição que seria ocupada pelo Brasil na comunidade internacional:

“Entre nós, um pequeno núcleo colonial de raça branca foi absorvido pelo cruzamento com as raças negra e americana [...]. A

\* Professor de Antropologia na Universidade Estadual de Santa Cruz (Ilhéus, Brasil) e doutorando em Antropologia Social pela Universidad de La Laguna (Tenerife, Espanha). E-mail: [roquepintosantos@gmail.com](mailto:roquepintosantos@gmail.com).

<sup>1</sup> A expressão “silêncio ensurdecedor” é aqui tomada de empréstimo do escritor brasileiro Nelson Rodrigues, que a utilizou para definir a reação estupefata da torcida brasileira ao término da partida final da Copa do Mundo de 1950 quando, contra todos os prognósticos, a Seleção Brasileira perdeu o campeonato mundial para o Uruguai em pleno Maracanã.

Autores como Damatta (1982) e Ortiz (1994) têm identificado no futebol – conjuntamente com o carnaval e as religiões afro-brasileiras – um cenário de ritualização e dramatização da sociedade brasileira como um todo, espaço em que seriam encenadas e representadas importantes questões estruturais e hierárquicas em âmbito nacional, sendo a Seleção Brasileira uma metonímia do próprio país no contexto dos campeonatos mundiais, e a ideia de “futebol arte”, como uma atualização discursiva da noção de “democracia racial”, no âmbito de um Brasil auto-adscrito como “país do futebol” e “pátria de chuteiras” (Guedes, 1988; Gastaldo, 2005).

<sup>2</sup> Von Martius foi o vencedor de um concurso internacional de historiografia no âmbito do Instituto Histórico e Geográfico Brasileiro, cujo intuito era “repensar a história do Brasil” (Peirano, 2005). Gobineau, reconhecido por suas teorias racialistas (1884), foi ministro da França junto à corte brasileira no período do Brasil Império.

*divisão do grau de cultura dos povos negros que colonizaram o Brasil tornou-se assim uma questão capital para o estudo de nossa nacionalidade nas suas bases e nas suas forças vivas.*” (Nina Rodrigues, 1900, p. VII [grifos meus]).

Diante da impossibilidade de definir as origens dos descendentes de escravos em consequência da destruição dos arquivos da escravidão ordenada pelo ministro Rui Barbosa, o único meio disponível para levar a cabo essa espécie de arqueologia da africanidade no Brasil era através da observação etnológica, estabelecendo como critério de predominância cultural os caracteres religiosos e políticos mapeados em África.

Defendia Nina Rodrigues que o yoruba, por ser dotado de um sistema religioso politeísta (ou, nas suas palavras, uma “mitologia” e “religião de Estado”), além de apresentar uma complexa estrutura política, segundo indicavam os africanistas da época, seria o “povo mais evoluído e civilizado” do continente africano, tanto mais por ter sido influenciado pelos malês, muçulmanos, políglotas e que liam e escreviam e árabe:

*“A verdade é que importaram-se para o Brasil, da área mais penetrada pelo islamismo, negros maometanos de cultura superior não só à dos indígenas como à da grande maioria dos colonos brancos*

*[...]. A formação brasileira foi beneficiada pelo melhor da cultura negra da África, absorvendo elementos por assim dizer de elite que faltaram na mesma proporção ao Sul dos Estados-Unidos. ‘I have often thought that slaves of the United States are descended not from the noblest African stock’, observou Fletcher confrontando os escravos das senzalas brasileiras com os dos Estados-Unidos.” (Freyre, 1998 [1933], p. 471 e 469 [grifos meus]).*

Porquanto os malês foram ou deportados ou mortos em função da revolta epicêntrica de 1835<sup>3</sup>, atribuiu-se aos yoruba (nagô), fula (peul) e hauçá a proeminência cultural de matriz africana: “a cultura yoruba, a mais adiantada das culturas negras puras introduzidas no Brasil (Ramos, 1979 [1936], 201)”. Ou, no dizer de Pierre Verger, “As bases estão lançadas para que se procure provar a predominância numérica, ao menos no que concerne à Bahia, dos negros ioruba, considerados como superiores” (Verger, 1987).

Portanto, é no bojo dos próprios contextos ideológicos de matriz evolucionista, racista e positivista que surgem contra-discursos e reelaborações para tentar explicar a viabilidade do Brasil enquanto país e nação. É somente a partir do entendimento desse campo complexo que se pode compreender as intrincadas elaborações teóricas no âmbito da formação de um conhecimento social (e coetaneamente

3 Dentre as inúmeras revoltas de escravos na Bahia do século XIX, a mais importante (pelas suas repercussões políticas e simbólicas) foi sem dúvida a “Revolta de Malês” ou a “Revolta dos Escravos de Allah”, deflagrada em 25 de janeiro de 1835 (ao longo de todo o século XIX as elites senhoriais baianas temiam que a província se tornasse um segundo Haiti). Segundo os autos do processo, os malês (termo derivado de “imale”, *muçulmano* em yoruba) não só pretendiam dar cabo do escravagismo tal como existia, como banir o catolicismo e implantar uma monarquia islâmica na Bahia, com o extermínio dos brancos e a escravização dos negros não-muçulmanos, no sentido de uma “*jihad* africana em solo baiano”, marcada, como indica João Reis (1995 e 2003), por tensões religiosas, étnicas e de *classe*, posto que, além de ter sido uma rebelião urbana, propunha uma luta da “terra de negro” contra a “terra de branco”, nos dizeres dos próprios participantes, isto é, a revolta representava uma luta dos africanos (escravos ou não) contra os “brasileiros” (senhores ou não, brancos ou negros), numa sociedade, como indica Fry (1998), em que nem todos os senhores de escravos eram brancos, que se contabilizava quase a mesma proporção numérica de escravos e de homens negros livres, e que a população não-branca se dividia entre os nascidos na África (os pretos), os nascidos no Brasil (os crioulos) e os nascidos de uniões inter-raciais (os mulatos), e a estes dois últimos grupos, como aponta Reis, era atribuído, dentro da tradição assimilacionista luso-brasileira, um status diferenciado na sociedade, posto que, para estes, “sua nação” era a Bahia, não Oió, Daomé ou o califado de Sokotô” (Reis e Silva, 1989; Reis, 2003; Fry, 1998, 2000 e 2005).



racial) sobre o país, como as “teorias do branqueamento” ou o que depois veio a ser chamada de “democracia racial”. E, mais ainda, as próprias peculiaridades das ciências sociais em geral e da antropologia em particular desenvolvidas no Brasil (Bastide, 1971, 1974 e 2001; Skidmore, 1976 e 1994; Moura, 1988; Silva, 1995).

## 2

As ciências sociais no Brasil (em sentido estrito) foram forjadas e institucionalizadas a partir da década de 1930, dentro de um claro projeto de construção de nação, estabelecendo-se como o principal suporte interpretativo da sociedade, enquanto provedoras de uma abordagem científica que deveria esclarecer a singularidade nacional, dar respostas pragmáticas aos problemas do presente e desenhar o país do futuro (Peirano, 1980, 2000 e 2005; Melatti, 1990; Velho, 2008)<sup>4</sup>.

Desse modo, entre as décadas de 1930 e 1950 se desenvolve uma sociologia feita no Brasil que se tornaria hegemônica nacionalmente, e que na verdade conjugava um conjunto de disciplinas hoje pensadas como inde-

pendentes (sociologia, antropologia, política e, em menor medida, história e arqueologia).

Ao mesmo tempo, a antropologia – cujo modelo canônico era representado pelos estudos etnológicos de grupos indígenas – passava a se apropriar de temas vistos como sociológicos, e sociólogos procuravam dar respostas a problemas nacionais investigando contextos empíricos que seriam tradicionalmente atribuídos à antropologia<sup>5</sup>.

Portanto, tem-se aí uma ambiência em que sociólogos e antropólogos compartilham desde sempre o mesmo espaço dentro das fronteiras nacionais, inscritos numa experiência acadêmica concentrada pelo isolamento do idioma<sup>6</sup>, pela dimensão política (que nunca se apartou da agenda e da *práxis* das ciências sociais brasileiras), e pela exigência de um alto grau de refinamento teórico como condição *sine qua non* para a manutenção dos espaços de poder<sup>7</sup>.

É nesse sentido que a “diferença”, no contexto da antropologia brasileira, é encontrada “não muito longe de casa” (Peirano, 2006, 52), o que fez com que a crítica pós-moderna à exotização do outro pela antropologia não tivesse repercussão no âmbito nacional, dife-

4 Os problemas que poderiam ser identificados na *bildung* brasileira se encontravam em vários “fronts”: a questão indígena nas regiões central e norte do país, diante das frentes de expansão no âmbito do alargamento das “fronteiras” nacionais, isto é, na penetração tardia em áreas de baixa densidade demográfica e muitas vezes ocupadas por grupos indígenas (e cuja inflexão, desde o ponto de vista acadêmico, dar-se-á na década de 1950 com a consecução do projeto *Harvard-Brazil Central*, sob o comando de Roberto Cardoso de Oliveira e David Maybury-Lewis); a questão racial e das religiões de matriz africana no âmbito urbano, especialmente nas regiões nordeste e sudeste; a questão da integração de grupos indígenas “aculturados” (ou a transformação de *indígenas* em *indigenes*, nas palavras de Lévi-Strauss, em *Tristes Trópicos*), “misturados” à sociedade nacional em zonas urbanas ou peri-urbanas; a questão da imigração tardia europeia e asiática no eixo sul-sudeste do país, dentre outros temas-problemas.

5 Florestan Fernandes, um dos sociólogos mais influentes no Brasil e um nome central da sociologia da Universidade de São Paulo (USP), em 1952 defendeu sua tese de doutoramento intitulada “*A Função Social da Guerra na Sociedade Tupinambá*”, um trabalho onde se mescla uma análise sociológica funcionalista com uma perspectiva histórica dentro de um rigoroso inventário etnográfico e etnológico.

6 Embora o inglês e o francês sejam as línguas de formação, os embates intelectuais e a produção e a reprodução acadêmicas se processam, obviamente, em português, o que leva Peirano [2006, 85] a dizer que os cientistas sociais brasileiros produzem *como se fossem* parte integrante da vanguarda internacional.

7 Esses vetores conjugados (refinamento teórico, comprometimento político e definição do espaço acadêmico) poderiam ser condensados enquanto “produto” no conceito de *fricção inter-étnica* desenvolvido por Roberto Cardoso de Oliveira [Dat Poz, 2003]:

“Todas las afirmaciones de Malinowski relacionadas con los efectos manifestamente negativos de la ‘colonización’ y su concepción, aunque ingenua, del despojo grueso sufrido por los pueblos africanos, pierden su significado y quedan privadas de cualquier valor instrumental – líneas maestras que deberían ser de la imaginación – para explicar la situación de contacto, como totalidad. [Así] se podría decir, sin temor a caer en una exageración, que esta ficción teórica produjo frutos muy amargos para la antropología social en sus intentos por comprender el contacto interétnico, especialmente entre las poblaciones indígenas y las sociedades coloniales. [...] Cuando discutimos el problema de la *fricción interétnica* como un tema de reflexión y de investigación de *carácter básicamente sociológico* [así le damos una connotación más clara al término compuesto etnosociológico, corriente en la etnología brasileña], podemos afirmar que estamos basados en un *orden de preocupaciones para nada inédito en Brasil*. [...] Las investigaciones se centran en las siguientes áreas de fricción interétnica: a) indios Tukúna, en el alto río Solimões, en una región de economía extractiva del caucho; b) indios Asurini y Gaviões, en el río medio Tocantins, en una zona de extracción de café; c) indios Xerente y Kraho en el sur de Maranhão y norte de Goiás, en una zona de pastoreo de ganado.” [Cardoso de Oliveira, 1963 {grifos meus}].

rentemente do que se viu nos contextos acadêmicos europeus e estadunidenses.

Desse modo, não é sem motivo que, por exemplo, os estudos culturais (que desde o ponto de vista brasileiro praticamente se confundem com outras correntes pós-estruturalistas)<sup>8</sup> são percebidos nacionalmente como uma problemática alienígena e desimportante, uma questão descontextualizada para uma tradição acadêmica que, já a partir da década de 1930, começava a relacionar temas como sociologia, antropologia, história social, crítica literária e etno-psiquiatria em autores como Gilberto Freyre, Sérgio Buarque de Hollanda, Antônio Cândido, Darcy Ribeiro ou Roger Bastide; que na década 1960 discutia com rigor teórico o tema do “colonialismo interno” (Cardoso de Oliveira, 1966; Velho, 2007 [1976]) e que, além disso, nunca perdeu o horizonte de uma severa crítica latino-americana ao eurocentrismo (Lander, 2005).

Contudo, as distinções entre a percepção, a recepção e a prática no campo acadêmico podem ser melhor cotejadas ao perceber as cesuras epistemológicas relativas às diferentes tradições disciplinares, no contexto internacional, como indica Ortiz:

“O questionário proposto pela Universidade de Stanford cita-me como um dos mais ‘sobresalientes’ latino-americanistas dedicados aos Estudos Culturais, o que me dá grande satisfação. Entretanto, apesar dessa evidência, a imagem que tenho entre meus colegas brasileiros não se ajusta a ela. Para eles sou simplesmente sociólogo ou antropólogo, embora meus escritos, lidos e apreciados em áreas distintas, como crítica

literária, arquitetura, geografia, comunicação, se encaixem mal nas fronteiras disciplinares existentes.” (Ortiz, 2004, 119).

Roberto Cardoso de Oliveira situa a perspectiva pós-estrutural na antropologia brasileira – nicho onde se encontraria os estudos culturais e as vertentes hermenêutica e reflexiva da antropologia – numa matriz disciplinar composta por quatro grandes modelos epistemológicos: o paradigma racionalista, orientado pela *École Française de Sociologie*; o paradigma estrutural-funcionalista, derivado da *British School of Social Anthropology*; o paradigma culturalista da *American Historical School of Anthropology*; e o paradigma hermenêutico, dissolvido no que chama, genericamente, de antropologia interpretativa (quadro 1).

O alcance relativamente limitado, no contexto brasileiro, da virada literária (Clifford y Marcus, 1986), da hermenêutica (Geertz, 1989 e 2006), dos estudos culturais (Morley, 1998; Jameson, 1998 e 2006) e demais cesuras epistemológicas – a “antropologia interpretativa ou crítica ou dialógica ou alegórica ou pós-moderna” (Cardoso de Oliveira, 1988, 70) – explica-se, assim, no sentido de um re-arranjo de oferta-demanda acadêmica circunscrito ao mercado estadunidense, uma realidade alheia ao contornos políticos e às preocupações teóricas no plano nacional brasileiro:

“A hermenêutica e a experimentação alimentam a economia política da academia, reduzindo, temporariamente, os problemas com a diminuição da eficiência na produção de demanda, através de uma quebra de

8 Para uma avaliação interna dos estudos culturais, ver Jameson, 2006. Para uma crítica dos estudos culturais desde a antropologia, ver Reynoso, 2000.

## Quadro 1. Matriz Disciplinar da antropologia brasileira

Tradição Tempo	Intelectualista	Empirista
Sincrônico	I Paradigma Racionalista "Escola francesa"	II Paradigma Estrutural-Funcionalista "Escola britânica"
Diacrônico	IV Paradigma Hermenêutico "Antropologia Interpretativa"	III Paradigma Culturalista "Escola estadunidense"

Fonte: Roberto Cardoso de Oliveira, 1988.

repetição, isto é, pela introdução de uma novidade aparente. Vista deste modo, a crise de representação estaria ligada à sociologia da academia, sendo, pois, inadequado compreendê-la como puramente abstrata e epistemológica. [O *Writing Culture*] talvez seja uma obra mais importante para o leitor americano do que para o brasileiro, porque a consciência literária tem estado historicamente presente no antropologizar de Antônio Cândido, de Gilberto Freyre, de Sérgio Buarque de Hollanda e de tantos outros. [...] Repito, o *Writing Culture* faz mais sentido nos Estados Unidos; na realidade, ele é o produto de uma academia em crise causada por problemas na produção de demanda. Embora pareça apontar para questões gerais da Antropologia e, de certo modo assim o faz, devo lembrar que o mais saliente e o mais real(ista) é afirmar a existência de antropologias. E aquelas feitas no Brasil, Índia, Nigéria, México... não são exatamente idênticas e não dividem as mesmas questões daquela feita na América do Norte". (Trajano Filho, 1988, 148 e 150).

Para Ortiz (2004), igualmente, esse tema estaria situado ao nível das epistemologias e

genealogias acadêmicas desenvolvidas nos contextos locais. De fato, como indica Fischer (1988), os antropólogos norte-americanos não desempenham o mesmo papel social de intelectuais públicos como o fazem seus congêneres brasileiros, em parte devido à perda da bifocalidade, elemento presente no contexto brasileiro por conta do treino baseado numa praxiologia simultaneamente *at home* e *abroad*:

"Os Estudos Culturais não existem no Brasil como área disciplinar. [...] As perguntas sobre a possível relação entre os 'estudos culturais' e os 'estudos literários', o destino dos 'estudos culturais', sua politização ou não, nada têm de universal. Eles seguem o ritmo das mudanças ocorridas nas universidades norte-americanas, mas dificilmente exprimem a realidade brasileira e, eu acrescentaria, latino-americana. [...] Contrariamente à Europa e aos Estados Unidos, a temática cultural, associada ao dilema da identidade nacional, foi uma preocupação permanente da intelectualidade [brasileira]. Nesse sentido, as análises empreendidas [no Brasil] transbordaram os limites estabelecidos pelas ciências sociais europeia e norte-americana [...]. O dilema da iden-

tidade nacional levou a intelectualidade latino-americana a compreender o universo cultural (cultura nacional, cultura popular, imperialismo e colonialismo cultural) como algo intrinsecamente vinculado às questões políticas. Discutir ‘cultura’ de uma certa forma era discutir política.” (Ortiz, 2004, 124).

Pode-se compreender melhor a trajetória da antropologia brasileira considerando que “a relação com o exotismo tomou caminho diferente no Brasil. A noção durkheimiana de *diferença*, mais do que o *exotismo*, chamou a atenção dos antropólogos onde e quando eles encontraram um ‘outro’, sancionando, assim, a idéia de que a influência francesa foi bem mais forte que a herança germânica.” (Peirano, 2006, 51 [grifos meus])<sup>8</sup>.

Nesse sentido, dentro da antropologia brasileira prevaleceu um senso pragmático orientado pela *École Française de Sociologie*, com a negação do interesse pelo mero exótico, sendo, como ressalta Durkheim, “a religião e as formas extintas de civilização” objetos de interesse não pelo simples desejo de “contar suas extravagâncias e singularidades”, mas sim pela afirmação do compromisso científico das ciências sociais com a explicação de uma realidade imediata, “capaz de afetar nossas idéias

e nossos atos.” (Aron, 1997; Durkheim, 2001).

Além disso, porquanto a legitimidade acadêmica se dá, simultaneamente, pelas valências teórica e política, “portanto, congenial aos valores e responsabilidades de construção da nação, a alteridade tem sido recorrentemente encontrada dentro dos limites do país e, de maneira freqüente, relacionada à procura de uma singularidade ‘brasileira’ ” (Peirano, op. cit.).

Daí uma aparente contradição de que antropólogos que tratem da questão racial no Brasil tenham se envolvido em amplos embates em relação, por exemplo, às cotas para afro-descendentes em universidades públicas, contando-se que mesmo aqueles que tenham se dedicado ao tema da exclusão racial viessem a se posicionar contra as cotas sócio-raciais<sup>9</sup>.

Tem-se, portanto, nesse panorama, que a seleção da alteridade no contexto da antropologia brasileira é enformada pelos seus limites estratégicos estabelecidos dentro de interesses acadêmicos e políticos definidos numa pauta cujos critérios são marcadamente nacionais.

Com isso, tem-se um quadro em que, de acordo com Peirano, enquanto que a “antropologia está condenada à extinção” nos Estados Unidos, diluídas sua literatura e teoria em *studies* (*cultural studies*, *situated studies*, pro-

8 Segundo a autora, “o fato de as pesquisas indígenas serem realizadas em território nacional indica menos problemas de recursos financeiros – um argumento a considerar – e mais a escolha de um objeto de estudo que se apresenta ou se mistura com uma preocupação com diferenças que são culturais e/ou sociais [...]. Pode-se, naturalmente, argumentar que os grupos indígenas representaram o ‘o exotismo possível’ no Brasil, mas a alteridade não sendo predominantemente radical, prevaleceu a exigência do rigor teórico combinado à forma moral que define a ciência social como comprometida e transformadora”. (Peirano, 2005, 56-7).

9 A literatura sobre o tema racial no Brasil é bastante ampla e não cabe aqui fazer-lhe uma remissão exaustiva. À guisa de orientação, contudo, pode-se indicar:

- Alguns dos primeiros trabalhos antropológicos sobre raça no Brasil, datados do começo do século XX, encontram-se em Nina Rodrigues, 1988 [1900]; e Ramos, 1979 [1936];
- Para uma discussão inicial sobre a questão racial e a formação da identidade nacional, ver Bastide, 1971 e 1974; Skidmore, 1976 e 1994; Moreira Leite, 1992; Freyre, 1998; Guimarães, 1999;
- Para uma discussão sobre o debate racial e a especificidade cultural brasileira evocada pela sua intelectualidade, ver Vale de Almeida, 2000, especialmente o capítulo “Tristes Luso-Trópicos: Raízes e ramificações dos discursos luso-tropicalistas”, onde o autor discute a influência das teorias freyreanas no contexto da dominação colonial portuguesa em África;
- Debates recentes sobre negritude/africanidade no Brasil podem ser encontrados em Sansone 2000 e 2002; Fry, 1998, 2000 e 2005;
- Sobre o tema candente das cotas, uma discussão pública (tanto a favor como contra elas) que envolve intelectuais de peso no contexto nacional, como Roberto Damatta, Peter Fry, José Jorge de Carvalho, Lília Moritz Schwarcz e Kabengele Munanga, entre outros, ver: Fry & Maggie, 2002; Carvalho, 2004 e Segato, 2005.

gramas de *Science, Technology and Society*), “em outros lugares, contudo – Brasil e Índia, por exemplo – a antropologia floresce. Sediada no centro, parece que ela vai bem na periferia, provendo uma abordagem positiva, crítica e construtiva.” (Peirano, 2006, 78).

Fazendo um balanço dos “pecados e virtudes” da disciplina, a autora analisa o tema do nacionalismo metodológico – definido-o como “a maneira pela qual conceitos e medidas nas ciências sociais são constrangidos pelo Estado-nação e por tradições acadêmicas” (op. Cit., 82) – e suas conseqüências na antropologia brasileira.

Contrastando a antropologia produzida no Brasil com os estudos sobre a cosmologia civilizacional do sudeste asiático (especialmente os trabalhos de Tambiah sobre os *riots* em Índia, Paquistão, Sri Lanka e Bangladesh), permite-se verificar que, segundo Peirano, diferentemente do sul da Ásia, no sul da América se distingue com clareza o involucramento das ciências sociais com um projeto de “modernização”, mantendo-se uma interação intermitente com uma agenda política eminentemente nacional<sup>10</sup>.

Com efeito, diferentemente do que se passa em Índia, onde seus cientistas sociais buscariam alternativas às questões ocidentais através de uma vigorosa conexão teórico-acadêmica no plano internacional (mesmo tendo em conta que esta pauta já é pré-estabelecida pelo seu interlocutor), no Brasil as discussões da disciplina no contexto global se dão segundo outra dinâmica, num fluxo em que a antropologia brasileira se alimenta das teorizações

elaboradas fora do país, mas não participa efetivamente dos debates teóricos no plano internacional, posto que ela segue marcada por um inescapável compromisso com uma responsabilidade social e um engajamento político internos, segundo seus vínculos hereditários com o projeto de nação desenvolvido a partir da década de 1930.

Um momento importante na inflexão nas curvas de produção e reprodução da antropologia no Brasil se dá por volta das décadas de 1960 e 1970, quando a disciplina adquire um cariz de ciência social *strictu sensu*, a partir de uma matriz sociológica hegemônica dos anos 1940 e 1950, mantendo-se a atitude de operar simultaneamente uma antropologia *no* Brasil e *do* Brasil (Peirano, 2000).

É nesse período que é espoletado o processo de proliferação sistemática de antropólogos brasileiros, estabelecendo-se gerações e descendências acadêmicas com a implantação dos primeiros programas de pós-graduação em antropologia nas universidades federais, nomeadamente, os do Museu Nacional/Universidade Federal do Rio de Janeiro e da Universidade de Brasília, somando-se ao programa de doutorado em antropologia da Universidade de São Paulo, o mais antigo do Brasil, e o da Universidade de Campinas, estes dois últimos auspiciados pelo governo do Estado de São Paulo.

Com isso se tem que, no contexto brasileiro, “antropologia” passa a designar fenômenos distintos no tempo: até a década de 1960 significava os estudos clássicos de sociedades tribais ou “primitivas”, epistemologicamente

10 Um eco performativo dessa perspectiva pode ser notado, por exemplo, na execução do Hino Nacional brasileiro nas reuniões da *Associação Brasileira de Antropologia* – quando todos os [antropólogos] presentes reverentemente põem-se de pé e entoam-no em uníssono. Em termos comparativos, para usar um exemplo que talvez se situe no outro extremo, a entidade que seria mais ou menos correlativa à ABA em Espanha se chama *F.A.A.E.E.: Federación de las Asociaciones de Antropología del Estado Español*, cuja designação já explicita de antemão a idéia de que não só não há uma correspondência entre uma antropologia feita em Espanha com a idéia do nacional, como também procura dirimir qualquer dúvida sobre a “artificialidade” do Estado desde o ponto de vista antropológico. É escusado dizer que o rito supracitado seria impensável no contexto espanhol.

próximos à arqueologia, antropologia física e paleontologia, e tinha uma ligação orgânica com os museus.

Inclusive, em determinado momento histórico chegou-se a discriminar os estudos puramente “antropológicos” dos trabalhos de “etno-sociologia”, estes últimos representados por investigações empíricas e teorizações sobre grupos indígenas enfocando as grandes questões nacionais, sendo o índio seu grande indicador sociológico, no marco das teorias do desenvolvimento.

Nas décadas de 1960-70 a antropologia brasileira assumia como profissão de fé “analisar, compreender e, assim, transformar a sociedade brasileira” (Costa Pinto e Carneiro, 1955, 24) a partir de uma formação profissional baseada nos estândares acadêmicos internacionais, muito embora essas alterações substantivas não tivessem se processado como uma fratura radical, mas sim enquanto uma expansão institucional e uma padronização normativa do campo disciplinar que aglutinaria as matrizes referenciais predecessoras.

De acordo com Peirano (2000), é relevante considerar o paradoxo brasileiro de se auspicar oficialmente uma ciência social crítica que se desenvolve contra os interesses daqueles que a criaram e a proveram, mas cuja legitimidade se fazia necessária para dar respostas objetivas a problemas sociais concretos – donde se faz emblemática a complexa questão indígena, isto é, a administração de povos destituídos de cidadania plena num país que se vangloria da sua diversidade social, cultural e racial.

A geração de antropólogos brasileiros formados pela missão francesa capitaneada por

Lévi-Strauss foi central para a institucionalização da antropologia brasileira. Pioneiros que, segundo a autora, eram verdadeiros “trapezistas sem rede de proteção” que precisavam decidir o que fazer com o conhecimento maciço a que estavam sendo expostos dentro do amplo projeto de modernização constituído pelo convite de professores europeus para ensinar no Brasil.

Nesse sentido, a partir do terceiro quartel do século XX a antropologia brasileira passou a figurar como uma espécie de ilha de afluência dentro do panorama descrito por Gerholm e Hannerz (1982) como o de um “continente da antropologia internacional”, correspondendo ao eixo América do Norte/Europa do Norte, contraposto a “arquipélagos” maiores ou menores que gravitam ao seu redor.

Com efeito, o movimento de aportação da antropologia *at home*, que tardou um século nos centros metropolitanos, tivesse se processado no contexto brasileiro em menos de trinta anos: passou-se da “sociologia feita-no-Brasil” entre as décadas de 1930 e 1950 (quando se dá uma inflexão no sentido de uma produção e reprodução acadêmicas estandarizadas), para o foco nos grupos indígenas e camponeses, nas décadas de 1960 e 1970, e logo para as sociedades urbanas – e mesmo para a própria produção sociológica do país – a partir da década de 1980.

Esse trajeto de deslocamento territorial e ideológico da alteridade, tornando-a cada vez mais “próxima”<sup>11</sup>, não se aparta, portanto, de uma perspectiva político-estratégica delimitada pelos compromissos institucionais e pelas lealdades acadêmicas que vai dar forma

11 Há que indicar, no entanto, um movimento recente de busca do “outro” pelos antropólogos brasileiros fora dos limites nacionais, como os estudos comparativos nos Estados Unidos sobre o preconceito racial, a hierarquia e o individualismo, bem como trabalhos etnográficos relacionados a imigrantes brasileiros e portugueses; as etnografias em ex-colônias portuguesas (Moçambique, Angola, Guiné Bissau, Cabo Verde e Timor-Leste); e estudos supranacionais enfocando entidades como a ONU ou os movimentos preservacionistas internacionais.

aos critérios de seleção dos objetos de investigação e substância às abordagens teóricas, muito embora essa orientação não seja explícita, “funcionando muitas vezes como um subtexto” dentro de um duplo discurso, marcado, por um lado, pela universalidade da antropologia e, por outro, pelo compromisso de construção da nação, buscando compatibilizar unidade e diversidade (Peirano, 1980; Velho, 2008), e cujos termos são classificados por Otávio Velho como um discurso *neo-orientalista* (Velho, 2006).

Com isso é possível compreender, em parte, o porquê do silêncio e do evitamento da antropologia brasileira em relação ao tema do turismo: se essa temática é vista por parte do “continente internacional” das tradições antropológicas como algo frívolo e desimportante, esta percepção é ainda mais aguda no contexto brasileiro, posto que, de antemão, o turismo seria *de per se* um objeto destituído de qualquer correspondência biunívoca com um comprometimento político, tanto no sentido de uma resposta ao nacional, quanto de filiação militante a grupos subalternizados<sup>12</sup>.

Contudo, vale indicar que há pelo menos uma década a Associação Brasileira de Antropologia vem acolhendo a temática do turismo e das viagens em Grupos de Trabalho no âmbito das suas reuniões bi-anuais. E é interes-

sante notar que nesses encontros se percebe duas atitudes emblemáticas: numa delas, as comunicações apresentadas no GT sobre turismo são *spin-offs* de um trabalho “principal”, geralmente ligado a religião, peregrinação, indigenismo ou compesinato; noutra, investigadores que têm se dedicado mais especificamente ao tema do turismo procuram outras vias de penetração/interlocução acadêmica reforçando aspectos e objetos “clássicos” nos seus estudos, direcionando-os para onde se encontram as linhas de financiamento dos órgãos oficiais de apoio à pesquisa (CAPES e CNPq, em âmbito nacional, e agências estaduais de fomento), geralmente ligadas às temáticas indígena, racial, de gênero, à questão urbana, de arranjos produtivos no contexto rural, preservação ambiental, etc.

Desse modo, se o tema do turismo na antropologia brasileira, por um lado, parece não ser ignorado por completo, por outro o *locus* que este ocupa no âmbito da comunidade de antropólogos se restringe a um espaço mínimo, situado nas franjas do campo acadêmico, em que pesem os esforços de alguns investigadores que têm procurado dar uma maior visibilidade do tema, apontando suas conexões com temáticas consideradas eminentemente antropológicas, como as relações culturais, os deslocamentos humanos, a religião ou a ritologia. ④

12 Iguualmente no campo da sociologia brasileira o turismo não parece suscitar grandes interesses, conforme indica Vera Maria Guimarães: “No Brasil, contudo, estamos longe de considerar o turismo (de forma mais consensual) como um objeto de estudo válido para a Sociologia e, nesse contexto, não há uma sociologia do turismo constituída como campo de pesquisas. Estamos muito mais próximos de uma antropologia do turismo, considerando-se que os antropólogos têm se mostrado mais interessados no fenômeno turístico, assim como os geógrafos.” (Guimarães, 2008, 2).

## Referências:

- ALMEIDA, M. de e GUTIERREZ, G. (2004). Subsídios teóricos do conceito cultura para entender o lazer e suas políticas públicas. *Conexões*, 2(1). P. 48-62.
- ANDERSON, B. (1983). *Imagined Communities*. London: Verso.
- APPADURAI, A. (1991). Global Ethnoscapes: Notes and Queries for a Transnational Anthropology. In: FOX, R. (Ed.). *Recapturing Anthropology: Working in the Present*. Santa Fe: School of American Research Press. P. 191- 210.
- APPADURAI, A. (1995). The Production of Locality. In: R. Fardon (ed.). *Counterworks*. London: Routledge.
- ARON, R. (1997). *As etapas do pensamento sociológico*. 4<sup>a</sup> ed. São Paulo: Martins Fontes.
- ATHIAS, R. (2007). *A Noção de Identidade Étnica na Antropologia Brasileira*: de Roquette Pinto a Roberto Cardoso de Oliveira. Recife: Editora da UFPE.
- AUGÉ, M. (1998). *El Viaje Imposible*: El Turismo y sus Imágenes. Barcelona: Gedisa.
- AUGÉ, M. (2001). Rappports Entre Tourisme, Culture et Territoire. *Turisme i Cultura. Debats del Congrés de Turisme Cultural*. Saló Internacional del Turismo a Catalunya. Barcelona: Fundació Interarts. P. 21-31.
- BARRETTO, M. (2000). As Ciências Sociais Aplicadas ao Turismo. In: SERRANO, C., BRUHNS, H. e LUCHARI, M. (Orgs.). *Olhares Contemporâneos sobre o Turismo*. Campinas: Papirus.
- BARRETTO, M. (2003). O Imprescindível Aporte das Ciências Sociais para o Planejamento e a Compreensão do Turismo. *Horizontes Antropológicos*, a. 9, n. 20, p. 15-29.
- BARRETTO, M. (2009). *Turismo y cultura. Relaciones, contradicciones y expectativas*. El Sauzal (Tenerife, España): PASOS, Revista de Turismo y Patrimonio Cultural ([www.pasosonline.org](http://www.pasosonline.org)). E-book, Colección PASOS edita, nº 1.
- BASTIDE, R. (1971). *As Religiões Africanas no Brasil: contribuição a uma sociologia das interpenetrações de civilizações*. São Paulo: Pioneira.
- BASTIDE, R. (1974). *As Américas Negras: As Civilizações Africanas no Novo Mundo*. São Paulo: DIFEL/EDUSP.
- BASTIDE, R. (2001). *O Candomblé da Bahia: Rito Nagô*. São Paulo: Companhia das Letras.
- BAUDRILARD, J. (2007 [1968]). *A Sociedade de Consumo*. Lisboa: Edições 70.
- BOISSEVAIN, J. (1977). Tourism and Development in Malta. *Development and Change*, n. 8. P. 523-538.
- BOISSEVAIN, J. (2002). Preface. In: COLEMAN, S. & CRANG, M. *Tourism. Between Place and Performance*. New York, Oxford: Berghahn Books.
- BOISSEVAIN, J. (2007). Confrontando la Industria Turística en Malta. In: LAGUNAS, D. *Antropología y Turismo. Claves Culturales y Disciplinarias*. México D.C.: Plaza y Valdés. P. 73-90.
- BOORSTIN, D. (1961). *The Image: A guide to pseudo events in America*. New York: Harper & Row.
- BOURDIEU, P. (1974). *A Economia das Trocas Simbólicas*. São Paulo: Perspectiva.
- BOURDIEU, P. (1979). *La Distinction: Critique Sociale du Jugement*. Paris: Les Éditions de Minuit.
- BOURDIEU, P. (1990). *Coisas Ditas*. São Paulo: Brasiliense.
- BOURDIEU, P. (1998). *O Poder Simbólico*. 2. ed. Rio de Janeiro: Bertrand Brasil.



- BROMM, L. e SELZNICK, P. (1979). *Elementos de Sociologia*. Rio de Janeiro: Livros Técnicos e Científicos.
- BRUMANA, Fernando G. (1983) *Antropologia dos Sentidos*: Introdução às Idéias de Marcel Mauss. São Paulo: Brasiliense.
- BURNS, P. (2002). *Turismo e Antropologia*: uma introdução. São Paulo: Chronos.
- CALAVIA SÁEZ, O. (2005). La Fábula de las tres ciencias. Antropología, Etnología e Historia en el Brasil. *Revista de Indias*, vol. LXV, n. 234: 337-354.
- CAPONE, S. (2005). Entre Iorubas e Bantos: A Influência dos estereótipos raciais nos estudos afro-americanos. *Antropolítica*, n. 19. P. 63-90.
- CARDOSO DE OLIVEIRA, R. (1963). Aculturación y “fricción” interétnica. *América Latina*, 6(3). P. 33-46.
- CARDOSO DE OLIVEIRA, R. (1966). A Noção de Colonialismo Interno na Etnologia. *Tempo Brasileiro*, 4 (8).P. 105-112.
- CARDOSO DE OLIVEIRA, R. (1988). A Categoria da (Des)Ordem e a Pós-Modernidade na Antropologia. In: CARDOSO DE OLIVEIRA, R. *Sobre o Pensamento Antropológico*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro. P. 91-107.
- CARDOSO DE OLIVEIRA, R. (2007). Dialogical and Power Differences in World Anthropologies. Paper presented in the AAA Presidential Session: *Difference and (In)equality Within World Anthropologies*, during the 106th AAA Annual Meeting, held in Washington, DC through Nov. 27- Dec. 2, 2007.
- CARVALHO, J. J. De. (2004). *A Prática da Extensão como Resistência ao Eurocentrismo, ao Racismo e à Mercantilização da Universidade*. Brasília: UnB. Série Antropologia.
- CHAMBERS, E. (2000) *Native Tours: The Anthropology of Travel and Tourism*. Long Grove: Waveland Press.
- CLIFFORD, J. (2002). *A Experiência Etnográfica: Antropologia e Literatura no século XIX*. Rio de Janeiro: Editora UFRJ.
- CLIFFORD, J. y MARCUS, G. (1986). (Orgs.). *Writing Culture: the poetics and politics of Ethnography*. Berkeley: University Of California.
- COHEN, E. (1972). Toward a Sociology of International Tourism. *Social Research*, 39: 164-182.
- COHEN, E. (1984). The Sociology of Tourism: Approaches, issues and findings. *Annual Review of Sociology*, n. 10. P. 373-392.
- COHEN, E. (1988). Authenticity and Commoditisation in Tourism. *Annals of Tourism Research*, 15. P. 371-386.
- COHEN, E. (2005). Principales Tendencias en el Turismo Contemporáneo. *Política y Sociedad*, 42(1). P. 11-24
- COLES, T., DUVAL, D. T. y HALL, M. (2005). Sobre el turismo y la movilidad en tiempos de movimiento y conjetura posdisciplinar. *Política y Sociedad*, 42(1). P. 85-99.
- COOLEY, C. (1970 [1923]). A Sociedade e o Indivíduo. In: PIERSON, D. (Org.). *Estudos de Ecologia Humana: Leituras de Sociologia e Antropologia Social*. 2. ed. Tomo II. São Paulo: Martins Editora. P. 44-54.

- CORRÊA, M. (1988). Traficantes do excêntrico: Os antropólogos no Brasil dos anos 30 aos anos 60. *Revista Brasileira de Ciências Sociais*, 6(3). P. 79-98.
- CORRÊA, M. (1993). Breve esbozo de la antropología brasileña reciente. *Alteridades*, 3(6). P. 13-16.
- COSTA PINTO, L. A., e CARNEIRO, E. (1955). *As Ciências Sociais no Brasil*. Rio de Janeiro: CAPES.
- CRICK, M. (1992). Representaciones del turismo internacional en las ciencias sociales: sol, sexo, paisajes, ahorros y servilismos. In: JURDAO ARRONES, F. (Comp). *Los Mitos del Turismo*. Madrid: Endimión. P. 339-404.
- CRYSTAL, E. (1989). El Turismo en Toraya (Sulawesi, Indonesia). In: SMITH, V. (Org.) (1989). *Anfitriões e Invitados: La Antropología del Turismo*. Madrid: Endymion. P. 217-256.
- CUCHE, D. (2003). *A Noção de Cultura nas Ciências Sociais*. 2ª. Ed. Lisboa: Fim de Século.
- DAL POZ, J. ( 2003). A Etnia como Sistema: Contato, Fricção e Identidade no Brasil Indígena. *Sociedade e Cultura*, 6(2). P. 177-188.
- DAMATTA, R. (1982). Esporte na sociedade: um ensaio sobre o futebol brasileiro. In: DAMATTA (Org.). *Universo do futebol*. Rio de Janeiro: Pinakotheke.
- DAVIS, J. (1977). *People of the Mediterranean*. London: Routledge and Kegan Paul.
- De KADT, E. (Ed.). (1991). *Turismo: ¿Pasaporte al Desarrollo?*. Madrid: Endymion.
- DIAS NETO, J. e VOGEL, A. (2005). O Duro, a Pedra e a Lama: a Enotaxonomia e o Artesanato da Pesca em Ponta Grossa dos Fidalgos. *Antropolítica*, n. 19. P. 165-189.
- DOUGLAS, M. e ISHERWOOD, B. (2004). *O Mundo dos Bens: Para uma Antropologia do Consumo*. Rio de Janeiro: UFRJ.
- DUMAZEDIER, J. (1979). *Sociologia Empírica do Lazer*. São Paulo: Perspectiva.
- DUNNING, E. (1992). Prefácio. In: ELIAS, N. e DUNNING, E. (1992). *A Busca da Excitação*. Lisboa: Difel.
- DUNNING, E. e MENNEL, S. (1997). Prefácio à edição inglesa. In: ELIAS, N. *Os Alemães: a luta pelo poder e a evolução do habitus nos séculos XIX e XX*. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.
- DURKHEIM, É. (2001). *Introdução ao pensamento sociológico*. São Paulo: Centauro.
- ELIAS, N. e DUNNING, E. (1992). *A Busca da Excitação*. Lisboa: Difel.
- ELIAS, N. (1993). *O Processo Civilizador - vol. 2: Formação do Estado e Civilização*. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.
- ELIAS, N. (1994). *O Processo Civilizador - vol. 1: Uma história dos costumes*. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.
- ELIAS, N. (1997). *Os Alemães: A Luta pelo Poder e a Evolução do Habitus nos Séculos XIX e XX*. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.
- ESPINA BARRIO, A-B. (2007). *Manual de Antropologia Cultural*. Recife: Massangana.
- FEATHERSTONE, M. (1995a). *Cultura de Consumo e Pós-modernismo*. São Paulo: Studio Nobel.
- FEATHERSTONE, M. (1995b). *O Desmanche da Cultura: Globalização, Pós-modernismo e Identidade*. São Paulo: Studio Nobel.
- FORTUNA, C. (1998). Las Ciudades y las Identidades: patrimonios, memorias y narrativas sociales. *Alteridades*, 8 (16). P. 61-74.

- FOUCAULT, M. (1976). *La Volonté de Savoir*. Paris: Gallimard.
- FOUCAULT, M. (1993a). *Microfísica do poder*. 11ª. ed. Rio de Janeiro: Graal.
- FOUCAULT, M. (1993b). *A História da Sexualidade 1: A Vontade de Saber*. Rio de Janeiro: Graal.
- FREYRE, G. (1998 [1933]). *Casa Grande & Senzala: formação da família brasileira sobo regime da economia patriarcal*. Rio de Janeiro: Record.
- FRANÇOZO, M. (2005). O Museu Paulista e a história da antropologia no Brasil entre 1946 e 1956. *Revista de Antropologia*, 48(2). P. 585-612.
- FRY, P. (1998). Por quê o Brasil é diferente? *Revista Brasileira de Ciências Sociais*, 31. P. 178-182.
- FRY, P. (2000). Cultures of difference: the aftermath of Portuguese and British colonial policies in Southern Africa. *Social Anthropology*, 8. P. 117-144.
- FRY, P. (2005). *A Persistência da Raça: ensaios antropológicos sobre o Brasil e a África austral*. Rio de Janeiro, Civilização Brasileira.
- FRY, P. & MAGGIE, Y. (2002). A reserva de vagas para negros nas universidades brasileiras. *Estudos Avançados*, 18. P. 67-80.
- GASCÓN, J. y CAÑADA, E. (2005). *Viajar a Todo Tren. Turismo, Desarrollo y Sostenibilidad*. Barcelona: Icaria.
- GASTALDO, E. (2005). Crônicas Da Pátria Amada: Futebol E Identidades Brasileirasna Imprensa Esportiva. *Antropolítica*, n. 19. P. 147-163.
- GALANI-MOUTAFFI, V. (2000). The Self and The Other: Traveler, Ethnographer, Tourist. *Annals of Tourism Research*, 27(1). P. 203-224.
- GEERTZ, C. (1987). *La Interpretación de las Culturas*. Barcelona: Gedisa.
- GEERTZ, C. (1989). *El Antropólogo como autor*. Barcelona, Buenos Aires, México: Paidós Iberia.
- GEERTZ, C. (1994). *Conocimiento Local: ensayos sobre la interpretación de las culturas*. Barcelona, Buenos Aires, México: Paidós.
- GERHOLM, T. e HANNERZ, U. (1982). Introduction: The Shaping of National Anthropologies. *Ethnos*, 42. P. 5-35.
- GOBINEAU, J. A. De. (1884). *Essai sur l'inégalité des races humaines*. Paris: Firmin Didot.
- GRABURN, N. (1977). Tourism: The Sacred Journey. In: SMITH, V. (Coord.). *Hosts and Guests: The Anthropology of Tourism*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press. P. 17-32.
- GRABURN, N. (1992 [1989]). Turismo: el viaje sagrado. In: SMITH, V. (Coord.). *Anfitriones e Invitados. Antropología del turismo*. Madrid: Endymión. P. 45-68.
- GRABURN, N. & BARTHIEL-BOUCHER, D. (2001). Relocating the Tourist. *International Sociology*, 16(2). P. 147-158.
- GRENNWOOD, D. (1977). Culture by the Pound. An Anthropological Perspective on Tourism as a Cultural Commoditization. In: SMITH, V. (coord.). *Hosts and Guests: The Anthropology of Tourism*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press. P. 129-138.
- GRIMSON, A. y SEMÁN, P. (2006). Introducción. Antropología brasileña contemporánea. Contribuciones para un diálogo latinoamericano. *Journal of the World Anthropology Network*, (2). P. 155-165.

- GRONAU, R. (1977). Leisure, Home Production, and Work-the Theory of the Allocation of Time Revisited. *The Journal of Political Economy*, 85(6). P. 1099-1123.
- GRÜNEWALD, R. (2002). Tourism and Cultural Revival. *Annals of Tourism Research*, 29(4). P. 1004-1021.
- GUEDES, S. L. (1988). *O Brasil no campo de Futebol*. Rio de Janeiro: EDUFF.
- GUIMARÃES, A. P. (2006). Prefácio. In: GODINHO, P. (2006). *O Leito e as Margens: Estratégias Familiares de Renovação e Situações Liminares em Seis Aldeias do Alto Trás-os-Montes Raiano (1880-1988)*. Lisboa: Edições Colibri/Instituto de Estudos de Literatura Tradicional.
- GUIMARÃES, A. S. (1999). Baianos e paulistas: duas escolas de relações raciais? *Revista Tempo Social*, 11(1).
- GUIMARÃES, V. (2008). A Sociologia e os Estudos do Turismo: algumas divagações. V *Seminário de Pesquisa em Turismo do MERCOSUL – Turismo: Inovações da Pesquisa na América Latina*, Universidade de Caxias do Sul, Caxias do Sul, Brasil, 27 e 28 de Junho de 2008.
- HALL, S. (2001). *A Identidade Cultural na Pós-Modernidade*. 5. ed. Rio de Janeiro: DP&A.
- HERNANDEZ ARMAS, R. (1994). Promotores inmobiliarios, planificación institucional, turistas y locales: de la dualidad de usos y valoraciones a espacios interferidos (un ejemplo en el Sur de Tenerife). *Guize*. Vol. 1, n. 7-8. P. 37-46.
- HERNANDEZ ARMAS, R. (2005). “Suecos” y “Whales & Dolphins”. Negociando lo Local y lo Global a Través del Patrimonio y las Nuevas Políticas de promoción de Destinos Turísticos Maduros. El Encuentro del Turismo con el Patrimonio Cultural: Concepciones Teóricas y Modelos de Aplicación. 10. *Congreso de Antropología*, Sevilla, FAAEE, ASANA, Fundación El Monte. P. 95-116.
- HERNÁNDEZ RAMÍREZ, J. (2006). Producción de Singularidades y Mercado Global. El estudio antropológico del turismo. *Boletín Antropológico*, año 24, n. 66. P. 21-50.
- HOBBSAWM, E. & GRANGER, T. (Ed.) (1983). *The Invention of Tradition*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HORTON, P. e HUNT, C. (1980). *Sociologia*. São Paulo: McGraw-Hill.
- HUIZINGA, J. (1999). *Homo Ludens*. Perspectiva: São Paulo
- ITRIAGO PELS, C. T. (2006). *Sobre Copias, Transformaciones y Omisiones: La Reconstrucción de Ciudades Devastadas*. Tesis de doctorado en Urbanisme i Planejament urbà. Universitat Politècnica de Catalunya. Direcció de la tesi: Francesc Peremiquel Lluç. Disponible en: <http://www.tdx.cat/TDX-0427107-093725>.
- JAFARI, J. (2007). Modelos del turismo: los aspectos socioculturais. In: LAGUNAS, D. (Coord.). *Antropología y Turismo*. Claves Culturales y Disciplinarias. México, D. C.: Plaza y Valdés. P. 47-71.
- JAMESON, F. (1998). Sobre los “Estudios Culturales”. En: JAMESON, F. y ZIZEK, S. *Estudios Culturales: reflexiones sobre el multiculturalismo*. Barcelona: Paidós.
- JAMESON, F. (2006). *A Virada Cultural: reflexões sobre o pós-moderno*. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira.
- JURDAO ARRONES, F. (1992). *Los mitos del turismo*. Madrid: Endymion.

- KRIPPENDORF, J. (2001). *Sociologia do Turismo: por uma compreensão do lazer e das viagens*. São Paulo: Aleph.
- LABURTHE-TOLRA, P. e WARNIER, J-P. (1997). *Etnologia Antropologia*. 2ª ed. Petrópolis: Vozes.
- LAFARGUE, P. (2001). Um Dogma Desastroso. In: De MASI, D. *A Economia do Ócio*. Rio de Janeiro: Sextante.
- LAGUNAS, D. (Coord.). *Antropología y Turismo*. Claves Culturales y Disciplinarias. México, D. C.: Plaza y Valdés. P. 91-108.
- LANDER, E.(org.). (2005). *A Colonialidade do Saber: Eurocentrismo e Ciências Sociais – Perspectivas Latino-Americanas*. Buenos Aires, Clacso.
- LAPLANTINE, F. (2000). *Aprender Antropologia*. São Paulo: Brasiliense.
- LARAIA, R. (2002). *Cultura: um conceito antropológico*. 15ª ed. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.
- LASH, S. & URRY, J. (1994). *Economies of Signs and Space*. London: Sage.
- LEACH, E. (1985). Natureza/Cultura. In: *Enciclopédia Einaudi*, vol. 5, Lisboa, INCM. P. 67-101. Verbete: Anthropos-Homem.
- LEAH BURNS, G. (2004). Anthropology and Tourism: Past Contributions and Future Theoretical Challenges. *Anthropological Forum*, 14 (1). P. 5-22.
- LOURENÇO, E. (1976). *O Fascismo Nunca Existiu*. Lisboa: Dom Quixote.
- MACCANNELL, D. (1976). *The tourist: A new theory of the leisure class*. Londres: Macmillan.
- MACCANNELL, D. (1973). Staged authenticity: Arrangement of social space in tourist setting. *American Journal of Sociology*, 79: 586-603
- MACCANNELL, D. (2003). *El turista. Una Nueva Teoría de la Clase Ociosa*. Barcelona: Melusina.
- MAGNANI, J. G. (1984). *Festa no Pedacço: Cultura Popular e Lazer na Cidade*. São Paulo: Brasiliense.
- MAUSS, M. (1974). Ensaio sobre a Dádiva: forma e razão da troca nas sociedades arcaicas. In: MAUSS, M. *Sociologia e Antropologia*. (vol. II). São Paulo: EPU/EDUSP.
- MCCRACKEN, G. (2003). *Cultura e Consumo*. Rio de Janeiro: Mauad.
- MELATTI, J. C. (1984). A Antropologia no Brasil: um roteiro. *Boletim Informativo e Bibliográfico de Ciências Sociais – BIB*, n. 17. P. 3-52.
- MELATTI, J. C. (1990). A Antropologia no Brasil: Um Roteiro. In: *O que se Deve Ler em Ciências Sociais no Brasil*, vol. 3. VVAA. São Paulo: Cortez/ANPOCS. P. 123-211.
- MICELI, S. (Org.). (1999). *O Que Ler Na Ciência Social Brasileira (1970-1995)*. São Paulo: Sumaré/Anpocs/Capes, 3 volumes.
- MOONEN, F. (1988). *Antropologia Aplicada*. São Paulo: Ática.
- MORAES, C. E. A. (2007). *Esporte Proletário: Uma Leitura da Imprensa Operária Brasileira (1928-1935)*. Dissertação de Mestrado em Educação. Centro de Educação. Universidade Federal de Santa Catarina. Florianópolis. Orientador: Prof. Dr. Carlos E. dos Reis, co-orientador: Prof. Dr. Alexandre F. Vaz.
- MOREIRA LEITE, D. (1992). *O caráter nacional brasileiro: história de uma ideologia*. 15ª. ed. São Paulo: Ática.

- MORGAN, N. & PRITCHARD, A. (1998). *Tourism, Promotion and Power: Creating Images, Creating Identities*. Chichester: John Wiley & Sons.
- MORLEY, D. (1998). El Posmodernismo: una guía básica. En: CURRAN, J., MORLEY, D. y WALTERDINE, V. (comps.). *Estudios Culturales y Comunicación*. Barcelona: Paidós. P. 85-107.
- MOURA, C. (1988). *Sociologia do Negro Brasileiro*. São Paulo: Ática.
- NASH, D. (1992). El Turismo Considerado como una forma de Imperialismo. In: SMITH, V. (Org.). *Anfitriones e Invitados: La Antropología del Turismo*. Madrid: Endymion. P. 217-256.
- NASH, D. (1996). *Anthropology of Tourism*. New York: Pergamon.
- NERY, P. R. A. (2004). Cultura do passeio: lazer e valores holísticos nas classes populares do Brasil. In: CARDEIRA DA SILVA, M. *Outros Trópicos: Novos Destinos Turísticos, Novos Terrenos da Antropologia*. Lisboa: Livros Horizonte. P. 73-99.
- NINA RODRIGUES, R. (1900). *L'animisme fétichiste des nègres de Bahia*. Salvador: Reis & Co.
- NINA RODRIGUES, R. (1988). *Os africanos no Brasil*. 7ª. ed. São Paulo, Brasília: Nacional/UnB.
- NÚÑEZ, T. (1963). Tourism, tradition, and acculturation: *Weekendismo* in a Mexican village. *Ethnology*, 2(3): 347-352.
- OLIVEIRA, C. de. (2004). Sobre Lazer, Tempo e Trabalho na Sociedade de Consumo. *Conexões*, 2(1). P. 20-34.
- ORTIZ, R. (1985). *Cultura Brasileira e Identidade Nacional*. São Paulo: Brasiliense.
- ORTIZ, R. (1994). *Mundialização e Cultura*. São Paulo: Brasiliense.
- ORTIZ, R. (2004). Estudos Culturais. *Tempo Social*, 16(1). P. 119-127.
- PEACOCK, J. (1995). Anthropology for the Next Century. *Anthropology Newsletter* 36, 1 (4).
- PECHINCHA, M. (2006). *O Brasil no discurso da antropologia nacional*. Goiânia: Cãnone Editorial.
- PEIRANO, M. (1980). "The Anthropology of Anthropology: The Brazilian Case". Ph. D. Thesis. Cambridge: Department of Anthropology, Harvard University.
- PEIRANO, M. (1997). Onde está a antropologia?. *Mana*, 3(2). P. 67-102.
- PEIRANO, M. (2000). A Antropologia Como Ciência Social no Brasil. *Etnográfica*, 4(2). P. 219-232.
- PEIRANO, M. (2005). A Guide to Anthropology in Brazil. In: POOLE, D. (Ed.). *Companion to Latin American Anthropology*. New York: Blackwell.
- PEIRANO, M. (2006). *A Teoria Viva e Outros Ensaios de Antropologia*. Rio de Janeiro: Zahar.
- PEIXOTO, E. (2007a). Levantamento do Estado da Arte nos Estudos do Lazer: (Brasil) Séculos XX e XXI – Alguns Apontamentos. *Educação & Sociedade*, 28 (99). P. 561-586.
- PEREIRO, X. (2009). *Turismo Cultural. Uma Visão Antropológica*. El Sauzal (Tenerife, España): PASOS, Revista de Turismo y Patrimonio Cultural ([www.pasosonline.org](http://www.pasosonline.org)). E-book, Colección PASOS edita, nº 2.
- PEREIRO PÉREZ, X. y SMITH INAWINAPI, C. (2007). *Los Impactos del Turismo en Kuna Yala (Panamá). Turismo y Cultura entre los Kuna de Panamá*. Madrid: Fitur/Editorial Centro de Estudios Ramón Areces.
- PAIS DE BRITO, J. (1982). O Estado Novo e a Aldeia Mais Portuguesa de Portugal. *Actas do Colóquio "O Fascismo em Portugal"*, 1980. Lisboa: Regra do Jogo. P. 511-532.

- PERALTA, E. (2003). O Mar Por Tradição: O Património e a Construção das Imagens do Turismo. *Horizontes Antropológicos*, 9(20). P. 83-96.
- PINA CABRAL, J. De. (1991). *Os Contextos da Antropologia*. Lisboa: Difel.
- PINTO, L. (2000). *Pierre Bourdieu e a Teoria do Mundo Social*. Rio de Janeiro: FGV.
- PIRES, E. (2003). *O Baile do Turismo: Turismo e Propaganda no Estado Novo*. Casal de Cambra: Caleidoscópio.
- RAMOS, A. (1979 [1934]). *O Negro Brasileiro*. Rio de Janeiro.
- REIS, J. J. e SILVA, E. (1989). *Negociação e Conflito – A Resistência Negra no Brasil Escravista*. São Paulo: Companhia das Letras.
- REIS, J. J. (1995). *Slave Rebellion in Brazil: The Muslim Uprising of 1835 in Bahia*. Baltimore, London: The Johns Hopkins University Press.
- REIS, J. J. (2003). *Rebelião Escrava no Brasil: A História do Levante dos Malês (1835)*. São Paulo: Companhia das Letras.
- REISINGER, Y. E STEINER, C. (2005). Reconceptualizing Object Authenticity. *Annals of Tourism Research*, 33(1). P. 65-86.
- REYNOSO, C. (1995). El Lado Oscuro de la Descripción Densa. *Revista de Antropología*, 16. Disponível em: <http://txtantropologia.wordpress.com/2007/08/28/c-reynoso-el-lado-oscuro-de-la-descripcion-densa>
- REYNOSO, C. (1986). *Teoría, historia y crítica de la antropología cognitiva*. Buenos Aires: Búsqueda.
- REYNOSO, C. (1998). *Corrientes en Antropología contemporánea*. Buenos Aires: Biblos.
- REYNOSO, C. (2000). *Apogeo y decadencia de los Estudios Culturales: Una visión antropológica*. Barcelona: Gedisa.
- ROCHA PEIXOTO, A.. (1967-1975). *Obras* [3 vols.]. Póvoa do Varzim: Câmara Municipal da Póvoa do Varzim.
- RUSHDIE, S. (1991). *Imaginary Homelands*. London: Granta.
- SAHLINS, M. (1997). O “Pessimismo Sentimental” e a Experiência Etnográfica: Por que a cultura não é um “objeto” em via de extinção (parte I). *Mana*, 3(1). P. 41-73.
- SANSONE, L. (2000). Os objetos da identidade negra: consumo, mercantilização, globalização e a criação de culturas negras no Brasil. *Mana*, 6(1). P.87-119.
- SANSONE, L. (2002). Da África ao Afro: uso e abuso da África entre os intelectuais e na cultura popular brasileira durante o século XX. *Afro-Ásia*, n. 27. P. 249-269.
- SANTANA TALAVERA, A. (2003). Mirando Culturas: La Antropología del Turismo. In: Rubio Gil, A. (Ed.). *Sociología del Turismo*. Barcelona: Ariel. P. 103-125.
- SEGALEN. M. (2005). *Ritos y Rituales Contemporáneos*. Madrid: Alianza Editorial.
- SIMONICCA, A. (2001). *Antropologia del Turismo: Strategie di ricerca e contesti etnografici*. Roma: Carocci.
- SIMONICCA, A. (2007). Conflicto(s) e Interpretación: Problemas de la Antropología del Turismo en las Sociedades Complexas. In: LAGUNAS, D. (Coord.). *Antropología y Turismo*. Claves Culturales y Disciplinarias. México, D. C.: Plaza y Valdés. P. 27-46.

- SEGATO, R. L. (2005). *Raça é Signo*. Brasília: UnB. Série Antropologia.
- SELWYN, T. (Ed.). (1996). *The tourist image: myths and myth making in tourism*. Chichester: John Wiley & Sons.
- SODRÉ, M. (1994). *A máquina de Narciso: televisão, indivíduo e poder no Brasil*. São Paulo: Cortez.
- SHARPLEY, R. & TELFER, D. (Eds.). (2002). *Tourism and Development: Concepts and Issues*. Clevedon: Chanel View Publications.
- SILVA, M. J. (1995). *Racismo à Brasileira: Raízes Históricas*. São Paulo: Anita.
- SILVANO, F. (1998). À Procura de olhares Cúmplices: A Produção Social da Paisagem na Vila de Vizela. In: SEIXAS, P., PEREIRO PÉREZ, X. e SANTOS, P. *Cultura e Arquitectura: Incursións Antropolóxicas no Espacio Construído*. Santiago de Compostela: Edicións Lea. P. 135-147.
- SIMMEL, G. (1996 [1913]). A Filosofia da Paisagem. *Política e Trabalho*, n. 12. P. 15-24. Tradução de Simone Carneiro Maldonado.
- SKIDMORE, T. (1976). *Preto no branco: raça e nacionalidade no pensamento brasileiro*. Rio de Janeiro: Paz e Terra.
- SKIDMORE, T (1994). *O Brasil Visto de Fora*. Rio de Janeiro: Paz e Terra.
- SMITH, V. (Org.) (1989). *Anfitriones e Invitados: La Antropología del Turismo*. Madrid: Endymion.
- SMITH, V. & BRENT, M. (Orgs.) (2001). *Hosts and guests revisited: Tourism issues of the 21st century*. New York: Cognizant Communication.
- SMITH, V. & EADINGTON, W. (Orgs.) (1994). *Tourism Alternatives: Potentials and problems in the development of tourism*. Chichester: John Wiley & Sons.
- STOCKING, G. (2002). Delimitando la antropología: reflexiones históricas acerca de las fronteras de una disciplina sin fronteras. *Revista de Antropología Social*, n. 11. P. 11-38.
- SWAIN, M. B. (2000). "Anthropology". In: JAFARI, J. *Encyclopedia of Tourism*. Routledge. P. 23-26.
- TEIXEIRA LOPES, J. (2000). Itinerário teórico em torno da produção dos fenómenos simbólicos. *Sociologia. Revista da Faculdade de Letras do Porto*. Vol. 10. P. 27-78.
- TRAJANO FILHO, W. (1998). Que Barulho é Esse, o dos Pós-Modernos? *Anuário Antropológico*. Brasília: Editora Universidade de Brasília/Tempo Brasileiro. P. 133-151.
- TRAJANO FILHO, W. e RIBEIRO, G. (Orgs.). (2004). *O Campo da Antropologia no Brasil*. Rio de Janeiro: Contra Capa.
- TRIBE (2004). Knowing about tourism: epistemological issues. In: PHILMORE, J. & GOODSON, L. *Qualitative Research in Tourism: Ontologies, Epistemologies and Methodologies*. New York: Routledge. P. 46-62.
- TRIBE, J. (1997). The indisciplinability of Tourism. *Annals of Tourism Research*, 24. P. 638-657.
- TODOROV, T. (2008). 2ª. ed. *La Vida en Común: Ensayo de Antropología General*. Madrid: Taurus.
- TURNER, B. (1989). *Status*. Lisboa: Estampa.



- TURNER, V. (1995 [1969]). *The Ritual Process. Structure and Anti-Structure*. New York: Aldine de Gruyter.
- URRY, J. (1999). *O Olhar do Turista: lazer e viagens nas sociedades contemporâneas*. São Paulo: Studio Nobel/SESC.
- Van Den BERGHE, P. (1994). *The quest for the other: Ethnic tourism in San Cristóbal, Mexico*. Seattle: University of Washington Press.
- VALE DE ALMEIDA, M. (1991). Leitura de um Livro de Leitura: a Sociedade Contada às Crianças e Lembrada ao Povo. In: O'NEILL, B. e PAIS de BRITO, J. *Lugares de Aqui. Actas do Seminário "Terrenos Portugueses"*. Lisboa: Dom Quixote. P. 245-261.
- VALE DE ALMEIDA, M. (2000). *Um Mar da Cor da Terra: Raça, Cultura e Política da Identidade*. Oeiras: Celta.
- VAN GENNEP, A. (2008 [1969]). *Los Ritos de Paso*. Madrid: Alianza Editorial.
- VASCONCELLOS, J. L. de. (1984). *Tradições Populares de Portugal*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- VELHO, G. (1999). *Projeto e Metamorfose: Antropologia das Sociedades Complexas*. 2. ed. Rio de Janeiro: Zahar.
- VELHO, O. (2006). The Pictographics of Tristesse: An Anthropology of Nation Building in the Tropics and its Aftermath. In: LINS RIBEIRO, G. & ESCOBAR, A. (Orgs.), *World Anthropologies: Disciplinary Transformations within Systems of Power*. Oxford, New York: Berg. P. 261-279.
- VELHO, O. (2007a). Epistrophê: do duplo vínculo às antinomias e de volta. *Rever – Revista de Estudos da Religião*, ano 7. P. 123-144.
- VELHO, O. (2007b [1976]). Modos de desenvolvimento capitalista, campesinato e fronteira em movimento. In: VELHO, O. *Mais Realistas do que o Rei: Ocidentalismo, Religião e Modernidades Alternativas*. Rio de Janeiro: Topbooks. P. 77-101.
- VELHO, O. (2008). A Antropologia e o Brasil, Hoje. *Revista Brasileira de Ciências Sociais*, 23(66). P. 5-9.
- VERGER, P. (1987). *Fluxo e refluxo do tráfico de escravos entre o Golfo do Benin e a Bahia de Todos os Santos: dos séculos XVII a XIX*. São Paulo: Corrupio.
- VERMEULEN, H. e GOVERS, C. (Orgs.). (2003). *Antropologia da Etnicidade: Para Além de "Ethnic Groups and Boundaries"*. Lisboa: Fim de Século.
- WA *Conquista do Oeste: A Fronteira na Obra de Sérgio Buarque de Hollanda*. Belo Horizonte: E
- WOLF, E. (1964) *Anthropology*. Englewood Cliffs: Prentice- Hall, Inc.
- YAMASHITA, S. (2003). *Bali and Beyond. Explorations in the Anthropology of Tourism*. New York- Oxford: Berghahn Books.
- ZIÈGLER, H. de. (1944). *Lusitanie – Initiation Portugaise*. Neuchatel: Éditions de La Baconnière.



# Paseando pola historia de Galicia de banquete en banquete. II

MERCEDES FERNÁNDEZ-COUTO TELLA  
CARLOS AZCOYTIA LUQUE

## 0. A modo de prólogo e de advertencia ao lector

O presente traballo forma parte doutro máis ambicioso que pretende contar a historia de Galicia dunha forma atípica, grazas ao achado a principios do ano 2007 dunha serie de menús gastronómicos. A primeira parte do traballo –comprendida entre os anos 1891 e 1904– foi xa publicada<sup>1</sup>, e esta é continuación daquela. Esta segunda entrega abrangue o período comprendido entre os anos 1908 e 1914, momentos históricos de crises económicas continuas e nunca ben resoltas, que fixeron emigrar a moitos galegos na busca do seu “Dorado” en América, e que, dalgún xeito, marcaron non só o futuro do país senón tamén o de todo occidente pois como colofón deste período estalou a Primeira Guerra Mundial.

O estudo destes menús é máis ca unha biografía dos persoeiros que foron motivo do agasallo. Quixemos ofrecer unha visión, a vista de paxaro, da sociedade da época, percorrendo os aspectos humanos e políticos dunha Galicia que forxa o seu futuro con máis ou menos acertos, como todo o que facemos os humanos.

Comezamos e terminamos esta segunda entrega con senllos xantares celebrados na Habana. O primeiro deles en 1908 en honor ao poeta e actor Bernardo Bermúdez Jambrina e o último en agasallo ao escritor e académico Ramón Cabanillas en 1914. Polo medio, pasamos por dous banquetes ofrecidos a Manuel Martínez Murguía nos anos 1909 e 1913; un encontro dos rexionalistas cataláns e galegos en 1917, e unha homenaxe ao bispo de Xaca, Antolín López Peláez, en 1910.

Todos estes banquetes teñen un marcado acento galeguista, precursor do sentimento nacionalista e da identidade diferenciadora do pobo galego.

## 1. 1908. Un xantar a ritmo caribeño: homenaxe na Habana a Bernardo Bermúdez Jambrina

### 1.1. A modo de pistas para non despiñarse

Ata 1904 Cuba foi o destino principal dos españois que decidiron emigrar. Das diferentes etapas da emigración é nesta primeira –que abrangue entre 1880 e 1930– cando Cuba recibe a masiva migración española. As

<sup>1</sup> *Adra* 4 [2009], pp. 63-79.

causas desta migración habería que buscalas en motivos económicos ou demográficos, os motivos políticos virían máis tarde.

Dentro desta emigración española ten a galega tal peso que o termo *galego* farase extensivo aos españois, converténdose en sinónimo das dúas orixes.

Este estado de cousas facía que en Cuba, e sobre todo na Habana, se vivise dentro das colonias de emigrantes coa sensación de estar nunha nova provincia, afastada pola distancia física pero moi próxima no sentimental, onde calquera noticia ou evento relacionado coa patria eran como un grande acontecemento digno de festexar.

Corre o ano 1908, décimo aniversario da derrota española en Cuba tralo afundimento do *Maine* e da guerra contra Estados Unidos, o que trouxo a ‘independencia’ do país. Para a colonia galega da Habana –como para toda Galicia– este ano de 1908 foi de loito e tristura xa que o 7 de marzo morre, na clínica Covadonga do Centro Asturiano desa capital caribeña, o insigne escritor e o máis grande poeta civil galego: Manuel Curros Enríquez.

### **1.2. Un actor vasco nunha compañía catalá que tamén escribía en galego e recitaba coma ninguén**

Como xa anunciamos, é Bernardo Bermúdez Jambrina vasco de nacemento, actor dramático de profesión e escritor de poesías en galego<sup>2</sup> por afección.

Jambrina, como é coñecido nos ambientes artísticos, é un vasco que se sente galego ata a medula, tanto é así que foi membro correspondente da Real Academia Galega e activo participante na *Escuela Regional de Decla-*



Xardíns da fábrica de cervexa La Tropical. A Habana.

*mación*<sup>3</sup> –xunto con Manuel Lugrís Freire, Galo Salinas e Eduardo Sánchez Miño, entre outros–, da que foi director artístico ata 1905, en que pasa a formar parte da compañía de Enrique Borrás, sendo un dos primeiros actores profesionais en Galicia.

Procedente de México chega Jambrina a Cuba, a mañá do día 2 de outubro de 1908, coa compañía dramática do afamado Borrás, para cumprimentar un contrato asinado co Teatro Nacional. Mentres está na Habana, Jambrina, acode con Borrás, Tovar, Begaría e a directiva do Centro Galego, entre os que se atopa Villar Ponte, á casa de saúde La Benéfica, dependente do Centro Galego, e onde lles ofrecen un xantar. Na sobremesa, Enrique Borrás le a poesía “Saúdo” que fora escrita polo propio Jambrina.

### **1.3. Un xantar de homenaxe que non puido ser nunha fábrica de cervexas e si nun parque con atraccións**

A colonia galega, excitada pola visita, organiza, aos dous días da chegada do noso biografado, un xantar homenaxe que nun primeiro

<sup>2</sup> Publicadas moitas delas na *Revista Galega* entre 1903 e 1905 e en *Galicia: revista regional ilustrada* en 1908, as dúas editadas na Habana.

<sup>3</sup> A primeira institución oficial en Galicia orientada á formación teatral.



Parque do Palatino. A Habana.

momento ía ser nos fermosos xardíns da fábrica de cervexas La Tropical. A idea tivo que ser desbotada por coincidir co XX aniversario da fundación de fábrica e ter xa, polo tanto, outros actos programados.

Non foi esta unha elección feita ao chou. Neste lugar da Habana fíxose a primeira elaboración de cervexa grazas ao tesón da familia Blanco Herrera, e os seus xardíns, polo coidados e bonitos, aínda hoxe son visitados por turistas e nativos.

A homenaxe tiña que contar coa autorización previa das autoridades militares estadounidenses, que eran as que mandaban. Unha vez conseguida, a escolla do lugar recaeu no parque do Palatino instalado nos antigos terreos dun nobre español do que tomou o nome.

A superficie do parque, hoxe moi deteriorado, é de 11.200 m<sup>2</sup>. Foi o primeiro lugar de Cuba onde se rodou unha película, sucedera dous anos antes, o día 25 de marzo de 1906, e a súa duración é de apenas un minuto. O director, para os cinéfilos interesados, foi Enrique Díaz Quesada (fillo de asturiano).

O parque era un centro de diversións ao estilo do Coney Island Park, estaba adornado

con esculturas, xogos infantís e tres pontes ornamentais que o distinguían do resto dos xardíns da Habana, por iso tamén era coñecido como ‘O Parque das Pontes’.

#### **1.4. Domingo 18 de outubro de 1908, a colonia galega homenaxe a Jambrina**

O acto de homenaxe foi un éxito tanto na organización coma na participación, de tal xeito que segundo a revista *Follas Novas*, ás dez da mañá xa estaban no fermoso parque practicamente a totalidade dos invitados. Os comensais, que case chegaban ao cento, formaban tal irmandade galego-catalá, que na sobremesa, o galego Antón Villar Ponte fai o seu brindé en catalán, xentileza á que corresponde Begaría con outro en galego. Con este empate técnico, aplaudido con entusiasmo polo público, continuou a celebración cun aire máis festivo: humoradas e poesías cómicas de M. Lafuente e A. Novo. Novos discursos e poesías de Tovar, Merino, Lugrís e López Pérez, que rematan co discurso de Borrás –ao que se lle pide insistentemente que fale en catalán– e que conclúe cunha aperta a Jambrina, posiblemente como consecuencia do sol, o viño do xantar e as fortes emocións, e todas as intervencións son aplaudidas con fervor polos asistentes. A continuación, a lectura das adhesións daqueles que non puideran asistir, para terminar todo cun discurso de Jambrina, esta vez sen apertas. Anoitece xa, e a festa continúa nos locais do Centro Galego.

Cada un dos asistentes ao xantar foi agasallado, como recordo do acto, coa tarxeta que reproducimos e na que aparece en primeiro lugar o homenaxeado e a data do acto, abaixo unha vista do Teatro Emilia Pardo Bazán da Coruña do que pende o escudo de España e ao lado como nunha fervenza as fo-

tografías dos señores que formaban a comisión organizadora: Adelardo Novo, Marcial Mosquera, Andrés Patiño, Jesús Díaz, Vicente Ruiz, Antonio Villar Ponte, Gerardo Iglesias e Dámaso Pérez, este último principal instigador do evento. Ao redor destas fotos a inscrición dedicada a Jambrina e o menú co escudo de Galicia.

### 1.5. Un menú puramente da terriña, enxebre por completo

Non pode dicirse que o menú que degustaron os comensais fose un gasto de enxeño nin de exotismo, pero si un exercicio de saudade xa que case todos os pratos foron unha repetición do que en Galicia é moi habitual: caldo e lacón.

Os entrantes non pasaron dun pouco xamón galego, pavo e olivas.

O xamón galego, como todo o mundo sabe ou debería saber, non é un prato exquisito, aínda que se adorne, como indicaba Emilia Pardo Bazán, con pequenos cogombros; a razón é que a pata de porco ten que se curar con sal dabondo a causa do húmido clima galego. De feito, nesta época quen quería e podía comer un bo xamón recorría ao salmantino de Guijuelo, moi ponderado e famoso entre todos os gastronomos de principios do século XX.

O pavo ben puido prepararse mechado ou ao estilo cubano, que consistía en sofrir o pavo en manteiga de porco cuns dentes de allo, perexil picado, sal e pementa, acompañando dunha salsa feita seguindo estas proporcións: dúas cuncas de caldo, abelás tostadas e esmagadas, un ramo de finas herbas, especias e dúas xemas de ovo.



Tarxeta do convite en honor de B. B. Jambrina

Sobre as olivas pouco hai que comentar, supoñemos quizais que serían olivas negras.

O primeiro prato foi un caldo galego, que ao parecer de Emilia Pardo Bazán era

“ [...] todavía comida de los aldeanos de Galicia. Son sus elementos berzas, habas y patatas, deduciéndose que el labrador gallego es vegetariano (por la fuerza), y no le va mal con serlo, desde el punto de vista del vigor [...]”<sup>4</sup>

e continuía dicindo que se facía basicamente con fabas, un pedazo de unto ou touciño, patacas en anacos e verduras que podían ser verza, nabiza, grelo ou repolo.

O segundo prato foi un lacón con grelos. O lacón é a pata dianteira salgada do porco. Para

<sup>4</sup> Pardo Bazán, Emilia (1996). *La cocina española antigua*. A Coruña, Academia Galega de Gastronomía.

elaborar este prato déixase en remollo o lacón desde o día anterior. Unha vez desalgado ponse a cocer con toda a carne que vai levar: orella, rabo, cachucha... Cando practicamente está cocido, engádense os grelos, as patacas e os chourizos. Aínda que hai moitas variantes, unha lacoada tradicional consta cando menos de: lacón, chourizos –recoméndase un por cabeza e algún de propina, por se acaso–, patacas e grelos en abundancia, e chega ao seu esplendor cando acompaña a cachucha e o rabo. Os límites entre unha lacoada e un cocido non están moi definidos pois, ás veces, os ingredientes dun e outro solapáanse. O cocido leva ademais da carne de porco, carne de vacún e de ave, e legumes.

O de máis sona en Galicia, chea de festas gastronómicas ao longo do ano, é o de Lalín, que ao berro de “De San Amaro a San Valentín, mes do cocido en Lalín” lle ten unha festa dedicada na que participa todo o pobo e case que a totalidade da hostelería da zona.

Un dos maiores atractivos do lacón e do cocido é o seu carácter coral. É para comer en familia, se a familia é ampla, ou entre un bo grupo de amigos como é o caso que nos ocupa. E aínda que é un xantar contundente, Picadillo explicanos o método para evitar a indigestión:

El labriego gallego, en Carnavales,  
toma lacón para olvidar sus males;  
y en bailes y foliadas  
lo digiere después a bofetadas.  
Por eso los lacones  
no producen jamás indigestiones<sup>5</sup>

O terceiro prato que se serviu foi un modesto arroz con polo, cuxa fórmula culinaria non ten ningún segredo, pero comentamos

como se facía daquela: partíase o polo en cuartos. Abrandábase en aceite, cebola e pementos verdes cortados a tiras nunha proporción de un a tres, logo engadíanselle tomates pelados e partidos e deixábase ao lume para consumir ou reducir. Despois refogábase o polo e engadíase inmediatamente o arroz e a auga, a razón dunha cunca de arroz por dúas e media de auga. Salgábase un pouco e botábaselle o azafrán e algúns dentes de allo.

Se humildes foron os pratos principais, máis o foron as sobremesas, o que non lle quita a exquisitez, xa que en primeiro lugar se serviu un queixo de teta ou de tetilla, que, por certo, obtivo a súa denominación de orixe en 1996. O nacemento deste queixo está nas vilas do occidente da provincia da Coruña, en concreto en Curtis, Arzúa e Melide, sendo totalmente artesanais na súa elaboración e moldeados á man. O costume era tomalo con mel ou marmelo. O noso menú non o di, así que é posible que aforrasen estes acompañantes.

Segue unha rolda de froitas variadas, sen especificar cales pero, estando no Caribe onde a froita é unha delicia, supoñemos que debéron servir mangos, plátanos, cocos, papaia, güaiabas, mameis e piña, que son as variadas froitas típicas de Cuba.

No referente aos viños nada que cause sorpresa. Bebeuse un tinto galego, do que non se especifica a orixe, polo que imaxinamos que sería un viño corrente, e un Xerez que hoxe xa non se comercializa, o Marqués de Pries, polo que non é posible saber a calidade desta bebida.

Seguimos co champaña que habería que dicir cava, porque case seguro sería procedente das bodegas de Manuel Raventós e a súa marca Codorníu, pois era o único que exporta-

<sup>5</sup> Picadillo [1913] *La cocina práctica*. A Coruña. Tip. de El Noroeste.

ba a Cuba dende o ano 1895 con prezos competitivos, moi por debaixo dos franceses.

Sobre a calidade do café e do tabaco non pensamos que existan dúbidas.

Recapitulando, só queda dicir que foi un xantar típico, barato e correcto para pasar o día ao aire libre nun parque cos amigos, sen nada significativo no sentido gastronómico.

### 1.5. Anotacións finais

A invitación ao convite que mostramos ten as sinaturas do propio Jambrina e de Enrique Borrás, dos músicos Juan Gay, catalán, e Castro Chané, galego; dos artistas Mariano Miguel, pintor e autor do retrato de Rosalía de Castro publicado en *Cultura Gallega*; Luís Tovar, artista andaluz pertencente á compañía teatral de Borrás e de Pascual Aenlle, escultor. Asinan tamén esta tarxeta José López Pérez, presidente do Centro Galego, e Adelar-do Novo, director do *Diario Español*.

Para rematar compre facer referencia á morte de Bernardo Bermúdez Jambrina en 1919, once anos despois desta homenaxe, nun accidente automobilístico en Avilés cando levaba con el a tradución ao castelán de *Follas Novas* de Rosalía de Castro, que se perde para sempre, quizais espallada pola cuneta e os campos circundantes á estrada.

## 2. Murguía: dúas acariñadoras homenaxes ao Patriarca

*Hierve la sangre juvenil, se exalta  
lleno de aliento el corazón, y audaz  
el loco pensamiento sueña y cree  
que el hombre es, cual los dioses, inmortal.  
No importa que los sueños sean mentira,  
ya que al cabo es verdad  
que es venturoso el que soñando muere,  
infeliz el que vive sin soñar.*

Rosalía de Castro. *En las orillas del Sar*

### 2.1. Pequena biografía: unha infancia protexida, unha xuventude rebelde e unha madurez esplendorosa

Nace Murguía –como se lle coñece comunmente– o 17 de maio de 1833 en Arteixo, A Coruña. Fillo de Juan Martínez, farmacéutico, que tivo botica primeiro na Coruña e logo en Santiago.

Protexido de máis pola súa nai, Concepción Murguía Egaña, tivo unha nenez atípica e en desacordo cos outros infantés da súa idade pois estuda cun preceptor particular, sen relacionarse con outros rapaces coetáneos, ata a súa entrada no bacharelato de Filosofía, título que obterá en 1850.

Forma parte, nos seus primeiros anos, do Liceo de la Juventud en Santiago de Compostela, de onde saíra unha xeración de provincialistas e onde coñecerá a Rosalía. É aquí e neste momento onde afianzará a súa vocación literaria e de historiador.

Os continuos fracasos académicos alarman ao seu pai que quere que estude Farmacia. Unha vez realizado o curso preparatorio desta titulación, o seu pai decide mandalo a Madrid para apartalo da influencia materna. A unha infancia e adolescencia problemáticas que provocan tensións na súa familia engadirá en pouco tempo o abandono de Farmacia, a opción que o seu pai elixira para el.

Con este panorama, marcha pois Murguía a Madrid en 1853. Empeza os obrigados estudos de Farmacia, que non rematará, e inicia unha carreira literaria que pronto abandona para centrarse nas ciencias históricas e promover a cultura galega. Comeza aquí o que se converterá nunha constante ao longo da súa vida: a inestabilidade económica. Establece na capital relacións políticas que lle axudan a abrirse camino como xornalista pero tamén como escritor.





Familia Murguía Castro.<sup>6</sup>

Vive como un bohemio na capital do reino, subsistindo grazas á súa pluma, cousa que sempre foi moi difícil en España, colaborando en revistas e xornais e escribindo folletíns tales como *Un can-can de musard*, *El ángel de la muerte* e *La mujer de fuego*, entre outros.

No ano 1856 Aurelio Aguirre, un dos fundadores do Liceo de la Juventud, organiza xunto con Eduardo Pondal, outro compañeiro do Liceo, o famoso Banquete de Conxo o 2 de marzo. Un acto de tintura socialista e de confraternización entre estudantes e obreiros. Nel fíxose apoloxía de Galicia, da terra e do pobo, e fixérona xuntos obreiros e estudantes con toda a súa enerxía xuvenil. Este evento, ao que ben puidera ter ido Rosalía de Castro,

ten o apoio de Murguía desde as columnas do xornal vigués dirixido por Alejandro Chao *La Oliva*.

Cumprindo as peores expectativas do seu pai, casa en 1858 –en Madrid– con Rosalía de Castro; ten el 25 anos e ela 21, agárdanos 7 fillos, un xa en camiño, e unha vida moi azarosa.

Pronto está a parella de volta en Galicia, ao ano seguinte da voda, e Murguía ocupa a dirección do xornal *El diario de la Coruña* e escribe as súas primeiras obras dedicadas a temas da súa terra.

En 1866 publica o primeiro tomo da *Historia de Galicia* onde elabora un concepto de Galicia que será o núcleo das ideoloxías rexionalistas e nacionalistas posteriores. É esta a etapa máis esplendorosa de Murguía: convértese en líder e principal figura do movemento galeguista. A pesar de posuír unha personalidade complexa e un carácter forte e autoritario que o indispon a miúdo con compañeiros, colegas e amigos, Murguía simboliza toda unha época do galeguismo.

En 1868 ingresa no Corpo de Arquiveiros e ten destino en Simancas, onde permanecerá dous anos, e logo será nomeado –en 1870– director do Arquivo Xeral de Galicia.

As convulsións políticas do país crean a figura do “cesante”, definido nun dicionario da época<sup>7</sup> como o que queda sen ocupación por resultas de reformas políticas, e fan que Murguía pase a formar parte das lexións de parados que moitas veces se congregaban facendo rodas nos cafés próximos aos ministerios agardando un cambio de goberno que lles devolvese os seus postos de manguitos e viseiras; unha estampa típica e trágica da vida

<sup>6</sup> Arquivo da RAG. Fondo Murguía


<sup>7</sup> CANGA ARGÜELLES, José [1883]. *Diccionario de Hacienda*. Madrid. Marcelino Calero y Portocarrero.

española da época onde non existía xustiza social e os dereitos dos traballadores eran case que nulos. Estes continuos cesamentos, reingresos e atrasos nas tomas de posesión son o camiño que conducirá a unha xubilación sen dereito a pensión, ao non ter traballado os anos que marcaba a lexislación do momento.

Pese a que, como dixemos antes, da pluma en España non comen nin as aves, a Murguía non lle queda outra que volver ao seu traballo de periodista. Emigra pois a Madrid no ano 1878, onde dirixe *La Ilustración Gallega y Asturiana* y despois *La Ilustración Cantábrica*, do seu amigo Alejandro Chao, o que non lle chega para cubrir as súas necesidades económicas polo que ten que pluriempregarse.

Chega en 1894 o derradeiro destino para Murguía: A Coruña, cidade na que xa quedará ate a súa xubilación en 1905. Continúa coa súa actividade liderando o grupo de rexionalistas coruñeses que se reunían na librería de Carré, tamén coñecida como A Cova Céltica, de onde saíra a idea de fundar a Liga Galega, na que Murguía non participará, e a Academia Galega –sobre unha idea anterior de Aureliano Pereira-, que non chegara a bo porto ate que recollan a idea na Habana. Murguía será o presidente da Academia desde a súa constitución en 1905 ata a súa morte.

A modo de corolario desta pequena homenaxe á vida e obra de Murguía só resta dicir que a súa vida estivo destinada a demostrar a nacionalidade galega, a súa grandeza e a inxustiza que España cometeu con ela ao longo dos séculos. É Murguía un intelectual sen proxección política, non foi home de acción senón un teórico da formulación histórica da nación galega. Pon Murguía o idioma como elemento central de afirmación nacional e fala dunha auténtica personalidade colectiva galega.



Tarxeta da cea homenaxe a M. Murguía en 1909

## 2.2. 1909. Primeiro banquete nunha Galicia en festas

Pasear pola Galicia de hai unha centuria é festexar a Exposición Rexional Galega que se celebrou en Santiago de Compostela. Foi, a Exposición, unha mostra artística, cultural e industrial que creou moitas expectativas, sobre todo pola imaxe do país que se proxectaría no exterior. E o mesmo que hoxe nos máis grandes acontecementos se fai un conteo cara a atrás, os medios informativos da época en Galicia, e desde meses antes, inserían un recordatorio do día da inauguración.

Aínda había outro motivo de excitación, a visita o día 25 do rei Afonso XIII á Exposición. A presenza real que, sobre todo naqueles tempos, daba categoría a calquera celebración e provocaba o entusiasmo da xente.

O magno evento reúne máis de 600 instalacións, repartidas en once pavillóns. O seu catálogo é inmenso: dez mil pezas de arqueoloxía, obras de arte e historia chegadas de todo o mundo: Alemaña, Cuba, Portugal e de todas as provincias españolas.

Algunhas novidades chaman poderosamente a atención como o labirinto –de autoría xaponesa–, o hipódromo con concurso hípico incluído, as magníficas escaleiras de mármore do pazo central da exposición e un cinematógrafo, todo un adianto no momento.

Non só enchen a Exposición planos, mapas, cadros, maquetas, fotografías, gravados, libros, tamén a cultura máis lixeira ten o seu acomodo pois contratáronse para o pavillón de teatro as actuacións de: os Corbetta coa súa cantante, a fermosa Claudia, coñecida como “a voz de ouro”; Isabelita Muñoz a raíña da xota; o imitador Follier; Saldac, instrumentista; o prestidixitador Florences e outros afamados artistas.

Entre as moitas medallas que se concederon na Exposición hai que destacar unha –por estar este estudo dedicado basicamente á gastronomía– que é a concedida aos melindres, doce galego por excelencia, unha especie de rosquilla feita con fariña de trigo, xemas de ovo, manteiga cocida de vaca, xarope de azucre e glaseado.

Reloce Santiago este ano coa Exposición pero aínda hai outro motivo de festa: é tamén o primeiro ano santo do século, do que nos quedarán como recordo as medallas que se acuñaron para tal fin. Para os que estean interesados cómpre dicir que as medallas eran de aluminio e dun tamaño de 4 cm. No anverso reproducíase o Apóstolo co báculo de progreso nunha man e noutra un libro e unha orla onde se le “Deus Hispania S. Jacobe. Ora pro

nobis”. No reverso, o sepulcro coa estrela e o texto “Año Santo de 1909”.

### **2.3. Unha cea nada “provinciana” no restaurante La Provinciana cos amigos e admiradores nunha longa noite de conversacións, agarimo e abrazos**

Este primeiro banquete que comentamos é unha homenaxe celebrada na fonda La Provinciana o luns 2 de marzo de 1909, foi ofrecido por “amigos y admiradores”. A fonda aínda existe e está situada na rúa Castelar, hoxe renomeada como rúa Nova, no mesmo centro da cidade.

Estiveron presentes o marqués de San Martín, o abade da Colexiata, López Soler, Pita, Martínez Salazar, Tettamancy, Lugrís, Álvarez Ínsua, Ponte y Blanco, Marchesi Buhigas, J. García, Mon, Camino, Barreiro Costoya, Pérez Linares, Álvarez Díaz, Aguía, Fáginas, Vaamonde, Panisse, Mariñas, Badía, Carré, Tejada, Seijo, Castillo, Martínez Morás, Tafu, Ulloa, García Fernández, Cortés, Villanueva, Rodríguez González, Carnota, Sanz e Barreiro. Como di *La Voz de Galicia*, un amigable grupo de entusiastas devotos. Pero aínda hai máis, porque manifestan a súa adhesión e desculpan a súa asistencia Marcelo Macías, Fernández Alonso, Lenzano, Requejo, Rodríguez López, Vega Blanco, García Rivera, Díaz, Salvador Golpe, Salgado e Barbeito.

Murguía presidía a mesa. Houbo brindes e discursos: Tettamancy enxalza a Murguía, Lugrís expresa a adhesión do Centro Gallego de La Habana, Álvarez Ínsua pide unha patria nova e forte, Castillo fala en nome da xuventude, Sanz pide a unión dos galegos, Bernárdez reclama xefes para conducir un pobo valoroso, Carnota e Martínez Salazar resumen nunha aperta a súa admiración e fidelidade a Murguía, Barrei-

ro Costoya propón enviar flores ás fillas do homenaxeado e así transcorre a noite falando de Galicia, de Rosalía, de Curros... ata que –coma nas vodas, que dunha sae outra– chegan ao acordo doutro xantar íntimo a celebrar o próximo domingo, esta vez en homenaxe a Martínez Salazar. Remata pois o acto e os comensais, cansados e cunha nova cita nas súas axendas, acompañan o patriarca á súa casa.

A invitación leva no ángulo superior esquerdo o busto de Manuel Murguía, de fronte, asinado por C. Vilas. A tarxeta é sinxela, indica o menú, motivo e lugar da celebración e por toda decoración presenta o antedito retrato.

#### **2.4. “Cena” de froitos da terra, como ben di a tarxeta**

Comeza a copiosa cea cun rico caldo para abrir boca. É o máis típico da terra e, aínda que aquí lle chamen “Zelme de garabanzos” con repolo non é máis que un caldo galego. O caldo pódese facer de repolo, de grelos, de nabizas e de verzas, todos exquisitos, aínda que cada un ten os seus defensores. A receita é ben sinxela: ponse nunha tarteira a auga, as fabas –que se “espantan” un par de veces se non se puxeron a remollo–, un óso, unto e sal, e déixase cocer ata que as fabas estean case feitas, engádense entón as patacas e a verdura partidas en anacos e deixase cocer outros 15 minutos. Agora habería que dicir “e servir” pero o certo é que o caldo está máis rico dun día para outro, e para outro...

Deseguida, un remexido de arroz con peixe, polo e froitos da terra que é o que hoxe chamariamos unha paella mixta. A paella é o prato máis coñecido da rica e variada gastronomía española.

A orixe da paella<sup>8</sup> non está aínda confirmada pero como a de todos os pratos da cociña popular, non é máis que a conxunción dos elementos que cada pobo tiña ao seu redor. En Levante, a rica zona de horta de regadío abastecía de verduras frescas os habitantes, se o xuntamos á habitual cría de polos e coellos para o consumo familiar, a proximidade da albufeira coa existencia de arrozais e polo tanto de arroz aparecen as condicións necesarias para a creación deste prato.

A todo isto temos que engadirlle o marisco e o peixe do litoral, o aceite de oliva propio da zona do Mediterráneo e temos así todos os ingredientes con que se realizan a maioría das paellas clásicas.

Púñanse as verduras que houbese nese momento na despensa: alcachofas, feixóns, fabóns... a toda esa mestura, engadíasele o arroz e xa estaba o xantar do día amañado. Pero non ten a vantaxe do noso caldo de servir –e mellorar– durante varios días, o que é de grande axuda para a sufrida ama de casa.

Na paella mixta –a menos ortodoxa de todas– é aconsellable refogar primeiro a carne e logo o peixe aínda que hai quen o fai todo xunto.

Despois segue unha “peixota”, produto tamén moi típico da cociña galega, aínda que ese apelido “á cruñesa” ben pode ser unha versión localista de “á galega”, que non é máis que unha deliciosa allada que acompaña o peixe cocido.

E se aínda queda un oco no estómago, “lombo de terneira asado”, ao que internacionalmente se lle chama “rosbif”. Basicamente un asado de carne ao forno. Típico da gastronomía inglesa, serve tanto para facer saboro-

<sup>8</sup> Azcoytia Luque, Carlos. [www.historiacocina.com](http://www.historiacocina.com).

sos bocadillos como para engalanar a mesa nun día festivo.

As “lambetadas” consisten en queixo, supoñemos que tamén será da terra, pois hainos excelentes e variados. Os máis famosos son os que teñen denominación de orixe: Arzúa-Ulloa, Tetilla, San Simón e Cebreiro; pero aínda hai máis, o requeixo (hai unha deliciosa competencia entre o das Neves e o da Capela), queixos de ovella de gran calidade como os do Rexo, queixos artesanais de cabra e todos os queixos chamados “do país”. Peras como froita fresca e deseguido as verdadeiras lambetadas ás que con moito segredo se refíre como cousas doces deixándonos coa intriga e a imaxinación pegañenta polo azucre.

O xantar vén acompañado por viños da terra –Ribeiro– e algúns estranxeiros aínda que non se especifica o grao de “estranxeiría” e, como non, o inevitable champaña que como temos observado non falta nunca. Despois a fermosa tradición de café e copa. Esta é de coñac: da terra, non podía ser doutro xeito.

### ***2.5. 1913. Catro anos máis tarde outra tenra e xenerosa homenaxe a Murguía, desta vez polo seu aniversario***

Pasados catro anos da homenaxe anterior, o 17 de maio de 1913 fáiselle na Coruña outra gran festa a Murguía co gallo do seu 80 aniversario. Vai vello o Patriarca –e vivirá aínda 10 anos máis– e acompañano non só a ruína física propia da idade senón tamén e –coma sempre a económica– unhas dificultades monetarias manifestas que se translocen nos discursos, agasallos e desexos que lle ofrecen neste xantar.

O escenario para este afectuoso acto é o salón de festas da Reunión de Artesáns que se decora expresamente para este momento cun lenzo, obra do artista levantino Enrique Sabo-

rit, que alude ao amor de Murguía por Galicia. O menú é servido polo Hotel Continental, catering do momento.

A entrada de Murguía ao salón, escoltado por dúas mulleres: Filomena Dato e María Barbeito, é apoteósica xa que os 200 comensais o reciben cunha afervoada salva de aplausos.

É na sobremesa cando se inician os brindes e discursos. Comezan cun panexírico de Casás que enxalza ao homenaxeado en todas e cada unha das súas facetas; ao final do seu discurso recorda a pensión que Francia outorga ao historiador, político e poeta Alphonse de Lamartine solicitando o mesmo recoñecemento de Galicia para Manuel Murguía.

Deseguida, Filomena Dato le uns versos en galego que ela mesma compuxo para esta ocasión e que son aplaudidos polo público; logo o representante da Escola de Artes e Oficios de Vigo, o señor Requejo, comeza un discurso de variada temática no que en primeiro lugar –e non podía ser doutra forma– loia vehementemente a Murguía pasando despois a pedir a unión dos galegos e a reprobar as clases dirixentes que desertan dos postos de honor. Con algo de memoria vemos que xuntou os discursos de Sanz e de Bernárdez da homenaxe anterior a Murguía. Pero aínda non rematou Requejo, pois neste mesmo discurso esixe aos organismos oficiais que cumbran a débeda que moralmente Galicia ten contraída co historiador.

Sucédeo Mirambell que le unhas cuartillas patrióticas e se fai eco da idea de Dávila de agasallar a Murguía cunha casa, casa que levaría o nome de Rosalía. Logo, Domingo Ares le unha extensa poesía que el mesmo compuxo para esta ocasión.

Ben sabemos que obras son amores e non boas razóns e outra vez serán os emigrantes os que darán unha lección de xenerosidade:

o Centro Galego de Buenos Aires comunica –mediante un telegrama que le Manuel Casás– unha asignación mensual vitalicia que será entregada polo Banco Pastor e que fai que a sala estale nun enorme aplauso. Lembra Eugenio Carré, con algo de celos quizais, ante a magnanimidade porteña, que o Centro Galego da Habana sempre contribuíu a propulsar a obra do historiador e como demostración Lugrís Freire comunica que é depositario de 2.500 pts. para a edición do quinto tomo da *Historia de Galicia*. Grandes aplausos e agradecementos a este Centro que sempre sustentou materialmente as iniciativas galegas.

Despois, os representantes de Valencia, Cataluña e Castela foron debullando os seus apoios, interrompidos por Fraiz Andón, que nun fermoso discurso sobre Murguía termina dicindo: “el héroe ya está aquí: ya se halla sobre el pedestal glorioso de su obra ¡Alzadlo!”.

Toma a palabra Lugrís para ler o discurso escrito por Murguía no que agradece as mostras de estima e aprecio, que consente en recibir só se é en nome de todos os que loitaron e sufriron no nome de Galicia.

Unha moi longa ovación pon fin ao discurso e comeza o desfile. Nunha carroza, Murguía e Casás acompañan –como cabaleiros que son– a Filomena Dato á súa casa, despois e seguidos a pé por un gran numero de admiradores, diríxense a San Agustín onde o escritor ten o seu domicilio. Alí aplaudiron e aclamárono, como final de tan fermosa festa.

Ao día seguinte e como continuación dos festexos de aniversario haberá unha velada literaria no Circo de Artesáns, pero ese acto xa excede a finalidade deste artigo.

A invitación, austera e en branco e negro está presidida por un gravado realizado por F. Cortés e foi impresa por Ferrer. No centro, un



Invitación á homanexe a M. Murguía en 1913

busto de Manuel Murguía enmarcado nun círculo, á dereita un anxo que sostén a cinta que leva escritos os títulos das súas obras xunto co loureiro, símbolo de inmortalidade. Así mesmo unha gaita representando a Galicia e unha lira e a paleta de pintor como símbolo das artes.

O banquete comezou por uns entremeses ou como se escribe na carta do menú *hors d'oeuvres*, que quedaba máis fino e dáballo empaque ao ágape.



Cartel publicitario de Champagne Léon Chandon

Deseguida un puré ao que chaman “cultivador”, o que quererá dicir –atendendo á etimoloxía da palabra– que sería de patacas e verduras, un pobre comezo para un banquete que se prometía farturo.

O primeiro prato que se serve, despois destes engana estómagos, é unha pescada con salsa vinagreta e con salsa remolada. É tan doado de facer que só se necesita cocer o peixe e facer as salsas, a vinagreta leva unha parte

de vinagre por tres de aceite, sal e pementa e a remolada é unha maionesa con alcaparras, pequenos cogombros, perexil, cerefolio, estragón e ceboliña. É de supoñer que se servirían en salseiras para que cada comensal tomase a que máis lle gustase.

E agora parece que imos cara a atrás pois de segundo temos volován de ave e friames, que máis parecen compoñentes dun aperitivo que dun prato no medio do xantar.

O volován de ave é un follado recheo. De certo, o das plumas sería galiña, polo non podería ser polo prezo que entón alcanzaba e xa outros tipos de aves voadoras terían prezo polas nubes, nunca mellor dito e aproveitando o chiste fácil.

A preparación consistiría en desosar a ave e cortar en anaquiños a súa carne. Con sorte, saltearíase con champiñóns ou outros cogomelos en manteiga, con algo de fariña engadida para darlle corpo e, posteriormente, caldo para sacarlle a espesura. Unha vez fervido engadiríase lleite ou nata e viño de Xerez, que lle daba moi bo sabor ao guiso e que finalmente se salpementaba. Con este preparado enchíase o volován ao que se lle engadiría perexil moi picado.

Custa resistirse a non contar a historia do volován, cuxa paternidade é atribuída a Antonin Câreme (1783-1833) afamado cociñeiro francés que un bo día ocorrêuselle reencher o follado e púxose mans á obra. A levidade da pasta fixo que no forno tomase forma dunha pequena torre, ao velo o panadeiro berrou alarmado: “*Antonin, elle vole au vent*”, este grito de sorpresa fíxolle tanta graza a Câreme, que lle aplicou este nome ao novo prato.

Sorprende a anarquía do servizo ofrecendo no medio dos pratos friames variados, como xa vimos, pois os friames –de sabor máis forte– estragarían a degustación do solombo.

Presentados antes do solombo mechado, pero seguramente acompañándoo, chícharos á inglesa que non é outra cousa que chícharos con manteiga; patacas glaseadas, que son patacas cocidas que se volven poñer no lume suave con manteiga e azucre. Unha deliciosa gornición para o solombo, ao que tamén acompaña unha “ensalada Closer”.

Por se resistisen todo o anterior, ás sobremesas serviron bombas de vainilla tamén chamadas de Berlín ou berlinesas e “petits Condes”, que son moi parecidos aos panquenes argentinos, ademais de queixo e froita.

Nos viños ningunha novidade, ignorados os galegos ante o Rioxa que foi branco para o peixe e tinto para a carne.

O champaña foi todo un desbaratamento, incluía dúas marcas estranxeiras, de xeito que na carta non houbo espazo nin para os viños galegos nin para os espumosos cataláns. E o faladoiro, coma sempre, con café e puro.

### 3. 1910.- Antolín López Peláez alcumado como “o sabio” e “o soldado da xustiza” é homenaxeado na súa terra adoptiva

#### 3.1. *Biografía dun neno pobre e intelixente chamado Antolín*

Naceu o noso homenaxeado o 31 de agosto de 1866, na casa cuartel dunha pequena vila da provincia de León chamada Manzanal del Puerto, situada na estrada que une Galicia co Bierzo. Era fillo de Domingo López e M.<sup>ª</sup> Magdalena Peláez. Toda a súa familia paterna era de Noceda, onde viviu de neno algúns anos e na súa escola estudou as primeiras letras, destacando xa entre os seus compañeiros. Tivo

dous irmás pequenos Ramón, que chegaría ser notario en Santander co número un da súa promoción, e Estefanía.

El mesmo lembra a súa infancia en Noceda:

“A los tres meses de mi vida salieron mis padres de Noceda y yo con ellos. Estuvimos en distintos puestos de la Guardia Civil. Con ocho o nueve años regresamos de nuevo a Noceda, donde mi padre tenía una casita y allí se disponía a pasar su retiro. Pasado algún tiempo, mi padre se reenganchó y con diez años, salimos del pueblo y estuvimos por otras casas cuartel, y presencié los horrores de la guerra carlista”.

“Este pueblo de Noceda ejerció gran influencia en mi vida. En primer lugar las veladas nocturnas en las cocinas del pueblo, con sus hilanderas y relatos de duendes, brujas, tragos aparecidos y endemoniados, que me producían un horror tremendo durante la velada y pesadillas espantosas luego”.

“Otra influencia en mi vida fueron los libros de caballerías. En Noceda los leí todos...”.

Di Pascual Madoz do porto do Manzanal que é de clima frío (cota de 1.230 m) e que as enfermidades máis comúns, son por esa mesma razón, catarreiras e pulmonías. Situado no camiño real contaba con hospedaría e parada de postas de dilixencias e correo. Esta condición de lugar de paso tróuxolle máis dun problema, como ocorreu na Guerra da Independencia na que a vila de Manzanal del Puerto foi totalmente destruída polos franceses. A importancia que debeu ter o lugar vén dada pola súa situación xeoestratéxica no camiño real de Madrid á Co-



ruña, o que xustifica o posto da Garda Civil. O Duque de Ahumada para combater o bandoleirismo colocaba os postos nas zonas que eran á vez centro de comunicacións e fronteirizas entre provincias. Neste posto do Manzanal é onde o pai de Antolín era un número, que é así como se chama aos gardas civís sen graduación.

Hoxe en día, a vila ten sesenta e oito habitantes e está situada ao pé da autovía do No-roeste.

A finais do século XIX en España, cunha economía rural moi pobre, era costume destinar os fillos menores ao exército ou á igrexa ante a imposibilidade de poder alimentalos de aí que, con doce anos, os seus pais decidiron que seguira o camiño familiar da Benemérita –que por certo estaba moi mal pagado e era unha profesión moi sacrificada naqueles tempos– porque polo menos lle daría para comer.

Así, apenas feitos os doce anos, solicitou o seu ingreso no Colegio de Guardias Jóvenes. Pero en vez de dirixirse a Valdemoro, onde xa obtivera praza, encamiñouse cara ao Seminario de Astorga, no que conseguiu unha bolsa por oposición, deste xeito dita institución sufragou todos os gastos dos estudos, como interno, ata ordenarse sacerdote.

Esta bolsa cambia a vida de Antolín e da súa familia para sempre porque, dada a súa intelixencia e dedicación, obtivo sempre a nota máxima: “meritissimus” no Seminario, “sobresaliente” no Bachalerato, e a cualificación “nemine discrepante” en todos os graos. Tal era a súa asiduidade ao estudo, incluso nas horas libres, que entre os seus condiscípulos era coñecido como “O Sabio”. Aínda con este alcume deixou tan boa memoria entre eles que con motivo da súa preconización lle regalaron un valioso bastón de mando e un pergameo cunha inscrición gratulatoria.

Conseguiu o sacerdocio antes de cumprir a idade canónica pois con tan só 23 anos xa era cóengo da catedral de Lugo, o que lle auguraba unha fulgurante carreira dentro da igrexa. Foi nesta cidade, na que permaneceu seis anos, onde comezou exercer o periodismo: as súas batallas periodísticas desde as paxinas de *El Lucense* eran memorables.

A súa meteórica ascensión levouno a ser Cóengo Doutoral, Penitenciario, Provisor e Vicario General de Burgos, para en 1904 chegar a bispo de Xaca, senador en 1907 e arcebispo de Tarragona en 1913, onde se integrou de tal xeito que falou catalán desde o primeiro momento e instituíu unha cátedra de lingua, historia e dereito cataláns no Seminario de Tarragona. Todo un exemplo.

Ademais da veloz carreira eclesiástica, a súa lista de méritos ampliábase cos seguintes cargos: catedrático de Oratoria Sagrada, Patroloxía, Arqueoloxía, Disciplina Eclesiástica e Concilios Españois, Vice-Director da Asociación Catequística Diocesana Lucense, Notario Mayor del Sínodo Diocesano Lucense e do Concilio Provincial de Burgos e tamén en Burgos, Decano na Universidade Pontificia.

No ano 1913 e grazas á súa intervención, o 8 de febreiro, é proclamada a Virxe do Pilar patroa da Garda Civil. O vínculo e o afecto do prelado polo corpo militar manterase ao longo da súa vida e será correspondido. Non é casualidade que o acuartelamento da Comandancia da Garda Civil de Tarragona estea situado na rúa López Peláez, pois cando tivo que se dar nome a esta vía urbana, o Concello en sesión de 10 de xuño de 1929 acorda:

“denominar dicha calle con el nombre del que fue Arzobispo de esta Archidiócesis Don Antolín López Peláez de grata recorda-

ción ya que con su preclaro talento e iniciativas puestas con entusiasmo al servicio de la Sede tarraconense súpola regir dignamente y conquistar para ella nuevos lauros (...) cosa que es de creer constituirá además un motivo de satisfacción para el benemérito Instituto por el que tanta predilección tuvo aquel insigne y malogrado Prelado”.

En 1914 o arcebispo Antolín López Peláez fundou e inaugurou o actual Museo Diocesano, instalado nunhas dependencias do claustro da catedral de Tarragona. Abriu as súas portas o museo coa colección iniciada polo arcebispo Costa i Fornaguera e con doazóns feitas polo mesmo arcebispo López Peláez, o cabido catedralicio, as parroquias da diocese, congregacións relixiosas e particulares, así como coa adquisición doutros bens.

En 1918 pide ao ecónomo da parroquia de Forés que realice un estudo, ordenación e inventario dos arquivos parroquiais, obra que non chega coñecer ao morrer nese mesmo mes de decembro. Recibiu sepultura na capela de San Frutuoso da catedral de Tarragona.

Pese a rexeitar todas as condecoracións oficiais pertenceu ás Reais Academias: Española de la Lengua, da Historia, de Bellas Artes de San Fernando, das Buenas Letras de Sevilla, de Ciencias Morales y Políticas, Galega, á Asociación Artístico-Arqueolóxica de Barcelona, ao Instituto de Coimbra, á Societé Archeologique du Limousin, á Academia de Roma...

### **3.2. O bispo de Xaca que chegou en tren e non a cabalo**

Desde o día 10 de agosto deste ano de 1910 a prensa local –e sobre todo *La Voz de Galicia*– dedica un espazo, que irá “in crescendo”, á visita do bispo e ao desenvolvemento dos ac-

tos que culminarán co banquete motivo deste estudo.

A primeira noticia que fai referencia á súa chegada prodúcese neste mesmo día 10, nun lugar non excesivamente destacado do xornal pero con máis despregue informativo que outras noticias, como por exemplo a estancia en Vigo do ferrolán Pablo Iglesias, fundador do PSOE e da UXT. Nesta competencia pola cobertura mediática –que durará un par de días– Pablo Iglesias perde claramente ante López Peláez. Sobran os paralelismos.

Esta primeira información dous días antes da súa chegada é, sobre todo, un chamamento á poboación para que se sume á homenaxe que organiza a Real Academia Galega, informando que aos actos se uniron xa académicos e personalidades das catro provincias galegas, facendo fincapé en que as invitacións para o banquete se podían recoller desde o día seguinte na Academia Galega.

Na noticia do día 12 infórmase sobre os protocolos previstos á súa chegada, pero tamén se insiste no banquete que se lle ofrecerá, do que futuriza que estará ‘concurridísimo’, e onde teñen asegurada a súa asistencia ‘la flor y nata’ da intelectualidade galega, polo que se intúe que aínda non terían vendidas todas as prazas, xa que agora se ofrece ata o enderezo onde se poden pagar e retirar as invitacións: na Real Academia Galega, na rúa Rego de Auga, 38.

Chega pois López Peláez á Coruña o 12 de agosto no tren correo. Vén acompañado desde Madrid polo seu mordomo Emiliano Alonso e polo comandante de enxeñeiros señor Azpiazu.

En Monforte sumáselles o académico e tamén sacerdote Marcelo Macías, que en pouco máis de 15 anos será nomeado fillo adoptivo

de Galicia nada máis nin nada menos que... ¡polas catro deputacións!

En Betanzos recíbeo unha comisión da Academia Galega formada polo presidente Manuel Murguía ao que acompañaban os seguintes académicos: Francisco Tettamancy, escritor e historiador; Martínez Salazar, editor da Biblioteca Galega e director do Archivo Histórico de Galicia; Federico Maciñeira, arqueólogo e un dos fundadores da Academia e o director do *Eco de Galicia*, señor Gómez Martínez.

Xa na estación esperábo unha representación do clero, frades, escritores, académicos e outros distinguidos persoeiros así como unha delegación da colonia maragata na Coruña composta por Domingo Nieto e Claudio San Martín.

Durante a súa estancia na cidade, o bispo hospedárase na rúa Zapatería, na casa do seu tamén ilustre paisano Andrés Martínez Salazar.

O día 13 visita a Torre de Hércules interesándose na antigüidade do monumento e admirando o inmenso e fermoso panorama que o faro descobre.

Queda na Coruña ata o luns día 15 no que se trasladará ás Torres de Meirás a pasar dous días con Emilia Pardo Bazán e a súa filla. Alí oficiará unha misa de agradecemento polo regreso do fillo de Emilia, Jaime, san e salvo da campaña de Melilla. Pero non só hai misa en Meirás, hai tamén festa rachada. No alto da torre ondea a bandeira vermella e amarela co escudo nobiliario da señorial familia no centro. Misa pontifical con numeroso clero que axuda ao bispo e con música que é dirixida por Javier Ozores. Jaime Quiroga loce o hábito de

Cabaleiro de Santiago e o Coronel Cavalcanti, o uniforme de Húsares de Pavía coa Laureada de San Fernando no peito. Impresionante.

Despois da misa ofreceuse, no amplo salón da planta baixa do castelo, un espléndido “lunch” no que fan os honores as mulleres da familia Pardo Bazán. Logo do convite houbo paseo, baile, faladoiros, algo de discreta murmuración e moitas fotos de recordo.

O día 18 marchará a Albares, en León, onde veranea e onde poderá entoar aquilo de:

“Qué descansada vida  
la del que huye el mundanal ruido  
y sigue la escondida  
senda por donde han ido  
los pocos sabios que en el mundo han sido”.

### 3.3. *Uns maragatos bos e xenerosos*

É a Real Academia Galega a que ofrece este homenaxe a Antolín López Peláez, bispo de Xaca<sup>9</sup>. O banquete, ao que asistiron 80 persoas; celébrase no comedor do Ideal Room á unha do mediodía do domingo día 14. A mesa presidencial estaba ocupada polo Bispo no centro, como é lóxico xa que era o obsequiado, á súa dereita os señores José Folla Yordi, alcalde da cidade, José María Ozores, presidente da Deputación da Coruña e o tesoureiro da Academia e catedrático José Ballesteros; á súa esquerda Manuel Murguía, Marcelo Macías e o xeneral López Morillo. O resto foise situado segundo chegaban, sen ningunha orde de protocolo establecido, de xeito que os mellores lugares tomáronse ao asalto.

Entre os comensais –abundantes en número e calidade– atopábanse as autoridades


<sup>9</sup> Aínda que pola lectura de *La Voz de Galicia* do 15/08/1910 puidese parecer que este é o seu acto de recepción como académico numerario, non é así. López Peláez non chegou ser académico numerario, foi correspondente desde o ano 1906, por vivir fóra de Galicia.

locais, escritores, artistas, periodistas e todos os académicos residentes na cidade; había tamén unha nutrida representación da colonia maragata que ofreceu o champaña –aínda non era cava- e os cigarros. Precisamente ao abrir o champaña comezaron os discursos que continuarán logo ao longo da xornada. Unhas breves palabras de López Morillo abren o acto para que López Peláez tome a palabra pronunciando un discurso tripartito: primeiro de agradecemento polos obsequios recibidos, despois de loas a Galicia e por último sobre a boa e mala prensa.

Acórdase neste banquete pedir a Jose Canelejas, presidente do Consello de Ministros, e a Julio Burrell, ministro de Belas Artes, a concesión da Laureada de Afonso XII para o insigne prelado. Para isto recolleron as sinaturas de todos os comensais nuns pregos traídos ao efecto.

Acabado o banquete, comeza a velada no salón de conferencias do Circo de Artesáns con numeroso público

Abre o acto Manuel Murguía como presidente da Academia e a continuación o secretario desta salmodia a inmensa lista de adhesións, entre as que se atopa a de Emilia Pardo Bazán. Empezado xa o evento Francisco Tettamacy le unhas páxinas que escribira Murguía. A continuación Narciso Correal diserta sobre o episcopado lucense, pouco despois García Ramos fai un panexírico do homenaxeado centrándose sobre todo na súa faceta de escritor, seguidamente Marcelo Macías traza as similitudes entre Galicia e Astorga, para finalizar o acto co discurso<sup>10</sup> do homenaxeado que trata sobre frei Martín Sarmiento pois, como el ben di: “nada más propio que un obispo entonando loores a un gran fraile”.



Portada da invitación ao banquete en honor a A. López Peláez


Clausura o acto Manuel Murguía e, despois dunha grandísima ovación, empeza a desfilarse o público.

A invitación ao banquete, sobria, só detalla o menú e o nome do homenaxeado. Como toda decoración unha alegoría que une os escudos de Astorga e A Coruña.

### 3.4. Un menú con moito ‘caldo’

En primeiro lugar serviuse un prato típico do país, o famoso caldo galego, do que se deu conta dabondo no apartado dedicado á homenaxe de Bernardo Bermúdez Jambrina, polo que está de máis insistir sobre a súa fórmula culinaria.

<sup>10</sup> Por indicación da Real Academia Galega A. López Peláez da á estampa o discurso desta velada e dedícaa á propia Academia: *Elogio de Fray Martín Sarmiento*. La Coruña, 1910.



Menú da invitación ao banquete en honor a A. López Peláez

Como segundo, degustáronse uns pasteis á bechamel, que ben puideron facerse cunha manteiga branca ben aderezada; á parte cocíase xamón e touciño cortados en anaquiños, con cenorias, cebola moi picadiña e uns cravos para realzar o sabor. Despois de dúas horas de cocción desengrosábanse ben e pasábase por unha criba, apartábase e engadíase nata, e con esa masa facíanse unhas bólas que se bañaban en fariña e se fritían na manteiga.

En terceiro lugar serviuse lagosta con maionesa, que non ten moito misterio, xa que o seu nome o di todo; unha lagosta fervida e cortada lonxitudinalmente cunha salsa maionesa por encima ou como acompañante e que se faría á antiga usanza: con xemas de ovo, que en principio se remexerían cunha culler de pau, enga-

diríase un pouco de mostaza en po e aceite, este último vertido pouco a pouco mentres se remexía, sempre no mesmo sentido. Engadíase unhas gotas de zume de limón ou de vinagre e salpementábase, podendo sumarse á salsa un pouco de estragón e perexil picado.

A carne serviuse despois do peixe, como corresponde, sendo bautizada có nome de solombo “á parisien”. Estes apelidos que se lles puñan aos pratos servían para diferenciar os que tiñan os mesmos ingredientes, deste xeito “á parisien” pode indicar unha gornición de verduras cortadas dun xeito especial que é o que lle daría o nome ao prato ou ben que a carne vai acompañada por unha salsa con ese nome cuxos ingredientes serían: leite, manteiga, fariña, xamón cocido, crema de leite, cebola e estragón.

De sobremesa ofrécese flan e queixo xeados. O flan debeu de facerse coa fórmula clásica que hoxe practicamente non se utiliza, como consecuencia dos produtos elaborados, menos traballosos pero tamén menos saborosos e menos sans. Os ingredientes e as proporcións son os seguintes,  $\frac{3}{4}$  litros de leite, seis xemas, dous ovos enteiros, douscentos gramos de azucre, unha rama de canela, un anaco de pel de limón; auga e azucre para facer o caramelo.

Ponse no fondo da flaneira ou das flaneiras en caso que sexan individuais, unha pouca auga con azucre e déixase evaporar ata conseguir un caramelo. Nun recipiente ou cazo bótase o leite, a canela e maila pel do limón; ponse ao lume e cando ferve retírase e déixase repousar uns minutos. Namentres bátense as xemas e o azucre ata que espume un pouco e vaise vertendo pouco a pouco, sen deixar de bater o leite co obxectivo de que non callen os ovos. Vértese todo na flaneira ou flaneiras, ponse ao baño ma-

ría deixándoas cocer durante case unha hora, retírase posteriormente e déixase arrefriar.

O queixo xeado é un xeado compacto feito en bloque e que de queixo ten só nome. Fai-se mesturando leite, azucre, ovos e crema de leite e pódesele engadir cravo e canela ou vainilla ou monda de limón ou laranxa, ao gusto do consumidor.

Os viños, tanto na súa elección coma na súa variedade e cantidade, merecen unha mención especial.

Típica elección, pero non por iso desacertada, a do Ribeiro e a do Rioxa, así como o champaña que de certo sería catalán pois nesa época os espumosos franceses estaban gravados cun arancel entre 1,5 e 2 pesetas por botella. Sendo así, é doado deducir o lugar de procedencia xa que, segundo o Anuario General de España de 1913, só operaban no país unha ducia de empresas dedicadas á elaboración de champaña todas instaladas en Cataluña excepto tres, unha en Xerez da Fronteira (Cádiz), outra en Madrid e a última en Barbastro (Huesca). Para facérmolos unha idea da diferenza de prezo entre un champaña francés e outro nacional acudimos ás adquisicións do Palacio Real (Madrid) nese ano, onde un espumoso Pommerey custaba 9,50 pesetas a botella e un do país custaba 2,50.

Tras o café ofreceuse unha copa de coñac, algo moi ao uso da época e un costume conservado ata fai relativamente pouco tempo en España. Mentres, degustábase un bo puro habano, agasallo tamén dos maragatos, como xa se comentou.

### 3.5. O alcohol, o bispo e Viña Albares

Este menú con varios tipos de alcohol entra en contradición coas ideas do Bispo, que

pertencía ou apoiaba ‘La Liga Antialcohólica Española’, chegando emitir unha pastoral a favor da causa e a colaborar en dous dos números da revista *El Abstemio*.

O movemento antialcohólico en España equiparaba os bebedores con “fumadores de opio, comedores de arsénico y aficionados a la morfina y cocaína” e expresaban publicamente as súas arelas prohibicionistas:

“Declaremos, pues, guerra sin cuartel contra el alcoholismo y adoptemos por lo tanto, con todos los amantes del prójimo, y todos los verdaderos patriotas que desean el bien de España el grito de guerra anglosajón: ABSTINENCIA TOTAL PARA EL INDIVIDUO, PROHIBICIÓN PARA EL ESTADO”<sup>11</sup>

Pero a relación de López Peláez co alcohol non termina aquí pois, ironías do destino, as súas posesións acabarán convertidas en bodegas de viño. Vexamos como ocorre.

En Albares de la Ribera, comarca do Bierzo e terra de peregrinos no seu camiño a Santiago, o Bispo adquire un terreo. A morte da súa irmá e un ano máis tarde a da súa nai levárono a construír unha casa na vila co fin de reunirse co seu pai e o seu irmán. En 1900 morre o seu pai e aínda que o seu irmán acode algunha vez á vila, o que non faltará nunca á súa cita anual, no verán, é o Bispo.

Da súa afección pola agricultura e xardinería xorde esta horta na que se cultivaban baixo a súa orde e dirección árbores raras e arbustos exóticos que facía vir de lonxe e que, xunto co regato cristalino e as flores silvestres, formaban un mosaico de variadas cores que nos fan recordar os versos de frei Luís de León:

<sup>11</sup> “Conclusión”, *El Abstemio*, nº 1, outubro-1910, pág. 4.

Del monte en la ladera,  
 Por mi mano plantado tengo un huerto  
 Que con la primavera,  
 De bella flor cubierto,  
 Ya muestra en esperanza el fruto cierto.

O contacto coa vila dispara o seu interese polo pobo, do que soubo gañar o cariño e máis respecto como o demostra a sentida homenaxe que realizan á súa morte.

O terreo hoxe está dedicado aos viñedos da adega Viña Albares –que recuperou tamén a casa do insigne personaxe–, pero conserva como testemuño da época algunha mostra do plantado aqueles anos, incluídas algunhas viñes que, a pesar de seren de idade centenaria seguen a dar froito.

## 4. 1917. Entre rexionalistas anda o xogo: cataláns e galegos homenaxéanse

### 4.1. As Irmandades da Fala “irmándanse” coa Lliga Rexionalista

Atopámonos inmersos na estresante Semana Catalá organizada polas Irmandades da Fala neste mes de decembro de 1917. Previamente, unha comisión galega estivera en Cataluña onde fora agasallada na Semana Rexionalista Galega en Cataluña. Os señores Porteiro, Valcárcel e Rodrigo Sanz –segundo relata *La Voz de Galicia* do 1 de decembro de 1917– disertaron na Cidade Condal sobre a cuestión rexionalista, a vital importancia da autonomía e a defensa do termo nacionalista; ao mesmo tempo Francisco Cambó facía un paralelismo entre Cataluña e Galicia insistindo na necesidade de ter políticos xenuínos. Antonio Lo-

sada, participe tamén desta comisión, á súa volta escribe e diserta en *Impresiones de viaje* sobre esta Semana Rexionalista Galega en Cataluña. Pero a finalidade desta embaixada en Barcelona non era outra que comezar o urdido para unha acción política conxunta que se afianzara cando devolvesen a visita.

A colaboración entre as Irmandades da Fala e o catalanismo, sobre todo coa Lliga Rexionalista liderada por Cambó, empezara neste ano de 1917. Coa axuda dos cataláns mercárase o periódico coruñés *El Noroeste* en 1918. Esta colaboración dará lugar a unha alianza nas eleccións xerais dese mesmo ano 1918. O fracaso das candidaturas galegas fará que os cataláns –que como di o tópico, sonche moi mirados para os cartos– cancelen a súa colaboración económica ademais da política.

### 4.2. Unha semana esgotadora que case que acaba con todos.


Á comitiva catalá presentábaselle en Galicia unha semana completamente estresante debido a unha axenda apertada, apertada... de feito, o último día, Cambó xa non pode falar debido á afonía e comunica que se “siente enfermo”<sup>12</sup>. O programa causante deste esgotamento é o seguinte:

- Día 15. Aviso da súa chegada no tren correo. Ao paso por Lugo espéranos Sanz, Comas e Rof Codina así como numeroso público convocado o día anterior polas Irmandades da Fala. Nova parada en Monforte onde se incorporan Fariña e Banet Fontenla. En Betanzos tamén foron saudados: recíbeos a Banda Municipal que tocou o Himno Galego entre vivas a Galicia e Cataluña. Nesta estación agardan por eles

<sup>12</sup> *La Voz de Galicia* 21/12/1917.

Antonio Villar Ponte, Valcárcel, Tettamancy e Peña Novo. Ás seis, por fin, chega o tren á Coruña onde son recibidos con aclamacións a Cataluña e Galicia. Presentes na estación están o alcalde (interino) e o secretario, que os acompañan ao “Palace Hotel” onde se hospedan. Este mesmo día e ás 10 da noite ofrécese o primeiro mitin de propaganda rexionalista nun Teatro Rosalía cheo a rebentar, onde “pasillos puertas de localidades y escenarios eran un abarrotamiento de gente”. Este tumulto fixo atrasar o acto nunha hora. No momento que entran os oradores son aplaudidos e desde as alturas son lanzadas milleiros e milleiros de follías nas que se pide a amnistía. Tratase de sacar dos presidios a centenas de detidos e encarcerados a raíz da folga xeral revolucionaria de agosto de 1917. Este berro de amnistía será unha constante en todos os actos desta semana. Falan Rahola, Peña Novo, Cambó e Sanz. Á saída, moitos dos asistentes agardaban polos conferenciantes e, pregándolles que marchen a pé, acompañanos ao hotel entre aclamacións e aplausos despídense cantando o Himno galego.

- Día 16 domingo. Pola mañá cedo, ás 9’30 horas mitin de Cambó de novo no Teatro Rosalía. Á 1’30 comeza o banquete de homenaxe que ofrecen As Irmandades da Fala a Cambó e aos seus acompañantes e que é o centro da nosa atención. O comensais pasan de 100 e ás tres ábrese o salón de actos do concello ao público para que puidese oír os brindes, que foron bastantes: dez, e mais a lectura de poesías. Cántase o Himno Galego e Cambó e os seus acompañantes diríxense á Real Academia Galega, onde de novo




Menú do Xantar de agasallo aos Rexionalistas Cataláns

cantan o himno. Á noite, conferencia do escritor catalán Morera y Galicia e cea no Palace Hotel cos comerciantes locais e a colonia catalá.

- Luns 17. Saen cara a Compostela ás 8 da mañá, o mal tempo fai que se recorten os actos da despedida. Chega a comitiva a Santiago e é anunciada con bombas de palenque. Chovía torrencialmente así que os actos previstos na Ferradura se trasladaron aos salóns do concello, onde falan José Zepedano Fraga, Cambó e por último Puig y Cadafalch. Terminado o acto, diríxense –desafiando a tormenta– ao monumento de Rosalía e á catedral. Comen con diversas personalidades no Hotel Suízo, onde se hospedan. Pola tarde realizan ofrendas florais nas tumbas de Rosalía e Brañas. E por fin mitin ás 10 da noite no





Portada da invitación ao Xantar de agasallo aos Rexionalistas Cataláns

Teatro Principal. Estaba o teatro decorado cun retrato de Alfredo Brañas e as bandeiras das Sociedades Agrarias das diferentes aldeas, vilas e cidades.

- Día 18: ás 10 da mañá entrega –ao alcalde de Santiago– da coroa enviada polos rexionalistas cataláns e deseñada polo mesmo Puig y Cadafalch con destino ao monumento de Rosalía. En realidade a coroa de bronce non chegou a tempo –ai!, os trens galegos- e foi substituída no acto por outra coroa floral. Comida deseñado no Círculo Mercantil con máis de 100 comensais, unha orquestra no salón e unha banda de música na rúa Altamira que amenizaron o acto. Aos brindes, múltiples discursos. Ás 7 da tarde e no paraninfo da universidade pronuncia unha conferencia José Puig y Cadafalch.

- Sae de Santiago, o 19 pola mañá, a comitiva en dirección a Vigo, onde pasarán unha noite, seguindo despois a Ourense o xoves, e a Lugo o venres e logo, desde Monforte, aos seus domicilios para gozar do Nadal na casa pois xa é día 22 de decembro.

Desenvolveron ao longo desta semana como ben vemos unha actividade frenética pois visitan no seu periplo de propaganda moitísimas cidades, vilas e aldeas, practicamente todas nas que están constituídas as Irmandades (A Estrada, Cuntis, Vilagarcía, Monforte, Ferrol...).

#### 4.3. A recuperación das forzas

Con tanta actividade frenética e correndo de acá para alá é de obrigado cumprimento alimentarse ben. Isto é o que farán os nosos amigos. E farano neste xantar que, como di a tarxeta, é un xantar co que os rexionalistas galegos honran os cataláns.

Uns entrantes dan comezo ao xantar, non se especifica en que consisten pero é de supoñer que será o habitual da época, na que os entremeses consistían case exclusivamente en embutidos e friames, conservas, algúns preparados en forma de ensaladas, ensaladas rusas e uns poucos fritos rápidos.

Pero para tamaño desgaste sufrido isto non é nada así que seguimos con ovos á coruñesa; ben á coruñesa ou á galega pois esta indicación local non é máis que a típica allada coñecida como “á galega” ou esa mesma allada ampliada a un sofrito de cebola e allo sazonado con pementa, cravo e noz moscada como explica Álvaro Cunqueiro na súa receita de ameixas á coruñesa. Xa é o segundo intento dos coruñeses de quedar co nome.

Un pastel follado de polo é o seguinte prato encargado de recuperar aos comensais.

Anaquiños de polo refogados que poden ser sós ou tamén acompañados de champiñóns, verduras, queixo... e forman o recheo do follado.

Algo repostos xa, os rexionalistas enfróntanse a unha pescada á mariñeira, é dicir, unha pescada enfariñada e pasada pola tixola que acaba de facerse nun soffrito de cebola e allo ao que poden acompañar gambas, berberechos, mexillóns, ameixas e, en xeral, calquera outro produto mariño.

E como penúltima fase da recuperación, que será completa ás sobremesas, un asado de lombo de terneira ao que acompañarán unhas ricas patacas da terra e unhas tiras de pementos vermellos.

Parece que xa están algo mellorados os nosos amigos e dispostos a encarar as sobremesas que están formadas polo dixestivo xeadado de manteigado, os delicados queixos do país e a refrescante froita fresca, que limpam o padal e o preparan para o café, a copa e é de supoñer que tamén o puro. Para axudar a tragar todos estes pratos cóntase coa inestimable axuda dun Ribeiro para o peixe e un Rioxa para a carne. E, por suposto, non podería faltar o champaña dos brindes na sobremesa.

#### 4.4. *Unha coqueta e simbólica invitación*

Nunha cartolina de 18x12 cm –pregada á metade e có bordo ondulado– preséntase no exterior a lista dos “Irmáns” cataláns aos que se obsequia. A invitación impresa por Roel leva una fotografía da sega cun marco en troquel. Quizais a elección deste motivo teña que ver coa súa simboloxía. Como di o salmo “los que sembraron con lágrimas, con regocijo segarán” e estarán pensando no momento no que recollerán o froito, coma na sega, dos

esforzos agora realizados. Lamentablemente estas expectativas non chegarán a cumprirse, pero deixáronnos unha bonita invitación.

## 5. 1914. Cabanillas agromando como “o poeta da raza”


### 5.1. *Situándonos nas dificultades*

De certo que o ano 1914 non foi bo para ninguén en occidente e moito menos para os galegos que intentaban escapar da miseria da súa terra en busca de mellores oportunidades en América. Todo facía indicar que os catro xinetes do Apocalipse, como cans de presa, andaban soltos esnaquizando a dentadas os indefensos habitantes do planeta condenados á fame, ás enfermidades e á guerra.

En agosto, en Europa iníciase a I Guerra Mundial e en maio, en Cuba, constátanse os primeiros brotes de peste bubónica. A estas desgrazas acompaña a expulsión de Cuba dos periodistas españois José María e Manuel Villaverde, administrador e redactor respectivamente do diario conservador *Cuba* que desde hai algún tempo vén facendo unha forte campaña de oposición ao goberno. Corren anos difíciles nos que Cabanillas aconsella aos seus amigos galegos que non emigren, que son moitas as dificultades.

### 5.2. *Cabanillas, alma do Centro Galego*

Escritor e xornalista, académico “da española e da galega” nesta última ingresará en 1920 có discurso *A saudade nos poetas galegos* título moi apropiado como veremos máis adiante. Neste momento é emigrante en Cuba, onde residirá durante cinco anos excepto un breve intervalo de meses en 1912 para ir buscar a súa muller a Cambados, a emigración é dura e máis se se está só. Mantén unha estreita relación co Centro Galego da Habana, do



Programa musical da homenaxe a R. Cabanillas

que este ano redacta os estatutos e ademais foi administrador do Teatro Nacional e presidente da Sección de Instrución, as dúas dependentes do nomeado Centro.

Desenvolve na Habana unha importante actividade colaborando en *Galicia Gráfica* (da que non acepta a dirección que lle ofrecen), *Galicia Nueva*, *Terra Gallega*, *Suevia*...

### 5.3. Melancólica homenaxe musical na cidade do ritmo

A homenaxe tributada a Ramón Cabanillas pola colonia galega da Habana consiste nun xantar celebrado no restaurante “Nueva Inglaterra” con asistencia da maior parte da intelectualidade galega en Cuba. Ameniza o

acto un sexteto que interpreta obras de compositores galegos entre os que estaban Chané e Fortes, ambos presentes no acto e aos que ovacionaron con entusiasmo no momento no que se interpretaron as súas composicións.

Escóitase en pé o himno de Acción Galega – cuxa letra é do mesmo Cabanillas- entre múltiples aclamacións a Galicia e a Basilio Álvarez. É non é para menos pois é un himno con moita forza.

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!

¡Desde Ortegal ó Miño

a folla do fouciño

fagamos rebrillar!

Que vexa a vila podre,

coveira da canalla,

a aldea que traballa

disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,

¡irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó mar.

¡Ergámonos sen medo!

¡Que o lume da toxeira

envolva na fogueira

o pazo señorial!

Xa o fato de caciques

ladróns e herexes fuxe

ó redentor empuxe

da alma rexional!

Antes de ser escravos,

¡irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó val.

Despois deste ferver cambiamos á melancolía. *Negra Sombra*, que une a letra de Rosalía de Castro coa música de Juan Montes –non hai ninguén que ao escoitala non se lle poñan

os pelos de punta–, o *Adiós a Mariquiña* e todo o resto das composicións interpretadas irían socavando o ánimo dos comensais, pois é difícil non “ensombrecerse” con cada unha destas pezas por separado e ¡témolas xuntas! Só falta *Unha noite na eira do trigo* para que a tristeza empape os comensais.

Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombras,  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,  
no mesmo sol te me amstras,  
i eres a estrela que brila,  
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,  
si choran, es ti que choras,  
i es o marmurio do río  
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras,

nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.  
Rosalía de Castro. *Negra sombra*

Como ti vas pra lonxe  
i eu vou pra vello,  
un adiós Mariquiña  
mandarcho quero,  
que a morte é o díaño  
i anda rondando as tellas  
do meu tellado.

Cando deixes as costas  
da nosa terra,



Portada da homenaxe a R. Cabanillas

nin luz nin poesía  
quedarán n'elas.

Dilles que non hai terra  
millor que a nosa,  
máis ridentes paisaxes,  
máis frescas sombras,  
máis puros ceos,  
nin lúa máis lucente  
no firmamento.

Manuel Curros Enríquez.  
*Adiós a Mariquiña*

Pero para loitar con este abatemento hai un humor latente nesta invitación. Na mesma invitación da homenaxe fai alusión á súa marcha a Bogotá, que é en realidade unha bro-

ma feita a partir das súas declaracións nunha entrevista publicada no *Diario de la Marina*, editado na Habana.

Tamén o menú nos fai simpáticos guiños. Os entremeses “No desterro” fan alusión á obra do mesmo título publicada por Cabanillas o ano anterior. Nela recolle a súa obra poética comprendida entre 1910-1913. Consta de 50 poesías que –excepto catro– expresan a saudade do poeta por Galicia e que estarían perfectamente integradas no ambiente melancólico que parece dominar neste xantar.

O pargo á cambadesa non deixa de ser outra referencia ao obsequiado pois é Cambados, o seu lugar de orixe, que bota de menos e do que escribe

“A ti, meu Cambados, probe e fidalgo e  
soñador; que ó cantareiro són dos pinales  
e ó agarimo dos teus pazos lexendarios,  
dormes deitado ó sol, á veira do mar”.

O cordeiro ao forno indícanos que é prato dunha carne considerada como a máis exquisita segundo o dito: “da mar o mero e da terra o cordeiro”. O estilo López Soto descoñecemos-

lo, sería ben a receita dun compañeiro ou ben a dun cociñeiro pero perdeuse para a gastronomía mundial.

A ensalada de ripios sería algo como “sin haberlo deseado me ha salido un pareado” con abundante leituga, tomate e outros ingredientes propios da ensalada.

Xeados “entente cordiale” fainos supor un acordo nos sabores dos xeados –para non discutir, de aí o de cordial entendemento– o que fará que de seguro apareza o adictivo sabor a chocolate.

As bebidas que acompañan este xantar son o viño de nome Tres Ríos que era un viño galego moi popular na illa e sidra, seguramente dos “primos hermanos”. O tabaco, ao ser a comida na Habana, debería ser un eterno e exquisito habano.

A invitación está moi deteriorada sobre todo na parte superior onde indica a homenaxe e o homenaxeado. No centro mostra un retrato de corpo enteiro de Cabanillas flanqueado polo lugar e a data do evento. Na parte inferior desenvolve o menú do xantar. O interior é un índice das obras musicais que foron interpretadas durante a homenaxe, das que xa falamos. 🎵

## Bibliografía

- ALONSO, Benito F. (1919). *Orensanos ilustres*. Ourense.
- ÁLVAREZ DE PAZ, Venancio. "Antolín López Peláez Obispo de Jaca y Arzobispo de Tarragona". [En liña] Consulta 2 /7/2009. En: <http://www.nocedadelbierzo.com/Personajes/antolin.html>
- AZCOYTIA LUQUE, Carlos. [En liña] Consulta 2/7/2009. En: <http://www.historiacocina.com>
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1982). *Historia de Galicia*. A Coruña, Gamma.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., AXEITOS X. L. (eds) (2005). *Cartas a Murguía*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BERAMENDI, Justo (2007). *De provincia a nación*. Vigo, Xerais.
- Boletín da Real Academia Galega*. Nº 361, 2000.
- CABANILLAS, Ramón. Correspondencia. Arquivo RAG.
- CAL, Rosa e PÉREZ PAIS, M<sup>a</sup> Carmen (1993). *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*. Santiago de Compostela, Lea.
- CANGA ARGÜELLES, José (1883). *Diccionario de Hacienda*. Madrid. Marcelino Calero y Portocarrero.
- COUCEIRO FEIJOMIL, A. (1951). *Diccionario Biobibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos.
- Diario de la Marina*. Cuba. 1914.
- DOMINGO CUADRIELLO, Jorge (2004) *Espanoles en Cuba en el siglo XX*. Sevilla, Renacimiento.
- DURÁN, J.A. (1999) *Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*. Madrid
- DURÁN, J.A. (1999) *O periodismo de Manuel Murguía*. Madrid.
- Eco de Galicia*. Agosto 1910
- EIJÁN, S. (1920). *Historia de Ribadavia y sus alrededores*. Madrid.
- ESTRADA CATOYRA, Félix (1930). *Contribución a la historia de La Coruña*. Coruña.
- GÓNZALEZ LÓPEZ, Emilio (1980). *Historia de Galicia*. La Voz de Galicia.
- GÓNZALEZ CATOYRA, A. (1990). *Biografías coruñesas*. Coruña.
- Homenaje al Ilmo. Sr. D. Antolín López Pelaez* (1905). Burgos.
- Homenaje de la Villa de Albares de la Ribera al Excmo e Ilmo Sr D. Antolín López Pelaez* (1919). Coruña.
- LÓPEZ PELÁEZ, Antolín (1908). *La coronación de la patrona del Bierzo*. Madrid.
- LÓPEZ PELÁEZ, Antolín (1910) *Elogio de Fray Martín Sarmiento*. Coruña.
- MAYORAL, Marina. "Sobre el amor en Rosalía de Castro y sobre la destrucción de ciertas cartas". [En liña] consulta 10 /5 /2009. En: <http://www.cervantesvirtual.com>
- OTERINO CERVELLÓ, Armando. *El Arzobispo López Peláez y la Guardia Civil*. [En liña] Consulta 15 /6 / 2009 En: <http://usuarios.multimania.es/historaiymilicias/html/oterinoobispo.htm>
- Patria Gallega*. 20 de xullo de 1913
- PARDO BAZÁN, Emilia (1913). *La cocina española antigua*. Madrid, Renacimiento.
- PARDO BAZÁN, Emilia (1913). *La cocina española moderna*. Madrid, Renacimiento.
- RÁBADE PAREDES, X. (2000). *A vida de Manuel Murguía*. Galaxia.

- Ramón Cabanillas. [En liña] Consulta 20/4/2009.  
En: <http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/cabanillas.htm>
- Ramón Cabanillas. [En liña] Consulta 20/4/2009. En: <http://www.facebook.com/notes/ramon-cabanillas/ramon-cabanillas/188454990203>
- SAAVEDRA, Vicente (dir) (1998). *Repertorio da prensa galega da emigración*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SANTOS GAYOSO, E. (1990). *Historia de la prensa gallega*. Sada, Edición do Castro.
- USÓ, Juan Carlos. *EL Abstemio y la Liga antialcoholica española (1910-1915)*. [En liña] Consulta 8/6/2009. En: <http://www.imaginaria.org/abstemio.htm>
- Voz de Galicia*. A Coruña. 1909, 1910, 1913, 1917.
- VVAA. (1992). *Galicia-America cinco séculos de historia*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- VVAA. (2000). *Murguía e o Arquivo de Reino de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- VVAA. (1996). *Nova historia de Galicia*. A Coruña, Tambre.
- VIDAL RODRIGUEZ, J. A (2002). "La reconstrucción de la identidad gallega en Cuba: procesiones, festivales y romerías regionales en la Habana (1804-1920)". En *Anuario de Estudios Americanos*. T. LIX, 2002, pp. 511-540.
- VIEITES, Manuel F. (2006). *Manuel Lugo Freire*. Vigo, Galaxia.
- VILLARES, Ramón (2003). *Breve historia de Galicia*. Madrid, Alianza.





# Experiencia didáctica no Parque de Bonaval

PILAR ANTELO DOCAMPO  
XAQUIN PENAS PATIÑO

## 1. Breve historia do Parque de Bonaval

O convento de San Domingos de Bonaval foi fundado no século XIII. Ademais das edificacións propias do mosteiro, tiña unha horta para abastecemento de alimentos e prantas menciñeiras para emprego da comunidade monacal, unha carballeira e minas de auga que se utilizaban para abastecer o mosteiro e as fontes da cidade.

Despois da desamortización de Mendizábal no 1837, sufriu moitos cambios e participacións. O concello empeza a utilizar unha parte para cemiterio municipal, constrúese o colexio La Salle, derrúbanse as murallas para abrir a rúa de Valle Inclán, tamén se utiliza como parque de bombeiros e almacéns municipais. Foi tamén aquí onde se instalou a primeira antena da radio pertencente á Sociedade Española de Radiodifusión (SER). As edificacións principais tamén cambiaron de uso: na igrexa instalouse o Panteón de Galegos Ilustres e nas dependencias do mosteiro instalouse o Museo do Pobo Galego.

A finais do S.XX encárgaselle ao arquitecto portugués Álvaro Siza a construción do Centro Galego de Arte Contemporánea que se sitúa na parte baixa da horta e tamén se lle encarga rehabilitar o que quedaba da carballeira

e da horta. Segundo as súas propias palabras, “intenta devolverlle o esplendor ó parque imaxinando cando se abrían as portas do mosteiro, con motivo da festa de San Domingos, e o pobo de Santiago podía disfrutar das fontes e dos lugares públicos do mosteiro”. Por fin en xullo de 1994 ábrese o parque de San Domingos de Bonaval para uso público.

Dando un paseo pódense descubrir esculturas na pedra ou nas cancelas moitas datas que fan referencia a diferentes momentos da construción dos distintos elementos e espazos que agora configuran o parque .

## 2. O parque como lugar de lecer

Situado no casco vello de Santiago de Compostela, este parque é un dos lugares de lecer máis visitado polos cidadáns e ofrece ao viandante varios ambientes distintos: unha zona de carballeira fresca e con moita sombra, o antigo cemiterio que ocupa un espazo moi plano e dende o que se pode contemplar unha bonita vista da cidade e da catedral e na que se plantaron algúns grupos de árbores que non impiden esta visión. Ademais o parque conta con dúas fontes, un pequeno estanque, unha mina de auga e pequenas canalizacións que posibilitan paseos agradables e sensación de frescor nos periodos estivais.

Pero tamén é un espazo que se pode aproveitar como recurso didáctico dende moitos puntos de vista. O aspecto que nós trataremos neste artigo é o das árbores de Bonaval.

Cando se fai un percorrido polo parque, chama a atención a existencia de árbores de moito porte, centenarios en moitos casos, que son superviventes do antigo mosteiro. Así, podemos observar algúns exemplares moi fermosos de carballos, tilos, tuias xigantes, chopos, castiñeiros, pradairos, que conviven con árbores moito mais novas que só teñen algo máis dunha década e que se plantaron cando se arranxou o espazo para convertilo no actual parque, especies máis típicas de xardín como poden ser as paulonias, arces xaponeses ou erytrínias.

### 3. Experiencia práctica de recoñecemento das árbores do Parque de Bonaval

En pleno verán do 2009, en concreto durante os días 28 a 31 de xullo, ambos inclusive, celebramos a primeira experiencia de recoñecemento das árbores do Parque de Bonaval. Realizouse esta actividade conxuntamente polo Museo do Pobo Galego e o Centro Galego de Arte Contemporánea. A inscrición na mesma foi gratuíta e puideron anotarse ata un máximo de 25 persoas.

Na experiencia desenvolvemos actividades botánicas sobre as árbores do parque e o seu entorno. Así mesmo realizáronse actividades complementarias consistentes en debuxar e fotografar árbores, codias, follas, froitos, sementes etc. Tamén se recolleron follas e froitos cos que se confeccionou un herbario.

A actividade foi eminentemente práctica. Comezamos explicando unha serie de conceptos teóricos básicos e despois os asistentes

cubriron unhas fichas de traballo que permitían a identificación dos distintos exemplares arbóreos (vid. ficha e explicación teórica) e posteriormente realizáronse varias visitas ás distintas zonas que conforman o parque e que distribuímos do seguinte xeito:

#### **1º visita:**

Percorréronse a carballeira, indicada no plano como zona 1 (vid. plano adxunto), e o antigo cemiterio que corresponde coa zona 2 do citado plano.

#### **2º visita:**

Percorréronse a zona 3 que bordea a igrexa e o mosteiro e a zona 4 que é a máis próxima ó Centro Galego de Arte Contemporánea.

Como resultado desta actividade, e para facilitar o labor de profesores e alumnos ou simplemente persoas con interese por coñecer as árbores do parque, elaboramos unha Guía de árbores de Bonaval que o Museo do Pobo Galego ten intención de publicar no ano 2010.

#### **3.1. Presupostos teóricos sobre o nome científico das árbores**

No século XVIII o botánico sueco Carl von Linné (1707-1778) ideou o sistema binomial de clasificación de especies que con algunhas modificacións segue empregándose actualmente.

Este sistema establece agrupacións xerarquizadas dos distintos organismos que se denominan taxons (que significa *agrupación*). Os distintos taxons de maior a menor categoría son: Reino-Philo-Clase-Orden-Familia-Xénero-Especie.

Exemplo: A denominación do carballo segundo esta clasificación sería:



Dereita: Vista xeral do parque de Bonaval dividido en 4 zonas. Esquerda: **a.** Vista da Catedral desde a zona 2; **b.** zona 2; **c.** zona 3; **d.** e **e.** zona 4

**Reino:** Plantae

**Philo:** Antofitas

**Subphilo:** Anxiospermas

**Clase:** Dicotiledones

**Orden:** Fagales

**Familia:** Fagaceae

**Xénero:** Quercus

**Especie:** robur

De entre todos eles, o concepto de especie ten enorme importancia biolóxica. Actualmente a especie defínese como aquel conxunto de individuos que comparten un acerbo xenético común, de tal xeito que dous individuos pertencen á mesma especie se poden reproducirse para dar descendencia fértil. Nos vexetais é moi frecuente a hibridación entre



Distintos momentos da experiencia didáctica

especies, como sucede nos carballos, os plátanos de paseo e os tilos.

A nomenclatura binomial permite asignar a cada árbore un nome científico, con independencia do nome vulgar que se lle dea en cada rexión ou en cada país. Este nome está formado por dúas palabras en latín, a primeira representa o xénero e a segunda a especie. Despois do nome científico aparecen unha ou varias letras que representan o nome da persoa que clasificou a especie. Así por exemplo, no caso do carballo o nome científico é *Quercus robur* L (este L alude a Linneo).

Moitos deses nomes científicos fan referencia a algunha característica peculiar que presentan as árbores. No caso de *Quercus robur*, a palabra *robur* alude á madeira dura característica desta árbore.

As vantaxes do emprego da lingua científica son moi evidentes. Dado que existe unha ampla variedade de nomes vulgares para identificar unha mesma especie, permite unificar nun so nome todos os exemplares desa especie. Por exemplo, a árbore que en galego se chama carballo, en castelán chámase roble albar, en catalán pèrol ou roure pèrol, en vas-

co areitz, etc., pero todos estes nomes remiten á mesma especie *Quercus robur*.

### 3.2. Ficha botánica (Válida para anxiospermas)

Folla caduca	<input type="checkbox"/>	Folla perenne	<input type="checkbox"/>
Folla simple	<input type="checkbox"/>	Folla composta	<input type="checkbox"/>
Borde da folla		Nome	

Forma da folla

Flores unisexuais	<input type="checkbox"/>	Flores hermafroditas	<input type="checkbox"/>
Flores ♀ e ♂ na mesma árbore			<input type="checkbox"/>
Flores ♀ e ♂ en distintas árbores			<input type="checkbox"/>
Flores illadas	<input type="checkbox"/>	Flores dispostas en inflorescencias	<input type="checkbox"/>
Froito seco*	<input type="checkbox"/>	Froito carnoso	<input type="checkbox"/>
Dehiscente	<input type="checkbox"/>	{son todos indehiscentes}	<input type="checkbox"/>
Legume	<input type="checkbox"/>	Baia	<input type="checkbox"/>
Capsula	<input type="checkbox"/>	Drupa	<input type="checkbox"/>
Silicua	<input type="checkbox"/>	Falso froito	<input type="checkbox"/>
Indehiscente	<input type="checkbox"/>		
Aquenio	<input type="checkbox"/>	Cariopside	<input type="checkbox"/>

\*Nota: só citamos os froitos que aparecen nas árbores de Bonaval.

### 3.3. Explicación da ficha

Dende o punto de vista botánico, diferéncianse dous grandes grupos de árbores. As ximnospermas e as anxiospermas. A palabra *ximno* deriva do grego e significa espido, polo tanto as sementes non están dentro dun froito. E a palabra *anxio* deriva do grego *anteion* que significa cavidade pechada. En ambos casos *esperma* equivale a semente, polo tanto as anxiospermas teñen as sementes dentro dun froito.

As ximnospermas son árbores moi primitivas que non teñen auténticas flores senón

que teñen unhas estruturas chamadas *conos* que están formadas por escamas que albergan os órganos femininos ou masculinos. Ó carecer de flores, non teñen froitos polo que as sementes maduran nos conos formando pinas.

As ximnospermas son árbores máis primitivas. A maioría teñen follas perennes con forma acicular (como agullas) ou escamosas (en forma de escamas).

As anxiospermas son máis evolucionadas con auténticas flores a partir das que se forman os froitos que poden ser de dous tipos, secos ou carnosos.

As flores das anxiospermas son estruturas máis ou menos vistosas que conteñen no seu interior os órganos sexuais masculino e/ ou feminino.

Cando as flores teñen só estames ou só ovario dise que son unisexuais. Ambos poden estar situados na mesma árbore e entón dise que a árbore é monoica como os carballos e os bidueiros ou poden estar situados en árbores diferentes. Así haberá árbores masculinas e femininas; fálase entón de dioicas como os chopos.

Segundo o xeito de liberar as sementes, os froitos secos poden ser dehiscentes, cando se abren e deixan en liberdade as sementes, por exemplo as legumes da árbore do coral; e indehiscentes, cando non se abren, por exemplo as landras dos carballos

Os froitos carnosos son todos indehiscentes e a *carne* ou pulpa fórmase a partir do ovario da flor podendo ser á súa vez de dous tipos: baia, con varias sementes, por exemplo as camelias; e drupa, cunha semente protexida por unha envoltura leñosa, *oso*, como as cerdeiras.

Cando a carne non se desenvolve a partir do ovario, fálase de falsos froitos como no caso das maceiras (vid. debuxos).


POLO N<sup>o</sup> E DISPOSICIÓN DOS FOLIOLOS

- 1 - Simple
- 2 - Pinnado-composta
- 3 - Palmado-composta
- 4 - Trifoliada



POLA FORMA DO LIMBO

- 1 - Acicular
- 2 - Lanceolada
- 3 - Saxitada
- 4 - Acorazonada
- 5 - Ovalada
- 6 - Palmeada




POLO BORDO DO LIMBO

- 1 - Enteira
- 2 - Dentada
- 3 - Serrada
- 4 - Lobulada
- 5 - Fendida
- 6 - Partida



SECOS INDEHISCENTES

- 1 - Pradairo
- 2 - Castiñeiro
- 3 - Carballo



CARNOSOS

- 1 - Noz de nogueira



FALSOS FROITOS

- 1 - Maceira



INFLORESCENCIAS

- 1 - Acio
- 2 - Amento
- 3 - Espiga



**Debuxos 1 e 2:** Arriba tipos de follas. Abaixo tipos de froitos e inflorescencias. Ilustracións de X. R. Marín



Observación e debuxo das follas, froitos e flores das árbores

Cando as flores teñen estames e ovarios dise que a árbore é hermafrodita como os tilos.

As flores pódense dispoñer de forma illada ou agrupadas nun eixo común formando inflorescencias. 🌻

## Bibliografía

CASTRO M.et al. (1989), *Guía das árbores de Galicia*. Vigo, Xerais.

FRAGA VILA M. I. et al. (2006), *Roteiros verdes da U.S.C. Arboes e arbustos do Campus Sur en Santiago de Compostela*. Ed. Consorcio da cidade de Santiago. Concello de Santiago de Compostela

KREMER, B.P. (1990), *Árbores*. Barcelona, Blume..

LOPEZ GONZALEZ, G.(1988), *La guía de Incafo de los árboles y arbustos de la Peninsula Iberica*. Madrid 2ªed.

NIÑO RICOI, H. (2001), *Guía das árbores de Galicia*. A Coruña, Bahía edicións. (2ª ed.).

PRUNELL TUDURÍ, A. et al. (1987), *Arboles de los jardines de Mendez Nuñez*. Concello de A Coruña.

PRUNELL TUDURÍ, A. et al. (1988), *Guía de los árboles del parque de Santa Margarita*. Casa de las Ciencias. Concello da Coruña 2ª ed.

RODRIGUEZ DACAL, CA (1985), *Árboles y arbustos de la comarca "Terra de Melide"*. Diputación provincial de A Coruña.

SILVA PANDO, F.J. et al. (1992), *Guía das árbores e bosques de Galicia*. Vigo, Galaxia.



# O arcaico

MICHAEL TAUSSIG\*

Michael Taussig é profesor de antropoloxía en Columbia University. É autor de *Defacement; The Magic of the State; Mimesis and Alterity; Shamanism, Colonialism and the Wild Man; Law in the Lawless Land; My Cocaine Museum; What Color Is the Sacred?*; e tamén, traducidos ao español, *El diablo y el fetichismo de la mercancía en Sudamérica*; e *Un gigante en convulsiones: el mundo humano como sistema nervioso en emergencia permanente*.

Pasei o Nadal de 2004 no faro dunha illa deserta, fogar de xabaríns e cabalos bravos, na costa do extremo máis occidental de Europa, a poucas horas de Santiago de Compostela. A fareira, que tiña dous irmáns traballando na mesma profesión, contoume que ficaban apenas oitenta fareiros en España e que ela era a única muller. Cada vez máis automatízanse os faros. Creo que nos Estados Unidos xa están todos; luces automatizadas chiscando o seu saúdo e advertencia mar afóra a barcos maiormente automáticos. Mentres camiñabamos de volta ao faro a última hora da tarde, o mar aceso nun centileo de cor, ela colocou os dedos da man dereita entre a vista e o sol que se deitaba no mar. Entre o sol poñente e o

horizonte había sitio apenas para dous dedos. ‘A quince minutos por dedo’, dixo, ‘quere dicir que só temos media hora para prender a luz do faro’. Eses dedos son dos últimos signos do ser humano como mariñeiro, dedos interpostos entre o mar e o sol mentres a noite cubría o oceano como unha manta.

Durante os moitos anos da ditadura de Franco –ditadura esencial para os Estados Unidos polas bases militares– a illa fora refuxio de labregos fuxidos de terra. Fixeran socalcos e labraran o seu sustento sementando a terra e criando gando. Disque vivían mellor que en terra. Logo da morte do ditador, un parente dun xeneral de Franco tomou conta da illa e expulsou aos paisanos para facer dela un centro turístico. Onde os paisanos construíran a súa minúscula aldea ergueu muros altos con ameas arredando un castelo. No ancoradoiro fixo que os obreiros construísen a estatua dunha serea. Pero alén da torreira, xa non había máis seres humanos na illa. Nunha ocasión vin ao novo propietario no mar, a bordo dunha potente lancha deportiva cabinada. Era un día de marusía e o seu bote cabeceaba como tolo mentres circumnavegaba a súa illa.

\* Do libro *Walter Benjamin's Grave*. The University of Chicago Press. Chicago, 2006, páx. 107-109. Tradución de Pepe Sendón alterada por AR.

Mais vida na illa, haber había. Estaban os animais selvaxes, dando fe da anterior época de ocupación labrega. E estaba a torreira, varrendo a noite cos seus amplos círculos de luz, levando a súa mensaxe de aviso e conforto ao mariñeiro. Pero xusto por iso a illa parecía máis morta ca viva, un lugar fantasmal habitado por memorias ás que eu, polo menos, probablemente nunca accedería.

Non é que a natureza desapareza, senón que existe nos estratos desas historias. Cada estrato escrito atravesa a anterior de xeito que os estratos primeiros seguen a ser visibles de maneira esborrachada e ás veces sorprendente. É curioso que o carácter selvaxe deses animais probablemente se deba a mesma causa pola cal aos mansos animais domésticos agora son inaccesibles, galopando á solta, ou inmóbiles ao lonxe como recortes de cartón, o poldriño recen nado a osmar na barriga da nai. A través do mesto mato, en espirais, os carreiros dos xabaríns furando cara a ningures, aos principios do tempo mesmo, mentres por riba a branca torre do faro mantén o tempo en suspenso. Rodeada polo mar, a historia emerxe como prehistoria. Coido que esta reconsideración do mar testemuña a forza do arcaico na modernidade, acadar á completude dunha 'segunda natureza' na que obxectos e paisaxes, e tamén a xente do lugar, acadan un significado radicalmente intenso mentres o físico se derrete na realidade virtual.

“O principio do home foi o mar salgado, e a perpetua resonancia dese grandioso feito antigo, renovado constantemente no desprezamento da vida en cada individuo humano, é o feito único importante acerca de Melville.” Así dicía Charles Olson no seu *Chamádeme Ismael*.

Pero a actual volta ao mar que estou a describir parece bastante diferente. Non é algo para ser *habitado*, senón algo para ser *contemplado* como un caro telón de fondo, como un parque de recreo náutico para millonarios republicanos como William F. Buckley Jr., probando a súa masculinidade contra os elementos o fin de semana, e en permanente contacto por radio e radar con salvamento marítimo. A opción barateira é a escapada dunha semana ao Caribe, onde nos agardan nun mar azul camareiros negros en esmoquin con bandexas de martinis, ou dúas semanas de cruceiro nun navío engalanado que no seu día surcou os sete mares en ruta regular de pasaxe. E difícil imaxinar os mariñeiros descritos por Melville a mediados do século XIX, por exemplo, ou Conrad a finais do século, tendo a vantaxe desa 'segunda natureza' que a alienación do mar e da natureza física proporciona. Pois é en virtude da separación e a perda que o mar acada unha nova magnificencia, como cando Benjamin, sentindo o acabamento da narrativa nas culturas europeas, nota que naquel punto é 'posible ver unha nova beleza no que está a desaparecer." Decote non se recoñece, pero foi nas súas viaxes de Alemaña a España e de Barcelona a Ibiza, en 1932 e 1933 respectivamente, cando Benjamin se entusiasmou pola arte de contar historias, e el propio escribiu contos –sobre o mar. Ibiza para el representaba unha realidade arcaica, un anacronismo, nas marxes de Europa, e en certo sentido os barcos eran para el, coido eu, cápsulas do arcaico. Os barcos son vagabundos nómades a través do tempo. E é esta unha razón pola cal tan poderosamente concentran a arte de narrar, e tratando temas como as dimensións épicas da historia do mundo, a explotación laboral, ou a vinganza da natureza. Certo que

esto é así en *Moby Dick*, n'*O barco da morte* de B. Traven, e tamén n'*O corazón das tebras* de Conrad.

Esta ruptura na modernidade do arcaico como 'segunda natureza' dá un sentido da progresión histórica bastante diferente de aquel da secuencia cronolóxica de Olson a través dos tres océanos: Mediterráneo, Atlántico e Pacífico. Porque co emerxer do arcaico tomamos conta de que diferentes niveis de tempo poden *coexistir* cun pasado, precisamente porque ese pasado é tan real como ficticio, natureza e 'segunda natureza', reminiscente

da descrición freudiana da fantasía como un xogo cos recordos que implica montaxe e solapamentos. Como lugar de produción desa fantasía, o traballo da praia non é para ocultar senón para revelar e celebrar a revelación dese mesmo xogo, anunciándose así mesma como espazo de xogo e espazo transgresivo por excelencia, desprazando de lonxe todos os rituais previos de reversión e pracer. A praia, xa que logo, é o espazo de fantasía definitivo onde a natureza e o carnaval se mesturan como prehistoria na imaxe dialéctica da modernidade. 📍



## Notas de libros

CARPINTERO ARIAS, Pablo, e MARÍN MARTÍNEZ, Xoán Ramón (deseños). *Os instrumentos musicais na tradición galega*. Difusora de Letras, Artes e Ideas. Ourense, 2009. ISBN: 978-84-937421-5-7

A presente publicación, avalada pola UNESCO, enmárcase dentro das actividades do Proxecto Ronsel, coordinado por Iván Area Carracedo (vice-reitor de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo), para a investigación, difusión e posta en valor do noso patrimonio cultural inmaterial. Foi posible grazas ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e as tres universidades galegas.

Antes de continuar, cómpre advertir que uns meses antes saíu do prelo un resumo da devandita obra en catro idiomas (galego, castelán, inglés e francés), baixo o título de *Instrumentos tradicionais galegos*, tamén publicado pola mesma editorial, Difusora de Letras, Artes e Ideas (número 9 da colección Eidos, Ourense, 2009), no que o autor, Carpintero Arias, fai un percorrido máis livián –pero sen por iso deixar de ser claro e rigoroso– por todos os instrumentos, ilustrado con abundantes deseños de Marín Martínez (ISBN: 978-849374211-9).

A presente publicación é, sen comparanza polo de agora, o traballo de investigación máis completo editado verbo deste tema en Galicia, no que se complementan o labor de pescuda e o saber musicolóxico, coa esmerada tarefa do debuxante, tamén músico, como se advirte na



calidade e precisión dos deseños, na posición dos instrumentos e na das mans que os tocan. As fotografías de pezas e representacións escultóricas e pictóricas antigas, así coma os gravados, estes sobre todo do século XIX, constitúen senlleiras e imprescindibles achegas en todo traballo de investigación, para coñecer a evolución en xeral e, en particular, de cada un dos instrumentos estudados.

Pablo Carpintero Arias é lugués do Castro de Carballedo, doutor en Ciencias pola Universidade de Santiago de Compostela, da que foi profesor de Bioquímica, e agora –xa relacionado cos instrumentos– realiza un segundo doutoramento sobre a gaita de fol. Gai-teiro e membro da directiva da Asociación de

Gaiteiros Galegos, e director de dous grupos de recuperación de tradicións musicais, “A requinta de Xián” e o “Obradoiro de Cultura Tradicional Ultraia”. Ademais de músico e investigador da morfoloxía e repertorio da gaita de fol, tamén se dedica á reprodución de todo tipo de instrumentos tradicionais galegos. Sen dúbida, hoxe en día é un dos máis importantes e completos instrumentistas da nosa xeografía musical.

O deseñador, Xoán Ramón Marín Martínez, naceu en A Laxe - Vilagarcía de Arousa. Ademais de graduado en decoración e delineación, cursou estudos musicais e formou parte de varios grupos etnomusicais, como *Xaramugo* e *Pallamallada*; tamén do *Orfeón Treixadura* e do de música antiga *Resonet*. Debuxante dende hai décadas do Museo do Pobo Galego, actualmente está considerado un dos mellores deseñadores galegos de pezas e construcións de carácter etnográfico (*Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa, As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro...*) No terreo musical sobresa como percusionista.

Carpintero Arias ordena os instrumentos a xeito de inventario ou catálogo, estruturado segundo a clasificación dos alemáns E. Hornbostel e C. Sachs, baseada no sistema que produce o son de xeito primario, ao tempo que os describe monograficamente. Fai sempre fincapé nas características máis notorias e insire datos históricos que permiten coñecer o seu desenvolvemento ao longo dos séculos, cando se trata de instrumentos antigos que chegaron deica os nosos días, máis ou menos evolucionados, ou de invención relativamente recente, coma o acordeón que data de 1829.

Comeza cos *idiófonos*, construídos con materiais que pola propia natureza son sonoros e non precisan de tensións adicionais, como

cordas ou membranas: castañolas, tarrañolas, ferriños, charrascos, cunchas, trompas ou berimbaos, tixolas, latas, serróns, etc. Mentres uns son auténticos instrumentos, os demais son ocasionais, dos que se bota man cando non se dispón doutros. Dito con poucas palabras, pode dar a impresión que son todos iguais ou semellantes, pero non é así, por iso o autor clasifícaos segundo sexan de golpe directo, golpe indirecto, punteados e de fricción.

O segundo grupo corresponde aos *membranófonos* (tambor, caixa, bombo, pandeira, pandeiro cadrado e redondo, pandeireta, zambomba, etc.). Non falta entre eles algúns tan sinxelos como unha folla verde de árbore que se fai soar entre os dedos e os beizos, ou, xa moito máis rebuscado, un papel de fumar posto sobre un peite. Como os do grupo anterior, tampouco estes producen o son do mesmo xeito, podéndose clasificar en membranófonos de percusión, punteados, de fricción e de membrana cantadora.

En terceiro lugar están os *cordófonos* (rabel, violín, guitarra, zanfona...), pero cómpre ter en conta o dito verbo dos dous anteriores, que estes tampouco producen o son da mesma maneira, clasificándose á súa vez en cordófonos simples ou cítaras e cordófonos compostos. A este grupo pertence un dos nosos instrumentos de feitura máis fermosa e tamén moi popular antano, a zanfona, usada na última época por persoas que andaban polas feiras e romaxes cantando coplas, tanto homes como mulleres e, sobre todo, invidentes, como di a seguinte cantiga:

A zanfona é do cego  
as cunchiñas do criado,  
e os nenios desta terra  
todos recachan o rabo.

A zanfona, que conta por antecesor ao *organistrum* medieval, magnificamente representado no Pórtico da Gloria da catedral compostelá e noutras esculturas medievais, conservouse grazas ao labor de recuperación e rexeneración do ourensán Faustino Santalices.

Pecha a clasificación o grupo dos *aerófonos* (cornos, trompas, clarinetes, óboes e frautas). É o máis amplo en número e, ademais, conta con instrumentos moi diferentes, como a filharmónica, o acordeón, o asubío, o chifre, a fruta traveseira, o pito de cana, o pito de cabreiro, a caramela, a gaita de alcacén, a gaita de cana, o clarinete ou requinto, a gaita de cana con fol, a rosca (gaita co resoador de corno), a pipa e a toba (ambas as dúas fabricadas de casca de castiñeiro) e, como broche de ouro, o máis popular de todos: a gaita de fol. Poden ser aerófonos libres (de desviación, de interrupción e de explosión), e de sopro ou vento propiamente dito, entre os que se atopa a gaita de fol, ben documentada na nosa Terra ao menos dende o século XII (capitel románico de Melide, agora exposto no Museo de Pontevedra). Os últimos clasificados son os aerófonos corporais: o asubío, o zunido “do abellón” (semellante ao que produce este insecto ao voar, *mmmmmm*, emitido polo nariz), e sobre todo, a voz.

Unha obra destas características precisa de moito e paciente traballo de campo, neste caso levado a termo non só en Galicia, senón tamén no norte de Portugal e nas terras lindeiras de Asturias, León e Zamora, polas afinidades lingüísticas e culturais que compartimos, como a de posuír os mesmos instrumentos.


Nas consideracións finais, o autor fai fincapé no feito de aínda haber *cadeas evolutivas completas* de varios instrumentos, o que

supón un valor engadido, e como exemplos menciona o caso das frautas, das que temos dende a máis sinxela ata a máis complicada, os clarinetes e óboes, os tambores de marco e as gaitas de fol, *esta curiosa característica* –escribe Carpintero Arias– *converte o noso acervo de instrumentos musicais nun raro conxunto digno de se conservar e de se documentar como merece*.

Por último, o capítulo V está dedicado aos conxuntos instrumentais: cantadoras, gaiteiros, *reiseiros*, ranchos de reis, agrupacións do Entroido, treboadas, tunas, rondallas, bandas populares, cegos, conxuntos instrumentais infantís, etc. O voluminoso libro péchase cunha escolma de coplas ou pregos de cordel, que antes cantaban sobre todo os cegos nas feiras e romaxes (os máis antigos dos anos da II República).

De agora en adiante, malia que desaparezan algúns dos instrumentos estudados, quedará para sempre memoria da súa existencia, forma e características.

*Os instrumentos musicais na tradición galega* é unha obra excelente polo contido e monumental pola coidada presentación, paradigma do traballo ben feito, de coñecemento e enorme cariño por parte de ambos os dous autores. Como nós llo agradecemos agora, máis o farán as xeracións vindeiras e, sobre todo, os musicólogos e as musicólogas que traten de coñecer os nosos instrumentos e as características propias de cada un, tanto se aínda existen e se usan, como se xa non son máis que unha lembranza do pasado.

Parabéns aos autores e ao Proxecto Ronsel. 

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ  
*Museo do Pobo Galego*

Hakim Bey: *Alén do turismo. A viaxe intencional*. Con ilustracións de Federico Guzmán. Tradución de Anxo Rabuñal. AR Publicacións, Compostela, 2009.

## Outro Camiño é posibel

Hakim Bey, heterónimo do poeta, escritor, filósofo e activista contracultural Peter Lamborn Wilson, escribiu o manifesto 'Overcoming tourism' no ano 1994. Tiña entón preto de cincuenta anos, e xa era coñecido por algúns como o ideólogo das TAZ, acrónimo de Zona Temporalmente Autónoma, unha xenial concentración efémera e fera do sentido do inmediato (inmediatista) no espazo e no tempo. Hakim Bey tiña feitas importantes pescudas na súa camiñada polos países musulmáns, e quiso poñelas por escrito. O resultado non foi un libro de lembranzas das súas viaxes, senón un breve ensaio subversivo, publicado polo Museo Lilim de Carcasona (Francia). *Alén do turismo* é agora editado e traducido para o galego por Anxo Rabuñal, nunha coidada edición bilingüe con debuxos (acuarelas orixinais) de Federico Guzmán. Na súa editorial AR, Anxo Rabuñal ten editados dous libros máis, sendo o primeiro, do ano 2000, *Los ladrones de dinamita*, do artista colombo-catalán Raymond Chaves, unha estimulante, curiosa e poética serie de variacións sobre uns 'retratos falados'. O segundo, de novembro de 2008, é o extraordinario *Teatro Proletario de Cámara* de Osvaldo Lamborghini, prologado por César Aira, un facsímil das oito carpetas (un laboratorio literario e gráfico de textos, fotos manipuladas e debuxos) que conforman o xa lendario proxecto inacabado do escritor arxentino finado en 1985 en Barcelona. Esta é polo tanto a terceira aposta do editor por obras significativas dende o punto de vista artístico, intel-



tual e contracultural. Sen dúbida, a actualidade do texto de Hakim Bey, despois de dezaseis anos, non se amoleceu.

A camiñada de Hakim Bey, aínda que non fora o propósito do autor, é, dende o noso punto de vista académico, unha excelente introdución ao quinto pilar do islam, a peregrinaxe, pois, segundo di o autor, o islam é case inimaxinabel sen a viaxe. Polo pronto, esta introdución evita as convencións dos manuais e libros de historia que decote presentan ao islam dende os seus cinco esteos (shahada, salat, zakat, sawm e hajj)<sup>1</sup>, como se os cinco tiveran para nós a mesma resonancia integral aquí e agora, cando non é certo. *A invitación á viaxe* de Hakim Bey parte dende o rexeitamento tanto do terrorismo como do seu equivalente máis capitalista, o turismo. Pode

<sup>1</sup> Proclamación da fe en Allah e no seu profeta Muhámmad, oración, esmola legal, xexún no mes de Ramadán, e peregrinaxe á Meca, respectivamente.



semellarnos que a analoxía entre terrorismo e turismo é unha comparación imponente e inutilmente provocativa. En realidade, segue as fórmulas en espello post-situacionistas que, despois da perplexidade inicial, xeran unha idea forte, e nese sentido merece a pena que nos paremos a ver que quere dicir, aínda que non sexa polo miúdo. O terrorismo (destrución) e o turismo (rapina de *diferencia exótica*) son a mesma guerra con armas diversas, ven dicirnos o autor. Os dous son froitos do capitalismo, sendo así que os dous se concentran na obtención dunha imaxe-espectáculo (noticia ou postal), por carencia en ámbolos dous casos de sentido e de graza (*baraka*). Mais podemos engadir nós que, vendo o terrorismo de Al Qaeda no Irak e Afganistán, a violencia terrorista é soamente miseria moral condenabel, de forma terminante, porque non ten matices, nin máis fins políticos que a crueldade da matanza espectacular. Namentres, e este si é un dos mensaxes fundamentais de Hakim Bey, a violencia turista é a incultura moderna do fetichismo mercantil que todos podemos levar dentro de nós, unha violencia máis extendida, máis difusa. Polo tanto, temos que combatila de forma máis sutil e intelixente: sen xerar grandes declaracións públicas, co enxeño nos ollos e o desexo nos pés de reencárnarmonos noutra forma de viaxar, e tamén de non viaxar.

As verbas de Hakim Bey tenden a afastarse do obxectivo, unha alternativa poética

a viaxe alienada e alienante, cando arriscan moito no seu tránsito por unha recuperación do sufismo e do sagrado. Mais a edición que nos ocupa ingresa o discurso subversivo do autor nunha armazón gráfica moi axeitada. Por unha banda, o libro semella ser, e o é en certo sentido, un libro para nenos, xa que o formato, a tipografía e as inxenuas acuarelas de Federico Guzmán teñen a ledicia inspiradora da maxia que despertaban os tebeos. Mais pola outra banda, nesta inxenuidade intencional rastrexáanse moitas máis interpretacións posibles da viaxe. Ao noso parecer, a ilustración das estrelas da Vía Láctea vistas da cabina dun coche, que nos fai pensar nunha nave espacial, é a fórmula *afterpop* máis sinxela para comezar un camiño sen sinais de tráfico. Mais esta é só unha da treintena de maravilosas acuarelas, recollidas da espontaneidade do diálogo entre o artista e o editor e deixadas para os cómplices lectores, sinais non *de tráfico*, senón *traficantes* dun Camiño alternativo a Compostela dende a selva amazónica, o derradeiro pulmón do planeta e o alento inicial da saída do turismo.


Certamente, *Alén do turismo* non é soamente unha crítica do fenómeno turístico, nin unha introdución ao islam e o sufismo, nin tampouco só unha reafirmación nos valores contraculturais, senón unha aposta sustantiva por unha integridade humana sustentada en “forzas vitais estruturais compartidas”. ①

ABDULLAH ABENYUSUF

*Ramón Cabanillas Enríquez. Biografía en imaxes.* Maribel Iglesias Baldonado. Candeia e IES Francisco Asorey, Cambados, 2009.

O día 9 do pasado mes de novembro cumpríronse cincuenta anos do pasamento do gran poeta galego Ramón Cabanillas, con motivo de tal efemérides houbo conmemoracións ao longo de todo o ano en múltiples lugares, mesmo o ano enteiro foi declarado como Ano Cabanillas por acordo unánime da corporación no Concello de Cambados. Ao rego destas celebracións non faltaron interesantes estudos e publicacións que acrecentaron notabelmente a información dispoñíbel sobre a vida e a obra do poeta de Fefiñáns, desde unha novidosa *Poesía galega completa* saída baixo o cuño de Edicións Xerais de Galicia até variadas escolmas temáticas da obra do cambadés. Pasaron de dúcias os libros arredor de Cabanillas aparecidos ao longo de 2009 e foron moitos máis os artigos e folletos publicados e debe ser dito que esta abondosa colleita tivo a virtude, en primeiro lugar, de traer a primeiro plano a un autor que, na nosa opinión, nunca debeu estar fóra del pero que, porén, se atopaba en certo declínio.

As conmemoracións de efemérides literarias como a que estamos tratando teñen a virtude de conlevar unha enxurrada de novos títulos pero hai que poñerlle a pega de que este caudal de nova información é moitas veces ollada polo público como literatura de aluvión e non sempre é examinada cada obra coa singularidade da que é merecente. O maior quiñón destes novos libros recibe a xenérica avaliación de “unha interesante aportación ...” ao evento ou celebración. Fique claro en primeiro lugar que *Ramón Cabanillas Enríquez. Biografía en imaxes* é, desde logo, moito máis que un aporte documental calquera para un ano sinalado.



O libro que comentamos tivo a honra de ser o primeiro en aparecer entre os publicados arredor do cincuenta cabodano do pasamento de Ramón Cabanillas, pois fíxoo cando aínda o ano alborexaba e a súa presentación foi, de facto, un dos primeiros actos do *Ano Cabanillas* e supuxo un feliz inicio de celebración. Trátase da primeira fotobiografía que se realiza sobre o vate de Fefiñáns e cumpre sobradamente coa dupla función que un traballo desas características debe intentar: primeiro presentar unha ampla documentación biográfica que permita seguir o fío do vieiro vital do biografado e, en segundo lugar, amosar unha colección fotográfica que faga doada e atractiva visualización gráfica da vida do seu protagonista, do ser humano e do escritor, dos avatares literarios e das súas coordenadas espazo-temporais.

A autora, Maribel Iglesias Baldonado, profesora de xeografía e historia no IES Francisco Asorey de Cambados, xa se adentrara no universo da documentación no mundo das

imaxes como documento histórico cun traballo anterior *Cambados. Cen anos de historia a través da fotografía*, publicado en 2005 baixo o mesmo selo que o libro que nos ocupa, un estudo que presentaba, alén do propio contido enunciado no título, unha valente experiencia educativa, pois era o resultado do traballo realizado cos seus alumnos e alumnas, que foron os encargados de documentar acadamente as imaxes históricas que o volume contiña. O experimento debeu resultar do agrado de Maribel pois no curso seguinte embarcouse no traballo que hoxe nos ocupa.

Este libro, porén, non puido ser unha obra colectiva como á profesora lle tería gustado e tivo que ser ela mesma quen abordase en solitario o labor de investigación e construción da obra. E así, xuntando imaxes e textos, adentrándose no percurso vital e creativo do poeta apañou material abondo para contar o que pretendía. Pero é ben sabido que bos materiais non constrúen necesariamente unha sólida obra: é preciso artellar un discurso que flúa con naturalidade e ensamblar moitas pezas que non sempre son fáciles de encaixar nesa narración.

No caso de Ramón Cabanillas esa tarefa resulta especialmente complexa, pois debemos ter en conta que o poeta viviu 83 intensos anos, que comezaron cando de Cambados saía ou entraba na dilixencia de cabalos ou na dorna e remataron cando xa a cadeliña Laika se convertera na primeira vítima da conquista espacial. Estivo, ademais, o “camiño longo” do poeta inzado de lugares: Cambados, Compostela, A Habana, Mos, Madrid, Mondariz, Valencia, Barakaldo... e de feitos históricos trascendentais: viviu (e penou) a Restuaración, dúas ditaduras e a IIª República. Tocante á obra escrita e á vida literaria os mundos de Ca-

banillas tamén foron o suficientemente bastos e complexos como para metelos nun discurso lineal e esquemático. Pensamos que todas estas dificultades foron abordadas e resoltas con solvencia narrativa e con afán didáctico pola autora.

O primeiro acerto do libro é a fermosa capa deseñada por Manuel Busto, e o segundo, a escolla para os textos limiares dunha cita de Ramón Caride:

“Para mín, pois, máis que un persoaxe, Cabanillas é unha persoa; unha persoa chea de luces e tamén chea de sombras, coma calquera de nós; demasiado contradictorio, demasiado oscilante entre o amor e o odio [...] demasiado humano para estar en calquer altar, aínda que este sexa o Panteón de Galegos Ilustres, e por iso nos atrae. Por sorte Ramón Cabanillas é demasiado humano para nós”

A partir de aí as imaxes e os textos van contando o contexto no que Cabanillas vén ao mundo, o entorno familiar, o mundo da infancia, o da camaradaxe amical, a súa etapa como seminarista e o período de funcionario cambadés, o casamento e a formación dunha familia. Veñen despois a emigración e o triunfo literario, as loitas agraristas e as nacionalistas, os recoñecementos académicos e a vida, supostamente plácida, na vila termal de Mondariz. Chega o relato aos días da “República”, vividos en Madrid e á terríbel posguerra pasada en Cambados ou como funcionario itinerante por diversos concellos da provincia de Pontevedra. Dura realidade da que o poeta sae a un novo rexurdimento persoal e literario, fecundo para a súa pluma e para a literatura galega: son os días das súas estadías en Samos e



Madrid e da participación en proxectos como a creación de *Galaxia*. Finalmente, como en case todas as vidas, a vellice, a enfermidade e a morte.

Para contar isto, á veces, Maribel traballa con imaxes coñecidas que xa foran publicadas moitas veces, pero que adquiren un novo valor ao formar parte dun todo ordenado e contextualizado, un valor engadido que tamén é produto da minuciosa documentación presentada a carón de cada foto. Outras veces todo o que se nos conta é novidoso, tanto na imaxe como na súa explicación. Algunhas desas imaxes inéditas até agora presentan a Cabanillas en ambientes familiares ou amicais e teñen, fundamentalmente, a relevancia de que significan acrecentar o imaxinario arredor de Cabanillas sen que esa información modifique a información que sobre o poeta tiñamos. Hai imaxes que nos falan dun Cabanillas des-

coñecido ou non estudado até o de agora.

Poñamos un só exemplo, un par de fotografías que nos parecen especialmente significativas para explicar o activismo, mesmo a “militancia” galeguista do Cabanillas vello e enrugado que todos coñecemos por ter sido durante anos a imaxe máis representativa do cambadés; nunha aparece Cabanillas flanqueado por Ángel de Castillo por unha beira e por Manuel Casás e José Caamaño Bournacell pola outra e o texto da ficha da fotografía que se conservaba no Arquivo da Real Academia Galega infórmanos: “Fotografía hecha en Cambados, después de concretar en Santiago lo de la casa de Rosalía”. Noutra, pertencente ao arquivo da RAG, aparece o noso poeta en 1953 entre un grupo de representantes da Real Academia Galega nunha visita a Blanca Quiroga e Manuela Esteban, herdeiras de Emilia Pardo Bazán, con motivo da doazón da casa da Rúa Tabernas que hoxe alberga á RAG. Empalmando estes cabos con outros como a participación do cambadés no nacemento de diversas casas editoras, especialmente *Galaxia*, nos anos 40 e 50 teremos nítida a imaxe (esta vez non fotográfica) dun Cabanillas activo e participativo, unha imaxe que seguramente a maioría de nós non tiñamos por pensar que aquel velliño de pucha e sorriso tristeiro fora naqueles anos, máis que nada, un símbolo, unha especie de “mascarón de proa”.

O libro non remata coa morte do poeta en 1959, conta tamén significativos eventos posteriores como a inauguración do monumento que se lle erixiu no Paseo da Calzada en 1960, o traslado dos seus restos mortais ao Panteón de Galegos Ilustres en 1967, a celebración do Día das Letras Galegas de 1976 dedicado a el ou a conmemoración do 25 aniversario do seu pasamento en Cambados en 1984. Com-

plétase *Ramón Cabanillas Enríquez. Biografía en imaxes* coa reprodución a cor das capas da maior parte dos libros que Cabanillas editou en vida e algunhas edicións posteriores e fécchase cun apéndice no que se presentan as reseñas biográficas de escritores e outros persoeiros citados ao longo do libro.

Estamos, en fin, diante dun traballo verdadeiramente útil para comprender a Cabanillas e o seu tempo. Ante todo trátase da maior e mellor recompilación fotográfica que se ten realizado nunca sobre a figura do autor de *Vento Mareiro*, é, tamén un verdadeiro manual que permite seguir cronoloxicamente o proceso creador do cambadés. Suma este libro

aos valores antes citados a vontade contextualizadora, situando ao poeta non só no seu ámbito de amizades, relacións e influencias senón tamén no intre histórico de cada acontecemento do seu vivir. Pero a virtude maior deste libro, na nosa opinión, é que permite a quen se achegue a el sen partir dun interese previo ou especial información anterior sobre Cabanillas facerse unha idea cabal do percurso vital e literario do biografado e que lle serve aos investigadores e estudosos de Ramón Cabanillas para revisar conceptos, actualizar información e, sobre todo, atopar documentación certa e novidosa. 📖

LUÍS REI



## Normas para presentación de orixinais:

1.- Artigos. Os orixinais deberán enviarse a:

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.  
 Museo do Pobo Galego  
 San Domingos de Bonaval  
 15703 Santiago de Compostela  
 socios@museodopobo.com

2.- ACEPTACIÓN DE ORIXINAIS: O Consello Editorial de ADRA decidirá a aceptación ou non dos traballos presentados. Garantirase o anonimato dos autores e das autoras daqueles traballos presentados e non publicados.

A publicación dos artigos non dá dereito a remuneración ningunha.

Os dereitos da edición son propiedade de Adra. Das fotografías, ilustracións e dos textos os autores e as autoras.

3.- PRESENTACIÓN: os artigos irán precedidos dunha folla na que figure. Nome dos autores e autoras, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

4.- FORMATO: os orixinais presentados deberán incluír unha copia en formato dixital (que sexa compatíbel co programa word) e un exemplar mecanografado en DIN A4 por unha soa cara en Arial 12 puntos, a 1,5 de espazo e en follas numeradas. Os artigos deberán ter o título e o nome dos autores e das autoras.

5.- EXTENSIÓN: os traballos non deberán superar unha extensión de 20 follas incluída a bibliografía e notas a pé de páxina.

6.- BIBLIOGRAFÍA: presentarase alfabeticamente ao final do artigo. Exemplos:

BRAÑA REY, Fátima (1998) "Adaptacións ou cambios. A sala do mar do Museo do Pobo Galego". *Antropológicas*, nº2, Porto, pp. 141-156.

GONDAR PORTASANY, Marcial (1987) *A morte*. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.

ICOM, *Código de deontoloxía del ICOM para museos*, [En liña] Consulta 3/10/06, <[http://ICOM.museum/ethics\\_spa.html](http://ICOM.museum/ethics_spa.html)>

GÓNZALEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1999) "A construción da identidade galega entre o século XIX e o XX. O papel do folklore e da Etnografía", en *O feito diferencial galego. A antropoloxía*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, pp.51-69.

7.- CORRECCIÓN DE PROBAS: os autores e as autoras recibirán unha soa proba de imprenta xa paxinada e terán un prazo máximo de dez días para a súa corrección.

**PRO**  **GANDO**  
*Suministros Agrarios*

**ultramariños**



[crecenteasociados.com](http://crecenteasociados.com)

